

**ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA
DE GALICIA**

2003

*MEMORIA
Tomo II*



XUNTA DE GALICIA
Consellería de Economía e Facenda

MEMORIA

Tomo II

ÍNDICE :

1	Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública	
	<i>Competencias</i>	3
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	10
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	25
	<i>Cadros numéricos</i>	58
2	Consellería de Economía e Facenda	
	<i>Competencias</i>	69
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	72
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	80
	<i>Cadros numéricos</i>	87
3	Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda	
	<i>Competencias</i>	93
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	98
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	104
	<i>Cadros numéricos</i>	112
4	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	
	<i>Competencias</i>	119
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	121
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	132
	<i>Cadros numéricos</i>	154
5	Consellería de Industria e Comercio	
	<i>Competencias</i>	161
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	163
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	166
	<i>Cadros numéricos</i>	179
6	Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural	
	<i>Competencias</i>	187
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	189
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	202
	<i>Cadros numéricos</i>	223
7	Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo	
	<i>Competencias</i>	231
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	239
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	251
	<i>Cadros numéricos</i>	266

8	Consellería de Sanidade	
	<i>Competencias</i>	273
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	283
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	287
	<i>Cadros numéricos</i>	300
9	Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	
	<i>Competencias</i>	307
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	309
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	311
	<i>Cadros numéricos</i>	332
10	Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais	
	<i>Competencias</i>	339
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	347
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	357
	<i>Cadros numéricos</i>	377
11	Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude	
	<i>Competencias</i>	385
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	391
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	405
	<i>Cadros numéricos</i>	427
12	Consellería de Medio Ambiente	
	<i>Competencias</i>	433
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	434
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	442
	<i>Cadros numéricos</i>	462
13	Consellería de Asuntos Sociais	
	<i>Competencias</i>	469
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	469
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	471
	<i>Cadros numéricos</i>	477
14	Consellería de Emigración e Acción Exterior	
	<i>Competencias</i>	483
	<i>Obxectivos e liñas de acción para o ano 2003</i>	484
	<i>Orzamento de gastos para o ano 2003</i>	486
	<i>Cadros numéricos</i>	492

SECCIÓN 04.

***CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.***

1. COMPETENCIAS

Os decretos 306/2001, do 15 de decembro, e 310/2001, do 17 de decembro, estableceron a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, dispoñendo no seu artigo 1º que “A Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, sen prexuízo das competencias que legal e regulamentariamente ten atribuídas, configúrase coma un órgano de apoio e asistencia á Presidencia da Xunta de Galicia”.

A dita norma desenvolve de xeito pormenorizado as competencias e funcións que corresponden ó departamento nos seus órganos superiores, polo que, para os efectos da presente memoria resúmense nos seguintes:

1. Ó conselleiro, como superior autoridade da consellería, correspóndelle o exercicio das atribucións expresadas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro.

O conselleiro actuará como secretario do Consello da Xunta de Galicia e das comisións delegadas do Goberno galego.

2. A Secretaría Xeral desempeñará o Secretariado do Goberno da Xunta de Galicia e das súas comisións delegadas, exercendo as competencias sinaladas no Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia.

Correspóndelle igualmente ó secretario xeral a vicepresidencia da Comisión de Secretarios Xerais.

Así mesmo, dentro das súas funcións están as seguintes, que exercerá a través das respectivas unidades administrativas de rango inferior:

A) A atención, coidado, conservación e mantemento das dependencias dos servicios centrais da Xunta de Galicia e dos servicios provinciais da consellería, así como a dirección e coordinación das xuntas coordinadoras dos edificios administrativos existentes a nivel periférico.

- B) Así mesmo, adscribínselle orgánicamente a Secretaría Xeral, a Asesoría Xurídica da consellería e a Intervención Delegada, sen prexuízo da súa dependencia funcional respectiva.
 - C) Baixo a superior dirección do secretario xeral están os seguintes servizos:
 - a) Diario Oficial de Galicia.
 - b) Servizo Técnico Xurídico.
 - c) Servizo de Persoal.
 - d) Servizo do Secretariado do Goberno.
 - e) Servizo de Fundacións.
 - D) A través das subdireccións xerais dependentes da Secretaría Xeral exerce a dirección e coordinación das seguintes funcións e servizos:
 - a) A elaboración do anteproxecto de orzamento da consellería e dos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, así como a xestión orzamentaria non encomendada a outros centros directivos e o asesoramento nestas materias.
 - b) A dirección da xestión do Parque Móbil da Xunta de Galicia e a presidencia da Comisión Central de Coordinación de Parques Móviles.
 - c) Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Xunta de Galicia.
 - d) A dirección e coordinación na elaboración e xestión dos expedientes de contratación administrativa.
3. Á Dirección Xeral da Función Pública correspóndelle a execución da política de persoal da Xunta de Galicia nos termos previstos na Lei da función pública de Galicia e demais normativa que a desenvolva, elaborando así mesmo os estudos en materia de persoal que lle sexan encomendados ou coide conveniente efectuar; a elaboración dos proxectos de disposicións en materia de función pública; a convocatoria e resolución dos concursos de méritos para a provisión de postos de traballo; a confección, mantemento e custodia do rexistro de persoal da Xunta de Galicia; a elaboración das ofertas de emprego público; a convocatoria das probas selectivas para o ingreso nos corpos ou escalas da Administración da Comunidade, agás as do persoal docente, investigador e sanitario; eleva-las propostas de resolución dos expedientes de incompatibilidades do persoal ó servizo da Xunta de Galicia e a coordinación das

relacións laborais e sindicais con respecto ó persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma.

4. A Inspección Xeral de Servizos, ademais das competencias que lle atribúe o Decreto 121/1992, do 14 de maio, ten encomendado, con exclusión dos centros docentes e sanitarios, o exercicio das seguintes funcións:
 - A) A emisión do informe preceptivo e previo sobre os proxectos de disposicións relativas á estrutura orgánica, métodos de traballo, e procedementos administrativos e burocráticos ós que se refire o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia.
 - B) A análise e avaliación da adecuación á política de persoal da Xunta de Galicia das propostas iniciais de elaboración e modificación das relacións de postos de traballo das distintas consellerías e organismos autónomos.
 - C) A elaboración da proposta de relación de postos de traballo ou das súas modificacións, sen prexuízo do informe emitido pola Consellería de Economía e Facenda, así como a elevación ó conselleiro da proposta de elaboración ou modificación das relacións de postos de traballo.
 - D) O seguimento e actualización permanente do persoal ó servizo da Xunta de Galicia, excluído o docente e o sanitario.
5. A Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos exercerá, no seu ámbito, as seguintes funcións:
 - A) A proposta de planificación dos medios e actividades de tratamento de información da consellería, así como a súa supervisión e coordinación e a execución dos plans que se elaboren para o efecto.
 - B) A xestión do Plan de informática administrativa da Comunidade Autónoma e a realización de todas as funcións relativas á informatización dos servizos incluídos no Plan de reforma administrativa.
 - C) A elaboración e proposta de plans globais en materia de sistemas de información para a súa elevación á Comisión de Informática da Xunta de Galicia.
 - D) O asesoramento, orientación e información ás demais consellerías e organismos en materia de sistemas de información.

- E) A elaboración de propostas de normativa específica en materia de sistemas de información administrativa tendentes a conseguir un medio informático homoxéneo na Xunta de Galicia.
- F) A supervisión do cumprimento das normas aprobadas pola Comisión de Informática. Todo o anterior sen prexuízo das competencias que sobre planificación, xestión e desenvolvemento da informática orzamentaria, financeira e tributaria ten atribuídas a Consellería de Economía e Facenda.
6. A Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias é o centro directivo que ten encomendadas as seguintes funcións:
- A) Informar e asistir ó Goberno nas súas relacións co Parlamento de Galicia, así como face-lo seguimento do programa lexislativo e dos acordos parlamentarios.
- B) Prestar apoio ó Presidente nas súas intervencións parlamentarias, tanto no debate sobre o estado da Comunidade Autónoma como nos que correspondan de acordo co regulamento da Cámara.
- C) Organizar e coordina-los procesos electorais de competencia da Comunidade Autónoma. Realiza-lo seguimento nos procesos electorais realizados fóra da nosa Comunidade e representar á Xunta de Galicia naqueles nos que fose invitada como observadora.
- D) Elaborar estudos sociolóxicos que permitan un mellor coñecemento da realidade e evolución das tendencias da opinión pública de Galicia.
- E) Face-lo requirimento das iniciativas tramitadas nas Cortes Xerais, ou noutras comunidades, que garden relación coa de Galicia.
- F) Determinar, previa consulta, se é o caso, qué departamento ou departamentos deben dar resposta ás iniciativas parlamentarias que se presenten desde a Cámara autonómica.
7. A Dirección Xeral de Relacións Institucionais é o centro directivo que ten encomendado o exercicio das seguintes funcións:
- A) Exerce-la secretaría da representación galega na Comisión Mixta de Transferencias.
- B) Exerce-la secretaría da representación galega na Comisión bilateral Estado-Xunta de Galicia.

- C) Leva-lo rexistro dos convenios que poidan ser acordados polo Consello da Xunta de Galicia, polas consellerías, organismos autónomos e entes de dereito público da Administración autonómica.
- D) Coordina-la documentación que os departamentos da Xunta de Galicia elaboren para as relacións con outras administracións. De xeito especial, aquela documentación que sexa de especial interese para Galicia e que deba ser tratada coa Administración xeral do Estado e outras comunidades autónomas.
- E) Representar á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública naqueles supostos nos que lle sexa encomendado polo conselleiro.
- F) Representar á Comunidade Autónoma naqueles foros nos que sexa necesaria a súa presenza e non estea de antemán estipulado o departamento que debe asistir en razón da materia a tratar, cando así sexa acordado polo Consello da Xunta de Galicia.

En canto á estrutura orgánica da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública ven configurada, en virtude das normas reguladoras que seguidamente se expresan, do seguinte xeito:

1. Os decretos xa expresados en principio, polos que se determinan os centros dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, dispón que dependerán funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública os seguintes órganos superiores:

- Secretaría Xeral da Presidencia.
- Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.
- Secretaría Xeral para o Deporte.
- Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior.
- Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal.
- Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento.
- Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos.

2. Pola súa parte, o Decreto 310/2001, do 17 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, dispón no seu artigo 1º. A) que a Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

- Secretaría Xeral.
- Dirección Xeral da Función Pública.
- Inspección Xeral de Servicios.
- Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos.
- Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias.
- Dirección Xeral de Relacións Institucionais.

En consecuencia coas anteriores normas e para os efectos da súa clasificación orzamentaria os servizos integrados nesta consellería levan os seguintes ordinais:

- 01. Secretaría Xeral da Presidencia.
- 02. Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.
- 03. Secretaría Xeral para o Deporte.
- 04. Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior.
- 05. Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal.
- 06. Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento.
- 07. Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos.
- 08. Secretaría Xeral da consellería.
- 09. Dirección Xeral da Función Pública.
- 10. Inspección Xeral de Servicios.
- 11. Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos.
- 12. Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias.
- 13. Dirección Xeral de Relacións Institucionais.

3. Así mesmo, e segundo dispón o decreto ultimamente citado no seu artigo 1º.B), queda adscrito a esta consellería o seguinte organismo autónomo: **Escola Galega de Administración Pública.**

4. SERVICIOS PERIFÉRICOS

En cada unha das provincias da Comunidade Autónoma existirá unha delegación provincial da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, na que se integrarán tódolos servicios e unidades dela.

5. ÓRGANOS COLEXIADOS

O Decreto 262/1994, do 29 de xullo, que establece a estrutura orgánica da Consellería da Presidencia, e parcialmente modificado polo recentemente publicado nos aspectos unicamente estruturais dispón que se adscriben á Consellería da Presidencia, Relacións Insitucionais e Administración Pública os seguintes órganos colexiados:

- A Comisión de Persoal da Xunta de Galicia.
- A Xunta de Compras da Xunta de Galicia.
- A Xunta Coordinadora de Edificios Administrativos.
- A Comisión Central de Racionalización Administrativa.
- A Comisión de Informática da Xunta de Galicia.
- A Comisión de Toponimia.
- A Comisión Central de Coordinación de Parques Móviles.

6. En virtude do Decreto 40/1994, do 4 de febreiro, constituíuse a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, tendo como obxecto social a realización de actividades de estudo, planificación e desenvolvemento territorial no ámbito dos plans de desenvolvemento comarcal, seguindo as directrices establecidas pola Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal.

Reais decretos de transferencia que afectan á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

De acordo coa estrutura orgánica fixada polos decretos anteriormente mencionados, as transferencias que afectan á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública pola súa orde cronolóxica son os seguintes:

1. Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, sobre consolidación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en fase preautonómica.

2. Real decreto 3564/1983, do 5 de outubro, en materia de estudos de ordenación do territorio e medio ambiente.
3. Real decreto 673/1985, do 2 de abril, polo que se traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia os servizos do Estado correspondentes ás competencias asumidas por aquela en relación cos tributos cedidos, por asesoramentos xurídicos, defensa en xuízo e fiscalización e intervención.
4. Real decreto 2170/1994, do 4 de novembro, de ampliación de funcións e servizos do Estado traspasados en materia de servizos e asistencia social. (DOG nº 246, do 23 de decembro de 1994) en materia de fundacións.
5. Real decreto 89/1996, do 26 de xaneiro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de ensinanzas náutico-deportivas e subacuático-deportivas, publicado no DOG nº 42, do 28 de febreiro de 1996.
6. Real decreto 231/1998, do 16 de marzo, sobre traspaso de medios adscritos ó Parque Móbil Ministerial, do Ministerio de Economía y Hacienda á Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 43, do 4 de marzo de 1998 e BOE da mesma data).

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

2.1 DA CONSELLERÍA

Ó igual que en exercicios anteriores, o exercicio 2003 ten no equilibrio orzamentario o principal instrumento, para acadar os obxectivos económicos e sociais que favorezan a produtividade e o crecemento a longo prazo.

Ó mesmo tempo, entre os obxectivos finais recollidos no Plan estratéxico de desenvolvemento económico de Galicia 2000-2006 está a protección dos factores básicos que determinan a calidade do capital humano, o incremento dos recursos do coñecemento e o aumento da eficacia e eficiencia no marco institucional e operativo.

A disciplina de estabilidade orzamentaria a longo prazo, facilitará a harmonización dos compromisos orzamentarios derivados da nosa integración na Unión Económica e Monetaria, eliminando o déficit público.

É pois, dentro deste marco de política económica, onde hai que compatibiliza-lo logro de obxectivos derivados das competencias propias da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, coa contribución á aplicación da política económica xeral do goberno que permitirá incrementa-los recursos en aquelas áreas nas que os seus obxectivos faciliten o logro da estabilidade macroeconómica con crecemento a longo prazo, mellora da calidade do capital humano e maior eficacia e eficiencia no marco institucional.

Así pois, redistribuindo os recursos e priorizando os obxectivos, cada un dos servicios adscritos á consellería establece como obxectivos e liñas de acción os seguintes:

1. Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

Os obxectivos e liñas de acción para o ano 2003 previstos pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia tratan de coadjuvar, de acordo cos criterios que se conteñen na normativa rectora da Asesoría Xurídica, cos órganos de goberno e de xestión da Administración Autónoma galega e da súa Administración institucional prestándolles asesoramento xurídico, especialmente en materias consultivas e de contratación e igualmente da asistencia xurídica perante os órganos xurisdiccionais nos que se diriman contendas xudiciais nas que figure como parte procesual a Comunidade Autónoma galega, o que fai absolutamente necesario contar dende a perspectiva de asesoramento cun equipo de axuda que siga preparando as bases para a refundición e simplificación da normativa a fin de que os órganos xestores contén cun eficaz instrumento para o exercicio das súas funcións, o que, así mesmo, axuda ós cidadáns que se relacionan coa Administración ó contar cunha normativa máis clara e precisa. Por outra parte, é absolutamente necesario contar cunha base de documentación da xurisprudencia recaída en procesos nos que interviu ou resulta afectada esta Comunidade Autónoma, singularmente na área contencioso-administrativa, o que constitúe un medio imprescindible para que os servicios xurídicos realicen as súas tarefas de defensa

xurisdiccional contando cos adecuados antecedentes e documentación para o seu emprego en contendas nas que se ventilan supostos de análoga ou similar natureza, servindo tamén esa documentación para mellora-la organización administrativa e a súa adecuación a dereito.

2. A Secretaría Xeral para o Deporte.

Centrará a súa actividade na pretensión de acadar que a práctica do deporte se converta nunha actividade cotiá da xuventude facilitando a súa integración social e un estado de benestar e saúde.

Este obxectivo acadarase impulsando as áreas de dirección e formación dos deportistas, promovendo as actividades deportivas e mellorando as instalacións destinadas á práctica do deporte.

En definitiva, trátase de desenvolver-los distintos programas deportivos a través das agrupacións deportivas, escolas, concellos de Galicia, federacións, clubs e as distintas asociacións deportivas galegas.

3. A Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior.

Persegue, con carácter xeral, o desenvolvemento das súas funcións competenciais establecidas no Decreto 4/1997, do 9 de xaneiro, polo que se crea como órgano específico de apoio e asesoramento á Presidencia da Xunta de Galicia, para acadar-las respostas ás crecentes implicacións entre a actividade da Unión Europea e os intereses da Comunidade Autónoma, así como para impulsar e consolida-las actuacións que se realizan coas rexións de ámbito exterior.

Os seus obxectivos concretos son:

- A) Desenvolve-lo Programa cuatrienal de acción exterior como instrumento de previsión estratéxica para establecer prioridades, sistematiza-los recursos e optimiza-los resultados en materia de Acción Exterior.
- B) Asistir á Presidencia da Xunta de Galicia en tódalas actuacións da Comunidade correspondentes ó papel da Presidencia do Arco Atlántico e da Comunidade de Traballo coa rexión Norte de Portugal.
- C) Atende-las iniciativas de cooperación e información para reforza-las relacións entre a Comunidade Autónoma galega e as rexións europeas e de América latina.

- D) Intervir na integración dos países de Europa Central e Oriental cara á ampliación de UE.
- E) Dinamiza-la consolidación das relacións con Europa, Portugal e América Latina e impulsar iniciativas de desenvolvemento e apertura de vínculos con países doutras áreas xeográficas.
- F) Participar activamente nas organizacións do movemento rexional europeo que respondan a intereses concretos de actuacións sectoriais.
- G) Cubri-lo papel de Galicia como membro ou representante en organizacións, institucións ou consellos estatais, ademais de garanti-la participación autonómica no seo daquelas entidades de carácter estatal, local ou propias da Comunidade galega.
- H) Dinamiza-la política de internacionalización da economía e das empresas nos distintos espazos exteriores en xeral.
- I) Participar de foros ou xuntanzas interrexionais que respondan a obxectivos de coñecemento e divulgación das materias sectoriais que atinxen ás funcións competenciais.

4. A Secretaría xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal.

Estase conseguindo e consolidando a eficacia das accións realizadas por este centro directivo, así como a súa contribución ó desenvolvemento de Galicia. Este centro está a implanta-la Rede de centros comarcais polo territorio galego, que constitúe un instrumento clave para o desenvolvemento e o apoio á creación e expansión de pequenas e medianas empresas, a difusión das novas tecnoloxías, así como para a difusión da cultura local e dos valores e recursos turísticos e dos produtos de cada unha das comarcas coa finalidade fundamental da implantación dun modelo de crecemento equilibrado, baseado na dinamización das iniciativas e dos recursos locais ou endóxenos de cada Comarca. Proba desta consolidación progresiva é que no ano 2002 están a funcionar nove centros comarcais. Co remate das obras dos Centros da Mariña Occidental e A Paradanta engadiranse dous máis, ampliando a rede a 11 en pleno funcionamento no primeiro trimestre do ano 2003. Están en curso de construción e prevese o seu posible remate ó longo deste exercicio orzamentario 2003 os centros comarcais do Ribeiro e da Ulloa, así como o seu equipamento. Tamén está previsto o

inicio das obras do Centro Comarcal da Mariña Central, e así mesmo a redacción de proxectos para a recuperación de edificios históricos ou de arquitectura popular e destinados a centros comarcais, co fin de darlles un axeitado uso.

En canto á constitución de novas fundacións para o desenvolvemento das comarcas, será de maneira progresiva e á medida que se incorporen novas comarcas ó PDC, ata completa-la totalidade do territorio de Galicia, conforme ó establecido na Lei 7/1996 e no Decreto 65/1997. Neste exercicio que remata quedan constituídas en plena actividade 34 fundacións comarcais. Neste exercicio damos prioridade á consolidación da rede existente, para optimiza-lo seu funcionamento.

Ademais o Plan de desenvolvemento comarcal, dentro dunha estratexia global orientada á dinamización e promoción das iniciativas locais dará prioridade á implantación de diversos programas de desenvolvemento local e territorial existentes, mediante unha labor de coordinación dos axentes e instrumentos existentes en cada comarca. A estes fins preténdese:

- A) A posta en funcionamento dunha fundación para o desenvolvemento da comarca da Terra da Soneira, xa aprobado polo Consello da Xunta no exercicio anterior.
- B) A posta en marcha e funcionamento de novos centros dentro da rede de centros comarcais, especialmente para a difusión das novas tecnoloxías, a de artesanía e a cultura local e ademais impulsarán tamén ós centros de negocios, e ás aulas virtuais para acerca-la formación á poboación.
- C) O Sitga constitúe o centro de produción cartográfica da Xunta de Galicia e ademais da elaboración de cartografía, a xestión da fotografía aérea, e as ortofotos, diseña GIS especializados para a propia Administración, así como diversos programas cartográficos e xeométricos de apoio a accións planificadoras das diversas consellerías.
- D) A ampliación e promoción da rede telemática aplicada ó desenvolvemento comarcal (Cetadec), mediante a que se pretende difundir-lo uso das novas tecnoloxías entre os pequenos produtores e novos emprendedores. Deste xeito, se pode achega-la demanda e a oferta dos recursos locais ós mercados exteriores (comercio electrónico, relacións interempresariais e intersectoriais, B2B,

inserción na rede internet, deseño de aplicacións tecnolóxicas adaptadas ás necesidades comarcais, etc.). A actividade está centrada á implantación en tódalas comarcas constituídas da rede de correo electrónico xa existente, e que constitúe unha acción formativa e de promoción dos recursos das áreas rurais utilizando as oportunidades que as novas tecnoloxías ofrecen.

5. A Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

Con carácter xeral, os obxectivos da Secretaria Xeral de Investigación son o desenvolvemento e o despegue económico e social de Galicia, para o cal orientará os seus esforzos á mellora da capacidade científico-tecnolóxica facendo partícipes no proceso de innovación ás empresas ubicadas en Galicia, de tal forma que os resultados obtidos, froito da investigación, poidan repercutir no conxunto da sociedade galega.

A descrición das accións e obxectivos para o ano 2003 atópanse expostos no capítulo correspondente á distribución funcional por programas de gasto da presente memoria.

6. A Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos.

É o centro directivo encargado de executa-la política xeral da Xunta de Galicia en materia de relacións institucionais cos medios informativos.

Para levar a cabo este cometido establécese como obxectivo a acadar no ano 2003 a promoción dos valores e a imaxe de Galicia nos medios informativos, o fomento da investigación sobre os medios informativos existentes na Comunidade Autónoma co fin de mellora-la súa competitividade e mercado, e a formación e reciclaxe do persoal que traballe cos diferentes medios informativos.

7. A Secretaría Xeral da Consellería.

A Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, como elemento coordinador e aglutinador da xestión dos órganos administrativos adscritos á consellería, así como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas e do apoio loxístico dos servizos comúns ós demais órganos dos servizos centrais establece como obxectivos e liñas de acción para o exercicio 2003:

- A) Facilita-la consecución de obxectivos xerais da consellería mediante a colaboración, apoio e prestación de servicios necesarios.
- B) A mellora permanente das súas actuacións de reparación e conservación de edificios, seguridade dos bens e das persoas, así como a planificación e avaliación das novas necesidades de centros e servicios administrativos.
- C) A optimización das actividades de prevención de riscos laborais para o persoal ó servicio da administración da Xunta de Galicia.

8. A Dirección Xeral da Función Pública.

Proponse para o exercicio 2003 acadar unha serie de obxectivos encadrados nas competencias deste órgano directivo, entre os que podemos resalta-la celebración de concursos de traslados, a realización de distintos procesos selectivos enumerados na descrición do programa funcional de gastos, a convocatoria de apertura de listas de espera para a cobertura con carácter temporal de postos da administración xeral, especial e laboral así como un sistema de cobertura de vacantes máis áxil ca o actual.

9. A Inspección Xeral de Servicios.

Ten como obxectivos para o exercicio 2003 o desenvolvemento e mellora da súa actuación xa iniciada con anterioridade en relación co sistema de xestión do procedemento administrativo e o programa de avaliación de rendemento dos servicios administrativos e a atención ó cidadán, incorporando a estes procesos as novas posibilidades de comunicación telemática interna na propia administración e avanzar no achegamento ó administrado nas súas relacións coa administración, fomentando o seu uso e mellorando a resposta coa integración das novas tecnoloxías. Así mesmo, é necesario continua-lo asesoramento e colaboración nos procesos de formación do persoal, requisito imprescindible para lograr unha administración de calidade en permanente proceso de modernidade e eficacia.

10. A Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos.

Mantemento do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos como ferramenta corporativa para a xestión de expedientes da Xunta de Galicia, completando as funcionalidades do sistema con desenvolvemento de novas aplicacións complementarias.

Conseguir unha verdadeira administración electrónica; unha administración aberta as 24 horas os 365 días do ano. Para iso, traballárase por unha parte na eliminación das barreiras que impiden ou dificultan os proxectos de administración electrónica e, por outra, no propio desenvolvemento de solución da e-administración.

Consolidación do portal dos concellos de Galicia, Eidolocal, como a vía de comunicación en internet entre a Xunta de Galicia e administración local.

Informatización completa da xestión da función pública da Xunta de Galicia mediante o desenvolvemento dun software específico.

Universaliza-la utilización do correo electrónico a tódolos empregados da Xunta de Galicia e estende-la sinatura electrónica.

Mantemento e remodelación da web corporativa da Xunta de Galicia.

Soporte e actualización do hardware e software instalado para potencia-la plataforma informática actualmente en servizo.

Soporte e mantemento da Rede corporativa de voz e datos da Xunta de Galicia.

11. A Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias.

É un centro directivo que polas características das súas funcións ten como obxectivo xeral o logro, no desenvolvemento das súas competencias, dun grao de calidade, eficacia e/ou eficiencia satisfactorio.

Este nivel de rendemento está sometido a unha ininterrompida revisión para a mellora, adaptándose ás innovacións tecnolóxicas e coordinando tódalas súas actuacións.

O obxectivo xeral permanente deste centro directivo segue a se-la asistencia ó Goberno nas súas relacións co Parlamento de Galicia, perfeccionando os procedementos de relación de xeito que se produza a desexable axilización nos requirimentos procedentes da Cámara. Correspóndelle igualmente a este servizo orzamentario a prestación do apoio á Presidencia da Xunta nas súas intervencións parlamentarias ó longo do ano.

Nos procesos electorais de competencia da Comunidade Autónoma corresponde á dirección xeral a organización, coordinación e loxística do apoio institucional que se presta con cargo ós orzamentos xerais.

12. A Dirección Xeral de Relacións Institucionais.

Desenvolve as competencias de representación de Galicia na Comisión mixta de transferencias Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, a xestión do rexistro de convenios da Xunta, organismos autónomos e entes públicos dependentes dela, así como a coordinación da documentación das distintas consellerías e dos seus servizos con outras administracións públicas.

Así mesmo, de acordo coas directivas do Goberno, adoptaranse as medidas pertinentes respecto da asunción pola Xunta de Galicia das transferencias pendentes que vaian completando o marco competencial da nosa Comunidade Autónoma así como o requirimento do programa e das expectativas da acción do Goberno para a lexislatura.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

As liñas de acción deseñadas para acadar os obxectivos da EGAP para o ano 2003 abarcan varios campos diferenciados.

1. Área de formación, dirixida ós diversos colectivos de empregados públicos da Comunidade Autónoma galega, cun programa de accións formativas das que unha parte se celebran de xeito descentralizado e na modalidade a distancia, a fin de facilita-lo seu acceso a tódolos empregados públicos, e especialmente ós pertencentes ás corporacións locais.

Os obxectivos que se pretenden son:

- A) A actualización e perfeccionamento dos cadros directivos.
- B) A actualización e mellora no campo das novas tecnoloxías, no que se inclúe o Sistema de xestión de procedementos administrativos.
- C) A formación permanente e continuada en materia normativa, técnicas de comunicación co público, xestión económica, idiomas, etc., e o fomento do intercambio de coñecementos con institucións e organismos semellantes doutros países.

2. Área de investigación, na que se mantén a convocatoria de bolsas de colaboración en tarefas de estudio e investigación, relacionadas con diversos aspectos de interese para a Administración pública, así como a convocatoria anual do Premio Manuel Colmeiro para estudos administrativos.
3. Área de divulgación de traballos de investigación en materia de Administración pública, a través das publicacións periódicas e das coleccións de títulos que edita a EGAP, así como coa actualización e mellora dos fondos bibliográficos da biblioteca da EGAP.

2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA

A Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia é un órgano técnico de apoio para a planificación e desenvolvemento territorial integrado, a través da organización comarcal de Galicia, e para a promoción dos recursos endóxenos, coa finalidade de facer operativas o conxunto de actividades que constitúen o seu obxecto social. A sociedade organízase nas seguintes áreas:

- 1. ÁREA DE PLANIFICACIÓN, ESTUDIOS E DESENVOLVEMENTO COMARCAL**, orientada á realización de estudos, proxectos, programas e plans estratéxicos, organizando tamén as mesas de iniciativas dos diferentes sectores productivos estratéxicos de cada comarca, para facer efectiva a súa participación no proceso de planificación. Así mesmo ten o cometido de organizar e planificar accións formativas (máster de desenvolvemento local e comarcal, cursos de postgrao e seminarios). Máis directamente en relación co desenvolvemento comarcal, desde esta área promóvense e impúlsanse accións de desenvolvemento territorial en colaboración con outras organizacións públicas e privadas. Así mesmo, ten como obxectivo a preparación e apoio á implantación e xestión de programas de desenvolvemento local nas comarcas, e a favorece-lo intercambio de experiencias. Desde esta área coordínanse os xerentes das comarcas e tamén o servizo lingüístico comarcal, que con tarefas de formación, asesoramento e dinamización, está a traballar nas comarcas galegas.

As previsións para o ano 2003 oriéntanse nas liñas de traballo que ten fixadas a área – anteriormente ditas– tanto no referente á elaboración e actualización de estudos e plans estratéxicos, como á planificación, preparación de proxectos de desenvolvemento, posta en marcha e seguimento deles.

2. **ÁREA DE INFORMACIÓN TERRITORIAL**, que inclúe o Sistema de información territorial de Galicia (Sitga). Este sistema proporciona información dinámica orientada á toma de decisións nos problemas de localización e funcionamento cunha estrutura tecnolóxica avanzada, ó contar cun GIS aplicado á xestión do territorio e á elaboración e produción de cartografía aplicada.
3. **ÁREA DE OBRAS E PROXECTOS**, que da soporte técnico, dende o punto de vista arquitectónico e urbanístico, por unha banda, á construción dos centros comarcais previstos como instrumentos operativos no Plan de desenvolvemento comarcal de Galicia, e por outra, a todos aqueles proxectos xerados a partir das accións previstas nos plans estratéxicos de cada comarca, ou ben como iniciativas endóxeas que contribúan ó desenvolvemento local.

Para o ano 2003 contéplanse os seguintes obxectivos:

- A) Rede de centros comarcais:
 - a) Redacción dos proxectos e elaboración de estudos de implantación dos centros de Verín-Monterrei, Valdeorras, Terra de Caldelas, A Fonsagrada e A Mariña Oriental.
 - b) Construción dos centros de A Ulloa e A Mariña Central.
 - c) Posta en funcionamento dos centros de A Mariña Occidental, A Paradanta, e O Ribeiro.
- B) Actuacións comarcais:
 - a) Posta en marcha operativa da base de datos de aldeas abandonadas.
 - b) Elaboración de proxectos de itinerarios comarcais.
 - c) Elaboración dun proxecto piloto de GIS municipal.
 - d) Elaboración de documentos técnicos para a presentación á Unión Europea de accións a financiar con fondos INTERREG III.

4. ÁREA DE PROMOCIÓN: Leva a cabo a xestión dos centros comarcais e impulsa a promoción e comercialización dos produtos das comarcas de Galicia. Este labor canalízase, ademais, nos propios centros comarcais a través da asistencia a feiras de carácter local, nacional e internacional, coa xestión do Cetadec (Centro Telemático Aplicado ó Desenvolvemento Comarcal), un instrumento para achega-las novas tecnoloxías ás comarcas mediante a colaboración con diferentes entidades públicas e privadas que colaboran na tarefa formativa dos pequenos produtores no uso das novas tecnoloxías. Tamén se fai en colaboración con outras entidades e departamentos da Xunta de Galicia a promoción da artesanía, da cultura e do turismo das comarcas de Galicia, ademais do achegamento da información sobre o sistema educativo.

Na actualidade hai nove centros comarcais en funcionamento (Deza, O Salnés, Bergantiños, Terra de Lemos, Tabeirós-Terra de Montes, Terra de Trives, Terra de Celanova, Ordes e O Carballiño) ós que se unirán en breve os da Mariña Occidental e o da Paradanta. Todos eles contan con importantes crecementos no número de visitantes e no volume xeral de actividades (exposicións, cursos, conferencias, seminarios, etc.)

Dende a inauguración do primeiro centro comarcal en 1995 case 650.000 persoas utilizaron os servizos prestados polos centros comarcais. As previsións para 2003 son acada-los 900.000 visitantes e usuarios dos mesmos.

Así mesmo, se realizarán labores de apoio técnico e asesoramento a tódolos órganos do Plan de desenvolvemento comarcal en materia de promoción (turística, asistencia a feiras de carácter local, nacional e internacional, presentacións, organización de actos, etc). Este labor atopa o apoio técnico necesario no Departamento de deseño gráfico que se encarga do asesoramento e da elaboración do material promocional (folletos, paneis, cartelería, guías, monográficos, catálogos, etc.)

Para o ano 2003, a Sociedade Comarcal persegue os seguintes obxectivos:

- A) A coordinación do deseño e equipamento dos centros de exposición de recursos comarcais (centros comarcais).

- B) Elaboración e redacción de proxectos técnicos e de plans estratéxicos comarcais, así como de estudos e diagnósticos territoriais.
- C) Acometer proxectos integrados de promoción e innovación dos recursos comarcais, e recuperación do patrimonio e da cultura local.
- D) Formación continua de recursos humanos mediante plans de formación adaptados ós recursos de cada comarca.
- E) Elaboración de proxectos europeos de desenvolvemento e presentación deles ós organismos pertinentes.
- F) Xestión e explotación do Sistema de información territorial de Galicia (Sitga) como centro de produción cartográfica e de información do territorio da Xunta de Galicia.
 - a) Xestión e mantemento do Sitga.
 - b) Incrementa-lo banco de datos territorial.
 - c) Actualiza-la base cartográfica.
 - d) Mantemento da unidade de teledetección.
 - e) Explotación da base de datos fotogramétrica.
 - f) Mantemento da unidade de fotogrametría.
- G) Mantemento do Servidor de Cartografía a través da rede telemática.
- H) Publicación dixital e analóxica de produtos cartográficos.
- I) Investigación no ámbito dos sistemas de información xeográfica e da cartografía dixital.
- J) Difundir recursos comarcais, mediante publicacións diversas nos medios de comunicación.
- K) Iniciativas comarcais destinadas á promoción de microempresas, e á creación de emprego, principalmente para colaborar na fixación da poboación xoven no territorio.
- L) Acada-la cifra de 250.000 visitantes e usuarios na Rede de centros comarcais de Galicia no ano 2003 mediante as seguintes accións:
 - a) Incrementa-la susbcrición de convenios con entidades de carácter público e privado, que permita mellorar tanto a oferta de actividades a desenvolver nos centros comarcais coma a calidade delas.
 - b) A través da aplicación do programa dos centros comarcais accesibles, mellorarase a atención a colectivos de persoas con discapacidades.

- c) Instalación de TCV (terminais comarcais de venta) na rede de centros comarcais, terminais do Cetadec que permitirán ós visitantes coñecer e adquirir produtos das comarcas de Galicia.
 - d) Creación do Telecentro Comarcal que, a través do Cetadec, achegará os servizos e instalacións dos centros comarcais ós usuarios de internet.
 - e) Integración da rede de centros comarcais nos programas de formación para o emprego.
 - f) Tras a boa acollida que tivo o Centro de documentación da oleiría O Alfar, no Centro Comarcal de Bergantiños, un acceso telemático directo ós fondos documentais, procederase á creación e posta en marcha de centros de documentación especializados na revalorización dos recursos artesanais das comarcas.
 - g) Co obxectivo de dar resposta á crecente demanda para a realización de rutas turísticas á carta, o programa “Coñecer Galicia por Dentro” reforzase mediante a firma de convenios con diferentes entidades, para achegar ós diferentes segmentos da poboación galega un mellor coñecemento das nosas comarcas.
 - h) Incremento de actividades encamiñadas á difusión das novas tecnoloxías nas comarcas de Galicia.
- M) Desenvolvemento e consolidación do Cetadec (Centro Telemático Aplicado ó Desenvolvemento Comarcal) para a difusión das novas tecnoloxías nas comarcas de Galicia:
- a) Incremento do 15% no número de pequenas empresas e artesáns asociados ó portal www.comarcasdegalicia.com
 - b) Firma de convenios de colaboración que permitan mellora-los servizos que ofrece o portal.
 - c) Realización de 15 cursos de formación sobre novas tecnoloxías para empresarios asociados ó Cetadec, coa colaboración de entidades privadas.

- d) Ampliación do número de comarcas introducidas en internet a través do portal www.comarcasdegalicia.com.
- e) Incrementa-los servicios da intranet comarcal para facilita-la transferencia de información entre a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal, os centros e as fundacións comarcais.
- f) Desenvolvemento da campaña de promoción do portal www.comarcasdegalicia.com
- g) Desenvolvemento dunha plataforma B2B para implantala nos obradoiros artesáns de Galicia e fomenta-la utilización do comercio electrónico neste sector.
- h) Incremento do número de servicios telemáticos avanzados da rede de centros comarcais para facilita-lo acceso ós usuarios a través de internet.
- i) Implementa-la plataforma telemática que faga posible a posta en marcha dos centros de documentación virtuais.
- j) Colaborar no desenvolvemento dos sistemas de información orientados a favorece-lo axuste entre a oferta e a demanda de emprego nos ámbitos comarcais.

En resumo os obxectivos e accións que acabamos de enumerar enmárcanse dentro dos aspectos e prioridades establecidos pola sociedade comarcal en función dos seus propios estatutos. Preténdese así mellora-los sistemas de produción e organización da sociedade, converténdoa nun instrumento áxil capaz de proporcionar información sobre o territorio e de elaborar estudos e proxectos encamiñados a promove-lo desenvolvemento a nivel comarcal. Todo isto seguindo unha estratexia baseada na incorporación de innovacións tecnolóxicas de vangarda que contribúan a unha mellor xestión e rendibilidade dos recursos humanos dispoñibles, co fin de consolidalo como un centro público de investigación aplicada, nos eidos dos estudos territoriais, a cartografía e o desenvolvemento local e comarcal.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 111A. PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

1. Descrición.

O Programa 111A “Presidencia da Xunta”, ten como función e subfunción, a “alta dirección da Comunidade Autónoma” sendo as atribucións do Presidente, na execución do programa, a dirección e coordinación das actividades da Xunta de Galicia.

2. Actividades.

A actividade fundamental de actuación da Secretaría Xeral da Presidencia como órgano superior previsto no Decreto 309/2001, do 17 de decembro (DOG nº 243, do 18 de decembro), polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, é desenvolve-las funcións que lle atribúe o Decreto 313/2001, do 18 de decembro (DOG nº 244, do 19 de decembro), como son:

1. Prestar asistencia técnica e asesoramento ó Presidente da Xunta de Galicia en todo o que a requira.
2. Dirixir, coordinar e supervisa-los servicios de documentación da Presidencia.
3. A xestión orzamentaria, económica e administrativa, derivada da elaboración e control do orzamento da Secretaría Xeral, administración dos créditos orzamentarios asignados a ela e a tramitación que proceda dos expedientes de contratación.
4. As funcións de réxime interior e de persoal, dispoñendo canto concerne ó réxime interno dos servicios xerais da Secretaría Xeral.
5. As funcións ordinarias de despacho que lle son propias, así como as que lle sexan delegadas polo Presidente da Xunta.

Así mesmo se presta apoio, asistencia e asesoramento á Casa de Galicia en Madrid para o seu bo funcionamento, sen prexuízo das competencias da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo en relación coa programación das actividades culturais que se poidan desenvolver nela.

Por todo iso, ademais das altas funcións de dirección e coordinación da política do Goberno da Xunta de Galicia, que se enmarcan no Plan de desenvolvemento rexional de Galicia para o período 2000-2006, exércense as actividades ordinarias necesarias para a execución do programa e apoio ós outros órganos que dependen directamente da Presidencia, así como a concesión de axudas e subvencións que se conceden polo Presidente a familias e institucións sen fins de lucro.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral da Presidencia.

PROGRAMA 111E. RELACIONES COA UNIÓN EUROPEA E ACCIÓN EXTERIOR

Por Decreto 4/1997, do 9 de xaneiro (DOG nº 15, do 23 de xaneiro), créase a Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior, con dependencia directa e inmediata da Presidencia da Xunta de Galicia.

O artigo 1º do referido decreto establece que a dita secretaría terá rango de dirección xeral con dependencia funcional da Presidencia da Xunta e orgánica da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

A creación da secretaría e a súa dotación orzamentaria xustifícase na necesaria existencia dun órgano específico que dea resposta ás implicacións sempre crecentes entre a actividade da Unión Europea e os intereses da Comunidade Autónoma, á necesidade de potencia-las relacións existentes coa Rexión Norte de Portugal e cos países de Latinoamérica e ó interese de implicarse naquelas con terceiros países precisas para impulsa-la cooperación e o seu desenvolvemento socioeconómico.

1. Descrición.

Sobre a base do Decreto 4/1997, e na continuidade da política económica seguida por mor do desenvolvemento competencial, podemos dicir que a secretaría xeral pretende acadar os seguintes obxectivos:

1. Apoiar e asesorar á Presidencia da Xunta en tódalas actuacións que, relacionadas coa Unión Europea (UE) e no ámbito da acción exterior, leve a cabo a Administración autonómica.
2. Dar resposta ás implicacións crecentes entre a actividade da UE e os intereses da Comunidade Autónoma.
3. Apoia-las actuacións da Administración en relación co proceso de integración europea.
4. Colaborar no desenvolvemento das diferentes organizacións rexionais europeas.
5. Mellora-la estreita cooperación conveniada existente, así como iniciar actuacións bilaterais/multilaterais con rexións europeas e latinoamericanas.
6. Cooperar institucional e tecnicamente nas actuacións da Administración autonómica naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais.
7. Canaliza-la información, definir prioridades e conciliar actuacións que, no ámbito da Unión Europea, sexan de interese para os departamentos da Xunta de Galicia e para a sociedade galega en xeral.
8. Achega-os distintos órganos da Xunta de Galicia ás comunidades europeas, así como realiza-las xestións necesarias ante elas.
9. Prestar colaboración en xeral, nos aspectos que de forma máis decisiva xurdan da incorporación á Unión Monetaria Europea.
10. Coordinar e segui-lo procedemento de axudas públicas e o de tratamento de queixas comunitarias fronte á Comisión Europea.
11. Impulsa-las actuacións que no ámbito da acción exterior corresponden á Xunta de Galicia e máis concretamente as derivadas da participación de Galicia na Área de Iberoamérica, en particular de Mercosur; na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal; en distintos estados doutras áreas de actuación e na apertura de iniciativas a desenvolver co exterior.

12. Formular estratexias atlánticas que dinamicen o desenvolvemento socioeconómico, o reforzamento das relacións con terceiros países e o pulo das relacións coa Rexión Norte de Portugal.
13. Participar das actuacións inherentes ó desenvolvemento do papel da Presidencia do Arco Atlántico e da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, asumidas polo Presidente da Xunta de Galicia.
14. Estimula-las actuacións tendentes a fomenta-las relacións euroamericanas potenciando a consolidación dun espazo limitado, o seu posicionamento fronte á Unión Europea e a aproximación das relacións cos cidadáns.
15. Afondar no pulo da política de internacionalización da economía e das empresas como obxectivo prioritario da Xunta de Galicia.
16. Garanti-la presenza de Galicia nos comités da Comisión Europea, no Consello de Ministros, na Conferencia das Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e na Comisión do Arco Atlántico, así como a súa participación en foros rexionais, comisións, asembleas e outras organizacións realizadas no marco competencial.
17. Representar á Comunidade Autónoma nos órganos de cooperación ou institucións que, en materia comunitaria ou de acción exterior, existan entre a Administración central e as comunidades autónomas.
18. Garanti-la necesaria relación de colaboración entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia para os asuntos de ámbito europeo ou de proxección exterior en xeral.
19. Se-la canle de comunicación axeitada entre a Xunta e os países do exterior, fomentando o coñecemento das políticas de desenvolvemento e as liñas de cooperación nas rexións europeas e latinoamericanas.
20. Impulsa-lo correcto funcionamento administrativo da secretaría xeral e da Fundación Galicia Europa.

2. Actividades.

A consecución destes obxectivos precisa da realización de múltiples actuacións entre as que se poden salientar, como máis significativas, as que de seguido se relacionan:

1. Realizar estudos, informes e plans estratéxicos así como a preparación documental de apoio ó Presidente da Xunta de Galicia en tódalas materias relacionadas coa UE ou incluídas no eido da acción exterior.
2. Formular e coordina-las accións de desenvolvemento do Programa cuadrienal de acción exterior de Galicia 2003-2007, incluídas no proxecto a aprobar.
3. Coordinar e prepara-las viaxes do Presidente como membro das institucións europeas, e aquelas outras a realizar no marco dos convenios de cooperación formulados con distintos países do exterior.
4. Participar nos comités da Comisión Europea, así como elabora-los estudos e informes en relación cos asuntos tratados e as súas conclusións, xunto coa preparación documental de apoio a eles e para a súa utilización e divulgación.
5. Organizar e participar nas reunións da Comisión Arco Atlántico e as referidas á Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, no papel de Galicia como rexión membro.
6. Asistir e participar en xuntanzas e asembleas de institucións ou organizacións do exterior en xeral, en calidade de representante directo ou de colaborador coa Administración Xeral.
7. Participar en foros, encontros, xornadas ou conferencias, dirixidas a dinamiza-la formación dos sectores socioeconómicos e contribuír ó mellor coñecemento dos países de Europa e Latinoamérica en xeral, así como das crecentes implicacións das rexións no marco da cooperación interrexional.
8. Promover iniciativas de integración comunitaria que teñan lugar no ámbito da Comunidade Autónoma.
9. Organizar e intervir en expedicións comerciais a estados da área de acción exterior.
10. Seguir e coordina-las actuacións das oficinas da Xunta de Galicia en Brasil e Arxentina cara ó control dos obxectivos para os que foron creadas.
11. Asistir estrutural, funcional e financeiramente ó desenvolvemento das actuacións da Comisión Arco Atlántico.
12. Apoiar financeiramente e organizar tecnicamente actividades de información e difusión que contribúan a un mellor coñecemento dos países europeos e do exterior e das relacións con eles existentes.

13. Prestar asistencia e asesoramento cara ó estímulo das relacións económicas e ó fomento de intercambios universitarios e culturais, nas materias que atinxen á UE e Latinoamérica en xeral.
14. Desenvolve-la participación da Iniciativa comunitaria INTERREG III no período 2000-2006.
15. Cooperar coas distintas rexións implicadas, para a posta en marcha e execución de proxectos de interese interrexional e outras iniciativas que respondan a fins concretos de actuacións sectoriais, de estratexias de desenvolvemento atlántico, e de formulación de solucións á problemática das situacións transfronteirizas.
16. Participar financeiramente no funcionamento e administración de organizacións rexionais europeas.
17. Realizar tarefas de coordinación e interlocución entre os departamentos da Xunta de Galicia, a Administración do Estado e a Unión Europea, no que afecta ó proceso de axudas públicas e tratamento de queixas comunitarias.
18. Cubri-la participación da Xunta de Galicia na Fundación Galicia Europa cara á consecución dos seus obxectivos.
19. Elaborar, xestionar e controla-los orzamentos da Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior e da Fundación Galicia Europa.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior.

PROGRAMA 121A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL

1. Descrición.

A reforma administrativa da Xunta de Galicia está a ser un obxectivo preferente e permanente deste Goberno. Xestiónase na parte que lle compete pola Inspección Xeral de Servicios e ten como obxectivos básicos o perfeccionamento, modernización e eficiencia da nosa administración e o achegamento da norma ós cidadáns, de xeito que estes perciban á Xunta de Galicia como "a nosa Administración".

2. Actividades.

As actuacións previstas para o ano 2003 dentro do programa da reforma administrativa concréntanse nas seguintes:

1. Sistema de xestión de procedementos administrativos (SXPA): plataforma informática da Xunta de Galicia, que permite a tramitación de forma áxil e eficaz dos procedementos administrativos iniciados a instancia de parte, así como a súa racionalización.

Ofrece dúas vertentes: axudar na xestión e facilitar información sobre ela. Posibilitar que o administrado coñeza en todo momento o estado no que se atopa o seu expediente administrativo. Este sistema coloca á Administración autonómica de Galicia como pioneira no ámbito de xestión das Administracións públicas, o cal facilita unha información real e puntual da actividade de tódalas unidades administrativas da Xunta de Galicia.

Na mesma liña de conseguir unha maior eficiencia nas tramitacións administrativas implantouse o Servicio de resposta inmediata (Seri).

2. O Plan de atención ó cidadán: permite manter unha actitude de achegamento ó administrado, informándolle e facilitándolle as súas relacións coa Administración. Con este fin xurdiu o Sistema de información administrativa e atención ó cidadán, composto polos seguintes dispositivos: o Servicio de Información Telefónica (902 12 00 12), o Centro de información administrativa e atención ó cidadán, unha rede de oficinas nos servicios centrais e delegacións/direccións de tódalas consellerías así como nas oficinas comarcais e os puntos de información ó cidadán (PIC).

3. Avaliación do rendemento: consiste nunha análise exhaustiva dos recursos humanos e técnicos de cada unidade administrativa, así como das competencias que lle corresponden, funcións desenvolvidas, custos de produción e nivel de rendemento de cada unha delas. No desenvolvemento deste programa establécese unha matriz de resultados, uns obxectivos a cumprir e unha serie de recomendacións dirixidas a aumenta-la produtividade e eficiencia das unidades obxecto da avaliación. Isto permite a emenda das deficiencias detectadas no funcionamento das unidades, unha adecuada valoración dos postos de traballo e a reasignación de efectivos segundo as cargas reais de traballo.

A Lei 3/1995, do 10 de abril, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no seu artigo 63 bis, establece que tódalas unidades administrativas con nivel de subdirección xeral e xefatura de servizo, así como aquelas outras de nivel inferior que teñan por obxecto a prestación de servizos diferenciados, serán obxecto dunha valoración anual co fin de apreciar o nivel do seu rendemento. Esta valoración será realizada por una “comisión de avaliación”.

O Decreto 115/1997, do 2 de maio (DOG núm. 94, do 19 de maio), sobre a avaliación do rendemento das unidades administrativas, establece no seu artigo 6º a existencia dunha comisión de avaliación para cada unha das consellerías da Xunta de Galicia, así como a súa composición e funcionamento.

4. Apoio técnico ós procesos informáticos: o desenvolvemento das competencias inherentes ás relacións de postos de traballo, así como a execución das tarefas que integran o Sistema de xestión de procedementos administrativos e o programa de avaliación das unidades administrativas e de atención ó cidadán, esixen de modo imprescindible, e, cada vez máis, dispoñer de apoio técnico pertinente ós procesos informáticos orixinados para a realización dos proxectos expostos.

O conxunto de actuacións que constitúen o programa de reforma administrativa da Xunta de Galicia son unha mostra inequívoca da vontade que o respalda, do esforzo que se está a levar a cabo para conseguir unha Administración autonómica moderna, eficiente, ó servizo dos cidadáns, preparada e dotada para responder ás demandas que o interese xeral esixe.

A xestión do programa da Reforma Administrativa está encomendada á Inspección Xeral de Servizos. Este centro directivo configúrase como órgano central de impulso da devandita reforma, con competencia global sobre toda a Administración autonómica. Na súa actuación de inspección, racionalización e avaliación das unidades administrativas, adoita un carácter de *consulting* interno para mellora-lo funcionamento da Administración autonómica.

3. Órgano encargado da súa execución.

Inspección Xeral de Servizos.

PROGRAMA 121A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL

1. Descrición.

A través deste programa de gasto, a Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, realizará as seguintes funcións que ten encomendadas:

1. O control da execución orzamentaria dos centros de gasto da consellería, a coordinación e curso das instrucións para a confección dos anteproxectos dos orzamentos xerais do gran centro xestor e os seus servicios e a xestión, tramitación e pagamento que correspondan ás nóminas do persoal de servicios centrais.
2. A dirección e coordinación na prestación de servicios de carácter horizontal, tanto interdepartamentais como os dirixidos ó persoal.
3. A contratación administrativa dos servicios a nivel central, como mantemento, xardinería, limpeza, seguridade e outros.
4. Mantemento, conservación e reparación das dependencias dos servicios centrais da Xunta de Galicia e dos servicios provinciais da consellería.
5. Atende-las necesidades de funcionamento de tódalas unidades administrativas adscritas á consellería e que non dispoñan de orzamento singularizado.
6. A xestión do Parque Móbil da Xunta de Galicia, exercendo a coordinación efectiva dos servicios de automobilismo da Xunta de Galicia.
7. A prevención dos riscos laborais de conformidade co disposto na Lei de prevención de riscos laborais.

2. Actividades.

Para a consecución dos seus obxectivos xerais e a execución do programa funcional realizaranse entre outras as seguintes actividades:

1. A construción de todas aquelas obras, servicios de apoio que ten encomendadas, así como o mantemento en xeral.
2. A organización dos recoñecementos médicos para o persoal da Xunta de Galicia, así como as medidas de medicina preventiva e vixilancia da saúde.

3. O proceso administrativo que a través da habilitación xeral de pagos permite atender á nómina do persoal ó servizo da administración da Xunta.
4. A avaliación dos riscos nos centros de traballo e a planificación das accións preventivas.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 121A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL

1. Descrición.

A Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias é un centro directivo adscrito á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública que ten encomendadas entre outras funcións a de informar e asistir ó Goberno galego nas súas relacións co Parlamento, tanto desde o punto de vista do seguimento do programa lexislativo e dos acordos adoptados no Parlamento, como a de apoio ó Presidente da Xunta, recabando cantos informes fosen necesarios para as súas intervencións.

Por outra parte correspóndelle a coordinación dos procesos electorais de competencia autonómica e a análise de tódalas iniciativas parlamentarias das Cortes Xerais ou doutras comunidades autónomas que puidesen ter algunha relación directa ou indirecta na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Actividades.

Para o desenvolvemento e execución do programa funcional de gastos que levará ó logro dos obxectivos se realizarán actividades de: contratación, xestión e execución do orzamento de gastos que permitirán adquiri-los bens e servizos que se consideren necesarios para o normal funcionamento da unidade e o desenvolvemento das competencias encomendadas cun nivel de calidade e eficiencia adecuadas e sometidos a unha constante análise.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias.

**PROGRAMA 121A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN
XERAL**

1. Descrición.

1. Concurso de traslados a celebrar no ano 2003:

Administración Xeral.

Administración Especial.

Negociaranse as bases que rexerán o concurso de traslados, modificación das RPT pertinentes e aprobación de se-lo caso das bases da convocatoria e desenvolvemento do concurso.

2. Tramitación de procesos selectivos:

A) Finalización dos procesos selectivos dos distintos grupos da Administración xeral.

B) Finalización dos procesos selectivos das escalas A e B de finanzas.

C) Coordinación do proceso selectivo da escala de letrados.

D) Convocatoria dos procesos selectivos.

E) Realizaranse procesos selectivos tanto para corpos de funcionarios como persoal laboral.

F) Estudio sobre particularidades do sistema de acceso por promoción interna.

3. Convocatoria de diversas listas para a cobertura con carácter temporal de postos da Administración xeral, especial e laboral así como un sistema de cobertura de vacantes máis áxil ca o actual.

4. Continuación dos traballos de elaboración da aplicación informática de xestión de persoal e do Rexistro central de persoal.

5. Fondo de acción social:

- Finalización do proceso relativo ó Fondo para o ano 2002.

- Posta en marcha do proceso relativo ó Fondo para o ano 2003.

6. Continuarase no estudo e desenvolvemento sobre a posible funcionarización de distintos colectivos do persoal laboral.
7. Xestión dos restantes traballos dos que as súas funcións foron encomendadas pola distinta normativa a esta dirección xeral, de acordo coas competencias atribuídas a esta dirección xeral polo Decreto 262/1994, do 29 de xullo e a Orde do 11 de marzo de 2002, sobre a delegación de competencias no Director Xeral da Función Pública, sinalándose entre outras as seguintes:
 - A) Eleva-las propostas de resolución dos expedientes de incompatibilidades do persoal ó servicio da Xunta de Galicia.
 - B) Coordina-las relacións laborais e sindicais con respecto ó persoal ó servicio da administración da Comunidade Autónoma.
 - C) Elabora-las propostas de resolución dos recursos que se presenten en materia de persoal.
 - D) Elabora-las propostas de autorización de probas selectivas e do concurso de méritos para persoal laboral fixo e das contratacións laborais temporais.
 - E) Preparar e desenvolve-los traballos relativos ás relacións laborais e sindicais do persoal ó servicio da Xunta de Galicia.
 - F) Resolución das situacións administrativas e demais incidencias do persoal funcionario, laboral e contratado administrativo da Administración da Comunidade Autónoma previstas no capítulo II do título da Lei 4/1988, e no Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia; entre outros:
 - a) Autorización de comisións de servicio de carácter voluntario e de carácter forzoso e a atribución do desempeño provisional de postos.
 - b) Recoñecemento de trienios, grao persoal, así como recoñecemento de servicios previos dos funcionarios non adscritos especificamente a outra consellería, e do persoal laboral.
 - c) Resolucións sobre xubilacións, así como a autorización da prolongación da situación de servicio activo.
 - d) Permutas.
 - e) Mobilidade que implique no persoal laboral cambios de consellería e desempeño de funcións de categoría superior ou inferior.

- G) Emiti-los informes previos en relación coas retribucións e, en xeral, con calquera autorización de melloras retributivas, individuais e colectivas, que afecten ó persoal ó servizo da Comunidade Autónoma.
- H) Coordinación, información e participación nos órganos correspondentes relativos ás relacións laborais do persoal ó servizo da Xunta de Galicia.
- I) Formalización e sinatura dos contratos dos laborais fixos.
- J) A inscrición no rexistro de tódolos actos que afecten á vida administrativa do persoal.
- K) A clasificación de órganos de selección de persoal e fixación do límite máximo de asistencias que percibirán os membros de tales órganos.

2. Actividades.

Para levar a cabo os obxectivos descritos anteriormente é necesario por parte deste centro directivo proseguir unha serie de actividades que permitan conseguilos e que resumidamente se expoñen:

1. Labores de estudo sobre axuste de normativa de Función Pública.
2. Para cumprilo obxectivo tanto respecto do desenvolvemento da oferta de emprego público como da provisión de postos de traballo faise preciso levar a cabo unha gran labor de xestión e preparación, que vai desde a elaboración e negociación das correspondentes convocatorias coas organizacións sindicais, ata o desenvolvemento dos distintos procesos e resolucións de expedientes derivados daqueles.
3. Respecto do Rexistro de persoal, farase precisa unha maior dedicación, derivada da xestión ordinaria de persoal e a elaboración da aplicación informática do rexistro.
4. É indispensable levar a cabo un número moi elevado de tarefas no que se refire ó desenvolvemento dos procesos correspondentes ó Plan de acción social.
5. Modernización, axilización e desenvolvemento informático de mellora na xestión interna e externa de funcións propias deste centro directivo.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral da Función Pública.

PROGRAMA 121B. ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

1. Descrición.

Á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, con rango de dirección xeral, dependente do Presidente da Xunta de Galicia, correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da Comunidade Autónoma e da súa Administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 7/1984, do Parlamento de Galicia, e do artigo 447 da Lei orgánica do poder xudicial.

2. Actividades.

As partidas orzamentarias correspondentes ó exercicio de 2003 destinaranse principalmente á compra de libros, revistas e outras publicacións periódicas para unha mellor formación dos letrados pertencentes a este centro directivo. Así mesmo outra parte importante do orzamento dedicarase ó pago de minutas do Procurador dos tribunais con sede en Madrid e ás dietas de manutención e locomoción que teñen os letrados cando se desprazan ós xulgados de ámbito estatal e da Comunidade Autónoma.

3. Órgano encargado da súa execución.

Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

PROGRAMA 121C. REFORMA ADMINISTRATIVA

1. Descrición.

1. Apoio ó programa de reforma administrativa da Xunta de Galicia no desenvolvemento de aplicacións informáticas que mecanizan as distintas áreas da Administración Autonómica, así como o mantemento da plataforma informática corporativa e da rede de comunicacións.

2. Consolidación dun modelo de Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre a base dos sistemas xa implantados cumprindo os compromisos da Unión Europea para a implantación de servicios a través de internet.
3. Xera-la suficiente confianza na Administración adoptando as medidas administrativas e técnicas que aporten seguridade e privacidade ás transaccións coa extensión da sinatura electrónica.

2. Actividades.

1. Redes da Xunta de Galicia. Dotación de servicios administrativos.
2. A Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos ten encomendadas as funcións de coordinación, xestión e control das redes locais da Administración Autonómica que se integren na Rede corporativa de datos da Xunta de Galicia.
3. Desta xestión dérivase a necesidade de realización de traballos de cableado, instalación de puntos de rede e de comunicacións debido á incorporación de novas unidades administrativas de tódalas consellerías e organismos autónomos ou á reubicación doutras por cambios na estrutura orgánica ou por traslado das dependencias.
4. Control periódico de hardware e software. Adquisición de equipamento informático.
5. Mantemento preventivo, mantemento correctivo e actualización de hardware e software.
6. Mantemento de servidores de datos: reparación de calquera avaría de HW e SW base dos equipos, así como a actualización de novas versións de produtos.
7. Mantemento de redes locais: reparación de calquera avaría nos equipos activos e pasivos de comunicación das redes locais.
8. Mantemento de ordenadores persoais e impresoras: reparación e actualización de SW dos equipos.
9. Renovación da plataforma informática, tanto dos servidores como dos ordenadores que dan soporte ós servicios corporativos. Renovación dos ordenadores que tramitan co SXPA introducindo novas prestacións e facilidades multimedia que permitan abordar proxectos como a teleformación ou a extensión da firma dixital, permitindo unha mellor prestación de servicios ó cidadán.

10. Legalización de software instalado na plataforma relacionado cos sistemas de seguridade e protección da información (antivirus para PC, antivirus para filtra-lo tráfico SMTP, FTP e http, sistemas de detección de intrusos).
11. Soporte, revisión e ampliación dos sistemas.
12. Planificación, control, explotación e operación de tódalas redes locais e da rede de área extensa que da servizo a xestión administrativa, ó Servizo Galego de Colocación, e ós hospitais, xerencia e centros de atención primaria. Así como da planificación e xestión da rede corporativa de telefonía fixa e do servizo corporativo de telefonía móbil.
13. Deseño e desenvolvemento de novas funcionalidades para o Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) co fin de completa-las bondades do sistema como ferramenta corporativa de xestión e información da Xunta de Galicia.
14. Mantemento das máis de 50 aplicacións complementarias integradas co SXPA que se atopan en explotación, así como, na medida do posible, aborda-lo desenvolvemento doutras novas co obxectivo de completa-las funcionalidades dun sistema horizontal de xestión de expedientes.
15. O mantemento de aplicacións e formación do usuario final, supón, por unha parte, a disposición do persoal técnico para a xestión e realización de modificacións nas aplicacións informáticas para as xestións administrativas derivadas da aparición de novos procedementos administrativos, cambios nos xa existentes, desenvolvemento de novas funcións e aplicacións a demanda do usuario. Por outra parte, faise necesaria a continua formación e asistencia ó usuario final por parte de persoal desprazado en tódalas provincias, motivada por cambios continuos nos procedementos e conseguintemente nas aplicacións.
16. Migración do Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) a un entorno web, de forma tal que sexa eventualmente posible a tramitación desde calquera punto con conexión a internet. Nesta liña están evolucionando hoxe os sistemas informáticos, de tal forma que a súa utilización se faga independente do punto de acceso.
17. Consolidación dun modelo de Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre a base dos sistemas xa implantados e que nos sitúan como referentes a nivel nacional, evolucionando cara a utilización de internet como soporte para ofrece-los

servicios. Tratarase de desenvolver pequenos proxectos, presentación telemática de expedientes, así como de proxectos que utilicen a sinatura dixital.

18. Planificación e control dos equipos nos que se executan as distintas aplicacións informáticas. Esta actividade inclúe labores de deseño e administración de bases de datos, administración dos monitores transaccionais, administración dos sistemas operativos, xestión dos paquetes ofimáticos e da conectividade en redes locais e o Centro de atención ó usuario.
19. Mantemento do correo electrónico corporativo da Xunta de Galicia. Existen actualmente máis de 4.000 usuarios de correo electrónico corporativo, que permite dispoñer tamén dunha ferramenta de traballo en grupo para aplicacións tales como o envío de documentos para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (e-DOG) ou as autorizacións de acceso a San Caetano (e-Acceso). Trátase durante o ano 2003 de universaliza-la utilización do correo electrónico a tódolos empregados da Xunta de Galicia e estende-la sinatura electrónica.
20. Mantemento do servizo web da Xunta de Galicia pero evolucionando cara aun novo modelo que facilite ó cidadán o acceso á información dispoñible. No que se refire á información que ofrece a Xunta de Galicia a través de internet, trátase, por unha parte, de facilita-la información dispoñible para o cidadán e doutra de referenciar nun único punto da Administración Autonómica toda a información. En definitiva, o obxectivo final da Xunta de Galicia é ofrecer servizos en internet de calidade ó moi crecente número de internautas e de funcionarios con acceso á rede.
21. Mantemento e soporte á explotación do Portal dos concellos de Galicia (Eidolocal) e deseño e desenvolvemento de novos contidos e servizos, en colaboración con tódalas consellerías. Extensión do acordo de Eidolocal asinado coa Fegamp ás deputacións provinciais, de xeito tal que poidan facer uso tamén dos servizos e facilidades de internet, incluíndo a tramitación electrónica con sinatura electrónica gracias ó convenio asinado durante o ano 2002.
22. Informatización da xestión da función pública da Xunta de Galicia: O Rexistro central de persoal. A potencia deste software está destinada principalmente a funcións de xestión interna do persoal que traballa na Administración Autónoma, así como á axilización dos procedementos e actuacións levadas a cabo dentro da Xunta

de Galicia. Durante o ano 2003 continuarase co desenvolvemento de novos módulos do sistema para acadar a informatización completa da xestión da Función Pública da Xunta de Galicia.

23. Rede de datos da Xunta de Galicia.
24. Custo da rede privada de comunicación de datos para dar servizo de transporte de datos ó proxecto de modernización administrativa e a outros organismos.
25. A Rede corporativa ten unha dispoñibilidade garantida do 99,8 %, o cal permite que se apoiem sobre ela aplicacións críticas tales como as de carácter sanitario.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Organización e Sistemas Informáticos.

Secretaría Xeral da Consellería.

PROGRAMA 212C. ACCIÓN SOCIAL A FAVOR DOS FUNCIONARIOS

1. Descrición.

Con cargo a este programa a consellería realiza os expedientes de gasto, así como a programación e asume a dirección e coordinación das accións a favor do persoal de servizos centrais que se concretan nas axudas ó transporte, tanto dos medios urbanos como interurbanos para o persoal de servizos centrais da Xunta de Galicia e nas bonificacións no prezo do xantar nos servizos de cafetería-comedor de San Caetano e na EGAP.

2. Actividades.

As actividades para a execución deste programa céntranse no control, seguimento e xestión dos servizos tanto de transporte como de comedor do persoal, a súa contratación e execución do gasto.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 214B. SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO

O programa de gasto 214B enmárcase dentro das aplicacións referidas a aqueles traballos e subministros a realizar directamente polo Servicio de Prevención de Riscos Laborais e aqueloutros que deberá contratar.

1. Descrición.

O programa de traballos e do gasto, ven referido ós seguintes conceptos:

1. Convenio con Mutua Gallega.
2. Contratación de asistencias técnicas.
3. Merca de equipos de medida.
4. Merca de equipos informáticos.

2. Actividades.

As accións a realizar polo Servicio de Prevención de Riscos laborais para o persoal ó servicio da Administración da Xunta de Galicia, se definen no programa anual de actividades que se confecciona no primeiro trimestre do ano e que ten como contido fundamental o seguinte:

1. Avaliación de riscos nos centros de traballo.
2. Avaliación de riscos nos postos de traballo.
3. Planificación das accións preventivas.
4. Plans de emerxencia.
5. Vixilancia da saúde dos traballadores.
6. Investigación de accidentes.
7. Formación dos traballadores.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral da Consellería.

PROGRAMA 344A. DESENVOLVEMENTO COMARCAL

1. Descrición.

Por acordo da Xunta de Galicia do 9 de xaneiro do 1991, decidiuse a creación do Plan de desenvolvemento comarcal de Galicia, que é un instrumento estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico e a organización do territorio e o medio ambiente das comarcas.

Este plan, que se regula pola Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, ten como finalidade fundamental a implantación dun modelo territorial equilibrado, baseado na dinamización das iniciativas e dos recursos locais ou endóxeos de cada comarca; polo tanto, é un instrumento de coordinación e de desenvolvemento local. Os traballos de deseño e de posta en marcha do plan están encomendados á Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal da Presidencia da Xunta de Galicia, que, a través da citada lei, asume as funcións de impulso na elaboración, coordinación e seguimento do Plan de desenvolvemento comarcal.

Entre os obxectivos xerais destacan:

1. Fixa-las liñas básicas do desenvolvemento socioeconómico de cada comarca e determina-las áreas productivas prioritarias, considerando para estes efectos tanto a capacidade productiva endóxena como a competitividade nos mercados dos produtos obtidos. Para iso redactarase un plan estratéxico de cada comarca.
2. A integración do Plan de desenvolvemento comarcal dentro dunha estratexia global orientada á diversificación da produción local e á busca de alternativas no sector primario, mediante accións piloto experimentais, o que favorece a implantación de diversos programas de desenvolvemento local e rural, mediante un labor de coordinación dos axentes e instrumentos existentes en cada comarca.
3. O desenvolvemento sociocultural da comarca, nos seus niveis educativos, culturais e sociais, principalmente a través das actividades dos centros comarcais, e a colaboración coas institucións públicas e privadas de carácter cultural e educativo.
4. A planificación dos recursos naturais das comarcas, instando ós diferentes organismos públicos e privados para que adopten a organización comarcal para o desenvolvemento das súas actividades.

5. A promoción da comarca, integrándoa nas redes das novas tecnoloxías, mediante a súa implantación e difusión entre os artesáns e pequenas empresas das comarcas, para facer fronte ós desafíos da globalización. O instrumento específico é o Cetadec, que conta, entre outros servicios, cun portal de comercio electrónico xa en funcionamento.
6. Fomenta-la cooperación do sector público e do sector privado, para favorece-la implicación dos axentes económicos e sociais de base na promoción de iniciativas de desenvolvemento, a través da consolidación da actual rede de fundacións comarcais, e ampliando a incorporación de axentes privados ós seus padroados e a constitución das mesas de iniciativas como instrumento de participación comarcal. A finalidade é a posta en marcha de novos proxectos de desenvolvemento comarcal, para revaloriza-los recursos de cada comarca.

2. Actividades.

As accións previstas para acadar-los obxectivos formulados son as seguintes:

1. Financia-las actividades da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, como órgano técnico de xestión e promoción, constituída como unha sociedade de carácter instrumental e de servicios de apoio á planificación e ó desenvolvemento territorial, que ten como obxectivo a realización e a prestación de servicios relacionados cos estudos e proxectos de desenvolvemento comarcal. Así mesmo, conta co Sistema de información territorial de Galicia (Sitga), que é un GIS aplicado á xestión do territorio e á elaboración e produción de cartografía aplicada. A creación dun servidor web cartográfico permitiralle acceder a esta información á poboación das comarcas e ás súas institucións. O Centro de produción cartográfica da Xunta de Galicia, ademais da elaboración de cartografía, a xestión da fotografía aérea, e as ortofotos, diseña GIS especializados para a propia Administración e outros produtos xeomáticos.
2. A ampliación e financiamento das fundacións para o desenvolvemento das comarcas, como institucións de desenvolvemento que tiveron a súa razón de ser na necesidade de crear un ente específico que permitirá a integración do sector público e do privado, constituídas como grupos de acción comarcal que teñen como obxectivo fundamental propoñer obxectivos para a dinamización das iniciativas comarcais, a promoción dos

recursos endóxeos e o reforzamento da cohesión comarcal, mediante o apoio ás organización públicas e privadas para a implantación no territorio dos programas de desenvolvemento local e rural.

3. A construción e xestión dos centros comarcais (de exposición e promoción de recursos) teñen como fin a promoción e divulgación dos recursos endóxeos de cada unha das comarcas. Nestes edificios están situadas as dependencias e sede das fundacións para o desenvolvemento de cada unha das comarcas, un centro de aplicación das novas tecnoloxías, un centro de negocios, unha aula virtual de formación e un centro de recepción e atención de visitantes.
4. Potencia-lo papel de rede territorial de apoio á creación de emprego nas comarcas do medio rural, en estreita colaboración cos organismos implicados, mediante a acción da rede de xerentes comarcais, como dinamizadores e coordinadores de ditas accións nas comarcas. Para isto redactarase o plan estratéxico de cada comarca, coa participación das mesas de iniciativas que establecen os obxectivos de traballo das fundacións comarcais para os próximos catro anos.
5. Ampliación e promoción da rede telemática aplicada ó desenvolvemento comarcal (Cetadec), mediante a que se pretende difundir-lo uso das novas tecnoloxías entre os pequenos produtores e novos emprendedores. Deste xeito, se pode achegar-la demanda e a oferta dos recursos locais ós mercados exteriores (comercio electrónico, relacións interempresariais e intersectoriais, B2B, inserción na rede internet, deseño de aplicacións tecnolóxicas adaptadas ás necesidades comarcais, etc.).
6. Formación de expertos en desenvolvemento local, e sistemas de información xeográfica, mediante os programas de especialización e másters específicos, en convenio coas universidades.
7. Publicación de estudos socioeconómicos e proxectos estratéxicos de desenvolvemento para cada comarca, así como estudos ou libros que difundan a realidade comarcal.
8. Edición de novos documentos cartográficos, ortofotomapas e fotografía aérea.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal.

PROGRAMA 353C. PUBLICACIÓNS

1. Descrición.

1. A xestión da edición do Diario Oficial de Galicia e a preparación e execución das publicacións propias da consellería.
2. Por outra parte, soporta os gastos derivados da edición de libros e outras publicacións propias da Xunta de Galicia.

2. Actividades.

1. Este programa desenvólvese en dúas grandes accións: por unha parte, o seguimento da edición e distribución do Diario Oficial de Galicia, así como, a composición do contido e texto deste periódico oficial.
2. O maior volume de actividade consiste na edición diaria e composición anticipada do Diario Oficial de Galicia, precedida dos trámites e autorizacións establecidos previos á publicación dos textos que correspondan.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral da Consellería.

PROGRAMA 355A. FOMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA

1. Descrición.

A actuación deste centro directivo ten como guieiro o desenvolvemento do tecido deportivo a través da coordinación institucional e cuns claros obxectivos en materia de infraestrutura e de actividade deportiva: a mellora e dotación de novas instalacións ós

concellos e entidades de fomento do deporte, o apoio ós axentes deportivos na promoción do deporte, o perfeccionamento nas áreas de docencia, a formación e tecnificación do deporte e a xeralización da actividade deportiva entre a xuventude.

2. Actividades.

Os obxectivos marcados conseguiranse a través das diferentes actividades programadas:

1. Execución dos convenios de cooperación en materia de infraestrutura deportiva coas deputacións provinciais e concellos de Galicia.
3. Campaña de apoio á actividade náutica. Mellora de infraestruturas e equipamentos.
4. Axudas económicas ás federacións, clubs e asociacións deportivas galegas.
5. Cursos, reunións e seminarios sobre tecnificación e formación deportiva: formación de técnicos a través da Escola Galega do Deporte, formación de técnicos no INEF de Galicia e tecnificación deportiva no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra.
6. Desenvolvemento de programas deportivos en idade escolar por medio das agrupacións deportivas escolares e os concellos de Galicia.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral para o Deporte.

PROGRAMA 361A. COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL

1. Descrición.

1. Este centro directivo depende funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, segundo dispón o Decreto 350/1997, do 10 de decembro, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de

Galicia. A citada norma describe a esta secretaría xeral como o centro directivo encargado de executa-la política xeral da Xunta de Galicia en materia das relacións institucionais cos medios informativos e da publicidade e a imaxe institucional da Xunta de Galicia.

2. Así mesmo, e con carácter xeral, a secretaría ten como obxectivos fundamentais o fomento e potenciación dos medios de comunicación, ben a través de axudas económicas ou ben pola contribución á formación dos profesionais da comunicación e xunto con iso a difusión, extensión e incentivación para a progresiva utilización da lingua galega nos medios así como a promoción dos valores e imaxe de Galicia dentro e fóra da nosa Comunidade.

2. Actividades.

Para potencia-lo coñecemento de Galicia e das súas institucións, así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación, as actividades que se propoñen realizar no exercicio orzamentario do ano 2003, son as seguintes:

1. Diseñar e planifica-la política de imaxe e publicidade institucional da Xunta de Galicia.
2. Celebración de xornadas, seminarios e encontros dos profesionais da comunicación.
3. Convocatoria dos “Premios Galicia de Comunicación”.
4. Concesión de axudas para a elaboración de estudos sobre os medios de comunicación social en Galicia.
5. Concesión de bolsas para a realización de prácticas nos gabinetes de comunicación da Xunta de Galicia a estudantes da Facultade de Ciencias da Comunicación, da Universidade de Santiago de Compostela.
6. A dirección e coordinación da comunicación interdepartamental da Xunta de Galicia.
7. Programar, xestionar e dirixi-las actividades que ten encomendadas o Club Internacional de Prensa de Galicia.
8. Axudas a empresas xornalísticas que realicen as súas publicacións en galego normativizado.
9. Axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión, co fin de evitar, dentro do posible, a desaparición das cabeceiras existentes actualmente.

10. Preparación da normativa referente ós medios informativos e a publicidade.
11. Elaboración de informe preceptivo, na suscripción de convenios cos diferentes medios informativos, e dos plans de medios que se deriven dos concursos públicos de campañas publicitarias.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos.

PROGRAMA 432A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

1. Descrición.

Os obxectivos xerais do programa 432A para o ano 2003, polo que á Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento se refire, están encadrados dentro dos obxectivos do Pedega e no Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2002-2005. Preténdese impulsa-lo despegue económico e social de Galicia mediante o incremento da capacidade científico-tecnolóxica, a participación das empresas no proceso de innovación e a extensión dos beneficios da investigación ó conxunto da sociedade galega.

Neste segundo ano de execución do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2002-2005 perséguese inicia-la consecución dos seguintes obxectivos previstos no Plan:

1. Desenvolver e articula-lo Sistema galego de innovación, tratando de optimiza-los recursos dispoñibles. Trátase de:
 - A) Integra-los diferentes axentes de maneira que cada un asuma a súa parte en orde a un obxectivo común.
 - B) Integrar tódalas funcións, dende a formación e a investigación básica ata a innovación.
 - C) Fomenta-la coordinación entre as diferentes institucións e dentro delas.
 - D) Xerar estruturas organizativas que favorezan dita integración.

2. Fortalece-lo Sistema galego de innovación actuando sobre os seus puntos débiles.

A) Capital humano:

- a) Propiciar unha formación máis acorde coas necesidades tecnolóxicas en áreas de interese socioeconómico.
- b) Forma-lo persoal das empresas e outras institucións en temas relacionados coa xestión da I+D+I para crear conciencia social sobre a importancia deste tema e para que acaden o maior beneficio posible da I+D+I.
- c) Incrementa-lo número de investigadores e técnicos sobre todo en áreas prioritarias.
- d) Recuperar ós investigadores galegos de prestixio que traballan fóra de Galicia.
- e) Promove-la formación de grupos de investigación de excelencia, capaces de competir no espacio europeo de investigación.

B) Infraestructuras tecnolóxicas:

- a) Potencia-los centros tecnolóxicos existentes, favorecendo a súa aproximación ás empresas, universidades e OPIS.
- b) Favorece-la prestación de servicios tecnolóxicos adecuados ás necesidades das empresas galegas.
- c) Favorece-lo desenvolvemento de parques científicos e tecnolóxicos.

C) Relación entre o entorno productivo e o sistema público de I+D:

- a) Mellora-los mecanismos de comunicación entre o sistema público de I+D e as empresas.
- b) Potencia-las actividades das Oficinas de transferencia de tecnoloxía (OTRIS) existentes no sistema público.
- c) Mellora-la simbiose entre o sistema público de I+D e as empresas para os efectos da realización de proxectos de investigación empresariais, establecendo mecanismos áxiles para iso.
- d) Potencia-la transferencia ó entorno productivo de tecnoloxías xeradas polo sistema público de I+D.
- e) Impulsa-las condicións para a mobilidade do capital humano entre as universidades e as empresas, para os efectos de aproxima-los perfís de

formación en ámbalas partes e de propiciar áreas de interese común en investigación, coa posible organización de redes temáticas.

- f) Promove-la creación de empresas “spin-off” de base tecnolóxica.
- g) Duplica-la captación de fondos procedentes de convocatorias nacionais y europeas de axuda á I+D+I.

3. Favorece-lo desenvolvemento de tódolos sectores económicos e sociais de Galicia, de xeito que tódolos sectores nos que as características da súa actividade así o demanden, dispoñan de medios suficientes para investigar, desenvolver e innovar:

- A) Dispoñer dun grupo de programas de axuda coa distribución sectorial que se detecta na economía galega, de xeito que tódolos sectores teñan cabida no Plan, na medida das súas necesidades, pero evitando a infrautilización dos recursos dispoñibles.
- B) Aumenta-la participación empresarial nas actividades de I+D, tanto en convocatorias rexionais, como nacionais e europeas de xeito que a compoñente empresarial do gasto executado en Galicia en I+D creza, a lo menos, ata un 50%.
- C) Favorece-la creación de departamentos de I+D nas empresas.
- D) Poñer en práctica programas encamiñados a detectar e promover proxectos de investigación nas empresas.

4. Impulsar decididamente un número reducido de sectores nos que un esforzo económico incremental significativo acelerará a súa mellora, xerando un efecto multiplicador no seu desenvolvemento. As necesidades destes sectores seleccionados son atendidas polas accións estratéxicas do Plan, que se refíren á acuicultura e á incorporación das novas tecnoloxías nos sectores productivos.

2. Actividades.

Ó longo do ano 2003 está previsto realizar dentro dos diferentes programas do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica as actividades que de seguido se indican:

1. Programas xerais.

O programa de promoción xeral de investigación ten como obxecto dar soporte á I+D+I nos aspectos básicos e xerais que afectan sobre todo ó sistema público de I+D e,

en menor medida, ós centros tecnolóxicos. Dentro deste programa están previstas as seguintes actividades:

- A) Axudas para proxectos de investigación básica de grupos consolidados e grupos de excelencia de universidades e centros públicos de investigación.
- B) Axudas para a formación de novos grupos de investigación.
 - a) Axuda preparatoria.
 - b) Proxectos precompetitivos.
- C) Incentivos para participación noutros programas:
 - a) Axudas á presentación de proxectos europeos.
 - b) Incentivos para proxectos dirixidos ó Plan Nacional ou a programas europeos.
- D) Adquisición de infraestructuras científico-técnicas e material bibliográfico:
 - a) Institucionais (universidades, OPIS y CITs).
 - b) Para grupos de investigación.
- E) Axudas para a constitución de redes temáticas.
- F) Axudas para publicacións periódicas.
- G) Axudas para organización de congresos.
- H) Axudas para asistencia a congresos.

2. Programas sectoriais.

Tendo en conta que o Plan se orienta fundamentalmente ó desenvolvemento dos sectores económicos e sociais de Galicia, cobran un importante peso os programas sectoriais, favorecendo a investigación aplicada que poida ser transferible ós principais sectores da economía galega, así como as actividades de investigación e innovación realizadas polas empresas. Nos diferentes programas sectoriais está previsto realiza-las seguintes actividades:

- A) Axudas para proxectos de investigación aplicada de grupos de investigación consolidados e de excedencia en universidades e organismos públicos de investigación, así como de centros tecnolóxicos.
- B) Axudas a empresas dirixidas a:
 - a) Proxectos de I+D, propios e concertados (con universidades, OPIs y CITs).
 - b) Proxectos de innovación tecnolóxica (absorción de tecnoloxías que

impliquen un esforzo de adaptación; prototipos non comercializables; plantas piloto non productivas; proxectos de demostración).

- c) Dotación de laboratorios e departamentos de I+D.

Os programas sectoriais refírense ós recursos naturais, ás tecnoloxías para a innovación e ós servizos ó cidadán.

3. Programas horizontais.

A) Recursos humanos.

Trátase de incorporar novos recursos humanos ó Sistema galego de innovación mediante a formación de investigadores e tecnólogos e cubri-las demandas do sistema tanto en número como en áreas de especialización. Neste programa prevense as seguintes actividades:

- a) Bolsas e axudas para a formación de investigadores e tecnólogos.
- b) Contratos para a inserción de investigadores e tecnólogos no sistema público de I+D e en CITs.
- c) Incentivos para a inserción de investigadores e tecnólogos en empresas.
- d) Axudas para a recuperación de investigadores e tecnólogos.

4. Apoio á innovación en empresas.

Con este programa trátase de, por un lado, incrementa-la capacitación das empresas para culminar con éxito as súas actividades de innovación e, por outro lado, propicia-la integración das ditas empresas no sistema, favorecendo a transferencia de tecnoloxía, a creación de redes e a aproximación entre os entornos productivo e científico. As accións que se prevén realizar dentro deste programa son:

- A) Posta en marcha dunha aula de innovación para proporcionar formación a aqueles que se iniciaran na xestión de I+D+I en Galicia.
- B) IDIPYME: mecanismo de apoio a empresas galegas con pouca ou ningunha experiencia en xestión da innovación para lograr que se inicien nestas actividades.
- C) Foros específicos de investigadores e empresarios: Encontros entre investigadores e empresas para acadar unha mellor conexión entre a oferta e a demanda de tecnoloxía, de xeito que as empresas encontren resposta ás súas necesidades e que

os investigadores sexan capaces de adapta-la súa oferta ás demandas do entorno productivo.

- D) Carteira tecnolóxica: Consiste en detectar resultados de investigación do sistema público de I+D galego susceptibles de ser comercializados e realiza-los traballos necesarios para a dita comercialización, tales como definición da tecnoloxía, estudio de mercado, estudio de prospectiva, valoración económica, etc.
- E) Accións de apoio á creación de empresas “spin-off”: Establecer un mecanismo de apoio ós emprendedores que desexen crear empresas de base tecnolóxica.
- F) Axudas para a mobilidade de investigadores: Favorece-la presenza temporal de investigadores das universidades, organismos públicos de investigación, centros tecnolóxicos e empresas nas instalacións doutros axentes do sistema galego de innovación, coa finalidade de favorece-lo intercambio de experiencias e coñecementos entre os diferentes entornos.
- G) Axudas de apoio ós centros tecnolóxicos: Potencia-la actividade dos centros tecnolóxicos, públicos ou privados, como axentes mobilizadores da I+D+I na Comunidade Autónoma galega favorecendo iniciativas de tipo conxunto entre eles e integrándoos na execución do Plan.
- H) Proxecto de internacionalización das PYMES–GAELIC: Proxecto que en coordinación con diversas institucións galegas trata de agrupar actuacións baseadas na articulación de servicios ó longo da cadea de valor dixital da empresa que pretende internacionalizarse.
- I) Promoción de relacións e asociacións entre empresas: Co fin de que poidan ser abordados conxuntamente problemas que poden resolverse mediante I+D+I.
- J) Crear un portal de ciencia e tecnoloxía de Galicia como espacio virtual que permita articula-lo Sistema galego de innovación favorecendo a difusión e a comunicación entre tódolos axentes.
- K) Rede de organismos de interfaz: Mecanismo de traballo coordinado entre tódolos organismos de interfaz que operan en Galicia, de xeito que se aproveiten tódalas súas potencialidades.

- L) Mapa de servizos tecnolóxicos: Reduci-la imperfección do mercado de servizos tecnolóxicos en Galicia mediante a definición e comunicación dunha oferta máis clara, así como facilita-lo acceso dos demandantes a eses servizos.

5. Cooperación internacional.

Trátase de favorecer-la presenza de Galicia en espazos supranacionais de xeito que se favoreza a cooperación en materia de ciencia e tecnoloxía a través de proxectos conxuntos.

- A) Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.
- B) Arco Atlántico.
- C) Iberoamérica.

6. Accións de sensibilización social.

Teñen por obxectivo dar a coñecer ó conxunto da sociedade galega a importancia que ten a investigación, o desenvolvemento e a innovación como motores do desenvolvemento económico e social. Este labor de sensibilización apoiarase en tódolos medios dispoñibles e de xeito fundamental nos que proporcionan as tecnoloxías da información e as comunicacións.

- A) Premios de investigación e innovación.
- B) Foro científico-tecnolóxico.
- C) Presencia en medios de comunicación.
- D) Revista dixital.
- E) Actividades nos centros de ensinanza non universitaria.
- F) Colección “Investigación e Desenvolvemento”.
- G) Semana galega da ciencia e da tecnoloxía.

7. Accións Estratéxicas:

Continuarase avanzando na posta en marcha das accións estratéxicas relativas á acuicultura e á incorporación das novas tecnoloxías ós sectores productivos coa colaboración de tódalas institucións públicas e privadas que realicen actividades nos ditos ámbitos. Con elas preténdese un cambio de escala respecto ás actuacións que se acometen na actualidade.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

3.1.2 Do Organismo Autónomo

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

PROGRAMA 122A. FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

1. Descrición.

Este programa inclúe a dotación orzamentaria precisa para levar a cabo as actividades que a Escola Galega de Administración Pública ten encomendadas como centro de formación e perfeccionamento do persoal da Administración pública, así como as derivadas das tarefas de investigación e estudio das ciencias da administración e o dereito público, que se desenvolven a través da convocatoria de bolsas e edición de publicacións e co mantemento dun fondo bibliográfico.

2. Actividades.

1. Formación e perfeccionamento do persoal da Administración autonómica, a través de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades docentes en materias relacionadas coa actividade pública, que inclúe a formación informática e lingüística e o plan de formación continua.
2. Formación e perfeccionamento do persoal da Administración local e doutras administracións.
3. Edición e divulgación de publicacións relacionadas coa Administración.

4. Convocatoria de bolsas de colaboración de estudio e investigación en temas relacionados coa Administración e o dereito público.
5. Incremento dos fondos bibliográficos e documentais da EGAP a disposición do público.

3. Órgano encargado da súa execución.

Escola Galega de Administración Pública.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

		SERVICIOS							
		01	02	03	04	05	06	07	08
111A	PRESIDENCIA DA XUNTA	4.459,2							
121B	ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA		1.638,2						
355A	FOMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA			24.765,2					
111E	RELACIÓNS COA UNION EUROPEA E ACCIÓN EXTERIOR				2.150,4				
344A	DESENVOLVEMENTO COMARCAL					7.241,8			
441A	ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA			12,0					
432A	PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO						48.156,9		
361A	COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL							3.280,2	
212C	ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DOS FUNCIONARIOS								515,6
353C	PUBLICACIÓNS								307,2
121A	DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL								28.395,7
214B	SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO								344,5
TOTAL		4.459,2	1.638,2	24.777,2	2.150,4	7.241,8	48.156,9	3.280,2	29.563,0

(Miles de euros)

		SERVICIOS							
		09	10	11	12	13	14	50	TOTAL
111A	PRESIDENCIA DA XUNTA								4.459,2
121B	ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA								1.638,2
213A	ACCION A FAVOR DAS COMUNIDADES GALEGAS								0,0
355A	FOMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA								24.765,2
111E	RELACCIÓNS COA UNION EUROPEA E ACCIÓN EXTERIOR								2.150,4
344A	DESENVOLVEMENTO COMARCAL								7.241,8
441A	ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA								12,0
432A	PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO								48.156,9
361A	COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL								3.280,2
121A	DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL	1.191,6	1.748,2		312,3	223,4			3.475,6
122A	FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA C.A.							2.613,4	2.613,4
212C	ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DOS FUNCIONARIOS								515,6
353C	PUBLICACIÓNS								307,2
121A	DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL								28.395,7
121A	DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL								0,0
121C	REFORMA ADMINISTRATIVA			7.866,2					7.866,2
131A	ADMINISTRACIÓN ELECTORAL								0,0
131B	GASTOS E SUBVENCIÓNS ELECTORAIS								0,0
214B	SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO								344,5
TOTAL		1.191,6	1.748,2	7.866,2	312,3	223,4	0,0	2.613,4	135.222,0

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

		CAPÍTULOS							
		I	II	III	IV	VI	VII	VIII	TOTAL
111A	PRESIDENCIA DA XUNTA	2.094,6	2.015,9		210,4	138,3			4.459,2
121B	ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	1.379,6	168,5		90,2				1.638,2
355A	FOMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	5.061,2	2.455,0		6.616,9	9.591,0	1.041,0		24.765,2
111E	RELACIÓNS COA UNIÓN EUROPEA E ACCIÓN EXTERIOR	733,1	363,8		681,9	371,6			2.150,4
344A	DESENVOLVEMENTO COMARCAL	78,1			4.582,7	1.081,0	1.500,0		7.241,8
441A	ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA					12,0			12,0
432A	PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO	1.200,9	238,8		6.206,6	2.096,0	37.738,4	676,1	48.156,9
361A	COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL	762,7	1.693,7		198,3	625,5			3.280,2
121A	DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL	17.059,9	8.899,7	88,5	745,7	3.525,4	1.552,1		31.871,3
122A	FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA C.A.	775,5	1.631,8		127,1	79,0			2.613,4
212C	ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DOS FUNCIONARIOS		515,6						515,6
353C	PUBLICACIÓNS		307,2						307,2
121C	REFORMA ADMINISTRATIVA	208,9				7.657,3			7.866,2
214B	SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO		96,2			248,3			344,5
TOTAL		29.354,5	18.386,2	88,5	19.459,7	25.425,3	41.831,6	676,1	135.222,0

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECR. XERAL DA PRESIDENCIA	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	1.942,4	2.094,6	7,8
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	1.894,0	2.015,9	6,4
Cap. IV	Transferencias correntes	210,4	210,4	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	20,2	138,3	583,4
TOTAL		4.067,0	4.459,2	9,6

(Miles de euros)

02	ASESORÍA XURÍDICA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	1.351,5	1.379,6	2,1
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	168,5	168,5	0,0
Cap. IV	Transferencias correntes	90,2	90,2	0,0
TOTAL		1.610,2	1.638,2	1,7

(Miles de euros)

03	S. XERAL PARA O DEPORTE	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	4.873,0	5.061,2	3,9
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	2.255,0	2.455,0	8,9
Cap. IV	Transferencias correntes	6.466,9	6.616,9	2,3
Cap. VI	Investimentos reais	10.010,9	9.603,1	-4,1
Cap. VII	Transferencias de capital	328,8	1.041,0	216,6
TOTAL		23.934,6	24.777,2	3,5

(Miles de euros)

04	S. X. RELAC. COA U. EUR. E ACC. EXT.	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	703,8	733,1	4,2
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	363,8	363,8	0,0
Cap. IV	Transferencias correntes	679,4	681,9	0,4
Cap. VI	Investimentos reais	423,6	371,6	-12,3
TOTAL		2.170,7	2.150,4	-0,9

(Miles de euros)

05	S. X. DE PLANIF. E DES. COMARCAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	76,6	78,1	2,0
Cap. IV	Transferencias correntes	4.125,6	4.582,7	11,1
Cap. VI	Investimentos reais	1.081,0	1.081,0	0,0
Cap. VII	Transferencias de capital	1.500,0	1.500,0	0,0
Cap. VIII	Activos financeiros	36,1	0,0	-100,0
TOTAL		6.819,2	7.241,8	6,2

(Miles de euros)

06	S. X. DE INVESTIGACIÓN E DESENV.	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	931,1	1.200,9	29,0
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	238,8	238,8	0,0
Cap. IV	Transferencias correntes	6.096,6	6.206,6	1,8
Cap. VI	Investimentos reais	2.097,0	2.096,0	0,0
Cap. VII	Transferencias de capital	35.077,8	37.738,4	7,6
Cap. VIII	Activos financeiros	692,0	676,1	-2,3
TOTAL		45.133,3	48.156,9	6,7

(Miles de euros)

07	S. X. RELAC. COS MEDIOS INFORM.	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	722,9	762,7	5,5
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	1.243,0	1.693,7	36,3
Cap. IV	Transferencias correntes	198,3	198,3	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	595,7	625,5	5,0
TOTAL		2.759,9	3.280,2	18,9

(Miles de euros)

08	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	13.302,2	14.224,6	6,9
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	7.748,3	9.612,0	24,1
Cap. III	Gastos financeiros	9,2	88,5	866,6
Cap. IV	Transferencias correntes	2.761,8	565,0	-79,5
Cap. VI	Investimentos reais	5.854,6	3.520,8	-39,9
Cap. VII	Transferencias de capital	1.502,5	1.552,1	3,3
TOTAL		31.178,6	29.563,0	-5,2

(Miles de euros)

09	D. XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	1.079,1	1.104,5	2,4
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	73,3	73,3	0,0
Cap. IV	Transferencias correntes	13,8	13,8	0,0
TOTAL		1.166,2	1.191,6	2,2

(Miles de euros)

10	INSPECCIÓN XERAL DE SERVICIOS	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	1.296,2	1.328,4	2,5
Cap. IV	Transferencias correntes	167,0	167,0	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	265,8	252,9	-4,9
TOTAL		1.729,0	1.748,2	1,1

(Miles de euros)

11	D. X. ORG. E SIST. INFORMATICOS	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	204,8	208,9	2,0
Cap. VI	Investimentos reais	4.766,7	7.657,3	60,6
TOTAL		4.971,5	7.866,2	58,2

(Miles de euros)

Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública

12	D. X. DE RELACIÓNS PARLAMEN.	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	258,9	264,2	2,0
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	48,1	48,1	0,0
TOTAL		307,0	312,3	1,7

(Miles de euros)

13	D. X. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	135,4	138,1	2,0
Cap. II	Gastos en bens Corr. e Serv.	85,3	85,3	0,0
TOTAL		220,7	223,4	1,2

(Miles de euros)

50	ESCOLA GALEGA DE ADM. PÚBLICA	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	758,6	775,5	2,2
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	1.649,8	1.631,8	-1,1
Cap. IV	Transferencias correntes	127,1	127,1	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	60,9	79,0	29,7
TOTAL		2.596,6	2.613,4	0,7

(Miles de euros)

	SERVICIO	2002	2003	% Var.
01	SECR. XERAL DA PRESIDENCIA	4.067,0	4.459,2	9,6
02	ASESORÍA XURÍDICA XERAL	1.610,2	1.638,2	1,7
03	S. XERAL PARA O DEPORTE	23.934,6	24.777,2	3,5
04	S. X. RELAC. COA U. EUR. E ACC. EXT.	2.170,7	2.150,4	-0,9
05	S. X. DE PLANIF. E DES. COMARCAL	6.819,2	7.241,8	6,2
06	S. X. DE INVESTIGACIÓN E DESENV.	45.133,3	48.156,9	6,7
07	S. X. RELAC. COS MEDIOS INFORM.	2.759,9	3.280,2	18,9
08	SECRETARÍA XERAL	31.178,6	29.563,0	-5,2
09	D. XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA	1.166,2	1.191,6	2,2
10	INSPECCIÓN XERAL DE SERVICIOS	1.729,0	1.748,2	1,1
11	D. X. ORG. E SIST. INFORMATICOS	4.971,5	7.866,2	58,2
12	D. X. DE RELACIÓNS PARLAMEN.	307,0	312,3	1,7
13	D. X. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	220,7	223,4	1,2
50	ESCOLA GALEGA DE ADM. PÚBLICA	2.596,6	2.613,4	0,7
TOTAL		128.664,4	135.222,0	5,1

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transfer. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Persoal	26.878,1	28.579,0	758,6	775,5			27.636,7	29.354,5
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	14.118,1	16.754,5	1.649,8	1.631,8			15.767,9	18.386,2
Cap. III Gastos financeiros	9,2	88,5					9,2	88,5
Cap. IV Transferencias correntes	23.345,4	21.885,1	127,1	127,1	2.535,6	2.552,5	20.937,0	19.459,7
OPERACIÓNS CORRENTES	64.350,7	67.307,1	2.535,6	2.534,4	2.535,6	2.552,5	64.350,7	67.289,0
Cap. VI Investimentos reais	25.115,5	25.346,3	60,9	79,0			25.176,5	25.425,4
Cap. VII Transferencias de capital	38.470,1	41.892,5			60,9	60,9	38.409,1	41.831,6
Cap. VIII Activos financeiros	728,1	676,1					728,1	676,1
Cap. IX Pasivos financeiros							0,0	0,0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	64.313,7	67.915,0	60,9	79,0	60,9	60,9	64.313,7	67.933,0
TOTAL BRUTO	128.664,4	135.222,0	2.596,6	2.613,4	2.596,6	2.613,4		
TRANSFERENCIAS INTERNAS	2.596,6	2.613,4						
TOTAL CONSOLIDADO	126.067,8	132.608,6	2.596,6	2.613,4	2.596,6	2.613,4	128.664,4	135.222,0

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2002			2003			% Var.		
	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL
S.A. DE DESENVOLV. COMARCAL	4.485,0	1.962,0	6.447,0	4.637,0	1.990,0	6.627,0	3,4	1,4	2,8
S.A. CENTRO SUPERCOMPUTACIÓN	3.161,0	2.969,0	6.130,0	3.600,0	2.963,0	6.563,0	13,9	-0,2	7,1

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	21	21
<i>Persoal funcionario</i>	552	552
Grupo A	212	212
Grupo B	37	40
Grupo C	84	83
Grupo D	160	160
Grupo E	59	57
<i>Persoal laboral</i>	168	170
Grupo I	9	10
Grupo II	6	7
Grupo III	62	62
Grupo IV	26	26
Grupo V	63	63
Grupo VIII	2	2
<i>Outro persoal</i>	34	37
TOTAL	775	780

Escola Galega de Administración Pública

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	1	1
<i>Persoal funcionario</i>	23	23
Grupo A	7	7
Grupo B	4	4
Grupo C	3	3
Grupo D	8	8
Grupo E	1	1
<i>Persoal laboral</i>	3	3
Grupo IV	1	1
Grupo V	2	2
TOTAL	27	27

SECCIÓN 05.

***CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E
FACENDA.***

1. COMPETENCIAS

A Consellería de Economía e Facenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ó que lle corresponden as competencias e funcións que en materia de economía e facenda se establecen no Estatuto de autonomía.

O Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, establece no artigo 7 as seguintes competencias da Consellería de Economía e Facenda.

1. A administración, xestión e recadación dos dereitos da Facenda da Comunidade Autónoma.
2. A ordenación de pagamentos nos termos establecidos na presente lei.
3. A elaboración do anteproxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
4. O control de eficacia e eficiencia respecto dos obxectivos previstos nos orzamentos xerais da Comunidade.
5. O exercicio directo das demais funcións de control interno reguladas nesta lei e a dirección e execución da contabilidade pública.
6. A execución ou dirección da política económica e financeira aprobada pola Xunta, na forma que esta determine.
7. O desenvolvemento das actividades inherentes ó exercicio da tutela financeira sobre os entes locais, que ten atribuída a Comunidade no artigo 49 do Estatuto de autonomía.
8. As funcións executivas en materia de ordenamento e control das institucións de crédito corporativo público e territorial e caixas de aforro que operen no seu territorio, nos termos previstos no artigo 30 do Estatuto de autonomía.
9. As demais funcións e competencias que lle asigne a normativa legal vixente.

Polo Decreto 310/2001, do 17 de decembro, fíxase a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

Segundo se dispón no apartado A do artigo 2, a Consellería de Economía e Facenda estrutúrase nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral e do Patrimonio.
2. Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
3. Dirección Xeral de Tributos.
4. Dirección Xeral de Orzamentos.
5. Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.
6. Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios.

Así mesmo, no apartado B do artigo 2 adscribeselle á Consellería de Economía e Facenda o **Instituto Galego de Estatística (IGE)**, organismo autónomo de carácter administrativo con personalidade xurídica e patrimonio propio que se rexerá en canto ós seus fins, estrutura e funcionamento polo previsto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, modificada pola Lei 7/1993, do 24 de maio, e pola disposición adicional única da Lei 10/2001, do 17 de setembro, e as demais normas que as desenvolven.

Establece así mesmo o apartado B do citado artigo que queda adscrito a esta Consellería o **Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)** creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como ente de dereito público con personalidade xurídica propia e patrimonio de seu.

Créase o Igape como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsa-lo desenvolvemento competitivo do sistema productivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación do emprego e a un desenvolvemento económico e harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo.

Adscrita ó Instituto Galego de Promoción Económica está a **Comisión de Acción Territorial da Gran Área de Expansión de Galicia**, creada polo Decreto 350/1988, do 29 de decembro.

Con data de 14 de xullo de 1994 o Igape adquiriu mediante escritura pública accións, por un valor equivalente ó 46,19% do capital social da **Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia (Sodiga)**. O obxecto desta sociedade é promove-lo desenvolvemento industrial mediante as funcións especificadas nos seus estatutos.

Polo Decreto 56/1997, do 6 de marzo, modificado polo Decreto 260/2002, do 30 de xullo, a Xunta de Galicia acorda a creación da **Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.**, ó abeiro do artigo 55.2 do Estatuto de autonomía e, de conformidade co previsto nos artigos 45.1 e 3 da Lei 3/1985, do 12 de abril, de Patrimonio da Comunidade Autónoma.

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI) terá por obxecto, entre outros, a proxección, construción, conservación, explotación e promoción de toda clase de infraestruturas que a Xunta de Galicia promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas.

Por acordo do Consello de Xunta do 12 de xullo de 1991 autorízase a Consellería de Economía e Facenda a participar no **CEEI Galicia, S. A.** Esta sociedade ten por finalidade a promoción e a creación de empresas independentes, e a creación ou desenvolvemento de empresas innovadoras e independentes, segundo os modelos e directrices da Comisión das Comunidades Europeas para os centros europeos de empresas e innovación.

Por outra banda, a Lei 2/1998, do 8 de abril, crea, adscrito á Consellería de Economía e Facenda, o **Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC)**, concibido como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1 b) da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

O obxecto do CIXTEC é o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación, así como a subministración dos equipos necesarios para realiza-los procesos informáticos da Xunta de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financeira e, en xeral, os relacionados cos anteriores.

Por outra banda o Decreto 360/1998, do 4 de decembro, determina o inicio da actividade deste ente.

A consellería ten adscritos como órganos colexiados os seguintes:

1. O Tribunal Económico Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola Lei 13/1991, do 9 de decembro, regulamentado polo Decreto 34/1997, do 20 de febreiro.

2. A Comisión Presupostaria da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, creada polo Decreto 206/1996, do 24 de maio.
3. A Comisión de Fondos Comunitarios, creada polo Decreto 13/1997, do 23 de xaneiro.

Reais decretos de transferencias que afectan á Consellería de Economía e Facenda.

1. Real decreto 673/1985, do 2 de abril, polo que se traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia os servicios do Estado correspondentes ás competencias asumidas por aquela en relación cos tributos cedidos, asesoramentos xurídicos, defensa en xuízo e fiscalización e intervención, e Decreto 115/1985, do 27 de xuño.
2. Real decreto 534/1988, do 27 de maio, sobre traspaso de funcións e servicios do Estado á Comunidade Autónoma en materia de acción territorial, e Decreto 167/1988, do 30 de xullo.
3. Real decreto 1642/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á C.A. de Galicia en materia de mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social, e Decreto 340/1996, do 16 de decembro.
4. Real decreto 1748/1999, do 19 de novembro, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediadores de seguros, modificado pola Orde do 18 de xullo de 2000, así como polos Decretos 118/2001, do 10 de maio e 321/1999, do 16 de decembro.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

A suma total dos créditos que o proxecto de orzamentos pon ó dispor da consellería ascende, en cifras consolidadas co organismo autónomo Instituto Galego de Estatística a 126.122.892 euros.

Estes recursos destínanse a exercer-las competencias e funcións descritas anteriormente; a súa análise, detallando obxectivos e accións expónse no epígrafe 3.1 desta memoria, baixo a denominación de distribución funcional por programas de gasto.

2.1 DA CONSELLERÍA

- 1.** Atende-las diversas necesidades de carácter económico-social do persoal da Xunta de Galicia, mediante a concesión de anticipos ós traballadores.
- 2.** Elaboración dos Orzamentos da Comunidade Autónoma e seguimento da súa execución.
- 3.** Realización e dirección de traballos conducentes á elaboración, seguimento e implementación da programación económica a medio prazo.
- 4.** Elaboración de estudos sobre o impacto dos diversos plans e programas de desenvolvemento económico.
- 5.** Propoñe-las directrices técnicas da política económica da Xunta.
- 6.** Análise da coherencia dos plans sectoriais e dos orzamentos das administracións públicas en relación coa planificación económica.
- 7.** Seguimento e certificación das actuacións en materia de investimentos da Xunta.
- 8.** A formulación de instrucións técnicas para a programación anual dos investimentos da Xunta, en particular FCI, FEDER, FSE, IFOP e iniciativas comunitarias e o Fondo de Cohesión, e a programación e orzamentación destes, así como os procedementos para o reembolso dos créditos procedentes dos ditos Fondos.
- 9.** Dirección técnica das actividades de información e difusión que contribúen a un mellor coñecemento das institucións e políticas comunitarias.
- 10.** Realización de avances, estimacións e previsións regulares sobre o comportamento da economía galega, especialmente da evolución do PIB rexional e dos seus compoñentes básicos.
- 11.** O control interno da actividade económico-financeira da Comunidade, dos seus organismos autónomos, entes públicos e das sociedades públicas; o devandito control realizarase pola Intervención Xeral a través da función interventora e do control financeiro.
- 12.** A función interventora ten por obxecto controlar tódolos actos, documentos e expedientes da Comunidade e dos seus organismos autónomos dos que puideran

derivarse dereitos e obrigas de contido económico, así como os ingresos e pagamentos que deles se deriven; e en xeral, a recadación, investimento ou aplicación dos fondos públicos, co fin de asegurar que a xestión dos órganos controlados se axuste ás disposicións aplicables a cada caso.

- 13.** Organización da contabilidade pública ó servizo dos seguintes fins:
- A) Rexistra-la execución dos orzamentos xerais da Comunidade.
 - B) Coñece-lo movemento e situación da tesoureira.
 - C) Reflecti-las variacións, composición, e situación do Patrimonio da Comunidade e do inventario de bens afectados ós fins dos organismos autónomos e das sociedades públicas.
 - D) Proporciona-los datos necesarios para a formación e rendemento da Conta xeral da Comunidade.
 - E) Facilita-los datos necesarios para a confección das contas económicas do sector público estatal.
 - F) Rende-la información económica e financeira que sexa necesaria para a toma de decisións tanto na orde política coma na de xestión.
- 14.** Colaboración coas corporacións locais para promover actuacións que atenúen os desequilibrios intrarrexionais e contribúan a diminuí-la súa crónica insuficiencia financeira. Transferencias de fondos ás ditas corporacións, destinadas ó financiamento de investimentos reais en áreas menos desenvolvidas.
- 15.** Subvenciona-lo tipo de xuro dos préstamos que os concellos e mancomunidades concertaron coas entidades financeiras subscritoras dos oportunos convenios de colaboración coa Consellería de Economía e Facenda, que establecen os requisitos dos citados préstamos.
- 16.** Contribuír ó financiamento de proxectos que teñen que realiza-las entidades locais dos programas operativos cofinanciados da Unión Europea.
- 17.** Mellora-la eficacia dos servizos periféricos da consellería. Dotar dos medios físicos necesarios, para facilita-la descentralización da xestión administrativa, a través das delegacións territoriais.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE)

Organismo autónomo de carácter administrativo encargado de levar a cabo as seguintes liñas de accións:

1. Dirección e coordinación de actividades estatísticas no ámbito competencial da Comunidade Autónoma.
2. Elaboración das estatísticas e as fases delas que se establezan no Plan galego de estatística e no Programa estatístico anual 2003, así como calquera outras que lle poidan encomendar ou que se establezan en virtude dos convenios con outros organismos públicos, en particular os de colaboración co Norte de Portugal.
3. Prepara-lo Programa estatístico anual 2004.
4. Promove-la confección de normas e requisitos técnicos unitarios para a estatística pública galega.
5. Fomento da investigación estatística.

2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

2.3.1 Entes de dereito público

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (Igap)

Créase como ente de dereito público, para que concentrando a iniciativa e os programas de promoción e fomento do desenvolvemento rexional, e en cooperación coas administracións comunitaria, central do Estado, autonómica e local e con outros entes públicos de promoción, contribúa á dinamización da economía de Galicia, impulsando a capacidade de innovación, a explotación das vantaxes propias e dos factores endóxenos, a atracción de investimentos, a competitividade da economía e o conxunto de actuacións de asesoramento, promoción, información e apoio que esixa o cumprimento dos seus obxectivos.

Os obxectivos e liñas de acción para o exercicio económico de 2003 son os seguintes:

1. Apoio ó establecemento, modernización e consolidación de empresas.

Esta acción centra o seu esforzo en fomenta-lo investimento novo e na consolidación das empresas existentes, sen esquecer aquelas empresas viables en crise transitoria que aconsellen a xuízo da Xunta actuacións concretas.

2. Servicios a empresas.

Continuando nunha auténtica “política de servicios” que serve de apoio á industrialización, contribuindo ó desenvolvemento global do sistema económico.

3. Captación de investimento e promoción no exterior.

Ten como prioridade o obxectivo da internacionalización da empresa galega, utilizando para iso tódalas ferramentas que estean ó alcance dunha Axencia de Desenvolvemento Rexional, contando coas restriccións que se imponen á salvagarda da libre concorrncia pola Unión Europea. Para isto, tómanse medidas como poden se-la cooperación, apoio á exportación, axuda á creación de delegacións e sucursais, etc.

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

A Lei 6/1995, do 28 de xuño, configura o órgano como un ente de dereito público, con personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos seus fins. Ó mesmo tempo, garante a súa independencia dos restantes órganos e institucións da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións.

Os obxectivos e liñas de acción para o exercicio económico de 2003 son atender plenamente as súas actividades, tales como:

- 1. Dictames de solicitude preceptiva de anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos, plans xerais e sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ó desenvolvemento económico e social de Galicia, de anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, ás competencias ou funcionamento do Consello, e de anteproxectos ou proxectos relativos a materias que por precepto expreso dunha lei teñan que serlle consultadas ó Consello.**

2. Dictames facultativos, solicitados polo Consello da Xunta ou polas consellerías.
3. Informes ou estudos a solicitude da Xunta de Galicia sobre as reformas de normativa vixente e sobre a elaboración de plans e programas que afecten ó desenvolvemento económico e social.
4. Informes ou estudos por propia iniciativa (sobre as reformas da normativa vixente e a elaboración dos plans e programas así como a execución destes co obxectivo de mellora-lo desenvolvemento económico e social da Comunidade, e sobre as repercusións e adaptacións que as novas tecnoloxías impongan no sistema económico e social galego).
5. Memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e sobre as recomendacións ou orientacións, se é o caso, acerca da política orzamentaria.

*CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA,
ECONÓMICO-FINANZEIRA E CONTABLE*

O CIXTEC, creado pola Lei 2/1998, do 8 de abril, adscrito á Consellería de Economía e Facenda, é un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1 b) da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

O obxecto deste ente será o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación, así como a subministración dos equipos necesarios para levar a cabo os procesos informáticos da Xunta de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico financeira, e, en xeral, os relacionados cos anteriores.

O CIXTEC actuará en nome propio e por conta da Xunta de Galicia no exercicio das funcións que lle confire a súa lei de creación. Desempeñará as ditas funcións gratuitamente e de xeito exclusivo no ámbito da Consellería de Economía e Facenda, no cal se entenderán incluídas as entidades oficiais colaboradoras daquela.

2.3.2 Sociedades mercantís

CEEI GALICIA, S.A.

O CEEI GALICIA, S.A. establécese como unha sociedade anónima e rexerase polos estatutos propios e no non previsto, pola Lei sobre réxime xurídico das sociedades anónimas e lexislación complementaria.

Para a consecución dos seus obxectivos a sociedade facilitará ás empresas servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuír á creación e desenvolvemento delas.

SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA

Sodiga réxese polos seus estatutos e polas disposicións sobre réxime xurídico das sociedades anónimas e polas demais que lle resulten de aplicación. O obxecto da Sociedade é o desenvolvemento industrial de Galicia mediante as seguintes funcións:

1. Realizar estudos para promover e impulsa-lo desenvolvemento industrial de Galicia, así como prestar asesoramento de todo tipo, xa sexa técnico, de xestión, financeiro ou económico ás empresas da Comunidade Autónoma.
2. Fomenta-las estruturas empresariais en orde a unha maior competitividade.
3. Promover investimentos na rexión participando no capital de sociedades.
4. Outorgar préstamos e avais a empresas nas que participe.
5. Captación de recursos alleos para canalizalos ás empresas en que participe, así como concertar créditos de todo tipo e negociar empréstitos.
6. Tramitar ante as entidades oficiais de crédito solicitudes en favor das empresas en que participe.
7. Preparar e promove-la creación de capital fixo social e, en especial, de solo industrial, en colaboración cos organismos públicos.

8. Prestar servicios que, encomendados ó Estado e ós entes locais e delegados en Sodiga, impliquen o exercicio de poderes soberanos e, en xeral, calquera outras actuacións que sexan necesarias para o cumprimento dos seus fins.

SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA

SPI xorde coa idea de crear unha entidade capaz de converterse nun órgano xestor dos recursos destinados a infraestructuras de titularidade da Xunta de Galicia.

Réxese pola Lei de sociedades anónimas, pola Lei 3/1985, do 12 de abril, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu Regulamento aprobado polo Decreto 50/1989 de 9 de marzo; polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; polos seus estatutos, e polas demais disposicións que lle resulten aplicables.

O seu obxecto é proxectar, construír, conservar, explotar e promocionar, por ela mesma ou por terceiras persoas, actuando por encargo do Consello da Xunta de Galicia, en nome e por conta propia ou en nome propio e por conta da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuación, toda clase de infraestructuras que a Xunta de Galicia promova ou participe, e tamén os servicios que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestructuras.

XES GALICIA

Xes Galicia, sociedade xestora de entidades de capital-risco, foi creada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 12 de novembro de 1998. O seu capital social inicial foi integramente subscrito e desembolsado polo Igape.

Xes Galicia réxese polos seus estatutos, pola lexislación propia das sociedades de capital-risco, pola Lei de sociedades anónimas e polas demais normas que lle resulten de aplicación.

O seu obxecto social constitúeno a administración, representación e xestión de fondos de capital-risco e de activos de sociedades de capital-risco, de conformidade coa lexislación vixente. Como actividade complementaria poderá realizar tarefas de asesoramento ás empresas coas que manteña relación como consecuencia do exercicio da súa actividade.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 511A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE ECONOMÍA E FACENDA

1. Descrición.

A finalidade deste programa é, con carácter xeral, atender e xestionar os gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais da Consellería de Economía e Facenda.

Coordinación dos servizos centrais tanto no que respecta a medios humanos como ós materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

2. Actividades.

- 1.** Xestión económica e control da execución orzamentario dos diferentes servizos da consellería.
- 2.** Xestión das distintas subministracións incluídas no programa, tanto a nivel central como periférico, coa realización das diferentes tarefas de xestión económica.
- 3.** Xestión de asistencia técnica, convenios e outros servizos para apoios a diversas actividades da consellería.

4. Transferencias correntes e de capital ó Consello Económico e Social de Galicia e ó Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable, para o seu financiamento.
5. Realización de expropiacións de diversas parcelas para o edificio administrativo de San Lázaro e para a Finca Monte Pío, en Santiago de Compostela.
6. Realización de obra nova por mandado a SPI de Galicia.
7. Convenio de cooperación urbanística co Concello de Santiago de Compostela.
8. Realización de diversas obras menores.
9. Cumprimento do convenio de colaboración polo que a Xunta de Galicia se compromete á construción dun centro deportivo militar fóra do cuartel de Campolongo, en Pontevedra, para que a parcela que ocupa o dito cuartel quede a disposición da Comunidade Autónoma para a construción dun edificio administrativo.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral e do Patrimonio.

**PROGRAMA 512A. PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DO ORZAMENTO E
COORDINACIÓN ECONÓMICA**

1. Descrición.

Planificación económica, coordinación de investimentos e fondos comunitarios.

Elaboración e seguimento da execución dos orzamentos da Comunidade Autónoma.

2. Actividades.

1. Realización de previsións económicas a curto e medio prazo.
2. Colaboración na elaboración dos plans sectoriais e dos orzamentos da Xunta.
3. Programación e coordinación de traballos sobre desenvolvemento rexional con especial referencia ós programas operativos.

4. Realización de estudos e anteprojectos básicos para a elaboración de plans económicos.
5. A planificación e avaliación das intervencións comunitarias.
6. Participación na programación dos fondos estruturais da UE para a súa aplicación en Galicia.
7. Elaboración de estudos sobre o impacto en Galicia das políticas sectoriais da UE.
8. Formulación de instrucións para a programación anual dos proxectos dos investimentos da Xunta, do FCI, FEDER, FSE, IFOP, iniciativas comunitarias e Fondo de Cohesión, así como os procedementos que para o reembolso dos créditos provenientes dos ditos fondos.
9. Participación en comités de seguimento dos programas operativos coas administracións comunitarias e central.
10. Participación no Comité de Investimentos Públicos para a coordinación dos investimentos públicos.
11. Seguimento dos investimentos dos orzamentos da Comunidade Autónoma.
12. Estudio e tramitación das modificacións realizadas no FCI, FEDER, FSE, IFOP, iniciativas comunitarias e Fondo de Cohesión, así como a xestión das certificacións, co obxecto de obter os créditos e anticipos correspondentes da Administración central e da Unión Europea. Análises e estudos dos orzamentos das corporacións locais de Galicia.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Orzamentos.

Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios.

PROGRAMA 531A. ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL

1. Descrición.

1. Execución e seguimento do Orzamento de gastos, terceiros, proxectos de investimento.
2. Ordenación de pagamentos, contabilización de ingresos e contabilización xeral.
3. Normalización e control da xestión dos tributos propios.
4. Dirección, coordinación e xestión da contabilidade da Comunidade Autónoma.

2. Actividades.

1. Control e contabilización das liquidacións de ingreso ata a súa total realización, incluído en vía executiva, mediante a informatización do proceso de liquidación de contraído previo e de recadación de ingresos.
2. Seguimento da xestión dos ingresos e pagos que lle sexan encomendados ás delegacións territoriais da Consellería de Economía e Facenda.
3. Implementa-los servicios de intervención mediante técnicas, disposicións e medios persoais e materiais necesarios para un adecuado exercicio das competencias de control e contabilidade fixadas pola lei.
4. Comprobación do axeitado funcionamento tanto no aspecto organizativo como no económico-financeiro, das sociedades públicas autonómicas e fundacións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Comprobación da axeitada e correcta obtención e utilización das subvencións, créditos, avais e demais axudas concedidas con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e mailo cumprimento dos obxectivos que con elas se pretenden acadar.
6. Comprobación de que os sistemas de xestión e control das axudas e subvencións públicas dos servicios da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos, dos entes públicos e das sociedades públicas se axustan ó ordenamento xurídico e ós principios xerais da boa xestión financeira.
7. Desenvolvemento da normativa sobre control e contabilidade.
8. Convenio para a realización de diversas actuacións urbanísticas en Ourense.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral e do Patrimonio.

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Dirección Xeral de Tributos.

Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

PROGRAMA 661C. ORDENACIÓN E CREACIÓN DOUTRAS INDUSTRIAS

1. Descrición.

Este programa dirixirase ó fomento de accións encamiñadas á modernización da estrutura productiva e á promoción da innovación empresarial.

Este programa está basicamente destinado ó financiamento que a Consellería de Economía e Facenda proporciona ó ente de dereito público Instituto Galego de Promoción Económica para o cumprimento das súas finalidades, de acordo co establecido na Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do citado ente.

2. Actividades.

Polo que respecta ó Igape, o detalle dos obxectivos, e principais actuacións que hai que desenvolver no 2003, está especificado na memoria e nos estados financeiros elaborados polo Instituto Galego de Promoción Económica.

Por outra banda, está encamiñado á subscrición de accións na ampliación de capital promovida pola sociedade Reganosa, titular dunha planta de regasificación, así como a mante-la porcentaxe de participación da Comunidade Autónoma no capital da sociedade Engasa, composta por pequenos produtores e distribuidores de enerxía.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral e do Patrimonio.

PROGRAMA 671C. APOIO Á EMPRESA INDUSTRIAL E DE SERVICIOS

1. Descrición.

Este programa dirixirase ó fomento de accións encamiñadas á modernización da estrutura das empresas, mediante aportacións dentro do capítulo VII, transferencias de capital, e achegas patrimoniais dentro do capítulo VIII, activos financeiros, para garantir a viabilidade da sociedade MEISA.

2. Actividades.

1. Instalación dun novo remonte na Estación de Inverno de Manzaneda, que permita o acceso dos visitantes ás pistas.
2. Achegas patrimoniais a MEISA.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral e do Patrimonio.

**PROGRAMA 811B. OUTRAS TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS
POR PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO**

1. Descrición.

Colaboración e apoio ás corporacións locais para a mellora das súas infraestructuras.

2. Actividades.

1. Subvencionar-lo tipo de xuro dos préstamos que as corporacións locais desviaron á realización de investimentos.
2. Profundizar na política de colaboración coas corporacións locais galegas para atenuar as disparidades económicas existentes entre as distintas zonas da Comunidade Autónoma.
3. Contribuír ó financiamento de proxectos que teñen que realiza-las entidades locais, dentro dos programas operativos cofinanciados da Unión Europea.
4. Seguimento e xestión dos instrumentos de cooperación local.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios.

3.1.2 Dos organismos autónomos

PROGRAMA 441A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA

1. Descripción.

Inclúese neste programa o financiamento que a Consellería de Economía e Facenda proporciona ó organismo autónomo Instituto Galego de Estatística (IGE) para o cumprimento das súas finalidades, de acordo co establecido na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de creación deste.

No exercicio 2003, o seu importe ascende a 4.611.656 euros, coa seguinte distribución por capítulos de gasto:

Transferencias correntes: 2.647.656 euros.

Transferencias de capital: 1.964.000 euros.

2. Actividades.

O detalle dos obxectivos, fins de accións e actividades para realizar en 2003 está especificado na memoria e nos estados financeiros realizados polo Instituto Galego de Estatística, incluído no apartado correspondente a organismos autónomos.

3. Órgano encargado da súa execución.

Instituto Galego de Estatística.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

		SERVICIOS							
		01	02	03	04	05	06	50	TOTAL
441A	ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA							4.611,7	4.611,7
511A	DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE ECONOMÍA E FACENDA	21.823,4							21.823,4
512A	PLANIFICACIÓN, ORZAMENTACIÓN E COORDINACIÓN ECONÓMICA				960,1		2.911,6		3.871,7
531A	ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL	9.396,5	6.822,0	2.982,0		1.265,7			20.466,2
661C	ORDENACIÓN E CREACIÓN DOUTRAS INDUSTRIAS	72.746,2							72.746,2
671C	APOIO Á EMPRESA INDUSTRIAL E DE SERVICIOS	2.103,8							2.103,8
753A	DISTRIBUCIÓN LOXÍSTICA E PROMOCIÓN COMERCIAL	500,0							500,0
TOTAL		106.569,8	6.822,0	2.982,0	960,1	1.265,7	2.911,6	4.611,7	126.122,9

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

		CAPÍTULOS							
		I	II	III	IV	VI	VII	VIII	TOTAL
441A	ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	2.224,7	378,4		44,5	1.964,0			4.611,7
511A	DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE ECONOMÍA E FACENDA	2.628,4	1.539,1	0,0	6.919,8	4.697,0	6.039,0		21.823,4
512A	PLANIFICACIÓN, ORZAMENTACIÓN E COORDINACIÓN ECONÓMICA	2.121,5				1.750,2			3.871,7
531A	ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL	16.554,4	2.866,8			1.045,0			20.466,2
661C	ORDENACIÓN E CREACIÓN DOUTRAS INDUSTRIAS				6.989,9		63.858,6	1.897,6	72.746,2
671C	APOIO Á EMPRESA INDUSTRIAL E DE SERVICIOS						1.653,0	450,8	2.103,8
753A	DISTRIBUCIÓN LOXÍSTICA E PROMOCIÓN COMERCIAL							500,0	500,0
TOTAL		23.529,1	4.784,3	0,0	13.954,3	9.456,2	71.550,6	2.848,4	126.122,9

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	S. XERAL E DO PATRIMONIO	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	10.338,1	10.746,1	3,9
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	2.167,9	2.367,9	9,2
Cap. III	Gastos financeiros	0,2	0,0	-96,4
Cap. IV	Transferencias correntes	14.016,5	13.909,8	-0,8
Cap. VI	Investimentos reais	5.526,3	5.147,0	-6,9
Cap. VII	Transferencias de capital	66.651,7	71.550,6	7,4
Cap. VIII	Activos financeiros	4.000,1	2.848,4	-28,8
TOTAL		102.700,9	106.569,8	3,8

(Miles de euros)

02	INTERVENCIÓN XERAL DA C.A.	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	6.100,1	6.227,0	2,1
Cap. VI	Investimentos reais	540,9	595,0	10,0
TOTAL		6.641,0	6.822,0	2,7

(Miles de euros)

03	D. XERAL DE TRIBUTOS	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	924,7	944,1	2,1
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	1.561,3	2.038,0	30,5
TOTAL		2.486,0	2.982,0	20,0

(Miles de euros)

04	D. XERAL DE ORZAMENTOS	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	940,8	960,1	2,1
TOTAL		940,8	960,1	2,1

(Miles de euros)

05	D. X. DE POLÍT. FINANC. E TESOURO	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	1.240,2	1.265,7	2,1
TOTAL		1.240,2	1.265,7	2,1

(Miles de euros)

06	D. X. PLANIF. ECON. E F. COMUNIT.	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	1.138,1	1.161,4	2,0
Cap. VI	Investimentos reais	1.026,9	1.750,2	70,4
Cap. VII	Transferencias de capital	47.179,8	0,0	-100,0
TOTAL		49.344,8	2.911,6	-94,1

(Miles de euros)

50 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA		2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	2.177,4	2.224,7	2,2
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	378,4	378,4	0,0
Cap. IV	Transferencias correntes	36,7	44,5	21,4
Cap. VI	Investimentos reais	1.360,9	1.964,0	44,3
Cap. VII	Transferencias de capital	807,5	0,0	-100,0
TOTAL		4.760,8	4.611,7	-3,1

(Miles de euros)

SERVICIO		2002	2003	% Var.
01	S. XERAL E DO PATRIMONIO	102.700,9	106.569,8	3,8
02	INTERVENCIÓN XERAL DA C.A.	6.641,0	6.822,0	2,7
03	D. XERAL DE TRIBUTOS	2.486,0	2.982,0	20,0
04	D. XERAL DE ORZAMENTOS	940,8	960,1	2,1
05	D. X. DE POLÍT. FINANC. E TESOURO	1.240,2	1.265,7	2,1
06	D. X. PLANIF. ECON. E F. COMUNIT.	49.344,8	2.911,6	-94,1
50	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	4.760,8	4.611,7	-3,1
TOTAL		168.114,5	126.122,9	-25,0

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transfer. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Persoal	20.682,0	21.304,4	2.177,4	2.224,7			22.859,4	23.529,1
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	3.729,3	4.405,9	378,4	378,4			4.107,6	4.784,3
Cap. III Gastos financeiros	0,2	0,0					0,2	0,0
Cap. IV Transferencias correntes	16.609,0	16.557,4	36,7	44,5	2.592,5	2.647,7	14.053,2	13.954,3
OPERACIÓNS CORRENTES	41.020,4	42.267,7	2.592,5	2.647,7	2.592,5	2.647,7	41.020,4	42.267,7
Cap. VI Investimentos reais	7.094,1	7.492,2	1.360,9	1.964,0			8.455,0	9.456,2
Cap. VII Transferencias de capital	115.999,8	73.514,6	807,5		2.168,3	1.964,0	114.639,0	71.550,6
Cap. VIII Activos financeiros	4.000,1	2.848,4					4.000,1	2.848,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	127.094,1	83.855,2	2.168,3	1.964,0	2.168,3	1.964,0	127.094,1	83.855,2
TOTAL BRUTO	168.114,5	126.122,9	4.760,8	4.611,7	4.760,8	4.611,7		
TRANSFERENCIAS INTERNAS	4.760,8	4.611,7						
TOTAL CONSOLIDADO	163.353,7	121.511,2	4.760,8	4.611,7	4.760,8	4.611,7	168.114,5	126.122,9

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2002			2003			% Var.		
	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL
IGAPE	77.850,0	9.577,0	87.427,0	76.428,0	14.341,0	90.769,0	-1,8	49,7	3,8
CONS. ECONÓMICO E SOCIAL	952,0	42,0	994,0	961,0	42,0	1.003,0	0,9	0,0	0,9
SODIGA	2.283,0	7.095,0	9.378,0	4.620,0	3.269,0	7.889,0	102,4	-53,9	-15,9
C. E. E. I. GALICIA. S.A.	2.006,0	42,0	2.048,0	2.116,0	48,0	2.164,0	5,5	14,3	5,7
SPI GALICIA, S.A	2.723,0	30.680,0	33.403,0	2.884,0	55.476,0	58.360,0	5,9	80,8	74,7
CIXTEC	9.948,0	5.113,0	15.061,0	9.953,0	5.113,0	15.066,0	0,1	0,0	0,0
XESGALICIA	1.553,0	273,0	1.826,0	1.463,0	179,0	1.642,0	-5,8	-34,4	-10,1

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	12	12
<i>Persoal funcionario</i>	748	748
Grupo A	311	311
Grupo B	32	32
Grupo C	223	223
Grupo D	163	163
Grupo E	19	19
<i>Persoal laboral</i>	7	7
Grupo III	4	4
Grupo V	3	3
<i>Outro persoal</i>	8	8
TOTAL	775	775

Instituto Galego de Estatística

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	1	1
<i>Persoal funcionario</i>	63	63
Grupo A	37	37
Grupo B	4	4
Grupo C	10	10
Grupo D	11	11
Grupo E	1	1
<i>Persoal laboral</i>	6	6
Grupo III	6	6
TOTAL	70	70

SECCIÓN 06.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA

TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E

VIVENDA.

1. COMPETENCIAS

O artigo 2 do Decreto 134/2002, do 4 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, establece a actual da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda nos seguintes órganos superiores:

1. O Conselleiro.
2. A Secretaría Xeral.
3. A Dirección Xeral de Urbanismo.
4. A Dirección Xeral de Obras Públicas.
5. A Dirección Xeral de Transportes.
6. As delegacións provinciais.
7. Os órganos colexiados.

Así mesmo quedan adscritos á consellería:

1. O organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo.
2. O ente público Portos de Galicia.
3. O ente público Obras e Servicios Hidráulicos.

Instituto Galego de Vivenda e Solo, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, e constituído en organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, como instrumento para a realización da política do solo e vivenda da Xunta, cos obxectivos de garanti-los dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada; utiliza-lo solo de acordo co interese xeral, erradicando a especulación e actuar como elemento regulador do mercado mobiliario e de mellora da calidade medioambiental.

Portos de Galicia, creado pola Lei 5/1994, do 29 de novembro, como entidade de dereito público, para o desenvolvemento e xestión das funcións que en materia de portos da Comunidade Autónoma se lle atribuen pola citada lei, que en

resumo son: a construción, conservación, administración das obras, actividades e servizos portuarios, así como a planificación das zonas de servizos e o fomento global das actividades económicas realizadas co tráfico portuario, a xestión da explotación das instalacións portuarias e demais bens adscritos ó seu patrimonio, o fomento da actividade económica global no ámbito dos portos dependentes da Administración da Comunidade Autónoma e o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e a construción portuaria.

Empresa Pública Obras e Servizos Hidráulicos, creada pola Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia, como entidade de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, que axusta a súa actividade ó dereito privado. Os seus estatutos foron aprobados por Decreto 125/1996. A empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos está adscrita á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda segundo o Decreto 134/2002, do 4 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica desa consellería.

Constitúe o obxectivo da empresa a xestión das obras e a prestación dos servizos que lle sexan encomendados, dentro do programa de actuacións do organismo autónomo Augas de Galicia, considerándose incluídas as actividades seguintes:

1. Elaboración de estudos, proxectos e anteprojectos.
2. Preparación e contratación de obras e servizos.
3. Explotación de instalacións de maneira directa ou indirecta.
4. Establecemento de convenios ou contratos de colaboración e cooperación con administracións e entidades públicas, empresas públicas ou privadas para o desenvolvemento das actividades que constitúen o seu obxecto social.
5. Realización de operacións financeiras para dispoñer dos recursos con que realiza-los programas de obras e servizos.
6. Calquera outra que en relación co obxecto da empresa lle sexa encargada polo Consello da Xunta de Galicia ou polo organismo autónomo Augas de Galicia.

Sociedades de Xestión Urbanística (Xestur). A Comunidade Autónoma, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, ten participación maioritaria nas seguintes empresas constituídas como sociedades anónimas baixo o título xenérico de Xestur:

1. Xestur A Coruña, S.A.
2. Xestur Lugo, S.A.
3. Xestur Ourense, S.A.
4. Xestur Pontevedra, S.A.

O seu obxecto social de acordo co Real decreto 863/1978, do 30 de marzo, está constituído pola realización dentro do ámbito da súa respectiva provincia:

- A) Estudos urbanísticos, incluíndose neles a redacción de plans parciais de ordenación e proxectos de urbanización e a iniciativa para a súa tramitación e aprobación.
- B) Actividade urbanizadora que poida alcanzar tanto á promoción da preparación do solo e renovación ou remodelación urbana, como á realización de obras de infraestrutura urbana e dotación de servicios para a execución dos plans de ordenación.
- C) Xestión e explotación de obras e servicios resultantes da urbanización en caso de obtela concesión ou concluí-lo convenio correspondente, conforme ás normas aplicables en cada caso.

Con esta estrutura organizativa a consellería exerce as competencias e funcións que a continuación se indican, consecuencia de sucesivas transferencias, relacionadas por orde cronolóxica da súa asunción.

Transporte.- O Real Decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, transfíre, entre outras, competencias en materia de transporte relativas a: concesión, autorización, explotación e inspección dos servicios de transporte por estrada e cable; establecemento e explotación das estacións de vehículos públicos de viaxeiros e mercadorías; establecemento e organización dos ferrocarrís e tranvías cando non teñan ámbito nacional e non estean integradas en RENFE. O Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, asume e asigna estas competencias á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Urbanismo.- O mencionado Real decreto 212/1979, transfírese á Xunta tódalas competencias atribuídas á Administración do Estado pola Lei sobre réxime do solo, ordenación urbana e disposicións regulamentarias, no que afecte o ámbito territorial da Xunta. Asumidas e asignadas polo Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, as transferencias e servicios son traspasadas polo Real decreto 2424/1982, do 24 de xullo, e asumidas e asignadas polo Decreto 130/1982, do 4 de novembro. Tales competencias comprenden tódalas relativas ás ordes normativa, organizativa, resolutiva, consultiva e de calquera outro xénero atribuídas á Administración do Estado polas disposicións vixentes nas citadas materias.

Inspección e Sanción dos Servicios de Transporte.- O Real Decreto 2299/1982, do 24 de xullo, transfírese á Comunidade Autónoma funcións en materia de inspección e sanción do transporte por estrada e trolebús, afectos ás competencias que lles corresponden. Asumidas e asignadas polo Decreto 129/1982, do 4 de setembro.

Portos.- Polo Real decreto 3214/1982, do 24 de xullo, transfírense competencias, funcións e servicios en materia de portos relativas a: titularidade de tódolos portos e instalacións portuarias existentes nos territorios da Comunidade Autónoma que teñan interese xeral; realización das obras nestes, outorgar concesións e autorizacións para o uso e aproveitamento dos bens transferidos. Asumidas e asignadas polo Real decreto 167/1982, do 1 de decembro. Como xa se indicou, a Lei 5/1994, do 29 de novembro, crea o ente público Portos de Galicia. En virtude da reforma da Lei 27/1992, de portos do Estado e da mariña mercante, operada pola Lei 62/1997, ostenta as competencias para nomear a presidentes e vocais dos consellos de administración das autoridades portuarias xestoras dos portos de interese xeral emprazados na Comunidade Autónoma.

Estradas.- O Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, traspasa funcións e servicios do Estado en materia de estradas relativas á titularidade e xestión destas, así mesmo as competencias do Ministerio de Obras Públicas en estradas provinciais e municipais. Asumidas e asignadas polo Real decreto 156/1982, do 15 de decembro. A transferencia é modificada e completada mediante o Real decreto 2709/1983, do 21 de setembro.

Estudios de ordenación do territorio.- O Real decreto 3564/1983, do 8 de outubro, traspasa as funcións de realización de estudos e investigacións do ámbito local e autonómico en materia de ordenación do territorio e urbanismo realizadas ata o momento polo CEOTMA. Asumidas e asignadas polo Decreto 53/1984, do 23 de marzo.

Abastecemento de auga, saneamento, canalización e defensa de marxes.- O Real decreto 1870/1985, do 11 de setembro, traspasa funcións e servicios relativos á programación, aprobación e tramitación de investimentos en obras de interese nesta materia. Asumidas e asignadas polo Decreto 253/1985, do 17 de outubro.

Patrimonio arquitectónico, control de calidade na edificación e vivenda.- O Real decreto 1926/1985, do 11 de setembro, dispón o traspaso de funcións e servicios na materia. A asunción e asignación lévase a cabo mediante Decreto 230/1985, do 24 de outubro.

Sociedade Estatal de Promoción e Equipamento do Solo (SEPES).- Polo Real decreto 213/1986, de 10 de xaneiro, foron traspasadas á Comunidade Autónoma as participacións accionarias, e as funcións inherentes ás mesmas, que SEPES ostentaba en Xestur Coruña, Xestur Lugo e Solo Urbano de Pontevedra.

Obras hidráulicas.- O Real decreto 2792/1986, do 30 de decembro, traspasa á Comunidade Autónoma funcións e servicios en materia de obras hidráulicas no ámbito do seu territorio referentes a: programación, aprobación, execución e explotación das obras e aproveitamentos hidráulicos; ordenación e concesión de recursos hidráulicos das súas concas; así como a elaboración do Plan hidrolóxico. Asumidas e asignadas polo Decreto 24/1987, do 29 de xaneiro.

Transporte Marítimo.- O Real decreto 1641/1996, do 5 de xullo, dispón o traspaso de funcións e servicios relativos a actividades de transporte marítimo que se leva a cabo exclusivamente entre portos ou puntos da Comunidade, sen conexión con portos doutros ámbitos territoriais. Asumidas e asignadas á Consellería de Política Territorial por Decreto 338/1996, do 13 de setembro.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

Os créditos que o proxecto de orzamentos pon a disposición da consellería e dos seus organismos autónomos destínanse a exercer as competencias e funcións descritas anteriormente; a súa análise, detallando obxectivos, accións e actividades, expónse no epígrafe 3.1 desta memoria, baixo a denominación de Distribución funcional por programas de gasto.

Pola súa especial incidencia pódense destacar os seguintes obxectivos e liñas de acción:

2.1 DA CONSELLERÍA

1. En materia de Urbanismo.

- A) Contribuír á mellora do entorno da convivencia social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, mediante intervencións de mellora en edificios e espazos de relación e comunicación social.
- B) Dotar a tódolos concellos de Galicia dun instrumento de planeamento propio e adecuado ás súas peculiaridades urbanísticas.
- C) Potenciación do medio rural galego.
- D) Evitar as actuacións contrarias ó planeamento urbanístico, en especial nas áreas máis sensibles do territorio.

Para o cal seguiranse as seguintes liñas de acción:

- a) Fomenta-la formulación e execución de instrumentos de planeamento urbanístico municipal.
- b) Crea-los instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Artella-los medios instrumentais (cartografía, estudos, etc) precisos para acadar niveis axeitados de calidade nas intervencións territoriais.
- d) Promove-la execución de equipamentos, nas principais vilas e cidades, mediante a colaboración coas corporacións locais.

- e) Impulsa-la execución de actuacións puntuais para a supresión de barreiras arquitectónicas e acondicionamento e rehabilitación de espacios e edificacións públicas de relación social, colaborando, cando fose o caso, con entidades e institucións sen fins de lucro.
 - f) Potencia-la inspección urbanística como garante da legalidade das actuacións sobre o territorio.
- 2.** En materia de construción e conservación de estradas.
- A) Dotar duns niveis mínimos de accesibilidade ás zonas máis desfavorecidas.
 - B) Dotar duns estándares de infraestructuras o máis homoxéneos posibles ás distintas zonas do territorio.
 - C) Mellora da accesibilidade en todo o territorio ás vías de alta capacidade.
 - D) Estructuración das redes metropolitanas de acceso ós principais núcleos de poboación.
 - E) Ampliación da permeabilidade de Galicia coas comunidades limítrofes e especialmente con Portugal.
 - F) Mellora da calidade ambiental e estética do medio circundante ás estradas.
 - G) Diminución dos custos de transporte.
 - H) Mellora da seguridade vial, diminuíndo os riscos de accidentes.
 - I) Execución dun Plan de conservación que redunde nunha mellora das condicións viarias das estradas.
- 3.** En materia de ordenación e inspección do transporte.
- A) Apoio ó transporte ferroviario na dobre vertente de subvención de servicios rexionais deficitarios e investimentos en infraestructuras ferroviarias.
 - B) Mellora-la dotación de infraestructuras do transporte por estrada mediante a construción de estacións de autobuses e terminais de pasaxeiros primando a ubicación máis céntrica dentro das poboacións para potencia-lo transporte público.
 - C) Mante-lo esforzo inspector nos aspectos do transporte público que afecten á seguridade (tempos de conducción, cumprimento da normativa sobre seguridade no transporte escolar) e incidindo no control dos excesos de peso.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

Instituto Galego da Vivenda e Solo. É o organismo encargado de levar a cabo a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, así como o seu seguimento.

Os obxectivos do instituto para o ano son os contidos no marco do Pedega 2000-2006 que consisten en:

1. Habilitación de espazos acondicionados para a instalación de empresas.
2. Facilita-lo acceso á vivenda e mellora-las súas condicións de habitabilidade.

Para a consecución destes obxectivos o instituto no exercicio 2003 centrará a súa actividade nas seguintes liñas de acción:

1. Continuar co desenvolvemento do Plan de Vivenda 2002-2005 co obxectivo de facilitar ós cidadáns galegos o acceso á vivenda mediante axudas para a adquisición e promoción para uso propio de vivendas de protección autonómica e para a adquisición protexida de vivendas existentes, no suposto de primeiro acceso; mediante axudas a promotores para o fomento da promoción de aloxamentos declarados protexidos destinados a maiores de 60 anos e a mozos de idade non superior a 35 anos; mediante as axudas para a rehabilitación de vivendas e edificios de vivendas e actuacións en áreas de rehabilitación; e mediante as axudas para actuacións de urbanización de solo residencial con destino preferente á construción de vivendas protexidas, o que xustifica o incremento de case o 19 % no capítulo VII dos orzamentos.
2. Seguir potenciando a creación de vivendas de promoción pública en xeral, impulsando, ademáis, a súa construción en núcleos rurais abandonados ou en situación de semiabandono así como en cascos históricos, coa finalidade de recuperalos e revitalizalos mediante a súa adxudicación, preferentemente, a mozos.
3. Garanti-la utilización de solo residencial de acordo co interese xeral, levar a cabo obras de urbanización e proceder á adquisición de solo para futuras edificacións.
4. Basea-la creación de novos parques empresariais en función da demanda real de solo industrial.
5. Impulsa-la reparación do parque de vivendas de promoción pública.

2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

2.3.1 Dos entes públicos

EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVICIOS HIDRÁULICOS

Iniciou a súa actividade o día 16 de marzo de 1998, configurada pola Lei reguladora da Administración hidráulica como ente especial da dita administración para a xestión das obras e a prestación dos servicios que lle sexan encomendados dentro do programa de actuacións do organismo autónomo Augas de Galicia.

A empresa executará durante 2003 as actuacións de infraestrutura hidráulica que están recollidas no anexo de investimentos e que atende as liñas fundamentais do: abastecemento, saneamento e mellora de marxes.

Dentro das actuacións máis importantes continuarase co desenvolvemento do saneamento das rías de Pontevedra e do Burgo na Coruña.

PORTOS DE GALICIA

O orzamento do ente público Portos de Galicia para o exercicio 2003 enmárcase no escenario económico establecido no Plan estratéxico de desenvolvemento económico de Galicia 2000-2006 (Pedega) amparado no novo marco comunitario de apoio, e materializa en materia portuaria as políticas de gasto priorizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia para acadar los obxectivos xerais establecidos para o orzamento de 2003, dando cobertura orzamentaria ás previsións incluídas no plan anual de investimentos de Portos de Galicia, encadrándose nas seguintes liñas:

1. Mellora-la infraestrutura, equipamento e xestión do sistema portuario de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, de forma tal que se potencie o seu papel como instrumento básico para o desenvolvemento económico, ó tempo que se busca acadar unha maior oferta e calidade dos servicios ós usuarios.

2. A execución das novas obras de infraestrutura portuarias tales como as actuacións en abrigos, accesos marítimos e dragados, balizamentos, etc., así como calquera outra acción que, con carácter de interese xeral, contribúa ó desenvolvemento económico da zona na que se encadran os portos.
3. Mellora-las conexións e enlaces con outros modos de transporte, acometendo os investimentos e obras de acondicionamento que permitan reforza-lo grao de intermodalidade do sistema de transporte en Galicia.
4. Potenciación do uso da rede portuaria da Comunidade Autónoma, incentivando a utilización dos servizos portuarios, ó tempo que se fomenta unha certa especialización dos nosos portos en consonancia co entorno no que se integran.
5. Fomento das actividades náutico-deportivas, levando a cabo os investimentos necesarios para dota-los nosos portos das infraestruturas necesarias para a práctica de tales actividades.
6. Integración das infraestruturas portuarias no entorno no que se enxiren, buscando a adecuación co ordenamento urbano así como a mellora das condicións medioambientais.

Para a consecución dos obxectivos expostos, xunto ca continuidade das actuacións de mellora dos servizos prestados iniciadas en anos anteriores, fíxase como prioridade para o exercicio 2003 a realización das obras de infraestrutura necesarias para incrementa-la dotación e as prestacións das instalacións portuarias, buscando con todo unha maior oferta e calidade dos servizos.

Todas estas actuacións englobábase no desenvolvemento dos seguintes programas:

1. Programa de infraestrutura xeral. Co fin de mellora-las condicións operativas e da seguridade dos buques, prevese a realización de novas infraestruturas tales como peiraos de uso xeral, diques de abrigo, dragados, varadoiros, accesos e melloras xerais de acondicionamento dos portos.
2. Programa de infraestrutura pesqueira. Inclúense neste programa todas aquelas actuacións dirixidas especificamente á actividade pesqueira e marisqueira, a fin de mellora-la operatividade e condicións de traballo no sector.

3. Programa de infraestrutura para o tráfico comercial. Este programa comprende aquelas actuacións en infraestructuras destinadas principalmente ó tráfico comercial co fin de mellora-la súa operatividade e rendemento.
4. Programa de infraestrutura náutico-recreativa. Portos de Galicia ten establecida como unha das súas prioridades o desenvolvemento da náutica recreativa como medio para a potenciación da actividade turística no entorno dos portos. Para isto esta a desenvolver un Plan de instalación náutico-deportivas, que constitúe un ambicioso programa neste eido, que vai ser potenciado no orzamento do exercicio 2003 co incremento do número de atraques existentes, mediante a construción de novas instalacións e a mellora das existentes, co obxectivo último de consolidar unha oferta náutica de calidade nas costas galegas. Ó mesmo tempo, e como reforzamento deste programa, Portos de Galicia prevé desenvolver actuacións encamiñadas a mellora-las zonas de servizo dos portos deportivos, tanto en accesos e urbanizacións, como na dotación de locais e servizos complementarios.
5. Programa de adecuación ó entorno urbano e mellora das condicións medioambientais. Este programa recolle o desenvolvemento de actuacións no ámbito da integración dos portos nos núcleos urbanos, mellorando a relación porto-cidade e adecuando a fachada marítima das vilas costeiras.
6. Programa de instalacións de carácter xeral e actuacións de conservación. Este programa contempla aquelas actuacións relativas ós servizos xerais do porto, que non están incluídos no programa de infraestrutura xeral. Asemade inclúense neste programa as actuacións de conservación e reparación dos bens que integran o dominio público portuario.

Estes programas intégranse nun proxecto de orzamento que combina o mantemento do esforzo investidor que ven realizando Portos de Galicia nos últimos anos, necesario para a modernización da rede portuaria galega, co potenciamento dos servizos, tanto dende o punto do incremento da oferta como da mellora na calidade dos ata agora prestados. Todo isto se encadra nun marco de estabilidade orzamentaria que esixe afondar na perspectiva de xestión empresarial do ente, de forma tal que se fagan efectivos os principios de economía, eficacia e eficiencia.

2.3.1 Das Sociedades Mercantís

Sociedades de Xestión Urbanística.

1. Seguir coas actuacións actualmente en execución e coa execución das distintas fases dos parques empresariais e ofimáticos tanto referidos ós traballos de redacción das figuras de planeamento, como ós traballos de adquisición de terreos e obras de urbanización.
2. Elabora-la redacción de proxectos de urbanización e a realización de obras de infraestructuras urbanas para executa-los plans de ordenación.
3. Seguir coas actuacións destinadas a promover vivendas de protección pública.
4. Intervir, en colaboración co IGVS, nas actuacións que se están a desenvolver para a recuperación de nucleos rurais e de cascos históricos así como naquelas que se están a acometer coa finalidade de crear solo residencial para a construción de vivendas principalmente nas sete grandes cidades.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería.

PROGRAMA 332A. ORDENACIÓN E FOMENTO DA EDIFICACIÓN E O URBANISMO

1. Descrición.

O contido do programa é o desenvolvemento das actuacións necesarias para conseguir, mediante intervencións de regulación sobre os usos do solo, e accións de construción de edificacións, unha maior calidade de vida para os cidadáns.

Os seus obxectivos fundamentais son:

1. Conseguir unha adecuada ordenación territorial e urbanística no ámbito da Comunidade Autónoma.
2. Dispoñer dun entorno construído de convivencia social axeitado ás esixencias da sociedade.
3. Potencia-las accións de policía urbanística para garanti-la legalidade e adecuación das actuacións sobre o territorio.
4. Completa-la confección de base cartográfica, que facilite a información territorial necesaria para conseguí-los obxectivos expostos anteriormente.

Para a súa consecución xurden as seguintes necesidades:

1. De planificación das actividades humanas sobre o territorio.
2. De fomento para o desenvolvemento das actividades ás que se refire a planificación no punto anterior, e de colaboración cos entes sociais intervinientes.
3. De control de execución delas.

Con estas acutacións acadaranse mellores condicións de habitabilidade no entorno de relación social e sen causar danos no medio ambiente.

2. Actividades.

As actuacións máis significativas previstas na liña que se ven de expoñer son as seguintes:

1. Fomento, axudas económicas e colaboración coas corporacións locais para a redacción do planeamento urbanístico municipal.
2. Elaboración de cartografía analítica, como base fundamental para a elaboración de calquera traballo de incidencia territorial, especialmente a ordenación urbanística e do territorio.
3. Executar construcións de equipamentos urbanos en colaboración coas corporacións locais.
4. Elabora-las directrices de ordenación do territorio de Galicia, e, se fose o caso, de estudos e traballos de investigación sobre a citada materia.
5. Colaborar na execución de actuacións de mellora do entorno construído e de relación social cos axentes sociais intervinientes.
6. Incrementa-las labores da inspección urbanística para garanti-la legalidade das actuacións sobre o territorio.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Urbanismo.

**PROGRAMA 411A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA**

1. Descrición.

É este un programa instrumental de servicios administrativos tendo como única finalidade a de proporcionar-las medios materiais, persoais e de organización para o funcionamento dos servicios de carácter xeral.

2. Actividades.

1. Xestión de persoal.
2. Xestión económica e administrativa de carácter xeral.
3. Recursos e servicios xurídicos.
4. Inspección técnica.
5. Investimentos destinados á adquisición de medios informáticos.
6. Investimentos destinados á conservación e mantemento de edificacións de distintos servicios.

3. Órganos encargados da súa xestión.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Obras Públicas.

Delegacións provinciais.

**PROGRAMA 413A. ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE
TERRESTRE**

1. Descrición.

O programa 413A ten como finalidade básica o establecemento dun marco xeral que permita o desenvolvemento da iniciativa privada no eido do transporte público de viaxeiros e mercadorías en condicións homoxéneas para tódolos operadores

(competencia leal, seguridade, etc.) a fin de obter un sistema de transporte que acade o máximo grao de eficiencia co menor custo social.

2. Actividades.

Dentro deste programa distínguense dous eixos fundamentais:

1. Transporte ferroviario: As actuacións seguen dous vieiros, por unha banda o da conexión exterior en alta velocidade que se iniciou xa, por canto se atopan en fase de execución segmentos importantes do tronco común de comunicación do Noroeste peninsular, incluíndo o proxecto singular (polo seu custo e dificultade técnica) da variante do Guadarrama.

Ó mesmo tempo que avanza as obras de conexión Madrid-Ourense coas actuacións na meseta estanse a po-los fundamentos das actuacións na rede interior cos estudos informativos e os posteriores proxectos constructivos dos tramos Lubián-Ourense e os tres ramais dende esta cidade a Vigo, Santiago e Lugo.

Por outra, as actuacións na rede interior galega, tanto o Eixo Atlántico de Alta Velocidade como a rede convencional manteranse durante o vindeiro exercicio. As accións comencaranse e abordaranse novos tramos de obras.

2. Transporte terrestre: Continúase o programa de dotación de infraestruturas de transporte de pasaxeiros e mercadorías para mellora-la oferta de transporte público con terminais moi céntricas así como seguirase a impulsa-lo programa de construción de centros de transporte de mercadorías.

Ademais de segui-las liñas programáticas de orzamentos anteriores, as dúas novidades neste eido son, por unha banda, o impulso que se lle quere dar ó proceso de informatización da Dirección Xeral de Transportes, duplicando a partida correspondente e adicando recursos adicionais ó proceso de mecanización das concesións de transporte de viaxeiros, e, por outra, a adquisición dun simulador de camión que permitirá:

- A) Palia-la insuficiencia de conductores de camiós de longas distancias, aspecto estratéxico para a economía dunha rexión periférica como a nosa.

- B) Facilita-lo acceso a postos de traballo de xoves que coa desaparición da probabilidade de obte-lo carné de vehículos pesados no servizo militar e polo custo da súa obtención tiñan que renunciar a este tipo de traballo.
- C) Mellorar aspectos básicos da formación dos condutores no ámbito da seguridade e da ecoloxía (condución económica).

Cun carácter horizontal, xa que afecta tanto ó transporte ferroviario como o transporte por estrada, incrementárase a partida adicada a estudos e asistencias técnicas. Isto responde tanto á necesidade de redacción de proxectos infraestruturais como ó convencemento de que a potenciación do transporte público debe vir tanto da man da mellora das infraestruturas como da busca da excelencia na oferta mediante unha acción combinada da Administración que abarque o fomento, a divulgación, asesoramento e, se é o caso, a corrección dos desvíos.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Transportes.

PROGRAMA 413B. CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS

1. Descrición.

As actuacións no eido de estradas enmárcanse dentro do Plan director de infraestruturas de Galicia 2001-2010, presentado polo Presidente da Xunta en outubro de 2001, nas estratexias definidas no Pedega 2000-2006 así como no PDR 2000-2006.

No referido Plan director, con vixencia ata o ano 2010, recóllense as actuacións concretas previstas, tanto en vías de alta capacidade como en estradas convencionais, por tipo de rede.

Así mesmo recolle as liñas de acción que está previsto emprender segundo os plans sectoriais da rede viaria das áreas urbanas da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago.

2. Actividades.

As máis significativas dentro deste orzamento son:

1. Continuidade na Rede de alta capacidade.
2. Contribución orzamentaria para a construción da autoestrada Santiago-Ourense.
3. Continuidade da modernización da rede de estradas convencionais e a súa conexión coa Rede de alta capacidade.
4. Actuacións para as conexións das áreas metropolitanas e os principais centros de produción.
5. Impulso dos programas de conservación e de seguridade vial.
6. Colaboración coas diversas administracións a través de convenios para actuacións de mellora das redes arteriais e locais.
7. Pago de expropiacións tramitadas e pendentes.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Obras Públicas.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 414A. CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA

1. Descrición.

Este é un programa instrumental destinado a proporcionar os medios materiais e financeiros para o adecuado funcionamento de Portos de Galicia nos termos establecidos na Lei 5/1994, do 29 de novembro de creación do citado ente público.

As transferencias de capital incluídas no programa ascenden a 18.812.286 euros transferíndose ó ente a devandita cantidade para o cumprimento dos seus fins.

2. Actividades.

O detalle e a análise das actuacións do ente público quedan recollidos na documentación incluída no apartado 2.3.1 deste documento e con maior amplitude na

memoria incluída no apartado entes de dereito público do volume dedicado a sociedades e entes públicos.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Obras Públicas.

Portos de Galicia.

3.1.2 Do Organismo Autónomo

PROGRAMA 331A. PROMOCIÓN, ADMINISTRACIÓN E AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN E ACCESO Á VIVENDA

1. Descrición.

Tal e como se indica, o programa orzamentario que executa o IGVS correspóndese cos obxectivos do Pedega 2000-2006, obxectivos estes que consisten por unha banda, na habilitación de espazos acondicionados para a instalación de empresas e, por outra, en facilita-lo acceso á vivenda e na mellora das súas condicións de habitabilidade.

2. Actividades.

1. Promoción pública de vivendas. Continuarase coa construción de vivendas de promoción pública co fin de cumpri-los obxectivos fixados en materia de vivenda.
2. Reparación e mellora do parque. As melloras no parque transferido de vivendas continuará a ser un importante obxectivo do IGVS, mantendo o ritmo de actuacións que, dende o exercicio 1996 recibiron un importante impulso. Deste xeito, seguirase coas actuacións que se viñan realizando con anterioridade ó ano 2002 así como coa liña de subvencións que, iniciada no ano 2000, outorga axudas ás comunidades de propietarios de edificios de vivendas de promoción pública para a súa reparación.

3. Rehabilitación e reconstrucción rural. Continuarase coa aplicación dos programas de rehabilitación e reconstrucción rural, que, por medio de subvencións do IGVS, estase mostrando como un eficaz medio de mellora das condicións de vida no medio rural, cunha importante repercusión sobre a súa economía e sobre a recuperación das tipoloxías tradicionais das diversas zonas.
4. Recuperación de núcleos rurais abandonados. Fomentarase a rehabilitación destes núcleos continuando a liña iniciada no ano 2000 e os novos proxectos incorporados e proxectados dende entón.
5. Recuperación dos cascos históricos. Manteranse as actuacións de rehabilitación en zonas históricas destacando, entre outras, Ferrol, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Rivadavia, Vigo, etc.
6. Erradicación do chabolismo e da infravivenda. Impulsa-las actuacións neste senso e, de maneira especial, profundizar na necesaria implicación dos concellos no programa, mediante a sinatura de convenios de colaboración.
7. Plan cuatrienal 2002-2005. Continuarase co desenvolvemento do novo Plan de vivenda 2002-2005. Destacan como novidades, con respecto ós anteriores plans, as seguintes: a creación dunha soa categoría de vivendas protexidas, as vivendas de protección autonómica; as axudas van destinadas ademais de a aqueles que accedan a súa primeira vivenda, ás familias numerosas que adquiren unha de máis superficie da que tiñan; créanse novas axudas como son as destinadas a familias numerosas e ós mozos, as destinadas a familias con minusválidos ou con maiores ó seú cargo e as destinadas a situacións de emerxencia social (chabolistas e emigrantes retornados); e se permite a construción de vivendas de 120 metros cadrados de superficie útil para familias numerosas.
8. Axudas para a rehabilitación dos cascos históricos mantendo a colaboración naquelas que teñan declaradas áreas de rehabilitación.
9. Aloxamentos en aluguer para xóvenes e maiores. Impulso a este tipo de vivenda para aluguer podendo alcanza-las subvencións ós promotores ata o 40%.
10. Solo residencial. Continuarán as actuacións dirixidas á creación de solo residencial, de forma especial nas cidades de Santiago de Compostela, Vigo, Lugo, Ourense, A Coruña, Ferrol e Pontevedra. Estas actuacións, superada a fase de adquisición de solo, suporán a finalización das obras de urbanización e a venda das parcelas resultantes.

11. Parques empresariais xa operativos. Impulsa-las vendas de solo e a implantación de novas empresas nos parques xa rematados, así como a mellora das súas infraestructuras.
12. Prestarase unha especial atención ó inicio de espazos de grandes areas de solo industrial tales como plataformas loxísticas e zonas de reserva empresarial en Lugo, Begonte, Arteixo, Ames-Brión e Salvaterra.

3. Órgano encargado da súa execución.

Instituto Galego da Vivenda e Solo.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

		SERVICIOS					
		01	02	03	04	60	TOTAL
331A	PROMOCIÓN, ADMINISTRACIÓN E AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN E ACCESO Á VIVENDA					149.843,3	149.843,3
332A	ORDENACIÓN E FOMENTO DA EDIFICACIÓN E DO URBANISMO		30.014,3				30.014,3
411A	DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE POLÍTICA TERRITORIAL E OBRAS PÚBLICAS	4.047,0		900,5			4.947,5
413A	ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE TERRESTRE				31.476,9		31.476,9
413B	CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS			174.886,6			174.886,6
414A	CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA			18.812,3			18.812,3
TOTAL		4.047,0	30.014,3	194.599,4	31.476,9	149.843,3	409.980,9

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	TOTAL
331A PROMOCIÓN, ADMINISTRACIÓN E AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN E ACCESO Á VIVENDA	6.117,8	1.741,4	679,4	86,6	71.418,7	67.723,5	2.076,0	149.843,3
332A ORDENACIÓN E FOMENTO DA EDIFICACIÓN E DO URBANISMO	2.806,9	202,2			14.036,0	12.969,1		30.014,3
411A DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE POLÍTICA TERRITORIAL E OBRAS PÚBLICAS	3.923,4	720,0		30,1	274,0			4.947,5
413A ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE TERRESTRE	2.900,6	485,2		2.277,7	8.041,5	17.771,9		31.476,9
413B CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	11.185,9	1.199,4		760,9	159.720,7	2.019,8		174.886,6
414A CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA						18.812,3		18.812,3
TOTAL	26.934,7	4.348,1	679,4	3.155,2	253.490,8	119.296,6	2.076,0	409.980,9

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	3.384,1	3.480,1	2,8
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	512,9	512,9	0,0
Cap. IV	Transferencias correntes	30,1	30,1	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	24,0	24,0	0,0
TOTAL		3.951,1	4.047,0	2,4

(Miles de euros)

02	D. XERAL DE URBANISMO	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	2.623,6	2.806,9	7,0
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	253,3	202,2	-20,2
Cap. VI	Investimentos reais	13.481,7	14.036,0	4,1
Cap. VII	Transferencias de capital	11.720,4	12.969,1	10,7
TOTAL		28.079,0	30.014,3	6,9

(Miles de euros)

03	D. XERAL DE OBRAS PÚBLICAS	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	11.315,0	11.629,3	2,8
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	1.178,0	1.406,4	19,4
Cap. IV	Transferencias correntes	1.010,9	760,9	-24,7
Cap. VI	Investimentos reais	142.555,1	159.970,7	12,2
Cap. VII	Transferencias de capital	26.916,0	20.832,1	-22,6
TOTAL		182.974,9	194.599,4	6,4

(Miles de euros)

04	D. XERAL DE TRANSPORTES	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	2.796,4	2.900,6	3,7
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	405,2	485,2	19,7
Cap. IV	Transferencias correntes	2.564,6	2.277,7	-11,2
Cap. VI	Investimentos reais	6.106,2	8.041,5	31,7
Cap. VII	Transferencias de capital	19.106,2	17.771,9	-7,0
TOTAL		30.978,6	31.476,9	1,6

(Miles de euros)

60	INST. GALEGO DA VIVENDA E SOLO	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	5.988,1	6.117,8	2,2
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	1.790,4	1.741,4	-2,7
Cap. III	Gastos financeiros	1.589,7	679,3	-57,3
Cap. IV	Transferencias correntes	0,0	86,6	
Cap. VI	Investimentos reais	74.047,0	71.418,7	-3,5
Cap. VII	Transferencias de capital	56.923,4	67.723,5	19,0
Cap. VIII	Activos financeiros	2.378,0	2.076,0	-12,7
TOTAL		142.716,7	149.843,2	5,0

(Miles de euros)

	SERVICIO	2002	2003	% Var.
01	SECRETARÍA XERAL	3.951,1	4.047,0	2,4
02	D. XERAL DE URBANISMO	28.079,0	30.014,3	6,9
03	D. XERAL DE OBRAS PÚBLICAS	182.974,9	194.599,5	6,4
04	D. XERAL DE TRANSPORTES	30.978,6	31.476,9	1,6
60	INST. GALEGO DA VIVENDA E SOLO	142.716,7	149.843,2	5,0
TOTAL		388.700,3	409.980,9	5,5

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transfer. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Persoal	20.119,2	20.816,9	5.988,1	6.117,8			26.107,3	26.934,7
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	2.349,4	2.606,8	1.790,4	1.741,4			4.139,8	4.348,1
Cap. III Gastos financeiros			1.589,7	679,4			1.589,7	679,4
Cap. IV Transferencias correntes	11.348,1	9.940,9		86,6	7.742,6	6.872,3	3.605,5	3.155,2
OPERACIÓN CORRENTES	33.816,7	33.364,6	9.368,2	8.625,1	7.742,6	6.872,3	35.442,3	35.117,4
Cap. VI Investimentos reais	162.167,0	182.072,1	74.047,0	71.418,7			236.214,0	253.490,8
Cap. VII Transferencias de capital	108.087,2	105.427,9	56.923,4	67.723,5	50.344,6	53.854,7	114.666,0	119.296,6
Cap. VIII Activos financeiros			2.378,0	2.076,0			2.378,0	2.076,0
OPERACIÓN DE CAPITAL	270.254,1	287.500,0	133.348,5	141.218,2	50.344,6	53.854,7	353.258,0	374.863,5
TOTAL BRUTO	304.070,8	320.864,6	142.716,7	149.843,3	58.087,2	60.727,0		
TRANSFERENCIAS INTERNAS	58.087,2	60.727,0						
TOTAL CONSOLIDADO	245.983,6	260.137,6	142.716,7	149.843,3	58.087,2	60.727,0	388.700,3	409.980,9

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2002			2003			% Var.		
	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL
XESTUR A CORUÑA, S.A.	13.864,0	614,0	14.478,0	28.844,0	6.036,0	34.880,0	108,0	883,1	140,9
XESTUR LUGO, S.A.	6.268,0	300,0	6.568,0	9.346,0	357,0	9.703,0	49,1	19,0	47,7
XESTUR OURENSE, S.A.	24.698,0	672,0	25.370,0	30.109,0	6.280,0	36.389,0	21,9	834,5	43,4
XESTUR PONTEVEDRA, S.A.	22.366,0	422,0	22.788,0	15.686,0	256,0	15.942,0	-29,9	-39,3	-30,0
PORTOS DE GALICIA	14.842,0	21.133,0	35.975,0	15.319,0	21.338,0	36.657,0	3,2	1,0	1,9
OBRAS E SERV. HIDRÁULICOS	1.937,0	62.037,0	63.974,0	2.654,0	58.808,0	61.462,0	37,0	-5,2	-3,9

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	9	9
<i>Persoal funcionario</i>	442	439
Grupo A	129	127
Grupo B	54	54
Grupo C	112	111
Grupo D	123	123
Grupo E	24	24
<i>Persoal laboral</i>	378	378
Grupo III	169	169
Grupo IV	130	130
Grupo V	79	79
<i>Outro persoal</i>	9	9
TOTAL	838	835

Instituto Galego da Vivenda e Solo

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	2	2
<i>Persoal funcionario</i>	225	225
Grupo A	65	65
Grupo B	30	30
Grupo C	47	47
Grupo D	66	66
Grupo E	17	17
<i>Persoal laboral</i>	10	10
Grupo III	1	1
Grupo IV	5	5
Grupo V	4	4
TOTAL	237	237

SECCIÓN 07.

***CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.***

1. COMPETENCIAS

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a quen lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado, en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; a promoción e o ensino da lingua galega; a coordinación do sistema universitario; e o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións docentes de interese galego. Todo iso de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego (modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro), a Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, e a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Por decreto 310/2001, do 17 de decembro, (DOG do 18 de decembro) establécese a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, dispoñendo no seu artigo 4º a estrutura da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos seguintes órganos superiores:

1. A Secretaría Xeral.
2. A Dirección Xeral de Persoal.
3. A Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa.
4. A Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.
5. A Dirección Xeral de Universidades.
6. A Dirección Xeral de Política Lingüística.

En cada unha das provincias da Comunidade Autónoma existe unha delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co establecido no decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, polo que se reorganiza a Administración

periférica da Xunta de Galicia e se regulan as competencias dos órganos territoriais.

Nos seus ámbitos territoriais, correspóndelles ás delegacións provinciais desempeña-las competencias determinadas no devandito decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, e as derivadas da desconcentración de competencias efectuada en virtude dos decretos 87/1990, do 15 de febreiro e o 88/1990, do 18 de febreiro, así como todas aquelas que lle sexan atribuídas por disposición legal ou lle sexan delegadas polo conselleiro.

Os órganos colexiados da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria son os seguintes:

1. O Consello Escolar de Galicia, creado pola Lei 3/1986, do 18 de decembro.
2. O Consello Universitario de Galicia, creado pola Lei 5/1987, do 27 de maio, e modificado por Lei 11/1989, do 20 de xullo.
3. O Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos, creado pola Lei 9/1992, do 24 de xullo.
4. O Consello Galego de Formación Profesional, creado polo decreto 110/1999, do 8 de abril.
5. O Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), creado polo decreto 268/2000, do 2 de novembro.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servicios en materia de educación ata o momento, son os seguintes:

1. Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
2. Real decreto 2092/1983, do 28 de xullo, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos os servicios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación.
3. Real decreto 2794/1986, do 30 de decembro, sobre ampliación de servicios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación non universitaria (institutos de orientación educativa e profesional).
4. Real decreto 1724/1987, do 18 de decembro, sobre ampliación de servicios e medios en materia de educación non universitaria (centros de formación profesional regrada).

5. Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servicios e institucións e de medios persoais, materiais e orzamentarios en materia de universidades.
6. Real decreto 1457/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanza de Graduado Social.
7. Real decreto 1460/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servicios do Estado en materia de Ensinanzas Superiores de Mariña Civil.
8. Real decreto 87/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de servicios da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de ensino.
9. Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos ós servicios da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación
10. Real decreto 1752/1999, de 19 do novembro, sobre ampliación de servicios da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, de 24 de xullo, en materia de educación.

2. OBTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

2.1 DA CONSELLERÍA

Proporcionar ás distintas unidades da consellería, servicios centrais e delegacións provinciais, os medios necesarios para atender os gastos de funcionamento, reposición de material, mobiliario, acondicionamento das dependencias e aqueles outros para que os devanditos servicios poidan funcionar con normalidade.

Proseguirase coas accións proxectadas para o Museo Pedagóxico de Galicia

(Mupega) no ano 2002, co seguimento da localización e recollida dos diversos materiais, o seu tratamento e catalogación, dos que engrosarán os seus fondos, así como a programación das distintas actividades tendentes á sensibilización desta nova institución, coa finalidade de promover a recuperación, salvagarda, estudio, mostra e difusión do legado pedagóxico da nosa Comunidade Autónoma, que establece o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega).

Dentro dos obxectivos marcados pola consellería para o ano 2003, tanto no ensino infantil e primario como no secundario, atópase, por unha parte levar adiante o cumprimento dos compromisos plurianuais contraídos e por outra a construción que demande a programación educativa en zonas de crecemento, así como a adaptación dos espazos educativos ás diferentes normativas que lles son de aplicación.

Procederáse igualmente á dotación do equipamento necesario para os centros que entren en funcionamento no curso escolar 2003/2004, e para aqueles xa existentes que precisen reposición. Así mesmo, faise necesaria a adquisición de equipos para procesos de información da xestión dos propios centros educativos, tanto de ensinanza infantil como secundaria. Por outra parte faise necesario a adquisición de novo equipamento que dea resposta ás necesidades creadas coa implantación da futura Lei de calidade, tales como incorporación da primeira lingua estranxeira no nivel infantil. Así mesmo séguese adquirindo equipamento para as dotacións dos novos ciclos que se implanten en centros de secundaria e ensinanzas especiais.

No ensino universitario remataráse a construción das obras que están en fase de execución, así como a acometerse a creación de novas infraestruturas nos campus universitarios de Galicia, contempladas no acordo de financiamento do sistema universitario, programa 2000/2003.

Por outro lado, tamén se inclúen as partidas económicas necesarias para asumir o financiamento requerido polos encargos de obras e equipamento realizados á Sociedade Pública de Investimentos con motivo das esixencias debidas á implantación da reforma educativa, así como para atender os compromisos de carácter plurianual contraídos pola modalidade de “leasing”.

No relativo ás ensinanzas de réxime especial (ensinanzas artísticas), establécense as dotacións necesarias para facer efectivos os compromisos contraídos, así como a construción de novos centros, esixida pola implantación da reforma educativa, e o seu equipamento.

Prestación dos servicios e axudas complementarias compensatorias das desigualdades no ensino, como son o servicio de transporte escolar gratuíto e o servicio de comedor escolar gratuíto nos niveis obrigatorios do ensino (educación primaria e secundaria obrigatoria), así como a xestión das bolsas e axudas ó estudio nos niveis non universitarios.

Conseguí-la máxima racionalización de efectivos tanto de persoal docente como non docente que realizan a súa función nos centros e servicios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e sempre procurando logralo bo funcionamento dos centros para a impartición dunha ensinanza de calidade.

O Goberno da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ven dando pasos importantes para a aplicación do novo sistema educativo, levando a cabo diversas accións tanto para completa-la oferta das ensinanzas de réxime xeral correspondente ás etapas da Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, como na oferta de ensinanzas de Bacharelato e Formación Profesional e as de réxime especial.

As diferentes accións que se están levando a cabo constitúen un referente non só para alumnos e profesores, senón tamén para toda a sociedade galega.

Fíxose especial fincapé tanto nos ciclos formativos de grao medio como de grao superior, xa que a formación profesional constitúe unha das prioridades da oferta educativa de Goberno de Galicia, como unha parte fundamental das políticas activas de emprego, xa que deben capacitar para a inserción laboral dos alumnos.

Os ciclos formativos, os novos bacharelatos, a demanda cada día maior para a formación de persoas adultas, a necesidade e esixencia de novas accións, como a

atención á diversidade, o establecemento de programas para un mellor dominio de linguas estranxeiras, requiren un aumento de profesorado que se estima deixará de crecer coa implantación total do novo sistema educativo.

A integración de alumnos con necesidades educativas especiais fixo aparece-la figura do persoal coidador auxiliar, indispensable para a escolarización destes alumnos, prestando servizos complementarios para a asistencia e formación dos escolares con minusvalías, nos cambios de aulas ou servizos, na limpeza e aseo, etc.

Polo que se refire ó profesorado de primaria, e debido ó descenso da natalidade, estase procedendo á súa reconversión nas especialidades que esixe o novo sistema educativo en que esta consellería é deficitaria. Esta diminución do número de alumnos está permitindo que se absorban as grandes necesidades de profesorado especialista que esixe a implantación da reforma educativa sen que se incremente o cupo de funcionarios do corpo de mestres.

Por outra parte, a consellería está a culmina-lo proceso de establecemento da orientación educativa e profesional nos IES, CPI e CEIP, regulada polo Decreto 120/98, do 23 de abril. Neste campo cómpre destacar que somos a primeira comunidade autónoma que establecemos os departamentos de orientación nos centros de Primaria.

Asemade, estase a avanzar na anticipación da lingua estranxeira na Educación Infantil e Primaria. Como é sabido, esta ensinanza iníciase, de acordo co Plan de estudos, en 3º de Ensinanza Primaria, pero se esta a impartila experimentalmente na educación infantil e en 1º de Ensinanza Primaria.

Tamén é preciso destinar recursos humanos para atender ós colectivos máis desfavorecidos, a través da implementación de programas compensatorios das desigualdades existentes, fundamentalmente vía convenios con outras institucións.

Seguimento dos cambios que a futura Lei de calidade do ensino introducirá no noso sistema educativo. Así mesmo, completa-la reforma do sistema educativo non universitario expresada nos Decretos 231 e 233/2002 de modificación dos currículos

galegos do bacharelato e da educación secundaria obrigatoria, coa elaboración de novos materiais curriculares, en particular os dirixidos á potenciación dos coñecementos de carácter instrumental.

Desenvolvemento do Plan galego de formación profesional coa creación de novas estruturas e modificación doutras existentes para potencia-la mellora das ensinanzas profesionais en Galicia.

Articulación da normativa que presenta a posta en marcha da Axencia para a xestión integrada de formación profesional que, cunha unidade para a xestión integrada e outra para a calidade e avaliación, procurará a integración dos tres sistemas de formación profesional e potenciará a calidade das ensinanzas profesionais en Galicia.

Creación da unidade técnica de apoio á Secretaría do Consello Galego de Formación Profesional, coa finalidade de facilita-lo traballo do referido consello derivado do desenvolvemento do Plan galego de formación profesional.

Creación de centros integrados de formación profesional coa normativa correspondente que lle permita enfronta-la complexidade da xestión derivada dunha oferta formativa aberta ós tres subsistemas de formación profesional.

Elaboración, coa colaboración da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, do catálogo modular integrado, base da oferta institucional de formación profesional que realizarán as diversas administracións, sen prexuízo de que, ademais, os diversos subsistemas de FP incorporen outros módulos de formación básica, de adaptación ó posto de traballo, etc., ou outras accións formativas de carácter máis especializado, en función das necesidades dos diversos colectivos destinatarios.

Revisión da oferta formativa de ciclos formativos de grao medio e superior en tódalas familias profesionais adecuando estas ás necesidades do mundo productivo e ós requirimentos do emprego de cada comarca de Galicia.

Elaboración dun plan para o desenvolvemento de proxectos de innovación didáctica, metodolóxica e de deseño de novos materiais didácticos para o ensino da

formación profesional; á vez que desenvolver unha cultura preocupada e interesada por investigar e innova-la didáctica da formación profesional.

Cataloga-lo material didáctico co que están dotados os ciclos formativos de formación profesional para inicia-la renovación e reposición do equipamento e material dos centros e/ou institucións que imparten formación profesional.

Potenciación da oferta modular parcial dos ciclos formativos de Formación Profesional dirixida a adultos en busca de emprego e a traballadores en activo, para facilita-la obtención dun itinerario profesional que supoña a mellora das condicións laborais das persoas.

Articular unha oferta modular integrada nos centros educativos onde se imparta formación profesional regrada, abríndoa ós usuarios dos outros dous subsistemas de formación profesional, coa finalidade de avanzar na integración dos tres subsistemas que contempla o Plan galego de formación profesional.

Continuar coa autorización de novos programas de garantía social, promovendo especialmente os de modalidade B ou de iniciación profesional que ofertan unha maior variedade de perfís, garantindo un abano máis amplo de titulados e, polo tanto, unhas expectativas maiores de inserción laboral.

Continuar coa oferta de cursos de formación continua iniciada no ano anterior en centros que imparten formación profesional regrada, para permiti-la actualización ou recualificación profesional dos traballadores en activo.

Potencia-las relacións coas empresas para coñecer cales son as demandas formativas en cada sector productivo, á vez que posibilita-la realización de actividades de formación para profesores e traballadores, así como a realización de prácticas dos alumnos en situacións reais de traballo.

Creación dun rexistro de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia que permita potencia-las ensinanzas profesionais en relación directa coas demandas do tecido productivo, favorecendo a realización de formación en centros de traballo, a formación

do profesorado, a formación de titores de empresa, o contraste de contidos formativos e a recualificación dos traballadores en activo.

Promove-la realización dun maior número de estadías en empresas por parte do profesores de formación profesional, especialmente os que van desenvolve-la súa labor docente nos novos centros integrados.

Facilita-la obtención dunha cualificación profesional ás persoas que, na actualidade, non posúen os requisitos necesarios para obtela dentro da formación profesional regrada mediante a elaboración de materiais que permitan a preparación dunha proba de acceso a ciclos formativos de formación.

Creación dun sistema integrado de orientación e información profesional, poñendo a disposición dos orientadores do sistema educativo e dos orientadores laborais, un soporte informático común que facilite ó cidadán un coñecemento máis axeitado das demandas do tecido productivo, e procurando unha formación integral de tódolos orientadores da rede.

Reestructuración do acceso e probas de admisión a ciclos formativos de grao medio de formación profesional, coa finalidade de facilita-lo acceso a estas ensinanzas a toda a poboación da Comunidade Autónoma.

Incorporar 10 centros educativos á rede de centros que están desenvolvendo programas de mellora da calidade, ampliando estes plans de mellora a outros niveis educativos, ademais do de secundaria, e a outras institucións relacionadas coa educación como os centros de formación e recursos.

Elaboración e difusión de materiais curriculares dos programas de garantía social que faciliten a súa impartición o que redundará nunha mellora da calidade das ensinanzas profesionais.

Sinatura dun acordo-marco coas universiades galegas e elaboración do estudio correspondente que permita a validación entre módulos profesionais dos ciclos formativos e asignaturas das diplomaturas universitarias, coa finalidade de facilita-la formación dos novos titulados.

Potencia-los centros de educación e promoción de adultos (EPA) como centros de referencia en cada unha das cidades importantes da nosa comunidade, nos que se imparte toda a oferta de ensinanzas de persoas adultas, tanto na modalidade presencial, como a distancia.

Elaboración dun Plan Marco de formación permanente do profesorado, de duración plurianual, que contemple as necesidades sentidas polo profesorado, así como as derivadas das modificacións dos currículos de educación secundaria e as que poida xera-la nova lei de calidade.

Continuar co desenvolvemento do Decreto 245/1999, a través da publicación dunha orde na que se recollan aspectos organizativos das estruturas de formación permanente do profesorado e se defina a figura do coordinador de formación nos centros educativos.

Incidirase, de xeito especial, no fomento de habilidades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación e coa implantación de plans de mellora continua da calidade da educación.

A dispoñibilidade de redes, servidores e servicios que proporciona o proxecto Siega permitirá que durante o curso 2002-03 se inicie, de forma sistemática, unha oferta de formación permanente a través da rede (teleformación), incrementando substancialmente a oferta puntual que se levou a cabo no curso 2001-02, o que permitirá aumentar tanto o número de prazas como a variedade das accións formativas.

Poranse en marcha accións encamiñadas á promoción dos valores básicos para a vida e a convivencia, establecendo programas e accións formativas sobre atención á diversidade, dimensión europea da educación, interculturalidade, minorías étnicas e inmigración.

Potenciación da innovación educativa en Galicia, coa realización de convocatorias de premios dirixidos ó recoñecemento do profesorado con máis presenza no desenvolvemento de novos materiais e actividades educativas, tanto de carácter xeral como en ámbitos específicos como son o fomento da convivencia e da tolerancia nos nosos centros educativos ou o ensino dos temas transversais do currículo.

Colaboración coa Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento no establecemento de convocatorias destinadas á realización de actividades de investigación no eido educativo na nosa Comunidade Autónoma.

Elaboración dun Plan de educación compensatoria en Galicia, coa finalidade de mellorar e coordina-las atencións educativas que se están a prestar ó alumnado que por razóns de tipo cultural ou social parten dunha situación de desigualdade no acceso ó dereito á educación e, polo tanto, requiren de medidas de carácter compensatorio. Neste colectivo ocupa un papel destacado, xunto coas etnias cunha ampla tradición cultural na nosa Comunidade, o alumnado inmigrante, ó preverse o mantemento do ritmo de crecemento actual no seu número.

Desenvolvemento da ordenación da educación especial, co establecemento, en primeiro lugar, dos procedementos para escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais, nos que ocupará un papel central a dotación de departamentos de orientación nos centros de educación especial, a creación, habilitación ou autorización de aulas substitutivas dos centros específicos de educación especial, coa finalidade de achegar estes servicios ás comarcas que non contén con eles, así como as medidas para a atención do alumnado hospitalizado ou sen posibilidades de abandona-lo seu domicilio. Así mesmo, completar ese desenvolvemento coa publicación de normativa relativa ás ensinanzas específicas de educación especial e ós recursos para estas atencións educativas.

Potenciación das ensinanzas de persoas adultas en tódolos niveis educativos: alfabetización para inmigrantes, niveis I e II, educación secundaria para adultos, ensinanza de idiomas, programas de garantía social e bacharelatos, cunha especial énfase na modalidade de “distancia”, para favorece-la aprendizaxe daquelas persoas que, polas súas condicións, resúltalles difícil acceder a un centro educativo de xeito continuado.

Potenciación dos idiomas estranxeiros nos centros educativos que permita que os alumnos e a poboación, en xeral, poidan realizar actividades formativas que permitan unha comunicación máis fluída no idioma estranxeiro. Deste xeito, continuar coa autorización de centros de educación infantil e primaria nos que se anticipa o comezo do ensino das linguas estranxeiras, de institutos de ensino secundario nos que se imparten ensinanzas de idiomas de réxime especial, de formación específica do alumnado de ciclos formativos e de formación do profesorado. Así mesmo, continuar coa participación da nosa Comunidade Autónoma no programa de ensino do inglés a distancia “*That’s English!*”.

Aumento da oferta de centros que imparten seccións europeas, nas que se imparte unha materia non lingüística da educación secundaria obrigatoria ou bacharelato incorporando unha lingua estranxeira. Así mesmo, desenvolvemento de materiais específicos para estas actividades.

Publicación electrónica da estrutura dos servizos de orientación. Adscrición dos departamentos de orientación.

Revisión da oferta de ensinanzas de bacharelato e de educación secundaria obrigatoria, coa finalidade de adaptala ás demandas existentes na poboación escolar galega.

Continuar coas accións postas en marcha en anos anteriores que permiten que un gran número de alumnos e profesores poidan participar en intercambios escolares con centros de diferentes países e rexións europeas, cunha dobre finalidade, aprender idiomas e ter un maior coñecemento da realidade social e cultural dos países da Unión Europea, así como daqueles que proximamente teñen previsto a súa integración.

Coordina-lo funcionamento do sistema universitario de Galicia realizando as accións que establece a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, no seu artigo 11.2.

Realizar convenios para a prestación de servizos en orde a mellora-la calidade do sistema universitario de Galicia.

Axudas para estadias do profesorado visitante nas universidades galegas.

Axudas para a formación do profesorado universitario en novas titulacións, e na materia que imparten.

Consolidación e incremento da avaliación da investigación ó amparo do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, e da Orde do 5 de febreiro de 1990.

Plan para a promoción do profesorado funcionario e a estabilidade do profesorado contratado das universidades galegas.

Bolsas para realizar estudos no Colexio de Europa en Bruxelas.

Premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia.

Axudas para a asistencia a congresos, simposios e seminarios.

Financiamento de viaxes para estadias nalgún estado membro da Unión Europea co obxecto de coñecer a lingua dese país.

Axudas complementarias do programa de acción da comunidade europea de mobilidade de estudantes (Sócrates-Erasmus).

Bolsas para fillos de emigrantes galegos que veñan cursar estudos ás universidades galegas.

Axudas a asociacións de estudantes das universidades galegas.

Axudas a estudantes das universidades galegas para a realización de viaxes culturais de carácter pedagóxico.

Axudas para a realización de prácticas recoñecidas nos plans de estudos.

Axudas para alumnos universitarios galegos que realizan estudos nas universidades de fóra de Galicia por non existir a titulación que cursan no sistema universitario de Galicia.

Bolsas para realizar estudos de terceiro ciclo.

Bolsas para os alumnos universitarios de colaboración nos distintos departamentos das universidades galegas.

Axudas ós estudantes universitarios do sistema universitario de Galicia interesados en solicitar os créditos para o financiamento dos seus estudos universitarios.

Axudas ós estudantes do sistema universitario de Galicia interesados en solicitar os créditos para o financiamento dos seus estudos de terceiro ciclo.

Bolsas para que os estudantes universitarios participen no programa Séneca-Sicue.

Bolsas para favorecer o distrito aberto nas universidades galegas.

Bolsas para que os fillos de emigrantes residentes en Iberoamérica se incorporen ó sistema universitario galego.

Axudas de carácter especial ós estudantes galegos, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivados por causas sobrevidas e non previstas.

O obxectivo global do programa 353E -Fomento da lingua galega- é o de potencia-lo uso normal da lingua galega en convivencia co castelán e así aproveita-la riqueza da posesión de dúas linguas oficiais.

Este obxectivo xeral concrétese noutros tres:

1. Aprender a valora-lo feito lingüístico galego.
2. Prestixia-lo uso do idioma galego.
3. Potencia-la proxección do galego na sociedade.

Estes tres obxectivos materialízanse nos seguintes campos de actuación:

1. Formación.
2. Investigación.
3. Divulgación.

Deste xeito, faise do galego unha lingua moderna no léxico e nos medios para que poida ser, en tódolos campos e sectores da poboación (mesmo naqueles menos proclives ó seu uso), lingua de uso cotián e normal en convivencia fructífera co castelán.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 321A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE EDUCACIÓN

1. Descrición.

01 SECRETARÍA XERAL

Coas dotacións deste programa aténdense os gastos de funcionamento dos servizos centrais e delegacións provinciais, así como se fai fronte á adquisición de material mobiliario para acadar un mellor servizo e información ós cidadáns.

Así mesmo cóntase coa dotación económica para atende-los gastos derivados das accións proxectadas para o Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), co seguimento da localización e recollida dos diversos materiais, o seu tratamento e catalogación, dos que engrosarán os seus fondos, así como a programación das distintas actividades tendentes á sensibilización desta nova institución, coa finalidade de promove-la recuperación, salvagarda, estudio, mostra e difusión do legado pedagóxico da nosa Comunidade Autónoma, que establece o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega).

02 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL

Neste programa atópase a dotación orzamentaria para o pagamento da nómina dos altos cargos, persoal eventual de gabinete, funcionarios e laborais dos servizos administrativos.

2. Actividades.

01 SECRETARÍA XERAL

1. Atende-los gastos de funcionamento dos servizos centrais e delegacións provinciais.
2. Adquisición de diverso mobiliario para as dependencias dos servizos centrais e delegacións provinciais.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Persoal.

PROGRAMA 322A. EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO

1. Descrición.

01 SECRETARÍA XERAL

Continuarase coa execución das obras que xa se están realizando e a reposición dos centros que o precisen, así como se dará resposta á programación educativa mediante a construción en zonas de crecemento, e a súa adaptación dos espazos educativos ás diferentes normativas que lles son de aplicación.

Igualmente levaranse adiante as obras de reparacións e melloras dos centros que o necesiten.

Procederáse igualmente á adquisición do material educativo para o equipamento dos centros que se poñan en funcionamento e para a reposición do deteriorado polo uso, así como á adquisición de equipos para procesos de información da xestión dos propios centros educativos de Ensino Infantil e Primario. Así mesmo adquirirase o novo equipamento que dea resposta á implantación da futura Lei de calidade, tales como a incorporación da primeira lingua estranxeira no nivel infantil.

Tamén se inclúe neste programa o financiamento requerido polos encargos de obras realizados a SPI para proxectos de Educación Infantil e Primaria.

Facilita-lo acceso dos centros docentes á sociedade da información e comunicación. Posibilita-la transmisión de información, correo electrónico, acceso a internet, a creación de bases de información temáticas, producións colectivas con texto e imaxes, organización de foros para alumnos e profesores, intercambio de información, teleensinanza, etc.

Dentro do Capítulo VII tamén se destina unha partida económica para realizar obras cofinanciadas cos concellos.

02 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL

Neste programa atópase a dotación orzamentaria para o pagamento da nómina dos funcionarios docente de educación infantil e primaria e de persoal funcionario non docente en colexios públicos.

Outra das finalidades deste programa é sufraga-los gastos xerados polos tribunais encargados de xulga-los procesos selectivos para ingreso no corpo de mestres, así como sufraga-los gastos das distintas comisións que se crean tanto en servicios centrais como en delegacións para concursos de traslados, adquisicións de habilitacións, fase de prácticas, etc

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

O programa ten como finalidade atender as obrigas que se derivan, do funcionamento dos centros que imparten os niveis de educación infantil e primaria no ensino público e privado concertado co obxecto de lograr unha mellora no sistema educativo.

2. Actividades.

01 SECRETARÍA XERAL

Execución de obras e adquisición de equipamento para posta en funcionamento e adecuación dos centros educativos incluídos no programa.

02 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL

Tribunais encargados de xulgar os procesos selectivos para ingreso no corpo de mestres.

Tribunais do proceso selectivo para o ingreso no corpo de mestres e os gastos do persoal colaborador.

Comisións de valoración da fase de prácticas dos funcionarios que acceden ó corpo de mestres.

Comisións de concurso de traslados e adquisición de novas habilitacións.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Persoal.

Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa.

PROGRAMA 322C. ENSINANZAS UNIVERSITARIAS

1. Descripción.

01 SECRETARÍA XERAL

Dentro do capítulo VI deste Programa, atenderanse as incidencias que se están producindo como consecuencia da execución de obras, así como a dotación necesaria para asumir-lo financiamento dos encargos realizados a SPI referentes a centros universitarios.

As partidas do capítulo VII destinaranse a sufragar-las obras de construción de centros universitarios e á adquisición do seu equipamento, que están levando adiante as universidades de Galicia a través dos convenios incluídos no Plan de financiamento do sistema universitario para o período 2000/2003.

05 DIRECCIÓN XERAL DE UNIVERSIDADES

Este programa contén partidas orzamentarias dos capítulos II, IV e VII.

A partida orzamentaria do capítulo II, dedícase a costear-los gastos referentes ás accións necesarias para coordinar-lo funcionamento do sistema universitario de Galicia, atender-los gastos precisos para o funcionamento do Consello Universitario de Galicia e realizar convenios con diversas institucións para a prestación de servicios en orde a mellorar-la calidade do sistema universitario de Galicia.

As partidas orzamentarias do capítulo IV dedícanse a:

1. Financia-la subvención incondicionada ás universidades galegas para atender-las súas necesidades (gastos de persoal docente, PAS, funcionamento e mellora das ratios de calidade).
2. Igualmente se financia a subvención ós centros asociados da UNED.
3. Co fin de sentar-las bases dun profesorado plenamente capacitado para desenvolver-la súa actividade docente cun nivel de calidade axeitado ó servicio que desenvolven dedícase unha partida deste programa para o dito fin.

4. Dedicouse unha partida para cubri-los gastos de persoal derivados da avaliación positiva nalgún tramo de investigación ó amparo do RD 1086/1989, do 28 de agosto, e da Orde do 3 de febreiro de 1990. Esta partida dótese sen prexuízo do incremento que sexa preciso para pagar, previa a certificación das universidades, o custo total e real dos tramos de investigación do ano 2003.
5. Segundo o convenio asinado coa Administración Central do Estado dedícase unha partida á promoción e á estabilidade do profesorado universitario.
6. Co fin de promover e estimula-lo asociacionismo universitario e as actividades de carácter formativo e científico dos estudantes deste nivel do ensino como modo de potencia-lo dinamismo da universidade, dedícase unha partida deste programa.
7. Dedícase outra partida ó financiamento de determinadas accións de apoio económico ós estudantes do Sistema Universitario de Galicia (bolsas para alumnos que realizan fóra de Galicia estudos universitarios correspondentes a titulacións non implantadas no sistema universitario de Galicia, premios fin de carreira, financiamento de viaxes para estadias nalgún estado membro da UE, complementarias Erasmus, realización de viaxes culturais de carácter pedagóxico, axudas para desprazamentos para a realización de prácticas, bolsas para fillos de emigrantes que veñan a realizar estudos ás universidades galegas, axudas para solicita-los créditos para o financiamento dos seus estudos, e de terceiro ciclo, bolsas de terceiro ciclo, bolsas de colaboración, bolsas de carácter especial.

O capítulo VII dedicarase a sufragar-los gastos de reparación, ampliación e mellora das instalacións universitarias.

Outra partida dedícase a financia-lo consorcio de bibliotecas universitarias, segundo o establecido no convenio asinado e aprobado polo Consello da Xunta.

Igualmente se financia a subvención ós centros asociados da UNED.

2. Actividades.

01 SECRETARÍA XERAL

As necesarias para levar adiante as obras e equipamento necesario para a posta en funcionamento dos centros universitarios.

05 DIRECCIÓN XERAL DE UNIVERSIDADES

1. Capítulo II:

Funcionamento, apoio e coordinación do sistema universitario de Galicia.

2. Capítulo IV:

- A) Subvención incondicionada ás universidades galegas para atender as súas necesidades.
- B) Subvención á Fundación Rof Codina.
- C) Subvención ós centros asociados da UNED.
- D) Consolidación e incremento da avaliación da investigación.
- E) Promoción e estabilidade do profesorado universitario.
- F) Convenios con universidades.
- G) Organización de congresos.
- H) Subvención a asociacións estudiantís.
- I) Bolsas de apoio á formación e actualización do profesorado universitario.
- J) Bolsas a estudantes universitarios.

3. Capítulo VII:

- A) Reparación, ampliación e mellora das instalacións universitarias.
- B) Participación no Consorcio de Bibliotecas.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Universidades.

PROGRAMA 322D. EDUCACIÓN ESPECIAL

1. Descrición.

02 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL

Neste programa atópase a dotación orzamentaria para o pagamento da nómina de persoal funcionario non docente e laboral de centros de educación especial.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

Destínase este programa a atender as obrigas polos centros que imparten ensinanzas a alumnos con necesidades especiais e deste xeito poder desenvolver as súas capacidades. Para isto dótanse ós centros das contías necesarias para os seus gastos de funcionamento.

2. Actividades.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Persoal.

Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa.

PROGRAMA 322E. ENSINANZAS ARTÍSTICAS

1. Descrición.

01 SECRETARÍA XERAL

Neste programa levarase adiante o cumprimento dos compromisos plurianuais contraídos, a construción de novos centros de ensino de réxime especial esixidos pola implantación da reforma educativa, así como a correspondente dotación económica que ampare as incidencias que se produzan na súa execución e para a adquisición do equipamento necesario para a súa posta en funcionamento.

Dentro do cap. VII tamén se destina unha partida económica para realizar obras cofinanciadas cos concellos.

02 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL

Neste programa atópase a dotación orzamentaria para o pagamento da nómina do persoal docente e laboral de centros de ensinanzas artísticas.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

O programa, no que se inclúen os Conservatorios De Música, Escolas De Artes Aplicadas E Oficios Artísticos e a Escola de Restauración de Bens Culturais, destínase a conseguir que os ditos centros poidan desenvolver adecuadamente o seu labor, para o cal se lles transfiren as contías necesarias para os gastos de funcionamento. Así mesmo, a través do programa, as ensinanzas musicais son potenciadas a través das escolas de música mediante as oportunas convocatorias de axudas.

2. Actividades.

01 SECRETARÍA XERAL

Execución das obras e dotación de equipamento.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Persoal.

Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa.

PROGRAMA 322G. ENSINANZAS ESPECIAIS

1. Descrición.

02 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL

Neste programa atópase a dotación orzamentaria para o pagamento da nómina de persoal docente de centros de ensinanzas especiais.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

Con este programa son atendidas as obrigas das escolas oficiais de idiomas mediante a transferencia das contías precisas para gastos de funcionamento.

2. Actividades.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Persoal.

Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa.

PROGRAMA 322H. OUTRAS ENSINANZAS

1. Descrición.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

Destínase o programa a atender as obrigas daqueles centros que imparten ensinanzas para adultos, así como á subvención do programa Preescolar na casa.

2. Actividades.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa.

PROGRAMA 322I. FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO

1. Descrición.

04 DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA E FORMACIÓN PROFESIONAL

A finalidade deste programa é ofertar ó profesorado que imparte a docencia en niveis non universitarios as actividades necesarias que permitan a súa formación continua, garantindo unha oferta diversificada e gratuíta das mesmas, que lle permita unha actualización científica, didáctica e profesional.

Dado que se está nun momento de modificación dos currículos de secundaria e bacharelato, así como na experimentación do bacharelato na modalidade de educación a distancia, xunto coas novas tecnoloxías da información e comunicación, a oferta formativa vai a incidir máis sobre o profesorado que vai a impartir ou está impartindo esas ensinanzas.

Con carácter particular atenderá tamén ás necesidades derivadas da implantación xeral de ensinanzas de adultos, da posta en marcha dos departamentos de orientación e dos programas de mellora da calidade.

A publicación do Decreto 245/1999, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte ensinanzas de niveis non universitarios, esixe unha atención especial a todas aquelas accións que van dirixidas ó desenvolvemento del e, moi especialmente, á implantación das novas estruturas de formación do profesorado.

2. Actividades.

04 DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA E FORMACIÓN PROFESIONAL

as accións formativas dirixidas ó profesorado figuran recollidas no Plan anual de formación e no plan de formación para o profesorado de formación profesional específica.

Entre as máis salientables atópanse as seguintes:

1. Proxectos de formación e asesoramento do profesorado nos propios centros.
2. Seminarios permanentes e grupos de traballo.
3. Estadías formativas no estranxeiro para o profesorado de idiomas.
4. Estadías en empresas para o profesorado de formación profesional.
5. Períodos remunerados de licencia por estudos.
6. Axudas a movementos de renovación pedagóxica, asociacións e fundacións con fins pedagóxicos para a realización de actividades formativas.
7. Reintegros individuais por asistencia a actividades de formación organizadas por institucións alleas á Consellería de Educación.
8. Programa de actividades dirixidas ó profesorado das distintas áreas e materias do currículo: encontros, xornadas, cursos, etc.
9. Desenvolvemento da nova estrutura de formación do profesorado, establecida no Decreto 245/1999, a través da:
 - A) Potenciación dos centros de formación e recursos
 - B) Elaboración de normativa para implementa-lo disposto no referido decreto.
 - C) Desenvolvemento dun plan específico de formación nas tecnoloxías da comunicación e da información.
10. Desenvolvemento de programas de formación e actualización para o profesorado que vai impartir ensinanzas de persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia.
11. Deseño e desenvolvemento de programas de formación para os equipos directivos encargados de poñer en marcha programas de mellora da calidade.
12. Deseño e desenvolvemento dunha plataforma para a teleformación.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.

PROGRAMA 322S. FORMACIÓN PROFESIONAL. FSE

1. Descrición.

02 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL

Neste programa atópase a dotación orzamentaria para o pagamento da nómina de persoal docente de centros de Formación Profesional.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

Este programa pretende, mediante a aplicación de fondos europeos ós gastos de funcionamento dos centros nos que se imparten ciclos formativos e programas de garantía social, unha mellora na calidade do ensino.

04 DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA E FORMACIÓN PROFESIONAL

Renovación dos estudos de formación profesional tendo en conta os constantes demandas que proveñen do mundo productivo.

Esta renovación ten por obxectivo adapta-la oferta educativa que permita acadar unha cualificación acorde coas necesidades tecnolóxicas e coa evolución do mercado de traballo.

2. Actividades.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

04 DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA E FORMACIÓN PROFESIONAL

1. Continuidade na elaboración de estudos prospectivos das necesidades de formación inicial que permitan o deseño de ensinanzas profesionais emerxentes tanto de carácter regrado (formación profesional específica) como non regrado.
2. Incrementar e posibilita-las oportunidades e opcións de adquirir formación de base e formación profesional.

3. Estimular e asegura-la adquisición das competencias profesionais requiridas nos diversos campos ocupacionais da produción.
4. Conseguir unha formación profesional de calidade, asegurando niveis de calidade homologables no contexto europeo, que posibilite a súa valoración polas organizacións productivas e que sexa percibida pola sociedade en xeral, en función das posibilidades de acceso ó emprego e de progreso profesional e social, que debe obter coa mellora dos seus estándares de calidade.
5. Fomenta-la innovación e desenvolvemento de técnicas didácticas e tecnolóxicas en estreito contacto cos sectores productivos e coas empresas ubicadas nas diferentes comarcas.
6. Elaboración e publicación dos itinerarios formativos dos profesores que imparten ciclos formativos de formación profesional. Os ditos itinerarios responden ás necesidades de actualización científico-técnica. O profesorado ten que adapta-los seus coñecementos ó perfil que requiren os novos estudos de FP así como complementa-la formación inicial dos docentes proporcionándolles unha cualificación modular e flexible que facilite a súa incorporación ás novas técnicas e a polivalencia fronte ós deseños curriculares dos ciclos formativos.
7. Potencia-las ensinanzas non vocacionais para que o tecido productivo dispoña de persoas cualificadas naquelas familias profesionais nas que hai pouca demanda de alumnado.
8. Realización de estadias formativas que permitan adquirir experiencias en empresas e centros de traballo e que fomenten a cooperación entre eles e o contorno productivo.
9. Oferta de programas de garantía social en centros públicos para o alumnado que non acadou os obxectivos do ensino obrigatorio, proporcionando unha formación básica e profesional que lles permita incorporarse ó mundo laboral ou proseguir estudos na formación profesional de grao medio.
10. Posibilitar que preto de 14.000 alumnos que están cursando ensinanzas de formación profesional poidan realiza-la formación en centros de traballo e, á súa vez, concederlle as axudas económicas para aqueles que teñen que desprazarse ás empresas. Facilitando que poidan realizar estancias formativas en empresas de países da Unión Europea.

11. Oferta de programas de orientación profesional dirixidos a alumnos de ciclos formativos de graos medio e superior, programas de garantía social, así como a tódolos alumnos que se encontran en estudos terminais dunha determinada etapa ou nivel educativo.
12. Realizar accións de información para a difusión do módulo de formación en centros de traballo nos distintos sectores productivos e accións de formación ós titores das empresas.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Persoal.

Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa.

Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.

PROGRAMA 322T. ENSINANZA SECUNDARIA

1. Descrición.

01 SECRETARÍA XERAL

Continuarase coa execución das obras que xa se están realizando e as de reposición nos centros que o precisen, así como darase resposta á programación educativa mediante a construción en zonas de crecemento, e a adaptación dos espazos educativos ás diferentes normativas que lles son de aplicación.

Igualmente levaranse adiante as obras de reparacións e melloras dos centros que o necesiten.

Procederáse igualmente á adquisición do material educativo para equipamento dos centros de ensino secundario, tanto de nova creación como de reposición incluíndose o equipamento necesario para as dotacións dos novos ciclos que se implanten en centros de secundaria e ensinanzas especiais, así como para atende-la financiación dos

compromisos de carácter plurianual contraídos tanto a través da modalidade de leasing, como dos encargos a SPI para a execución de obras e equipamento incluídos neste programa.

Facilita-lo acceso dos centros docentes á sociedade da información e comunicación. Posibilita-la transmisión de información, correo electrónico, acceso a internet, a creación de bases de información temáticas, producións colectivas con texto e imaxes, organización de foros para alumnos e profesores, intercambio de información, teleensinanza, etc.

02 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL

Neste programa atópase a dotación orzamentaria para o pagamento da nómina de persoal funcionario docente de ensino secundario así como de persoal funcionario e laboral non docente de centros de ensino secundario.

Outra das finalidades deste programa é sufragar-los gastos xerados polos tribunais encargados de xulgar-lo proceso selectivo para ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, así como dos tribunais da convocatoria de acceso a cátedras.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

Destínase este programa a atender-las obrigas dos centros que imparten o ensino secundario, tanto público como privado concertado.

04 DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA E FORMACIÓN PROFESIONAL

Mellora da calidade educativa facilitando a preparación dos alumnos para a actividade nun campo profesional, proporcionándolles unha formación polivalente que lles permita adaptarse ás modificacións laborais que se poidan producir ó longo da vida.

Establecer unha estreita vinculación entre as necesidades de formación do mundo productivo e as ensinanzas que se imparten nos centros de secundaria, bacharelato, artes, formación profesional.

Potencia-la ensinanza de idiomas estranxeiros a través da ensinanza presencial mediante a autorización de máis ensinanzas de idiomas do ciclo elemental nas escolas oficiais de idiomas e nos institutos de educación secundaria, ofertandoas a tódalas persoas maiores de 16 anos.

Autorizar novos institutos de educación secundaria e centros públicos integrados para establecer seccións europeas e elaboración de materiais para o ensino bilingüe.

2. Actividades.

01 SECRETARÍA XERAL

Execución das obras e dotación do equipamento.

02 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL

1. Tribunais encargados de xulga-los procesos selectivos para ingreso no corpo de PES.
2. Tribunais encargados de xulga-lo acceso a cátedras.
3. Tribunais do proceso selectivo para o ingreso no corpo de PES e os gastos do persoal colaborador.
4. Tribunais para o acceso a cátedras.
5. Comisións de valoración da fase de prácticas dos funcionarios que acceden ó corpo de PES.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

04 DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA E FORMACIÓN PROFESIONAL

1. Elaboración de materiais curriculares e didácticos que faciliten a orientación do profesorado na súa actividade docente nas novas ensinanzas profesionais, así como as novas funcións de orientación educativa e profesional.
2. Promove-la formación e o apoio dos profesores para a integración das novas tecnoloxías da información e comunicación na práctica pedagóxica.
3. Análise e proposta de autorización de libros de texto e outros materiais curriculares que se van utilizar nas aulas.

4. Planifica-las probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria, así como as probas de acceso ós estudos de formación profesional e artes plásticas.
5. Convocatoria de premios de traballos de innovación educativa, tolerancia e transversalidade.
6. Xestión de programas de intercambio e cooperación en colaboración coas comunidades autónomas e o Ministerio de Educación, Cultura e Deportes.
7. Edición de currículos e desenvolvementos curriculares dos ciclos formativos e dos programas de garantía social, da educación secundaria e bacharelato, así como materias de uso en liña para o portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
8. Orientar ós centros docentes sobre o acceso á universidade coordinando as accións coa Comisión Interuniversitaria de Galicia.
9. Coordinación do programa de novos medios audiovisuais e informáticos.
10. Potencia-las axudas a alumnos e profesores que lles permitan a realización de intercambios con estados membros da Unión Europea.
11. Dotar ós centros de aulas multimedia cos equipamentos necesarios para a aprendizaxe de idiomas, así como facilitar materiais didácticos multimedia coa mesma finalidade.
12. Realizar accións de información nos centros docentes e nos centros de formación e recursos para lograr unha maior participación dos nosos centros nos programas europeos “Sócrates” e “Leonardo da Vinci”, así como doutras iniciativas.
13. Promove-la realización de proxectos de interese para este departamento no ámbito dos programas das diferentes iniciativas comunitarias.
14. Realización de intercambios de experiencias entre centros docentes galegos con outros de países da Unión Europea dentro da iniciativa comunitaria Interreg IIIa.
15. Producción de materiais para a potenciación da lectura e, en xeral, dos coñecementos de tipo instrumental.
16. Incrementa-lo número de centros participantes no programa internacional medioambiental “Proxecto Globe”.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Persoal.

Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa.

Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.

PROGRAMA 323A. SERVICIOS E COMPLEMENTARIOS DO ENSINO

1. Descrición.

01 SECRETARÍA XERAL

Con cargo a este programa desenvólvense as accións encamiñadas á compensación das desigualdades na educación. Especificamente fináncianse os servicios de transporte e comedores escolares públicos gratuítos.

1. CAPITULO 2.- Gastos en bens correntes.

A) ARTIGO 22 .- Material, subministracións e outros.

2. CAPITULO 6 .- Investimentos reais.

B) ARTIGO 60 .- Gastos en investimentos de carácter inmaterial.

02 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL

Neste programa atópase a dotación orzamentaria para o pagamento da nómina de persoal laboral necesario para os servicios complementarios (comedores escolares e escolas fogar).

Outra das finalidades deste programa é abona-los traballos relacionados cos procesos de concursos de traslados (estudios e traballos técnicos).

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

Destínase este programa a atende-los gastos ocasionados polo funcionamento dos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo, así como a convocatoria de axudas de libros e material escolar.

2. Actividades.

01 SECRETARÍA XERAL

1. Concepto: 221 .- Subministracións .- Subconcepto 221.07.- Comedores escolares.

Financiamento da gratuidade do servizo educativo complementario de comedor escolar nos centros docentes públicos dependentes da Comunidade Autónoma que preceptivamente deben prestalo.

2. Concepto 223 .- Transportes .- Subconcepto 223.08. Transporte escolar.

Financiamento da gratuidade da rede do servizo educativo complementario de transporte escolar nos centros docentes públicos dependentes da Comunidade Autónoma.

3. Concepto 640 .- -Subconcepto 640.0 Campañas fomento igualdade de oportunidades.

Desenvolvemento de campañas formativas relacionadas cos servizos complementarios e outros obxectivos compensadores.

03 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA

As propias para que os centros funcionen.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Persoal.

Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa.

PROGRAMA 353E. FOMENTO DA LINGUA GALEGA

1. Descrición.

Este programa materializa a promoción e fomento do coñecemento e o uso social da lingua galega.

2. Actividades.

1. Capítulo II

As partidas orzamentarias que aparecen neste capítulo dedícanse a cubri-los gastos necesarios para o normal funcionamento do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

2. Capítulo IV

Un dos obxectivos prioritarios é o de potencia-la proxección do galego na sociedade, de xeito que sexa utilizado mesmo naqueles campos e sectores da poboación ata o de agora menos proclives ó seu uso tanto no código oral coma no escrito, e moi especialmente neste último.

Para isto convócanse anualmente axudas que serán destinadas a financiar operacións correntes daquelas asociacións, colexios profesionais, cámaras de comercio e demais institucións sen fin de lucro, empresas privadas e empresas editoriais que realicen accións encamiñadas á potenciación da lingua galega e polo tanto á súa divulgación e coñecemento.

Para poder proceder á potenciación da proxección do galego na sociedade, os poderes públicos que teñen encomendada a súa promoción deben conseguir que se valore o feito lingüístico e prestixia-lo seu uso. Para iso deben promove-la investigación da lingua galega desde a perspectiva lingüística, desde a literaria e a humanística.

Nesta óptica o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades leva a cabo a súa función investigadora. Para realizar estas investigacións, dirixidas por persoal especializado (fundamentalmente universitario), é preciso formar xoves investigadores que poidan realiza-las accións que se lles encomenden, destacando entre estas a posta ó día da terminoloxía científico-técnica.

De acordo con isto convócanse bolsas destinadas a sufraga-los gastos daquel persoal que, unha vez seleccionado e formado polos directores-coordinadores dos proxectos, se dedique á investigación do mencionado centro.

Así mesmo, vanse convocar tamén bolsas para estadias no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para aqueles estudiosos da lingua e da literatura galegas, procedentes do estranxeiro, que queiran afondar máis no noso patrimonio cultural.

3. Capítulo VI

Neste capítulo inclúense tódolos programas, plans e accións necesarias para, entre outras cousas, desenvolve-lo futuro Plan de normalización lingüística de Galicia,

actualmente en fase de elaboración, e acometer campañas de promoción e sensibilización a prol da lingua galega.

Concrétase en accións dirixidas a sectores específicos:

- A) Ensino: actividades de formación e investimentos para os equipos de normalización lingüística constituídos nos centros de ensino de nivel non universitario, de acordo co Decreto 247/1995, cursos para distintos colectivos, e diversas campañas dirixidas ós escolares.
- B) Medios de comunicación.
- C) A empresa e o comercio.
- D) Mundo deportivo.
- E) Ámbito eclesiástico.
- F) Familia e outros colectivos de grande importancia social.
- G) Participación en feiras, exposicións e demostracións culturais así como presenza de profesorado galego en centros do exterior.
- H) Informática aplicada á lingua.
- I) Ámbito editorial.
- J) Así mesmo, neste capítulo contéplase o pagamento de tódolos proxectos de investigación lingüística, literaria e humanística que se desenvolven no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

4. Capítulo VII

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, nos seus títulos V (“Do galego exterior”) e VI (“Da Administración Autonómica e a función normalizadora”) estipula que o Goberno galego fará uso dos recursos que lle confiren a Constitución española e o Estatuto de autonomía para que existan servicios culturais e lingüísticos fóra da Comunidade Autónoma, e que asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega. En desenvolvemento deste mandato, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten, entre outros, o obxectivo de fomentar o estudo da lingua e da cultura galegas naqueles lugares onde haxa unha colectividade importante de galegos, ou ben un grande interese polo feito galego. Por iso mantén abertos lectorados nun número crecente de centros de ensino de fóra de Galicia.

Por outra banda, a avaliación dos acordos de cooperación asinados en anos anteriores entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, é altamente positiva en canto o efecto normalizador e normativizador do idioma galego propugnado pola Lei 5/1998, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia. En cumprimento dos mandatos desta Lei, e vistos os resultados acadados en anos anteriores, faise necesario continuar formando en lingua galega ó persoal das corporacións locais e da Xustiza, afianzando o uso da lingua galega en tódalas actividades que desenvolven, externas e internas, e nas “ferramentas” normativas e regulamentarias que utilizan de maneira cotiá.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Política Lingüística.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

	SERVICIOS						TOTAL
	01	02	03	04	05	06	
321A DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS EDUCACIÓN	3.418,2	19.338,5					22.756,7
322A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E E.S.O.	23.160,1	449.157,0	153.368,7				625.685,7
322C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	14.033,6				220.077,3		234.110,9
322D EDUCACIÓN ESPECIAL		8.832,4	7.880,4				16.712,8
322E ENSINANZAS ARTÍSTICAS	7.563,1	12.402,1	1.949,4				21.914,5
322G ENSINANZAS ESPECIAIS		7.601,9	562,4				8.164,3
322H OUTRAS ENSINANZAS			317,0				317,0
322I FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO				2.911,2			2.911,2
322S FORMACIÓN PROFESIONAL F.S.E.		15.759,9	8.900,0	4.615,6			29.275,4
322T ENSINANZA SECUNDARIA	49.644,5	466.910,8	35.611,9	1.055,2			553.222,4
323A SERVICIOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	99.988,6	9.236,5	6.891,0				116.116,1
353E FOMENTO DA LINGUA GALEGA						18.026,2	18.026,2
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	13,2						13,2
TOTAL	197.821,3	989.239,0	215.480,9	8.582,0	220.077,3	18.026,2	1.649.226,7

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS						
	I	II	III	IV	VI	VII	TOTAL
321A DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS EDUCACIÓN	19.337,9	3.076,5		132,1	210,2		22.756,7
322A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E E.S.O.	448.624,9	7.765,9		147.907,9	21.287,1	100,0	625.685,7
322C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS		1.078,0		213.738,7	1.652,8	17.641,5	234.110,9
322D EDUCACIÓN ESPECIAL	8.832,4	595,4		7.285,0			16.712,8
322E ENSINANZAS ARTÍSTICAS	12.402,1	1.057,2		892,2	7.476,3	86,8	21.914,5
322G ENSINANZAS ESPECIAIS	7.601,9	562,4					8.164,3
322H OUTRAS ENSINANZAS		233,3		83,7			317,0
322I FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO		521,1		90,2	2.300,0		2.911,2
322S FORMACIÓN PROFESIONAL F.S.E.	15.759,9	9.120,7		3.359,5	1.035,4		29.275,4
322T ENSINANZA SECUNDARIA	465.824,8	22.442,3	1.320,1	15.607,8	47.847,2	180,3	553.222,4
323A SERVICIOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	9.128,3	103.199,8		3.694,6	93,4		116.116,1
353E FOMENTO DA LINGUA GALEGA		169,7		3.209,7	12.901,0	1.745,8	18.026,2
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA					13,2		13,2
TOTAL	987.512,0	149.822,3	1.320,1	396.001,2	94.816,7	19.754,3	1.649.226,7

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	99.247,6	105.104,7	5,9
Cap. III	Gastos financeiros	1.620,1	1.320,1	-18,5
Cap. IV	Transferencias correntes	132,1	252,3	91,0
Cap. VI	Investimentos reais	73.208,3	78.396,3	7,1
Cap. VII	Transferencias de capital	12.592,5	12.747,9	1,2
TOTAL		186.800,6	197.821,3	5,9

(Miles de euros)

02	D. XERAL DE PERSOAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	957.560,7	987.512,0	3,1
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	1.727,0	1.727,0	0,0
TOTAL		959.287,7	989.239,0	3,1

(Miles de euros)

03	D. X. DE CENTROS E INSP. EDUCAT.	2002	2003	% Var.
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	39.432,1	40.626,4	3,0
Cap. IV	Transferencias correntes	166.026,4	174.854,4	5,3
TOTAL		205.458,6	215.480,9	4,9

(Miles de euros)

04	D. X. DE ORD. EDUCAT. E FORM. PROF.	2002	2003	% Var.
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	1.063,8	1.116,5	5,0
Cap. IV	Transferencias correntes	3.482,7	3.946,1	13,3
Cap. VI	Investimentos reais	3.225,2	3.519,3	9,1
TOTAL		7.771,7	8.582,0	10,4

(Miles de euros)

05	D. XERAL DE UNIVERSIDADES	2002	2003	% Var.
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	1.078,0	1.078,0	0,0
Cap. IV	Transferencias correntes	209.557,6	213.738,7	2,0
Cap. VII	Transferencias de capital	5.260,6	5.260,6	0,0
TOTAL		215.896,2	220.077,3	1,9

(Miles de euros)

06	D.X. POLÍTICA LINGÜÍSTICA	2002	2003	% Var.
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	169,7	169,7	0,0
Cap. IV	Transferencias correntes	3.209,7	3.209,7	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	12.016,0	12.901,0	7,4
Cap. VII	Transferencias de capital	1.761,0	1.745,8	-0,9
TOTAL		17.156,4	18.026,2	5,1

(Miles de euros)

SERVICIO	2002	2003	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	186.800,6	197.821,3	5,9
02 D. XERAL DE PERSOAL	959.287,7	989.239,0	3,1
03 D. X. DE CENTROS E INSP. EDUCAT.	205.458,6	215.480,9	4,9
04 D. X. DE ORD. EDUCAT. E FORM. PROF.	7.771,7	8.582,0	10,4
05 D. XERAL DE UNIVERSIDADES	215.896,2	220.077,3	1,9
06 D.X. POLÍTICA LINGÜÍSTICA	17.156,4	18.026,2	5,1
TOTAL	1.592.371,1	1.649.226,7	3,6

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transf. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Persoal	957.560,7	987.512,0					957.560,7	987.512,0
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	142.718,2	149.822,3					142.718,2	149.822,3
Cap. III Gastos financeiros	1.620,1	1.320,1					1.620,1	1.320,1
Cap. IV Transferencias correntes	382.408,5	396.001,2					382.408,5	396.001,2
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>1.484.307,5</i>	<i>1.534.655,7</i>					<i>1.484.307,5</i>	<i>1.534.655,7</i>
Cap. VI Investimentos reais	88.449,5	94.816,7					88.449,5	94.816,7
Cap. VII Transferencias de capital	19.614,1	19.754,3					19.614,1	19.754,3
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>108.063,6</i>	<i>114.571,0</i>					<i>108.063,6</i>	<i>114.571,0</i>
TOTAL BRUTO	1.592.371,1	1.649.226,7						
TRANSFERENCIAS INTERNAS								
TOTAL CONSOLIDADO	1.592.371,1	1.649.226,7	0,0	0,0	0,0	0,0	1.592.371,1	1.649.226,7

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	10	11
<i>Persoal funcionario</i>	31.395	31.358
Grupo A	12.152	12.151
Grupo B	17.353	17.355
Grupo C	182	181
Grupo D	864	850
Grupo E	844	821
<i>Persoal laboral</i>	2.198	2.243
Grupo I	33	33
Grupo II	44	44
Grupo III	45	46
Grupo IV	651	680
Grupo V	1.424	1.439
Grupo VIII	1	1
<i>Outro persoal</i>	466	466
TOTAL	34.069	34.078

SECCIÓN 08.

***CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E
COMERCIO.***

1. COMPETENCIAS

A Consellería de Industria e Comercio, coa finalidade de exercer e desenvolver as competencias e funcións que, en materia de industria, enerxía, minería, artesanía, comercio e consumo, se establecen no Estatuto de autonomía, conta para o exercicio de 2003 cun orzamento consolidado de 125.720.951 euros.

Os reais decretos que aprobaron os traspasos de funcións e servizos que desempeña a consellería son:

1. Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo, en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca.
2. Real decreto 2266/1982, do 24 de xullo, en materia de disciplina do mercado.
3. Real decreto 2276/1982, do 24 de xullo, en materia de feiras interiores, reforma de estruturas comerciais, comercio interior e Cámaras de Comercio, Industria e Navegación.
4. Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, en materia de industria, enerxía e minas.
5. Real decreto 1154/1984, do 23 de maio, en materia de pequena e mediana empresa industrial.
6. Decreto 6/1982, de 29 do xaneiro (Presidencia da Xunta), de asunción definitiva de competencias transferidas á Xunta de Galicia.
7. Decreto 115/1982, de 5 do outubro, sobre asunción de competencias en materia de feiras interiores, reforma de estruturas comerciais, comercio interior e Cámaras de Comercio, Industria e Navegación.
8. Decreto 132/1982, de 4 do novembro, sobre asunción de competencias en materia de industria, enerxía e minas e a súa asignación á Consellería de Industria, Enerxía e Comercio.
9. Decreto 134/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de disciplina de mercado.

10. Real Decreto 90/1996, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado en materia de instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría.
11. Decreto 137/1996, do 17 de abril, sobre asunción de funcións e servicios transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia mediante o Real decreto 90/1996, do 26 de xaneiro.

Por Decreto 310/2001, do 17 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, a Consellería de Industria e Comercio estrutúrase para o desempeño das súas funcións nos seguintes órganos:

1. Conselleiro.
2. Secretaría Xeral.
3. Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.
4. Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial.
5. Dirección Xeral de Comercio e Consumo.
6. Delegacións provinciais.

Como organismo autónomo ten adscrito o Instituto Galego de Consumo, creado pola Lei 8/1994, do 30 de decembro, que exerce funcións específicas en materia de defensa e protección do consumidor e usuario en Galicia, tendo como fins os que se enumeran no artigo 3 da dita lei, correspondéndolle tamén as mesmas funcións no ámbito de inspección, vixilancia do mercado e de medición e arbitraje.

Como ente público, ten adscrito o Instituto Enerxético de Galicia creado pola Lei 3/1999, do 11 de marzo, que ten como misión principal conqueri-la óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia.

Como sociedade mercantil dependente da Consellería de Industria e Comercio existe a sociedade anónima Galicia Calidade, que ten por obxecto a administración e xestión en xeral da marca de garantía “Galicia Calidade”, e en particular, o outorgamento de licencias da marca, exercendo medidas de control eficaces sobre a natureza, calidade e características dos produtos elaborados ou distribuídos coa marca de garantía “Galicia Calidade”.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

2.1 DA CONSELLERÍA

Para o cumprimento das súas funcións, os citados órganos levarán a cabo a execución de diversos créditos nos seguintes programas:

- 343A. Ordenación, información e control do consumo.
- 432A. Plan Galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.
- 441A. Elaboración e difusión estatística.
- 521A. Regulación do comercio interior e da política de prezos.
- 621A. Dirección e servizos xerais de industria.
- 622A. Actuacións administrativas sobre a industria.
- 631A. Conservación e aforro de enerxía.
- 631B. Programas de electrificación e enerxías alternativas.
- 641A. Fomento da minería.
- 661C. Ordenación e creación doutras industrias.
- 661D. Apoio á artesanía.
- 723B. Fomento e cooperación empresarial do sector naval.
- 732A. Mellora empresarial e cooperación entre as empresas.
- 741A. Potenciación da cooperación empresarial.
- 742A. Promoción grupo actividades téxtil-confección.
- 743A. Fomento grupo de actividades minerais non metálicos.
- 744A. Fomento grupo actividades de telecomunicacións e audiovisual.
- 753A. Distribución loxística e promoción comercial.
- 754A. Servizos ás empresas.
- 754B. Apoio á actividade industrial.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

O presente exercicio orzamentario se enmarca no Plan estratéxico de protección ó consumidor en Galicia 2002/2005 que establece as bases da política de consumo en Galicia para os próximos tres anos, atendendo de forma especial as peculiaridades e idiosincrasia da nosa sociedade galega, entre as que se atopan a dispersión territorial e o envellecemento da poboación. Constitúe tamén este plan, ademais, unha proxección do Plan estratéxico nacional 2002/2005, consensuado entre a Administración central e as comunidades autónomas.

Campo de actuación

Seguridade dos consumidores nos seus aspectos económicos e xurídicos. As cuestións de seguridade alimentaria quedarían fóra deste marco estratéxico xa que existe un plan específico.

Razóns

Desequilibrio estrutural do consumidor fronte ó sector empresarial. Preténdese corrixir este desequilibrio sobre todo nos aspectos que teñen que ver co acceso á información, coñecementos xurídicos e co carácter limitado dos seus recursos económicos.

Esforzo colectivo

A integración dos intereses dos consumidores no conxunto de políticas non pode ser eficaz se estes só se realizan a nivel comunitario, ten que producirse un esforzo colectivo de integración a tódolos niveis, rexional, nacional e europeo (maior participación das CC.AA. en procesos de decisión).

Avaliación do impacto

O coñecemento do grao de satisfacción do consumidor a nivel europeo ou nacional non é suficiente para avalia-lo impacto de políticas de protección ó consumidor, hai que ter información tamén a nivel rexional (Barómetro Galego de Consumo).

Dispersión poboacional

A dispersión poboacional en Galicia esixe a adopción de políticas distintas ás que se realizan noutras CC.AA. A información e asesoramento e a tramitación de queixas dos consumidores a través das oficinas municipais de información ó consumidor (OMIC) debe complementarse con outros instrumentos. (Seteco: portal do consumidor e convenio coa Fegamp para municipios de máis de 5.000 habitantes).

Envellecemento da poboación

A estratexia terá en conta o grao de envellecemento da poboación galega (Plan de formación especial, convenios con asociacións, etc).

2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

2.3.1 Entes de dereito público

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

O Instituto Enerxético de Galicia é un ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins (artigo 1 da Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación da entidade). Tales fins son “o fomento, o impulso e a realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ó enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias”.

O instituto conta cun orzamento de 3.617.000 euros para o exercicio 2003, o que supón un incremento do 28,4 % sobre o ano anterior. Especialmente significativo é o crecemento do gasto de capital que, pasando de 789.000 euros a 1.375.000 euros, medra un 74,2 %. Con cargo a tales recursos o Instituto desenvolverá, principalmente, actividades de promoción das enerxías renovables (solar en particular) e de fomento do

aforro e a eficiencia enerxética. Así mesmo abordará a súa participación no desenvolvemento dos miniparques eólicos municipais, creados polo Decreto 302/2001, do 25 de outubro, da Consellería de Industria e Comercio.

2.3.2 Sociedades mercantís

GALICIA CALIDADE S.A.

A sociedade pública Galicia Calidade S.A. ten como principal obxectivo para 2003 a implementación de maneira eficiente da marca de garantía “GALICIA CALIDADE” perseguindo o prestixio, recoñecemento e confianza nela, con independencia da realización de accións de promoción xenéricas, á vez de servir de promoción ós produtos que ampara. As actuacións de Galicia Calidade S.A. estrutúranse nos seguintes apartados:

1. Programa de outorgamento de licencias de uso da marca de garantía.
2. Programa de seguimento e control efectivo dos criterios de calidade esixidos ás empresas usuarias da marca.
3. Potenciación da promoción xenérica da marca de garantía dentro do mercado.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 441A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

1. Descrición.

Este programa ten por obxecto desenvolve-las operacións estatísticas que por razón da materia lle sexan encomendadas polo Instituto Galego de Estatística, e que figuran no Programa estatístico anual do plan galego de estatística.

2. Actividades.

Contribución á confección e publicación de estatísticas no ámbito de competencias da consellería.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

**PROGRAMA 432A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO
E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

1. Descrición.

Este programa está orientado ó establecemento de medidas incentivadoras para a realización de proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no tecido industrial galego, así como á mellora e dotación da infraestrutura tecnolóxica existente na nosa Comunidade Autónoma.

No sector da minería inclúese unha liña específica de I+D para maquinaria mineira, así como no relativo a I+D en enerxía.

2. Actividades.

1. Axudas ó desenvolvemento de proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
2. Potenciación da Fundación para o fomento da calidade industrial e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.
3. Axudas ás empresas no eido da investigación xeolóxico-mineira e mineralúrxica.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial.

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 621A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE INDUSTRIA

1. Descrición.

1. Permití-lo funcionamento operativo dos servizos centrais administrativos.
2. Realizar unha actividade de fomento do interese socio-cultural.
3. A modernización dos procesos de información.
4. Facilita-lo control da xestión.

2. Actividades.

1. Remuneración do persoal.
2. Gastos correntes en bens e servizos.
3. Mellora-la rede de sistemas de información.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 622A. ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS SOBRE A INDUSTRIA

1. Descrición.

Permiti-lo funcionamento operativo dos servizos periféricos da consellería.

2. Actividades.

1. Remuneración do persoal.
2. Pagos de gastos correntes derivados do funcionamento dos servizos.

3. Órganos encargados da súa execución

Secretaría Xeral.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 631A. CONSERVACIÓN E AFORRO DE ENERXÍA

1. Descrición.

O obxectivo deste programa é fomentar o uso racional da enerxía en empresas e administracións, así como diminuí-la dependencia de enerxías externas, potenciando o desenvolvemento de recursos enerxéticos autóctonos.

2. Actividades.

1. Apoio ó Instituto Enerxético de Galicia.
2. Apoio ó uso racional da enerxía nos concellos.
3. Apoio ó uso racional da enerxía nas industrias.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

PROGRAMA 631B. PROGRAMAS DE ELECTRIFICACIÓN E ENERXÍAS ALTERNATIVAS

1. Descrición.

Con este programa preténdese mellora-las infraestructuras de enerxías tradicionais na Comunidade Autónoma con accións como a extensión da rede de gas, Plan de calidade eléctrica no medio rural, instalacións eléctricas municipais, enterramento e desvío de liñas eléctricas e centros de transformación, etc. Este programa destínase tamén ó fomento de enerxías renovables, tanto no eido empresarial, particular e no das entidades sen ánimo de lucro.

2. Actividades.

1. Apoio á creación, extensión e mellora da iluminación pública.
2. Extensión da infraestrutura gasista.
3. Apoio á adecuación de instalacións eléctricas.
4. Plan de calidade eléctrica no medio rural.

5. Ampliación de capital de Gas Galicia, SDG, SA.
6. Axudas para o desenvolvemento de enerxías renovables.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

PROGRAMA 641A. FOMENTO DA MINERÍA

1. Descrición.

A finalidade deste programa é o fomento da minería en xeral, impulsando a creación e xestión de infraestructuras de apoio mineiro e financiando as accións encamiñadas a mellora-las condicións de seguridade e hixiene na minería galega e, en xeral, as derivadas desta actividade, así como a restauración mineira.

2. Actividades.

1. Axudas á mellora en materia de seguridade laboral.
2. Localización, selado e clausura de antigas explotacións mineiras.
3. Axudas á reestauración mineira.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

PROGRAMA 661C. ORDENACIÓN E CREACIÓN DOUTRAS INDUSTRIAS

1. Descrición.

Este programa dirixirase ó fomento de accións encamiñadas á modernización da estrutura productiva e a promoción-la innovación empresarial.

2. Actividades.

1. Axudas á innovación empresarial, á incorporación de tecnoloxía, á investigación industrial aplicada, á normalización, á certificación, á calibración e á calidade industrial nas empresas.

2. Completa-las instalacións do Laboratorio de Metroloxía de Galicia.
3. Contribución ó funcionamento do Parque Tecnolóxico de Galicia.
4. Mellora e reforma das instalacións do edificio CEI no Parque Tecnolóxico de Galicia, e remate das obras relativas á construción da sede do CIS Madeira no Parque Tecnolóxico de Galicia.
5. Fomento de actividades industriais e de servicios ás empresas.
6. Fomento de servicios ás asociacións.
7. Mellora das infraestruturas e servicios en parques empresariais.
8. Actualización dos rexistros industriais.
9. Axudas á mellora da seguridade industrial.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial.

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 661D. APOIO Á ARTESANÍA

1. Descrición.

Este programa orientarase a mellora-los medios técnicos das unidades artesáns e a formación artesanal, así como ó establecemento de accións encamiñadas á promoción de actividades de fomento da artesanía e de potenciación das infraestruturas de apoio á artesanía.

2. Actividades.

1. Actuacións en materia de artesanía.
2. Construción e posta en marcha do Centro Galego da Artesanía e do Deseño para a realización de actividades de formación, divulgación, difusión, traballos técnicos, documentación, xestión administrativa e promoción.
3. Funcionamento do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.
4. Axudas á artesanía.
5. Accións de potenciación da identidade corporativa asociada á marca Artesanía de Galicia.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 723B. FOMENTO E COOPERACIÓN EMPRESARIAL SECTOR NAVAL

1. Descrición.

Este programa destinarase á potenciación da asistencia tecnolóxica ás empresas do complexo naval, á procura da innovación empresarial, á adaptación ó cambio tecnolóxico e ó desenvolvemento empresarial, así como a garanti-las operacións de construción de barcos polos estaleiros galegos.

2. Actividades.

1. Axudas destinadas á suplementación da capacidade de afianzamento do Fondo Patrimonial de Garantías de PYMAR para os contratos dos estaleiros galegos membros del.
2. Investimentos inmateriais en consultorías e asistencias.
3. Apoio ás empresas e ás súas agrupacións co obxecto de procura-la mellora da competitividade das empresas do complexo naval.

3 Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial.

PROGRAMA 732A. MELLORA EMPRESARIAL E COOPERACIÓN ENTRE AS EMPRESAS

1. Descrición.

Este programa destinarase fundamentalmente á potenciación das accións de promoción industrial e asistencia tecnolóxica ás empresas do complexo da madeira, á procura da innovación empresarial, adaptación ó cambio tecnolóxico e ó desenvolvemento empresarial.

2. Actividades.

Apoio ás empresas e ás súas agrupacións co obxecto de procura-la mellora da competitividade das empresas do complexo da madeira.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 741A. POTENCIACIÓN DA COOPERACIÓN EMPRESARIAL

1. Descrición.

Este programa destinarase fundamentalmente á potenciación das accións de promoción industrial e asistencia tecnolóxica ás empresas do complexo automoción, á procura da innovación empresarial, adaptación ó cambio tecnolóxico e ó desenvolvemento empresarial.

2. Actividades.

1. Apoio ás empresas e ás súas agrupacións coa finalidade de busca-la mellora da competitividade das empresas do complexo automoción.
2. Construcción do Centro Tecnolóxico da Automoción.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 742A. FOMENTO GRUPO ACTIVIDADES TÉXTIL-CONFECCIÓN

1. Descrición.

Este programa destinarase fundamentalmente á potenciación das accións de promoción industrial e asistencia tecnolóxica ás empresas do complexo téxtil-confección, á procura da innovación empresarial, adaptación ó cambio tecnolóxico e ó desenvolvemento empresarial.

2. Actividades.

Apoio ás empresas e ás súas agrupacións coa finalidade de busca-la mellora da competitividade das empresas do complexo téxtil-confección, así como a súa diversificación.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 743A. FOMENTO GRUPO DE ACTIVIDADES DOS MINERAIS NON METÁLICOS

1. Descrición.

Con este programa fináncianse as actividades destinadas a incrementa-la competitividade nos conglomerados industriais do granito, da lousa e da cerámica, promovendo a mellora dos métodos extractivos, apoiando as melloras loxísticas e de capacidade tecnolóxica e o desenvolvemento de sistemas de calidade na transformación no sector de minerais non metálicos.

2. Actividades.

1. Apoio ó desenvolvemento dos cluster da lousa e do granito.
2. Axudas a empresas para investigación e explotación de xacementos minerais, calidade, etc.
3. Apoio á dotación dos centros tecnolóxicos do granito e da lousa.
4. Desenvolvemento de programas de fomento de novas actividades con asociacións sectoriais e outras entidades públicas e privadas.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

PROGRAMA 744A. FOMENTO GRUPO DE ACTIVIDADES TELECOMUNICACIÓN E AUDIOVISUAL

1. Descrición.

Este programa destinarase fundamentalmente á potenciación das accións de promoción industrial e asistencia tecnolóxica ás empresas do complexo das telecomunicacións e o audiovisual, á procura da innovación empresarial, adaptación ó cambio tecnolóxico e ó desenvolvemento empresarial.

2. Actividades.

Apoio ás empresas e ás súas agrupacións co obxecto de busca-la mellora da competitividade das empresas do complexo das telecomunicacións e o audiovisual.

3 Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 754A. SERVICIOS ÁS EMPRESAS

1. Descrición.

Este programa destinarase fundamentalmente á potenciación das accións de promoción industrial e asistencia tecnolóxica, á procura da innovación empresarial, adaptación ó cambio tecnolóxico e ó desenvolvemento empresarial, dentro do tecido empresarial/industrial galego.

2. Actividades.

1. Apoio ás empresas e ás súas agrupacións co obxecto da mellora da competitividade e productividade.
2. Apoio ós investimentos en infraestruturas e equipamentos de telecomunicacións, así como ás accións piloto en IDT. Convenios para incorporación de equipos e aplicacións TIC nas empresas.
3. Accións encamiñadas ó desenvolvemento de novas aplicacións e servicios de TIC.

3 Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 754B. APOIO Á ACTIVIDADE INDUSTRIAL

1. Descrición.

Este programa destinarase fundamentalmente á potenciación das accións de promoción industrial e asistencia tecnolóxica, á procura da innovación empresarial, adaptación ó cambio tecnolóxico e ó desenvolvemento empresarial, dentro do tecido empresarial/industrial galego.

2. Actividades.

1. Fomenta-la implantación de novas industrias e a mellora da competitividade do tecido industrial galego.
2. Fomenta-la innovación empresarial, e as accións encamiñadas a potencia-los vínculos entre as cadeas productivas.
3. Investimentos inmateriais en consultorías e asistencias.

3 Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 521A. REGULACIÓN DO COMERCIO INTERIOR E DA POLÍTICA DE PREZOS

1. Descrición.

1. Ordenación do comercio interior.
2. Adecuación das estruturas comerciais.
3. Fomento do comercio e dos produtos galegos.

2. Actividades.

1. Renovación das estruturas comerciais e a súa ordenación.
2. Potenciación do comercio minorista.
3. Participación nas fundacións de interese galego de carácter feiral.
4. Ordenación e fomento das actividades feirais comerciais.
5. Investimentos inmateriais para o fomento do comercio e dos produtos galegos.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 753A. DISTRIBUCIÓN, LOXÍSTICA E PROMOCIÓN COMERCIAL

1. Descrición.

1. Renovación do comercio retalista e fomento do asociacionismo comercial para a potenciación do comercio e da distribución e comercialización dos produtos galegos.
2. Fomento da internacionalización da empresa galega no eido do comercio exterior, tanto institucionalmente como en colaboración con outros entes públicos e privados.

2. Actividades.

1. Actuacións para a modernización e mellora do pequeno comercio, dirixidas ós comerciantes retallistas.
2. Actuacións en rehabilitación urbanístico-comercial, asistencia e asesoramento ó comercio polo miúdo, a través de asociacións de comerciantes.
3. Actuacións de distribución, loxística e promoción comercial para potencia-lo comercio retalista e os produtos galegos a través de asociacións e federacións de comercio e sectoriais.
4. Actuacións de fomento das exportacións galegas e plans de iniciación á promoción exterior e consolidación da actividade exportadora, dirixidos ás Pemes galegas, en colaboración coas Cámaras Oficiais de Comercio de Galicia.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Delegacións provinciais.

3.1.2. Do organismo autónomo

PROGRAMA 343A. ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E CONTROL DE CONSUMO

1. Descrición.

Este programa permite, por unha parte, o funcionamento operativo dos servizos centrais e periféricos do instituto e, por outra, a realización de actividades do propio organismo, enmarcadas no Plan estratéxico de protección ó consumidor 2000-2005.

2. Actividades.

1. Remuneración do persoal.
2. Gastos correntes en bens e servizos.
3. Plan de formación e educación da Escola Galega de Consumo.
4. Campañas informativas, preferentemente a través de medios de comunicación públicos. Estudos de mercado e de comportamento do consumidor.
5. Potenciación do Sistema Arbitral de Consumo.
6. Producción normativa.
7. Servizos de atención e asesoramento ós consumidores, con especial atención ó uso das novas tecnoloxías.
8. Servizos do Centro de Documentación de Consumo.
9. Servizos do Laboratorio de Consumo.
10. Promoción do asociacionismo de consumo.
11. Promoción de Oficinas Municipais de Información ó Consumidor (OMIC)
12. Mellora do acceso á xustiza dos consumidores galegos, con especial atención á arbitrase de consumo.
13. Implantación do Servizo Telemático de Consumo (Seteco) en OMIC e organizacións de consumidores.

3. Órgano encargado da súa execución.

Instituto Galego de Consumo.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

		SERVICIOS					
		01	02	03	04	50	TOTAL
343A	ORDENACION, INFORMACION E CONTROL DO CONSUMO					5.150,4	5.150,4
432A	PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO		602,1	6.569,5			7.171,6
441A	ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	55,1					55,1
521A	REGULACIÓN DO COMERCIO INTERIOR E DA POLÍTICA DE PREZOS				19.234,4		19.234,4
621A	DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE INDUSTRIA	3.215,4					3.215,4
622A	ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS SOBRE A INDUSTRIA	5.619,8	1.005,9				6.625,7
631A	CONSERVACIÓN E AFORRO DE ENERXÍA		5.916,4				5.916,4
631B	PROGRAMAS DE ELECTRIFICACIÓN E ENERXÍAS ALTERNATIVAS		15.292,2				15.292,2
641A	FOMENTO DA MINERÍA		1.180,0				1.180,0
661C	ORDENACIÓN E CREACIÓN DOUTRAS INDUSTRIAS		3.450,0	4.016,1			7.466,1
661D	APOIO Á ARTESANÍA			3.251,4			3.251,4
723B	FOMENTO E COOPERACIÓN EMPRESARIAL SECTOR NAVAL			1.167,8			1.167,8
732A	MELLORA EMPRESARIAL E COOPERACIÓN ENTRE AS EMPRESAS			2.420,0			2.420,0
741A	POTENCIACIÓN DA COOPERACIÓN EMPRESARIAL			5.734,4			5.734,4
742A	PROMOCIÓN GRUPO DE ACTIVIDADE TEXTIL-CONFECCIÓN			1.652,8			1.652,8
743A	FOMENTO GRUPO ACTIVIDADES MINERAIS NON METÁLICOS		5.097,4				5.097,4
744A	FOMENTO GRUPO DE ACTIVIDADES DE TELECOMUNICACIÓNS E AUDIOVISUAL			1.244,0			1.244,0
753A	DISTRIBUCIÓN, LOXÍSTICA E PROMOCIÓN COMERCIAL				14.977,7		14.977,7
754A	SERVICIOS ÁS EMPRESAS			3.923,1			3.923,1
754B	APOIO Á ACTIVIDADE INDUSTRIAL			14.945,1			14.945,1
TOTAL		8.890,4	32.543,9	44.924,2	34.212,1	5.150,4	125.721,0

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS						
	I	II	IV	VI	VII	VIII	TOTAL
343A ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E CONTROL DO CONSUMO	2.983,7	310,9	607,0	1.008,4	240,4		5.150,4
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO			3.289,3	200,7	3.681,6		7.171,6
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA				55,1			55,1
521A REGULACIÓN DO COMERCIO INTERIOR E DA POLÍTICA DE PREZOS	738,0		36,8	4.580,0	6.879,6	7.000,0	19.234,4
621A DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE INDUSTRIA	1.867,1	566,8	48,3	733,1			3.215,4
622A ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS SOBRE A INDUSTRIA	5.955,2	670,5					6.625,7
631A CONSERVACIÓN E AFORRO DE ENERXÍA			1.556,4	885,0	3.475,0		5.916,4
631B PROGRAMAS DE ELECTRIFICACIÓN E ENERXÍAS ALTERNATIVAS					15.292,2		15.292,2
641A FOMENTO DA MINERÍA				540,0	640,0		1.180,0
661C ORDENACIÓN E CREACIÓN DOUTRAS INDUSTRIAS	678,4		1.182,2	1.190,9	4.414,5		7.466,1
661D APOIO Á ARTESANÍA			216,3	1.803,0	1.232,1		3.251,4
723B FOMENTO E COOPERACIÓN EMPRESARIAL SECTOR NAVAL					1.167,8		1.167,8
732A MELLORA EMPRESARIAL E COOPERACIÓN ENTRE AS EMPRESAS					2.420,0		2.420,0
741A POTENCIACIÓN DA COOPERACIÓN EMPRESARIAL					5.734,4		5.734,4
742A PROMOCIÓN GRUPO DE ACTIVIDADE TEXTIL-CONFECCIÓN					1.652,8		1.652,8
743A FOMENTO GRUPO ACTIVIDADES MINERAIS NON METÁLICOS			196,6	800,0	4.100,7		5.097,4
744A FOMENTO GRUPO DE ACTIVIDADES DE TELECOMUNICACIÓNS E AUDIOVISUAL					1.244,0		1.244,0
753A DISTRIBUCIÓN, LOXÍSTICA E PROMOCIÓN COMERCIAL			337,1		14.640,6		14.977,7
754A SERVICIOS ÁS EMPRESAS					3.923,1		3.923,1
754B APOIO Á ACTIVIDADE INDUSTRIAL				403,0	14.542,1		14.945,1
TOTAL	12.222,4	1.548,2	7.470,1	12.199,3	85.280,9	7.000,0	125.721,0

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	6.380,5	6.816,5	6,8
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	3842,0	1237,3	-67,8
Cap. IV	Transferencias correntes	54,1	48,3	-10,6
Cap. VI	Investimentos reais	619,6	788,2	27,2
TOTAL		10.896,2	8.890,4	-18,4

(Miles de euros)

02	D. X. DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	858,2	1.005,9	17,2
Cap. IV	Transferencias correntes	1.511,4	1.753,0	16,0
Cap. VI	Investimentos reais	3.391,5	2.775,7	-18,2
Cap. VII	Transferencias de capital	24.919,2	27.009,3	8,4
TOTAL		30.680,2	32.543,9	6,1

(Miles de euros)

03	D. X. DE TECNOLOXÍA E DESENV. SECT.	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	728,4	678,4	-6,9
Cap. IV	Transferencias correntes	4.611,6	4.687,9	1,7
Cap. VI	Investimentos reais	2.476,2	3.046,9	23,1
Cap. VII	Transferencias de capital	32.553,7	36.511,0	12,2
TOTAL		40.369,8	44.924,2	11,3

(Miles de euros)

04	D. X. DE COMERCIO E CONSUMO	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	722,1	738,0	2,2
Cap. IV	Transferencias correntes	351,8	373,9	6,3
Cap. VI	Investimentos reais	4.980,0	4.580,0	-8,0
Cap. VII	Transferencias de capital	22.015,6	21.520,2	-2,3
Cap. VIII	Activos financeiros	759,3	7.000,0	821,8
TOTAL		28.828,9	34.212,1	18,7

(Miles de euros)

50	INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	2.761,6	2.983,7	8,0
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	291,0	310,9	6,8
Cap. IV	Transferencias correntes	607,0	607,0	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	1.129,9	1.008,4	-10,7
Cap. VII	Transferencias de capital	150,3	240,4	60,0
TOTAL		4.939,8	5.150,4	4,3

(Miles de euros)

SERVICIO	2002	2003	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	10.896,2	8.890,4	-18,4
02 D. X. DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS	30.680,2	32.543,9	6,1
03 D. X. DE TECNOLOXÍA E DESENV. SECT.	40.369,8	44.924,2	11,3
04 D. X. DE COMERCIO E CONSUMO	28.828,9	34.212,1	18,7
50 INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	4.939,8	5.150,4	4,3
TOTAL	115.714,8	125.721,0	8,6

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transfer. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Personal	8.689,2	9.238,7	2.761,6	2.983,7			11.450,8	12.222,4
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	3.842,0	1.237,3	291,0	310,9			4.133,0	1.548,2
Cap. IV Transferencias correntes	10.116,3	10.672,6	607,0	607,0	3.587,5	3.809,5	7.135,8	7.470,1
OPERACIÓNS CORRENTES	22.647,4	21.148,7	3.659,6	3.901,5	3.587,5	3.809,5	22.719,6	21.240,7
Cap. VI Investimentos reais	11.467,2	11.190,9	1.129,9	1.008,4			12.597,1	12.199,3
Cap. VII Transferencias de capital	80.768,7	86.289,4	150,3	240,4	1.280,2	1.248,8	79.638,8	85.280,9
Cap. VIII Activos financeiros	759,3	7.000,0					759,3	7.000,0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	92.995,2	104.480,2	1.280,2	1.248,8	1.280,2	1.248,8	92.995,2	104.480,2
TOTAL BRUTO	115.642,7	125.628,9	4.939,8	5.150,4	4.867,6	5.058,4		
TRANSFERENCIAS INTERNAS	4.867,6	5.058,4						
TOTAL CONSOLIDADO	110.775,0	120.570,6	4.939,8	5.150,4	4.867,6	5.058,4	115.714,8	125.721,0

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2002			2003			% Var.		
	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL
GALICIA CALIDADE S.A.	708,0	898,0	1.606,0	730,0	916,0	1.646,0	3,1	2,0	2,5
INSTIT. ENERXÉTICO DE GALICIA	1.898,0	789,0	2.687,0	2.242,0	1.375,0	3.617,0	18,1	74,3	34,6

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	9	9
<i>Persoal funcionario</i>	270	275
Grupo A	99	101
Grupo B	20	20
Grupo C	59	62
Grupo D	77	77
Grupo E	15	15
<i>Persoal laboral</i>	38	38
Grupo III	26	26
Grupo IV	7	7
Grupo V	5	5
<i>Outro persoal</i>	8	10
TOTAL	325	332

Instituto Galego de Consumo

	2002	2003
<i>Persoal funcionario</i>	121	121
Grupo A	28	28
Grupo B	17	17
Grupo C	47	47
Grupo D	24	24
Grupo E	5	5
<i>Persoal laboral</i>	1	1
Grupo V	1	1
TOTAL	122	122

SECCIÓN 09.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA

AGROALIMENTARIA E

DESENVOLVEMENTO RURAL.

1. COMPETENCIAS

O Estatuto de autonomía para Galicia establece, por unha banda, que "de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1, 11 e 13, da Constitución, a competencia exclusiva da agricultura e a gandería" (artigos 30, 1, Tres), e, por outra, que "no marco do presente Estatuto corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva" das vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución; o réxime das fundacións de interese galego; das cámaras agrarias, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución." Tamén "é competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que ela mesma estableceza das entidades cooperativas" (artigo 28. Sete).

O traspaso dos servicios do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia nas ditas materias foi efectuado polos reais decretos seguintes:

1. Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, sobre consolidación de transferencias efectuadas en fase preautonómica.
2. Real decreto 2423/1982, do 24 de xullo, en materia de reforma e desenvolvemento agrario.
3. Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, en materia de agricultura, gandería e pesca.
4. Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro, Denominacións de orixe, viticultura e enoloxía e ensinanzas profesionais náutico/pesqueiras.
5. Real decreto 3424/1983, do 28 de decembro de investigación agraria.
6. Real decreto 999/1984, do 28 de marzo, en materia de agricultura e gandería (valoración definitiva e ampliación).
7. Real decreto 244/1985, do 6 de febreiro, en materia de sementes e prantas de viveiro.
8. Real decreto 795/1985, do 30 de abril, en materia de sociedades agrarias de transformación.
9. Real decreto 1099/1985, do 5 de xuño, en materia de centros nacionais de selección e reprodución animal.

10. Real decreto 1124/1985, do 30 de abril, en materia de reforma e desenvolvemento agrario (ampliación e valoración definitiva).
11. Real decreto 1632/1994, do 19 de abril, en materia de laboratorios agrarios e de sanidade e de produción animal.
12. Real decreto 1462/1989, do 1 de decembro, en materia de agricultura (ampliación).
13. Real decreto 2164/1994, do 4 de novembro, en materia de cámaras Agrarias.
14. Real decreto 2165/1994, do 4 de novembro, en materia de defensa contra fraudes e calidade agroalimentaria.
15. Real decreto 92/1996, do 26 de xaneiro, en materia de agricultura (ampliación): FEGA (antigo SENPA).
16. Real decreto 93/1996, do 26 de xaneiro, en materia de agricultura (ampliación): desenvolvemento rural.
17. Real decreto 1790/1996, do 19 de xullo, sobre encomenda de xestión sobre intervención e regulación de mercados.

O Decreto 306/2001, do 15 de decembro, establece a nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, en virtude do cal a antiga Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria pasa a denominarse Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Por outra banda no Decreto 310/2001, do 17 de decembro, fíxase a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, incluíndo a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo foi creada a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (disposición adicional sexta). Polo Decreto 310/2001, arriba mencionado, adscríbese a axencia á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

O último decreto aprobado de reestructuración orgánica da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e do Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia é o Decreto 50/2002, do 14 de febreiro, publicado no DOG. nº 41, do 26 de febreiro. Neste decreto establécese que a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural é o órgano

da administración autonómica encargado de propoñer e executa-las directrices xerais do goberno sobre a política agroalimentaria que engloba as competencias sobre agricultura, gandería, infraestructuras rurais e industrias agroalimentarias, de acordo co establecido na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia.

Correspóndelle así mesmo, a través do ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural que lle é adscrita, o fomento e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

2.1 DA CONSELLERÍA

DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS

Segue sendo un obxectivo permanente e prioritario o acercamento da Administración ó cidadán, para o que a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural a través da súa estrutura, pretende dar unha solución integrada cunha estrutura polivalente e unificada. Deste xeito seguirase ofrecendo unha resposta inmediata, non compartimentada, ás necesidades dos agricultores e gandeiros.

Continuarase cos traballos de desenvolvemento e implantación de aplicacións informáticas e soporte técnico en materia de mantemento de comunicacións.

Hai que sinala-la importancia da elaboración de estatísticas e publicacións agrarias de xeito que se dispoña por tódolos servicios administrativos e o cidadán en xeral duns documentos válidos e postos ó día.

FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA AGRARIA

1. FORMACIÓN PROFESIONAL E OCUPACIONAL

A) A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, ten entre o seus obxetivos a mellora nas condicións de traballo dos agricultores e gandeiros para incrementa-lo seu nivel de rendas e calidade de vida, feitos que favorecerán, conxuntamente coa adecuada promoción do emprego, o mantemento da poboación rural e do medio.

Para isto, é preciso complementa-las medidas de apoio ó sector establecidas a través dos diferentes programas de mellora das explotaciónes agrogandeiras, mediante a oferta dun axeitado e variado proxecto de formación, investigación e transferencia de tecnoloxía, que permita promover actuacións encamiñadas á consecución destes obxectivos, mellorando a eficacia productiva, a transformación e a comercialización.

Segundo o disposto na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro de ordenación xeral do sistema educativo, nos centros de formación e experimentación agraria de Sergude e Guísamo (A Coruña), Monforte de Lemos, Ribadeo e Becerreá (Lugo), e Lourizán (Pontevedra), manteranse os ciclos formativos de grao medio e superior, e o programa de garantía social na especialidade agraria axeitada a súa área de actuación.

Estas ensinanzas, polo seu desenvolvemento modular e o necesario sistema de prácticas en empresas, conlevan unha dotación de material e medios para o seu correcto funcionamento, xa que se trata dunha formación eminentemente práctica.

B) Nas edificacións e infraestructuras dos centros de formación e experimentación agraria, necesítase levar a cabo melloras e adaptacións, incluíndose no presente orzamento a correspondente dotación económica.

C) No programa de formación ocupacional e contínua, tanto na destinada a mozos agricultores coma a dos agricultores e as súas familias, continuarase e incrementarase a programación agraria, e afianzaranse as modificacións introducidas para adecua-la formación ás necesidades dos agricultores. Estes cursos impartiranse prioritariamente nos centros de formación e experimentación agraria, sen esquece-las actividades

formativas e facilitando a asistencia dos gandeiros e agricultores sen ocasionar prexuízos ó seu labor cotiá.

Neste ano incidirase especialmente na formación dos agricultores e gandeiros na aplicación das medidas agroambientais e de seguridade na utilización dos diferentes medios de produción, tanto na vertente do produtor coma dos consumidores.

- D) Reforzarase a formación do propio persoal técnico da consellería programando cursos de actualización e de contido eminentemente técnico, que posibilite o labor de transferencia das novas tecnoloxías ó sector.
- E) Na formación, tanto dos agricultores e gandeiros como do persoal da propia consellería, colaborarase con outras consellerías da Xunta de Galicia e outras administracións públicas.

Os cursos, cun contido eminentemente práctico, desenvolveranse de xeito flexible e adecuaránse ás necesidades dos agricultores e gandeiros. A duración dos cursos estará comprendida entre as 21 e as 300 horas lectivas, segundo o contido do programa e os obxectivos a acadar.

2. INVESTIGACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGRARIA

- A) A investigación agraria continuarase realizando nos centros propios da consellería situados en Mabegondo, Leiro, Ribadumia e Salceda de Caselas; e a experimentación farase nestes mesmos centros e nas fincas colaboradoras e asociadas, e nos centros de formación e experimentación agraria de Monforte de Lemos, Ribadeo e Becerreá na provincia de Lugo; Sergude e Guísamo na de A Coruña e Lourizán en Pontevedra.
- B) Continuarase co esforzo dedicado a dispor de mellores infraestructuras, equipos e sobre todo persoal investigador, que permitan abrir novas liñas de investigación así como promove-lo desenvolvemento dos departamentos de investigación propios e a colaboración coas empresas do sector, de forma que a investigación e a experimentación sexa máis aberta ó sector agrogandeiro e da agroindustria, e propiciándose unha participación e transferencia dos resultados moito máis directa.
- C) A investigación agraria, agás dos proxectos propios, manterase en colaboración con outros centros de investigación autonómicos, estatais e internacionais, co fin de acadar proxectos coordinados que se integren dentro de VI Programa marco de UE.

Para iso, acudírase a tódalas convocatorias que permitan mellorar tanto a dotación de medios materiais como o incremento do nivel científico dos investigadores.

- D) No ano 2002 iniciouse, nos centros de investigación agraria, a incorporación de novos doutores investigadores provenientes das convocatorias “Ramón y Cajal” e Instituto Nacional de Investigacións Agrarias (INIA), que permita a apertura de novas liñas de investigación e consolida-las existentes. Este ano incorporáronse cinco investigadores e ó longo do presente ano espérase a incorporación dun número similar, ademais de varios becarios en fase predoutoral.

3. TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA (I+D).- EXPERIMENTACIÓN AGRARIA

- A) A incorporación dos centros de formación e experimentación agraria ó Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia, permitiu incrementar e compatibilizar coa formación a rede de campos de ensaio, de experimentación e de demostración, e no propio medio presentar e mostra-los resultados acadados nos proxectos de investigación, que permiten ás explotacións introducir novos sistemas de manexo e traballo e diversifica-las producións para mellora-la súa capacidade productiva e incrementa-la súa calidade.

Esta circunstancia permite que sexan os propios alumnos dos centros quen colaboren na súa execución, e sexan posteriormente eles mesmos os que contribúan a consolidar e difundi-los avances alcanzados.

- B) Co mesmo obxectivo, refórzase a formación de agricultores mozos para desempeñar os cometidos de mandos intermedios, que faciliten a chegada ós agricultores, en linguaxe axeitada, dos resultados das experiencias e das novas tecnoloxías, e ó mesmo tempo, poidan establecerse como empresas de servizos especializadas que asuman os traballos de introducción e mellora dos sistemas de manexo e cultivo da terra e dos animais.
- C) A apertura dos equipos de investigación para a colaboración con outros centros, permite a formación e actualización técnica, metodolóxica e administrativa dos técnicos encargados de desenvolver-las actividades descritas anteriormente, así como a dotación de medios materiais e humanos para levalas a cabo.

*REESTRUCTURACIÓN DA BASE TERRITORIAL DAS EXPLOTACIÓNS E
DESENVOLVEMENTO RURAL*

1. MEDIDAS ESTRUCTURAIAS

A) Concentración parcelaria.

Os traballos de concentración parcelaria iniciáronse en Galicia no ano 1954. Ata 1990 realizouse a concentración en 523 zonas, cunha extensión de terreos concentrados de 194.952 ha. e afectando a 184.752 propietarios.

En 1990 a entón Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, á vista das numerosas solicitudes existentes, estableceu un plan que tralo remate do ano 2002 supuxo a finalización aproximadamente de 385.000 ha. de superficie, que afectan a unhas 780 zonas e a 340.000 propietarios.

Así mesmo, en 2001 foi aprobada polo Parlamento galego a Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei 10/85, do 14 de agosto de concentración parcelaria para Galicia, con diversos fins, entre os que cabe destacar: a adecuación do proceso ás necesidades técnicas actuais, a introducción dos plans de aproveitamento de cultivos e forestal, a adopción de medidas de prevención e protección do medio ambiente, así como evita-lo abandono das terras e facer da figura do fondo de terras unha figura activa. Serán polo tanto obxectivos prioritarios desta consellería nesta materia.

Para o ano 2003 seguirase cos traballos, nas distintas fases do proceso de concentración, en 156 zonas, cunha superficie de 156.876 Ha, e a execución das obras inherentes naquelas zonas nas que se requira a materialización sobre o terreo dos proxectos para dotar de infraestrutura axeitada á nova distribución da propiedade.

B) Outros medios estruturais.

A Lei 3/1993, do 16 de abril, do Parlamento de Galicia, regula o réxime xurídico das parcerías e arrendamentos rústicos históricos de Galicia.

Os contratos de arrendamento rústico e as parcerías ás que se refire no seu artigo 2, vixentes a entrada en vigor da citada lei, quedan prorrogados ata o 31 decembro de

2005. Ata o cumprimento deste prazo os arrendatarios ou parceiros poderán exercitalo acceso á propiedade das fincas levadas en arrendo ou parceria.

O artigo 7 recolle o compromiso da Xunta de Galicia de establecer medidas para facilitar este acceso á propiedade. En cumprimento deste compromiso nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2003 recóllese dotación orzamentaria para establecer unha liña de axuda con esta finalidade.

2. INFRAESTRUCTURAS AGRARIAS

Esta liña de actuación ten como obxectivo desenvolve-lo potencial endógeno das áreas rurais, para tratar de equipara-lo nivel de vida dos habitantes do medio rural co do medio urbano.

Dotacións infraestructurais:

- A) Investimentos destinados á creación e mellora da rede viaria local.
- B) Investimentos para a dotación dun equipamento básico axeitado dos núcleos rurais: abastecementos de augas, saneamentos, alumeados públicos, embelecemento de aldeas e vilas, etc.
- C) Investimentos para a creación, mellora e consolidación de regadíos.

No ano 2002 foi aprobado un Plan de obras e infraestructuras, de carácter plurianual, que contempla actuacións na maioría dos concellos rurais de Galicia baseado en criterios de necesidade urxente e interese xeral comarcal e da comunidade.

Para o ano 2003, seguirase coa execución e seguimento dos plans de obras e infraestructuras aprobados en 2001 e 2002, rematando algunhas actuacións e ampliándose outras para levar a cabo a máxima cobertura posible das necesidades de conservación e mellora das infraestructuras rurais galegas.

Trala aprobación a nivel estatal do Plan nacional de regadíos, continuaranse e ampliaranse as actuacións no programa de novos regadíos e a modernización doutros xa existentes nas zonas de secano do territorio galego.

ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DO SECTOR AGROPECUARIO

A programación da política agroalimentaria e de desenvolvemento rural da consellería ten un enfoque estratéxico e integrado, que se inspira nos diferentes plans que lle afectan como son:

1. O Plan estratéxico de desenvolvemento de Galicia 2000-2006 (Pedega) no que están subsumidas as liñas incluídas nos programas operativos, tanto o integral de Galicia como o horizontal de mellora das estruturas e dos sistemas de produción agrarios.
2. O Plan de desenvolvemento rural para as medidas de acompañamento.
3. O Plan nacional apícola.
4. O Plan galego de acción no sector cárnico bovino.

O enfoque integrado pretende ensamblar e harmoniza-los plans, programas e proxectos arredor dos obxectivos estratéxicos. Este enfoque pretende así mesmo adecua-las liñas de actuación nacionais e europeas, dado que unha parte dos recursos necesarios para a posta en marcha da programación agroalimentaria e de desenvolvemento rural proveñen dos fondos financeiros nacionais ou comunitarios. As accións recollidas procuran artella-las necesidades de Galicia, no marco das directrices e políticas deseñadas nestes ámbitos. O enfoque integrado do deseño da programación responde a este principio, o que se engade a atención prestada ás prioridades e orientacións de futuro marcadas pola Unión Europea en canto a:

1. Aumento da competitividade non só por precio, senón por calidade, especificidade e valor engadido para a transformación.
2. Política Rural integrada para garantir un equilibrio máis estable entre a actividade agraria, as demais formas de desenvolvemento rural e a conservación dos recursos naturais, o que permitiría o enfoque multifuncional, que moitos agricultores poden desempeñar, o que implicaría a diversificación das actividades nas zonas rurais.

Os obxectivos a acadar serían os de ir progresando en:

- A) Aumento da calidade alimentaria.
- B) Aumento das rendas dos agricultores co incremento da competitividade, reordenación dos sectores, multifuncionalidade.

C) Fixa-la poboación rural para garanti-lo recambio nas explotacións viables e darlle saídas alternativas ós excedentes.

D) Protexe-lo medio ambiente.

As principais liñas de actuación en materia de produción e sanidade agropecuaria para o ano 2003 serán consecuencia da programación derivada dos plans xa iniciados e que loxicamente continuarán durante este exercicio, sendo estes:

1. A mellora da estrutura das explotacións e a redución dos custos de produción.
2. A mellora, consolidación e sostemento dos niveis sanitarios animais e vexetais das explotacións e do control de calidade e seguridade das producións.
3. O fomento de actividades agrícolas complementarias e alternativas, e dos sistemas e ciclos agrarios sostibles.
4. A mellora xenética da gandería e a recuperación, conservación e a promoción dos recursos xenéticos animais autóctonos de Galicia.
5. Prestación do apoio técnico necesario ó sector gandeiro e incorporación de tecnoloxía gandeira ás explotacións.
6. O desenvolvemento da produción integrada (PI) e outras técnicas de respecto medioambiental.
7. No plan de acción no sector cárnico-bovino incidindo na calidade e seguridade alimentaria, na implantación do centro tecnolóxico da carne, nas axudas ó sector e na divulgación e promoción.
8. Nas medidas de acompañamento da PAC coa potenciación da agricultura e gandería respectuosas co ambiente, a orientación das explotacións agrarias cara a unha agricultura sostible e multifuncional e o rexuvenecemento da poboación agraria co cese anticipado da actividade agraria dos de máis idade nas explotacións.

ACTUACIÓNS NO PLANO DO SECTOR AGROINDUSTRIAL

Para o correcto desenvolvemento da agricultura galega, e imprescindible apoialos procesos de transformación e comercialización das producións agrarias básicas.

Durante os últimos anos a consellería realizou xa un gran esforzo neste sentido, pero que é necesario continuar e potenciar debido a forte competitividade existente no sector.

Por outra parte, no Programa operativo integrado de Galicia 2000-2006, aprobado pola Unión Europea en marzo do 2001, inclúense especificamente na medida 1.2 actuacións na mellora da transformación e comercialización dos produtos agrarios.

Por todo isto, e para potencia-lo sector agroindustrial, a Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria desenvolverá no ano 2003 as seguintes liñas de actuación:

1. Apoia-los investimentos das industrias agrarias para crear novas instalacións, e para ampliar e mellora-la competitividade das xa existentes.
2. Desenvolver unha política de calidade das produccions baseada na potenciación dos produtos con indicativo de calidade, como instrumento para mellora-la viabilidade das industrias medianas e pequenas, dificilmente competitivas pola súa reducida dimensión sen a diferenciación das súas produccions.
3. Fomenta-lo asociacionismo agrario mellorando a profesionalización da xestión e propiciando un mellor dimensionamento para favorece-la súa competitividade.
4. Apoiar e desenvolver actuacións en materia de mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroindustriais galegos, con especial referencia ós produtos con indicativo de calidade.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMOS

O INSTITUTO LÁCTEO E GANDEIRO DE GALICIA (ILGGA)

O Ilgga creouse pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, desenvolvida logo polo Decreto 128/1996, do 14 de marzo.

Este organismo ten como obxectivos para o ano 2003 os seguintes:

1. Levar a cabo as funcións inherentes ó organismo pagador dos fondos FEOGA-Garantía, pagando e contabilizando os importes das axudas con cargo ó antedito fondo.
2. Executa-las accións necesarias para a concesión das axudas, primas gandeiras e restitucións con cargo á Política Agrícola Común, segundo o establecido nas distintas organizacións comúns de mercados (OCMs), agás para a apicultura e reestructuración e reconversión do viñado.
3. Efectua-las operacións en réxime de intervención e regulación de mercados por conta do FEOGA-Garantía, entradas, saídas e almacenamento das mercadorías, de acordo coas instrucións dictadas segundo a xestión encomendada polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA). Ademais, realizará controis para a distribución gratuíta de alimentos.
4. No que atinxe ó sector lácteo e gandeiro, apoiar ás sociedades públicas participadas polo Ilgga que operan no devandito sector.

De acordo cos obxectivos formulados, este organismo autónomo porá en marcha as liñas de actuación necesarias para acadar as finalidades perseguidas, que se describen en cada un dos programas que se detallan máis adiante.

2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

2.3.1 Entes de dereito público

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo. De acordo co establecido nesta disposición e no artigo 12.1.b do Decreto 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto redundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, configúrase como un ente de dereito

público con personalidade xurídica propia que por lei ten que adecua-la súa actividade ó ordenamento xurídico privado, atopándose polo tanto encadrada dentro da clasificación de sociedades públicas da Comunidade Autónoma.

No capítulo V do Título III do citado Decreto 1/1999, recóllense as normas de especial aplicación ás sociedades públicas no referente ós seus orzamentos, establecéndose no seu artigo 83 a obriga de elaborar anualmente un programa de actuación, investimentos e financiamento que permita aprecia-los obxectivos que vai conseguí-la sociedade a medio prazo e no exercicio orzado.

Funcións xerais:

Ademais de calquera outra acción que teña por obxectivo contribuír de forma eficaz á diversificación económica e á modernización do tecido productivo rural, de conformidade co disposto na citada Lei 5/2000, do 28 de decembro, a axencia ten encomendadas as seguintes funcións:

1. Elaborar estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural, así como promover avaliacións independentes dos resultados dos ditos plans que permitan a súa revisión.
2. Difundi-las políticas e medidas de desenvolvemento rural aplicables en cada momento.
3. Dinamizar e coordina-los grupos de acción local vinculados coas políticas de desenvolvemento rural con independencia das súas fontes de financiamento e da súa localización.
4. Impulsa-la formulación, por parte dos axentes socioeconómicos locais das zonas rurais, de iniciativas e programas de desenvolvemento.
5. Promover e incentiva-la cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
6. Xestiona-los recursos, públicos ou privados, que se encomenden de maneira específica á dinamización das áreas rurais de Galicia, en especial os recursos que a Xunta de Galicia destine ó Fondo Galego de Desenvolvemento Rural, de conformidade coas leis de orzamentos.

7. As funcións de xestión, control e seguimento dos programas europeos Leader e Proder en materia de infraestrutura rural.

Estructura orgánica da Agader:

A axencia estrutúrase nos seguintes órganos directivos:

1. Subdirección de Relacións cos Grupos de Acción Local.

Ó responsable da Subdirección de relacións cos Grupos de Acción Local corresponderalle o seguimento e control a tódolos niveis das accións de todo tipo desenvolvidas polos grupos de acción local independentemente de cal sexa a súa fonte de financiamento e a súa localización, así como o apoio e asesoramento de todo tipo que sexa necesario para o funcionamento xeral dos ditos grupos. Así mesmo encargarase das relacións con outros departamentos e institucións que teñan relación co financiamento, o seguimento e control das ditas accións.

2. Subdirección de Coordinación e Planificación para o Desenvolvemento Rural.

Ó responsable da Subdirección de Coordinación e Planificación para o Desenvolvemento Rural corresponderanlle as relacións con tódolos departamentos e institucións da Xunta de Galicia con competencias en materia relacionadas co desenvolvemento rural e coas que, alleas a ela, desenvolvan actuacións no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo encargarase de todo o relacionado coa xestión do Fondo Galego de Desenvolvemento Rural e dos recursos financeiros xestionados ou controlados pola axencia.

3. Secretaría Xeral

Correspóndelle a esta área o desenvolvemento de tódalas iniciativas e actuacións encamiñadas a asegura-lo funcionamento operativo dos servizos da axencia, abarcando por tanto, dentro do seu ámbito de competencias, o deseño, impulso, desenvolvemento, seguimento e control económico-financeiro e de procedementos internos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a xestión integral dos seus recursos humanos orientando a este respecto a súa actividade á integración do persoal nos obxectivos da axencia, así como todas aquelas actuacións dirixidas á contratación dos bens e servizos necesarios para o seu funcionamento e o mantemento das súas instalacións.

XENÉTICA FONTAO, S.A.

A sociedade pública Xenética Fontao, S.A. ten como obxecto social, de acordo co Decreto 265/1997, do 18 de setembro, a prestación de toda clase de asesoramento e servizos a persoas físicas ou xurídicas e organizacións dedicadas á mellora xenética; polo Decreto 237/1998, do 30 de xullo, fóronlle adscritos os bens e dereitos que integran o Centro de Escolma e Reproducción Animal de Fontao-Lugo constituídos por inmobles, animais e material xenético.

Os obxectivos que se pretenden para o vindeiro ano 2003 son os seguintes:

1. Axusta-la dotación de persoal ás necesidades dos procesos productivos.
2. Conseguir poñer testaxe, aproximadamente, 40 animais novos.
3. Buscar novos mercados no exterior para os nosos produtos, con especial incidencia en Portugal e Latinoamérica.
4. Establecer estruturas de comercialización mais áxiles e competitivas tanto a nivel nacional como internacional.
5. Garantir mediante a aplicación sistemática das técnicas de xenética molecular, tanto a ausencia de taras xenéticas, como a presenza de xenes con vantaxes productivas no seme producido.
6. Apoiar ás organizacións gandeiras ou administrativas e tratar de conquistar acordos de colaboración na proba de sementais con outras comunidades autónomas.
7. Estar presentes en eventos e reunións sectoriais como feiras internacionais, congresos de xenética e reprodución, concursos rexionais e nacionais da raza bovina frisona e rubia galega.
8. Consolidación da estrutura empresarial e axilización e ampliación dos servizos e produtos ofertados.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 441A. INVESTIGACIÓN E ELABORACIÓN ESTATÍSTICA

1. Descrición.

A finalidade do programa é a elaboración, coordinación, recompilación e análise de tódalas operacións estatísticas, enquisas, sondaxes ou estudos que se realicen no seo do departamento ó que está adscrito, así como daquelas que por razón da súa temática lle sexan encomendadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e que normalmente figuran no Programa estatístico anual.

2. Actividades.

As actividades pódense agrupar en dúas vertentes:

1. Actividades relacionadas coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, que están recollidas no Plan galego de estatística:
 - A) Macromagnitudes agrarias.
 - B) Prezos agrarios.
 - C) Anuario de estatísticas agrarias.
 - D) Censo de maquinaria agraria.
 - E) Avance de superficies e producións agrarias.
 - F) Estatística de sacrificio de gando.
 - G) Prezos da terra.
 - H) Directorio avícola.
 - I) Subsector avícola.

- J) Sector hortoflorícola.
- K) Rendementos de cultivos.
- 2. Actividades promovidas desde o Instituto Galego de Estatística:
 - A) Enquisa de bovino.
 - B) Contas da industria agroalimentaria.
 - C) Producción e prezos do leite.
 - D) Censo de explotacións gandeiras galegas.
 - E) Censo agrario.
 - F) Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrarias.
 - G) Adaptación de sistemas de información xeográfica.

En virtude dun convenio de colaboración asinado polo Instituto Galego de Estatística e a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural efectúase a transferencia dos fondos correspondentes á anualidade en curso para a execución do Programa de Estatística Agraria.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 322L.CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGRARIA

1. Descrición.

1. Formación profesional de mozos con decisión de instalarse como empresarios directos e persoais nas explotacións familiares agrarias, para a obtención do certificado de aptitude empresarial agraria.
2. Formación continuada e reciclado permanente dos agricultores e das súas familias para o mantemento dun nivel cultural, tecnolóxico e de competitividade axeitado nas súas explotacións e a introducción da informática na xestión das explotacións.
3. Formación interna para o persoal da consellería, que permita a súa actualización técnica para mellora-la transferencia de novas tecnoloxías ó sector.

4. Equipamento, mantemento e mellora dos centros de formación e experimentación agraria, e das unidades comarcais de formación e experimentación agraria.

2. Actividades.

1. Incrementa-la calidade de formación dos alumnos nos centros de formación e experimentación agraria, incluíndo tódolos ciclos formativos agrarios de grao medio e superior, ampliando a oferta formativa e mellorando o grao de confort dos centros.
2. Desenvolver e incrementa-la oferta de cursos de formación continuada de acordo coas necesidades dos agricultores adaptándoos á súa posibilidade de asistencia, tanto nos propios centros de formación e experimentación agraria coma nos descentralizados, preferentemente con agricultores mozos en período de instalación, e adaptando a súa duración ás necesidades das materias impartidas.
3. Homologación, seguimento e avaliación de cursos de aptitude empresarial impartidos polas organizacións profesionais ou organismos con competencia en formación agraria.
4. Desenvolver cursos que terán carácter de discontinuos, para adaptarse ó desenvolvemento do traballo dos agricultores, para tratar temas relacionados coa agricultura e gandería sostible e mellora-la xestión das explotacións, e os residuos xerados, e sobre técnicas modernas e específicas a introducir para mellora-lo seu manexo.
5. Impartir cursos de formación continua, a desenvolver polas unidades periféricas de formación e experimentación agraria ou institucións sen fins de lucro en localidades das diferentes comarcas galegas, sobre temas divulgativos e de formación agraria xeral (introducción á informática, iniciación ó coñecemento de idiomas, xestión administrativa agraria), dos agricultores e das súas familias.
6. Impartir e incrementa-lo número de cursos de manipuladores/aplicadores de produtos fitosanitarios, praguicidas e produtos de uso gandeiro.
7. Incrementa-lo número de cursos de formación continuada e aptitude empresarial, adaptando e adecuando a oferta de cursos en atención ás demandas e necesidades dos propios agricultores e gandeiros, facendo especial fincapé na aplicación das medidas agroambientais no sector.

8. Proseguir-la adaptación, conservación, mantemento e dotación dos centros de formación e experimentación agraria e das unidades locais de formación agraria das catro provincias.
9. Establecer campos de ensaio e demostración dentro do proceso de transferencia tecnolóxica, espallados polas distintas comarcas agrarias de Galicia, de acordo coas necesidades actuais de mantemento das explotacións e a introducción de alternativas viables ás actividades agrícolas e gandeiras tradicionais dentro dun marco sostible.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral: O Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía agraria de Galicia, a través dos centros de investigación agraria de Mabegondo, Salceda, Leiro e a subestación de Ribadumia, e dos centros de formación e experimentación agraria de Guísamo e Sergude (A Coruña), “Pedro Murias”, Becerreá e Monforte de Lemos (Lugo) e Lourizán (Pontevedra).

PROGRAMA 322S. FORMACIÓN PROFESIONAL AGRARIA-FSE

1. Descrición.

Este programa ampara a totalidade do ensino profesional específico (ensino regrado) que se imparte nos centros de formación e experimentación agraria, e ten por obxecto dotar ós agricultores mozos (16-20 anos) dun nivel profesional que lles permita acceder a empregos; ben na súa explotación, ben noutras alleas, ou nas empresas de servizos para a produción, transformación, industrialización ou comercialización de produtos agrarios.

2. Actividades.

Desenvólvense o través dos ciclos formativos, de grao medio e superior, da rama agraria establecidos pola Lei Orgánica 1/1990, e que se imparten nos centros de formación e experimentación agraria.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral: Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia a través dos centros de formación e experimentación agraria de Guísamo e Sergude (A Coruña), “Pedro Murias”, Becerreá e Monforte (Lugo) e Lourizán (Pontevedra).

PROGRAMA 432 A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

1. Descrición.

A finalidade deste programa é a de promocionar, apoiar e desenvolve-la actividade investigadora, experimental, innovadora e de desenvolvemento tecnolóxico do sector agrario, comprendendo tódalas súas fases: produción, industrialización, comercialización, medioambiente e desenvolvemento rural.

2. Actividades.

1. Redacción e realización de proxectos de I+D agrario e agroalimentario.
2. Recuperación e conservación de recursos fitoxenéticos, en particular os autóctonos.
3. Transferencia tecnolóxica dos resultados dos proxectos de investigación.
4. Formación de novo personal investigador e reciclaxe do existente.
5. Conservación e posta ó día da información científica relevante ó sector agrario, de utilidade investigadora e xeral.
6. Mantemento da infraestrutura de investigación necesaria, tanto en termos territoriais, como de maquinaria, instalacións, equipamento científico e informático.
7. Publicación e asistencia a foros científicos nacionais e internacionais para difundir e coñece-los resultados das investigacións punta e de futuro e permiti-la constitución de grupos consolidados de investigación.

8. Estudos e análise estatística dos resultados experimentais.
9. Participar en proxectos coordinados dentro do VI Programa Marco.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral: Centro de Formación, Investigación e Tecnoloxía Agraria de Galicia, a través do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia de Leiro, a subestación de Ribadumia e o Centro de Salceda de Caselas.

PROGRAMA 611A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE AGRICULTURA

1. Descrición.

A finalidade do programa é o funcionamento e a coordinación dos servicios centrais e periféricos (delegacións provinciais) tanto no que respecta ós medios humanos como ós materiais e de organización, e actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

2. Actividades.

1. Xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servicios centrais e periféricos: arrendamentos, reparacións, material de oficina, etc.
2. Xestión das distintas subministracións incluídas no programa, tanto a nivel central como periférico, coa realización das diferentes tarefas de xestión económico-administrativa.
3. Tramitación de investimentos novos e de reposición, para os servicios centrais e periféricos da consellería, así como a realización de obras de reparación, mellora e acondicionamento dos distintos centros.
4. Realización de estudos, traballos técnicos e campañas informativas en temas xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
5. Coordinación dos servicios e centros administrativos dependentes da consellería.

6. Tramitación de ordes de subvencións para axudas a estudos e traballos sobre temas agrarios. Subvencións a cámaras agrarias provinciais. Formación de técnicos e socios de cooperativas agrarias.
7. Modernización e informatización dos servizos centrais e periféricos da consellería.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral

PROGRAMA 422D. DESENVOLVEMENTO RURAL

1. Descrición.

A finalidade deste programa é a reorganización das estruturas agrarias, coa finalidade de lograr explotacións viables, e ampara-las accións destinadas ó desenvolvemento do potencial endógeno das áreas rurais.

2. Actividades.

1. Realización da concentración parcelaria.
2. Mellora e conservación das redes de camiños inherentes a zonas de concentración parcelaria.
3. Accións rurais asociadas ó proceso da mellora do medio.
4. Creación e mellora da rede viaria rural.
5. Dotación de novas infraestruturas e obras de equipamento en núcleos rurais.
6. Axudas para o acceso á propiedade ós arrendatarios rústicos históricos e asimilados.
7. Realización e consolidación do programa de regadíos de Galicia nas zonas de secano.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias.

Delegacións provinciais.

PROGRAMA 613A. SANIDADE ANIMAL E VEXETAL

1. Descrición.

O programa no seu conxunto trata de incrementa-la produtividade nas explotacións agrarias mediante a loita contra os axentes nocivos e ó mesmo tempo controla-la calidade e seguridade das produccions, buscando sempre aquelas medidas menos lesivas do medio ambiente, dos animais e dos vexetais, conducindo a produccion de tal xeito que por un lado sexan eliminados os residuos dos produtos agrarios e por outro lado se poda garantir unha calidade sanitaria para o consumidor.

2. Actividades.

Diferentes razóns de tipo económico, sanitario e social obrigan a poñer en marcha programas sanitarios que permitan diminuí-las perdas económicas causadas polas enfermidades animais, incrementa-la calidade das produccions e a rendibilidade das explotacións, así como protexe-la saúde pública evitando a transmisión destas enfermidades animais, tanto ás persoas que conviven cos animais coma ó consumidor, dos produtos de orixe animal. Como unha consecuencia máis e obxectivo final desa mellora das produccions gandeiras está incrementa-la calidade de vida no medio rural.

Varios destes programas teñen como base a normativa legal que establece a nivel nacional uns programas específicos de erradicación, loita e control dalgunhas enfermidades como a tuberculose e a brucelose. Son programas nacionais aprobados pola Unión Europea de forma particularizada para cada Estado membro e para cada enfermidade determinando as porcentaxes e actuacións que se cofinancian. Foron implantados como obrigatorios xa dende hai tempo pero tiveron unha favorable acollida entre os gandeiros e permitiron diminuí-la incidencia destas enfermidades a uns límites que poderíamos considerar, hai anos, como impensables. Así ó contar cun elevado número de explotacións libres desas enfermidades é o punto de partida para admitir outros programas sanitarios e, o que é máis importante, ó contar con animais sans, poder aplicar programas de mellora productiva que optimicen os recursos naturais dispoñibles para a súa alimentación.

Algún dos programas son específicos dunha especie animal e actividade productiva como o Plan apícola enmarcado no Programa nacional de axudas á apicultura desenvolvido mediante un real decreto estatal en aplicación do previsto no correspondente regulamento comunitario que regula as distintas liñas de axuda a este sector cofinanciadas con fondos FEOGA-Garantía.

Outras actuacións enmarcáanse no obxectivo do proxecto da medida 7.8.2. do programa operativo de Galicia 2000-2006 “Mellora sanitaria dos animais”, as súas produccions e o seu entorno.

Trátase de actividades de prevención, control, investigación, vixilancia e seguimento de determinadas enfermidades non suxeitas á erradicación obrigatoria, incluíndo neles a outras especies animais distintas das tradicionalmente afectadas polos programas de erradicación.

Preténdese tamén reforza-la estrutura sanitaria da produccion mediante a potenciación das agrupacións de defensa sanitaria en Galicia (ADS), e a súa extensión a outras especies gandeiras distintas do porcino onde xa son tradicionais e onde demostraron probada eficacia na prevención e contención de epizootias. Tamén se pretende actuar en todas aquelas medidas tendentes a reforzar de xeito integral a sanidade animal das explotacións gandeiras galegas (identificación e rexistro dos animais, actividades e sistemas de xestión da información sanitaria e de identificación, limpeza e desinfección, residuos, formación, divulgación, etc.). Así mesmo, son importantes as actuacións relativas ó benestar animal e ás condicións en que son explotados os animais.

Por outra banda, é fundamental tratar de garantir na medida do posible a transparencia dos sistemas de produccion de cara á protección do consumidor e da economía do propio sector produtor, mediante controis integrais efectuados sobre tódolos pasos que interveñen na alimentación animal (residuos, materias primas, establecemento de intermediarios, comercializadores de medicamentos veterinarios, fábricas de pensos, etc.).

É imprescindible, así mesmo, dispor de laboratorios de sanidade e produción animal modernos e eficaces que permitan o apoio e execución das actividades de prevención, erradicación e control descritas.

Os diversos acontecementos que se foron sucedendo nos últimos anos deixan patente as consecuencias económicas para os sectores productivos, fabricantes e intermediarios comercializadores, das situacións de alarma sanitaria producidas pola difusión dunha enfermidade contaxiosa nos animais (febre aftosa) ou a detección de substancias perigosas para as persoas en produtos de orixe animal (dioxinas, EEB,...).

Así dada a súa transcendencia e importancia, para o tratamento de tódalas incidencias que se derivaron da declaración da enfermidade encefalopatía esponxiforme bovina na Comunidade Autónoma de Galicia foi preciso poñer en marcha o Plan de acción no sector cárnico bovino. Neste plan concréntanse e enmárcanse as actuacións que se organizan coa intención de ofrecer calidade e seguridade na cadea alimentaria. Neste proxecto de loita e control sanitario das encefalopatías inclúense os gastos derivados dos labores de diagnóstico da enfermidade para garantir que se descarta a presenza da enfermidade en cada canal que é liberada o consumo, do aseguramento da calidade inspectora nas explotacións gandeiras, así como a recollida de cadáveres para a eliminación de riscos e axudas ó sector por sacrificio e destrución de animais e os seus produtos.

Aqueles programas gandeiros máis especiais que se establecen en cooperación con distintas entidades con ámbitos competenciais en territorios limítrofes e que teñen como finalidade favorece-la circulación e comercialización dos animais e produtos gandeiros para estimular as producións máis adaptadas a determinados ambientes naturais agrúpanse no proxecto de colaboración conxunta de programas sanitarios especiais.

No ámbito da produción animal establécense medidas de apoio a entidades locais para a realización de actividades de fomento, difusión, profesionalización e especialización do sector gandeiro galego.

Así mesmo, no que respecta á protección de cultivos mediante programas integrados de loita, é necesario comezar por xerar unha infraestrutura, tanto de

innovación técnica como humana, capaz de establecer un sistema de predicción do potencial de risco da epidemioloxía das posibles pragas e enfermidades dos cultivos de Galicia, para poder garanti-lo control eficaz e unha correcta utilización das distintas técnicas de loita, especialmente no coidado da utilización de fitofármacos para evitar problemas de contaminación ambiental e elimina-los posibles residuos derivados dun emprego incontrolado. Tamén evita-la entrada de organismos nocivos (de corentena) dos que Galicia está exenta.

Neste sentido estase a realizar un estudio de cobertura de estacións agroclimáticas para a implantación e desenvolvemento da “Rede de estacións de avisos fitopatolóxicos de Galicia”, que xunto cos datos semanais de seguimento dos ciclos biolóxicos dos fitopatóxenos, fauna útil, e estado fenolóxico dos cultivos, pódense aconsellar preventivamente actuacións de control integrado.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

PROGRAMA 614A. ORDENACIÓN, REESTRUCTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN AGRARIA

1. Descrición.

O programa 614A ten por obxecto, dentro do marco da PAC, a realización de accións que inciden no incremento da rendibilidade das explotacións, así como na compensación da perda da renda, ben polo emprazamento da explotación ou pola aplicación de medidas agroambientais, ademais de incentiva-lo rexuvenecemento dos agricultores, favorecendo o relevo xeracional do sector.

A necesidade de amplia-la información dispoñible sobre a produción agraria para a toma de decisións futuras en canto as liñas de actuación, tanto en materia de

producción agraria como en infraestructuras e actividades alternativas ou complementarias.

A potenciación das producións complementarias e/ou alternativas é básico para apoia-la diversificación das actividades agropecuarias. Deberase desenvolver axustándose ás potencialidades particulares das distintas áreas e ós novos métodos de produción integrada e ciclos productivos integrais, apostando polos produtos diferenciados asociados á imaxe de calidade e coidando as transformacións industriais e as canles de distribución e comercialización. A investigación agronómica e de mercado é un elemento esencial neste ámbito.

Dende a óptica da poboación rural, o obxectivo é amortecer-lo ritmo de caída da poboación ocupada nas actividades agrarias e o despoboamento das zonas rurais unido á renovación xeracional e ó rexuvenecemento dos activos agrarios e á elevación do seu nivel de formación, mediante a creación de producións alternativas e/ou complementarias.

Así mesmo, no que respecta á protección de cultivos mediante programas integrados de loita, é necesario garanti-lo control eficaz e unha correcta utilización dos produtos para evitar problemas de contaminación ambiental e elimina-los posibles residuos derivados dun emprego incontrolado.

A estratexia de “PI” e da agricultura ecolóxica, propiciará unha revalorización dos produtos a través dunha política de defensa da calidade, non só organoléptica, senón de salubridade, ademais de diferenciar e tipifica-los ditos produtos e as súas zonas naturais de produción.

Apoio a entidades relacionadas coa gandería, a asociacións de gandeiros e ás súas federacións e a gandeiros. Realización de investimentos directos, para o desenvolvemento do Programa de mellora gandeira de Galicia co obxecto da mellora da eficacia productiva das razas gandeiras de fomento e das razas gandeiras de protección especial.

2. Actividades.

1. Fomento da contratación dos seguros agrarios coa finalidade de que os agricultores e gandeiros poidan beneficiarse das vantaxes dos seguros como un instrumento que lles permita facer fronte ás perdas económicas que poidan ter nas súas producións como consecuencia da actuación de axentes alleos como a climatoloxía ou as pragas e enfermidades. Inclúe a liña de seguros destinada a cubri-los gastos de recollida e destrución de animais mortos nas explotacións (MER).
2. Medidas de fomento para a reestructuración dos viñedos para agricultores que desexen substituí-los seus viñedos constituídos por variedades non preferentes, por variedades autóctonas ou recomendadas, así como renova-los seus viñedos envellecidos ou cambia-lo marco de plantación e os sistemas de condución, mellorando a súa produtividade.
3. Incremento do valor engadido das producións agrícolas e a súa calidade mediante a recuperación de variedades autóctonas. Divulgación dos resultados de ensaios realizados con estas variedades.
4. Cesamento anticipado na actividade agraria, que persigue fundamentalmente incrementa-la dimensión económica e física das explotacións, obtendo ó mesmo tempo o rexuvenecemento da poboación activa agraria.
5. Indemnización compensatoria de zonas desfavorecidas e potenciación das medidas agroambientais especialmente a agricultura e gandería ecolóxica.
6. Medidas de apoio á realización do control de rendementos do gando e ós libros xenealóxicos, xa que esta actividade significa a incorporación ó sector gandeiro de novos criterios de manexo eficiente da explotación, á vez que axuda a acadar-los obxectivos propostos na mellora xenética e permite ve-los logros obtidos nesta materia.
7. Conservación e recuperación de razas gandeiras autóctonas de Galicia ó tratarse de recursos xenéticos de inestimable valor desde varios puntos de vista, tal e como recomentan tódolos organismos internacionais, utilizando na súa explotación métodos de produción agraria sostible cos recursos naturais.
8. Medidas de apoio ós programas de xestión zootécnica levados a cabo por agrupacións para a mellora da eficacia dos sistemas productivos, fomentando o

asociacionismo dos produtores para a obtención de técnicas de produción que garantan a viabilidades económica das explotacións.

9. Apoio a gandeiros para o desenvolvemento de programas de cría de animais que teñan por obxecto a aplicación a nivel de explotación de prácticas ou técnicas innovadoras nesta materia.
10. Medidas de apoio ós programas agrarios para a mellora dos procesos productivos agrícolas, ás iniciativas de creación de actividades alternativas ou complementarias das explotacións e ás de creación e mellora de empresas de servicios agrarios. Todo isto nun contexto de sistemas productivos de réxime asociativo respectuosos co ambiente e a saúde dos consumidores, fomentando a dotación tecnolóxica, a asistencia técnica axeitada e a innovación e promocionando o desenvolvemento rural sostible e a mellora da calidade dos produtos.
11. Mellora das estruturas agrarias e modernización das explotacións, que inclúe as seguintes actuacións:
 - A) Axudas a investimentos para plans de mellora.
 - B) Axudas á instalación de xoves agricultores.
 - C) Axudas a agrupacións.
 - D) Abandono da produción láctea e readxudicación ou compra de cota por outras explotacións.
12. Mellora da calidade do leite, que apoia tanto ós produtores como ós primeiros compradores na realización do programa de asesoramento.
13. Incorporación de medidas de respecto ó medio ambiente mediante accións encamiñadas á utilización correcta dos recursos propios das explotacións, xurros, compost, etc... que permitan unha redución dos gastos e a posibilidade de acceso a axudas pola súa aplicación.
14. Potenciación da produción propia de sementes e plantas de viveiro garantidas (forraxeiras, millo, trigos) e ampliación a outras especies das que temos gran consumo e nula produción (caso da pataca).
15. Realización de estudos de ordenación productiva agraria en novas comarcas como instrumento de toma de decisións futuras en canto ás liñas de actuación, tanto en materia de ordenación da produción agraria, como en infraestructuras e actividades extraagrarias complementarias.

16. Implantación de medidas para o control dos patóxenos dos vexetais a través de agrupacións de agricultores formalmente constituídas (ATRIAs e ADVs), mediante o desenvolvemento de programas encamiñados ó uso racional dos praguicidas e só naqueles casos en que esta sexa a única forma de erradicar ou mante-los axentes nocivos nos seus límites tolerables, co apoio dos datos obtidos das estacións de avisos.
17. Medidas para o fomento de métodos de produción compatibles co medio ambiente. Créanse novas liñas de axudas para 2003, como son a: redución do gando bovino, ovino e caprino por unidade de superficie, xestión racional de sistemas de pastoreo para protección de flora e fauna e compatibilización dos sistemas de pastoreo tradicionais no entorno do lobo. Continuarase coas abertas en 2002, dentro dos compromisos de cinco anos obrigatorios, coa agricultura e gandería ecolóxica, como un sistema de trazabilidade e defensa da sanidade alimentaria e, polo tanto, do consumidor, e co obxectivo de facilita-lo mantemento das rendas dos produtores, asegurando a conservación do espacio natural. Para isto é preciso o desenvolvemento dun marco normativo que favoreza a obtención dun produto de calidade sanitaria diferenciada en zonas determinadas (etiqueta de control de calidade de “producción integrada” ou “agricultura ecolóxica”).
18. Potenciar ciclos integrais de produción, mellorando a estabilidade e as súas rendas, no que o produtor non sexa unicamente un abastecedor de materias primas, senón que transforme ou elabore os seus produtos.
19. Creación de liñas de potenciación de servizos técnicos cualificados de xestión das actividades máis especializadas dos cultivos (control de patóxenos, fertilización, poda, etc.).

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

PROGRAMA 612A. PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA

1. Descrición.

1. Mellora da xestión empresarial cooperativa.
2. Formación dos socios das agrupacións agrarias.
3. Axudas para constitución e primeiro establecemento de cooperativas e sociedades agrarias de transformación.
4. Axudas para xoves do medio rural, para que formen ou se integren en cooperativas.
5. Axudas para o fomento do asociacionismo na utilización da maquinaria agrícola.
6. Axudas para a realización de prácticas profesionais.
7. Axudas a asociacións e organizacións profesionais agrarias.
8. Axudas ós investimentos das entidades asociativas.

2. Actividades.

1. Xestión de axudas para asistencia para a cursos de capacitación e ás actividades de formación cooperativa.
2. Xestión de axudas á promoción de cooperativas agrarias, así como á tramitación e ó rexistro das sociedades agrarias e de transformación e á mellora da xestión empresarial cooperativa, programas de capacitación e formación dos agricultores para a modernización das explotacións, cooperación xuvenil, axudas para integración e mellora de equipamento para asociacións de agricultores.
3. Xestión de axudas para a realización de prácticas profesionais.
4. Xestión de axudas para potencia-lo asociacionismo na utilización da maquinaria agrícola.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria.

PROGRAMA 615A. REGULACIÓN DA PRODUCCIÓN E MERCADOS AGRARIOS

1. Descrición.

Actuacións en materia de apoio e promoción dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos, das denominacións de calidade e da mellora das industrias e dos mercados agrarios.

2. Actividades.

1. Realización de campañas xenéricas de promoción dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
2. Participación en feiras e certames comerciais do sector agroalimentario.
3. Preparación, organización e execución das xornadas técnicas.
4. Execución de estudos sobre a comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos, e contratación de equipamentos e servizos para a mellora da xestión de axudas.
5. Investimentos no control e a mellora da calidade dos produtos agrarios.
6. Axuda a investimentos de mellora da produción, industrialización e comercialización de produtos agrarios.
7. Apoio financeiro ó funcionamento dos consellos reguladores e órganos rectores das denominacións de calidade (denominacións de orixe, denominacións específicas, e denominacións xenéricas).
8. Apoio á mellora dos mercados agrarios.
9. Apoio ás entidades asociativas para a mellora da comercialización das súas producións.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria.

PROGRAMA 713A. FOMENTO DAS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

1. Descrición.

Potencia-la produción agraria de base mediante o apoio ós procesos de transformación e comercialización dos produtos agrarios, mellorando o seu valor engadido e a súa calidade.

2. Actividades.

1. Apoio á creación de novas industrias agroalimentarias, especialmente para a transformación de producións agrarias alternativas.
2. Apoio ó perfeccionamento e modernización das industrias agroalimentarias xa existentes para mellora-la calidade e o valor engadido das producións.
3. Apoio á concentración e á colaboración de empresas.
4. Apoio ós investimentos en actividades de comercialización de produtos agroalimentarios galegos.
5. Apoio á participación do sector produtor na transformación e comercialización de produtos agroalimentarios.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria.

PROGRAMA 714A. FOMENTO DA COMERCIALIZACIÓN AGROINDUSTRIAL

1. Descrición.

Actuacións en materia de mellora das condicións de comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos e de potenciación da política de calidade das producións.

2. Actividades.

Subvencións das actividades desenvolvidas a iniciativa dos distintos sectores nos ámbitos seguintes:

1. Promoción dos produtos agroalimentarios.
2. Organización e asistencia a feiras e certames comerciais.
3. Programas de normalización, tipificación e control de calidade.
4. Estudos e xornadas técnicas sobre industrialización e comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios.
5. Investimento na mellora da industrialización e comercialización dos produtos agrarios.
6. Apoio ás entidades asociativas, especialmente na comercialización das súas producións.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria.

3.1.2 Do organismo autónomo

PROGRAMA 614A. ORDENACIÓN, REESTRUCTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN AGRARIA

1. Descrición.

Polo que atinxe ó Ilgga o programa 614A ten por obxecto, dentro do marco da Política Agraria Común (PAC), a realización de accións que inciden no incremento da rendibilidade das explotacións, así como na compensación da perda de renda dos agricultores motivada pola baixa nos prezos garantidos (axudas a produtores), ademais de favorece-lo emprego, nos procesos de produción, de determinados produtos de orixe agropecuaria (axudas a industrias).

2. Actividades.

1. Fomenta-lo emprego de aceite de oliva na fabricación de conservas.
2. Fomenta-la utilización do almidón, obtido a partir de certos produtos agrícolas, na fabricación de determinadas mercadorías.
3. Evitar que os subproductos da vinificación se adiquen á elaboración de viños de baixa calidade.
4. Pagamentos de axudas por hectárea, ós produtores de determinados cultivos herbáceos que os manteñan durante o tempo establecido pola normativa, tendo en conta os rendementos por hectárea establecidos no plan de rexionalización productiva vixente.
5. Subvenciona-la produción de forraxes desecadas.
6. Apoiar ás sociedades instrumentais do instituto, dotándoas dos medios necesarios para o cumprimento da finalidade que teñan encomendada.

3. Órgano encargado da súa execución.

Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia.

PROGRAMA 712A. FOMENTO DO SECTOR GANDEIRO

1. Descrición.

O obxectivo deste programa, polo que respecta ó instituto, é primar ós gandeiros de vacún e ós de ovino cabrún, co obxectivo de compensárllle-la perda de rendas provocadas pola baixa de prezos garantidos.

2. Actividades.

1. Primas a produtores con vacas nutrices, que supón o pagamento dunha axuda por cada vaca de raza cárnica, ou determinados cruces, para a cría dos seus xatos, se se mantén na explotación durante seis meses, dependendo a súa contía do grao de extensificación daquela.

2. Prima a produtores que ceben xatos: supón o pagamento dunha axuda por bovino macho, que se manteña na explotación durante dous meses, dependendo a contía, tamén, do grao de extensificación daquela.
3. Prima por sacrificio: os gandeiros que entreguen xatos, para o seu sacrificio, terán dereito a unha prima compensatoria, dependendo a súa contía da súa idade e peso.
4. A prima a produtores de ovino e cabrún supón o pagamento dunha axuda por cada ovella ou cabra, que se manteña na explotación, alomenos, 100 días, variando o importe segundo se trate de zonas normais, desfavorecidas ou de montaña.

3. Órgano encargado da súa execución.

Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia.

PROGRAMA DE AXUDAS Ó DESENVOLVEMENTO RURAL

O obxectivo deste programa é o de financiar as subvencións das distintas iniciativas de desenvolvemento rural xestionadas a través dos grupos de acción local.

3. Órganos encargados da súa execución.

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

PROGRAMA DE ORGANIZACIÓN E PROCEDIMENTOS INTERNOS

O obxectivo deste programa é garantir o funcionamento operativo dos servizos, as dotacións para a adquisición de elementos de inmovilizado necesarios e as asignacións axeitadas para sufragar todos os gastos de persoal de acordo co seu cadro de persoal (nóminas dos traballadores, cotas da seguridade social a cargo da empresa e indemnizacións por razóns de servizo). Dentro deste programa cómpre subliñar a habilitación de créditos para a realización dunha páxina web e dunha campaña publicitaria de cara á divulgación da actividade da axencia.

Órgano encargado da súa execución.

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

		SERVICIOS					
		01	02	03	04	60	TOTAL
322L	CAPACITACION EXTENSION AGRARIA	9.054,4					9.054,4
322S	FORMACIÓN PROFESIONAL F.S.E.	3.058,9					3.058,9
421A	INFRAESTRUCTURA REFORMA E O DESENVOLVEMENTO AGRARIO		5.229,2				5.229,2
422D	DESENVOLVEMENTO RURAL		61.246,1				61.246,1
432A	PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO	491,1	2.923,8				3.414,9
441A	ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	69,1					69,1
611A	DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE AGRICULTURA	21.052,8					21.052,8
612A	PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN TECNOLOXÍA AGRARIA				2.711,0		2.711,0
613A	SANIDADE VEXETAL E ANIMAL			43.526,6			43.526,6
614A	ORDENACIÓN, REESTRUCTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN AGRARIA			98.348,8		33.758,7	132.107,5
615A	REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E MERCADOS AGRARIOS				6.108,2		6.108,2
713A	FOMENTO DAS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS				24.952,7		24.952,7
714A	FOMENTO DA COMERCIALIZACIÓN AGROINDUSTRIAL				3.904,5		3.904,5
TOTAL		33.726,3	69.399,1	141.875,4	37.676,4	33.758,7	316.435,9

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS					
	I	II	IV	VI	VII	TOTAL
322L CAPACITACIÓN EXTENSIÓN AGRARIA	6.799,5			2.254,9		9.054,4
322S FORMACIÓN PROFESIONAL F.S.E.	2.196,6	323,6	538,7			3.058,9
421A INFRAESTRUCTURA REFORMA E O DESENVOLVEMENTO AGRARIO	5.229,2					5.229,2
422D DESENVOLVEMENTO RURAL			2.982,3	42.717,8	15.546,0	61.246,1
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO	2.923,8	401,6	89,4			3.414,9
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA				69,1		69,1
611A DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE AGRICULTURA	11.002,7	2.372,0	219,4	7.358,8	100,0	21.052,8
612A PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN TECNOLOXÍA AGRARIA			294,5		2.416,5	2.711,0
613A SANIDADE VEXETAL E ANIMAL	13.712,5	67,4	1.803,0	22.921,8	5.021,8	43.526,6
614A ORDENACIÓN, REESTRUCTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN AGRARIA	3.920,7	598,8	180,3	11.232,0	116.175,7	132.107,5
615A REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E MERCADOS AGRARIOS	2.120,2	35,3		1.162,8	2.790,0	6.108,2
713A FOMENTO DAS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS					24.952,7	24.952,7
714A FOMENTO DA COMERCIALIZACIÓN AGROINDUSTRIAL			634,5		3.270,0	3.904,5
TOTAL	47.905,2	3.798,6	6.742,2	87.717,1	170.272,7	316.435,9

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	10.636,9	19.998,8	88,0
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	2.965,8	3.097,2	4,4
Cap. IV	Transferencias correntes	750,7	847,5	12,9
Cap. VI	Investimentos reais	5.713,0	9.682,8	69,5
Cap. VII	Transferencias de capital	0,0	100,0	
TOTAL		20.066,4	33.726,3	68,1

(Miles de euros)

02	D. X. DE INFRAESTRUCTURAS AGRARIAS	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	16.860,7	8.152,9	-51,6
Cap. IV	Transferencias correntes	2.982,3	2.982,3	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	47.934,8	42.717,8	-10,9
Cap. VII	Transferencias de capital	12.290,7	15.546,0	26,5
TOTAL		80.068,5	69.399,1	-13,3

(Miles de euros)

03	D. X. DE PRODUC. E SANID. AGROPEC.	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	13.153,4	13.712,5	4,3
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	67,4	67,4	0,0
Cap. IV	Transferencias correntes	1.502,5	1.803,0	20,0
Cap. VI	Investimentos reais	22.068,5	31.388,9	42,2
Cap. VII	Transferencias de capital	83.616,0	94.903,5	13,5
TOTAL		120.407,9	141.875,4	17,8

(Miles de euros)

04	D. X. DE INDUSTRIAS E PROM. AGROALI.	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	2.075,1	2.120,2	2,2
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	35,3	35,3	0,0
Cap. IV	Transferencias correntes	929,0	929,0	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	2.007,4	1.162,8	-42,1
Cap. VII	Transferencias de capital	34.756,6	33.429,2	-3,8
TOTAL		39.803,4	37.676,4	-5,3

(Miles de euros)

60	I. LÁCTEO E GANDEIRO DE GALICIA	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	3.836,4	3.920,7	2,2
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	730,2	598,8	-18,0
Cap. IV	Transferencias correntes	180,3	180,3	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	2.884,9	2.764,9	-4,2
Cap. VII	Transferencias de capital	26.174,0	26.294,1	0,5
TOTAL		33.805,8	33.758,7	-0,1

(Miles de euros)

SERVICIO	2002	2003	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	20.066,4	33.726,3	68,1
02 D. X. DE INFRAESTRUCTURAS AGRARIAS	80.068,5	69.399,1	-13,3
03 D. X. DE PRODUC. E SANID. AGROPEC.	120.407,9	141.875,4	17,8
04 D. X. DE INDUSTRIAS E PROM. AGROALI.	39.803,4	37.676,4	-5,3
60 I. LÁCTEO E GANDEIRO DE GALICIA	33.805,8	33.758,7	-0,1
TOTAL	294.152,0	316.435,9	7,6

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transfer. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Persoal	42.726,2	43.984,4	3.836,4	3.920,7			46.562,6	47.905,2
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	3.068,5	3.199,9	730,2	598,8			3.798,6	3.798,6
Cap. IV Transferencias correntes	10.737,1	11.087,4	180,3	180,3	4.572,6	4.525,5	6.344,8	6.742,2
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>56.531,8</i>	<i>58.271,7</i>	<i>4.746,9</i>	<i>4.699,8</i>	<i>4.572,6</i>	<i>4.525,5</i>	56.706,1	58.446,0
Cap. VI Investimentos reais	77.723,7	84.952,3	2.884,9	2.764,9			80.608,5	87.717,1
Cap. VII Transferencias de capital	159.722,2	173.037,6	26.174,1	26.294,1	29.058,9	29.058,9	156.837,4	170.272,7
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>237.445,9</i>	<i>257.989,9</i>	<i>29.058,9</i>	<i>29.058,9</i>	<i>29.058,9</i>	<i>29.058,9</i>	237.445,9	257.989,9
TOTAL BRUTO	293.977,7	316.261,6	33.805,8	33.758,7	33.631,5	33.584,4		
TRANSFERENCIAS INTERNAS	33.631,5	33.584,4						
TOTAL CONSOLIDADO	260.346,2	282.677,1	33.805,8	33.758,7	33.631,5	33.584,4	294.152,0	316.435,9

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2002			2003			% Var.		
	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL
XENÉTICA FONTAO	853,0	246,0	1.099,0	986,0	372,0	1.358,0	15,6	51,2	23,6
AXENCIA G. DESENV. RURAL	15.003,0	64,0	15.067,0	18.435,0	43,0	18.478,0	22,9	-32,8	22,6

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	9	9
<i>Persoal funcionario</i>	1.170	1.284
Grupo A	343	462
Grupo B	322	317
Grupo C	225	225
Grupo D	262	262
Grupo E	18	18
<i>Persoal laboral</i>	312	312
Grupo II	5	5
Grupo III	120	120
Grupo IV	91	91
Grupo V	96	96
TOTAL	1.491	1.605

Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia

	2002	2003
<i>Persoal funcionario</i>	136	136
Grupo A	53	53
Grupo B	23	23
Grupo C	23	23
Grupo D	32	32
Grupo E	5	5
<i>Persoal laboral</i>	11	11
Grupo III	6	6
Grupo IV	1	1
Grupo V	4	4
TOTAL	147	147

SECCIÓN 10.

*CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E
TURISMO.*

1. COMPETENCIAS

O Decreto 306/2001, do 15 de decembro, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. O Decreto 310/2001, do 17 de decembro, fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia. O Decreto 8/1998, do 8 de xaneiro, modificado polo Decreto 225/1998, do 17 de xullo, e polo Decreto 15/2000, do 20 de xaneiro, desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, que é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ó que lle corresponden as competencias en materia de promoción cultural, patrimonio cultural, telecomunicacións, audiovisual, multimedia, turismo, e tódolos aspectos vinculados ó Camiño de Santiago, segundo o establecido no Estatuto de autonomía.

Os principios recollidos no artigo 32 do Estatuto de autonomía, de defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, concréntanse nos seguintes puntos:

1. A promoción do Camiño de Santiago, dende a imaxe corporativa do Xacobeo, as relacións cos concellos, a promoción da artesanía e a rede de albergues.
2. A promoción cultural, a contribución ó desenvolvemento do libro, a colaboración na promoción de plástica, a danza, a música, e as artes líricas e coreográficas.
3. A protección do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, paleontolóxico, etnolóxico e documental, así como dos arquivos e museos.
4. A actuación en materia de telecomunicacións, audiovisuais e multimedia, coa aplicación das novas tecnoloxías da comunicación e a información a tódalas facetas da cultura e do patrimonio galego.
5. A promoción cultural dende a plástica, a imaxe e o son co fin de protexer e promociona-la gran creatividade dos galegos, a través do Centro Galego de Arte Contemporánea.
6. A explotación e fomento dos recursos turísticos de Galicia.

Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servicios á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo:

1. Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo, de traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia, entre outras, de cultura.
2. Real decreto 2418/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo.
3. Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, de traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
4. Real decreto 2806/1983, do 1 de setembro, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo.
5. Real decreto 3356/1983, do 28 de decembro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos ós servicios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura e adaptación dos transferidos en fase preautonómica.
6. Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre ampliación de medios persoais e orzamentarios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos).
7. Real decreto 2167/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e dos medios adscritos ós servicios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
8. Real decreto 2168/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos ós servicios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
9. Real decreto 2169/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e os medios adscritos ós servicios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
10. Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.

Estas competencias asumidas pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo concrépanse nos seguintes puntos:

1. Arquivos, museos e bibliotecas:

- A) Creación de arquivos centrais e intermedios, con regulación de transferencias documentais entre os distintos niveis de arquivos, así como a súa valoración, selección e expurgo.
- B) Organización do sistema de museos de Galicia mediante a dotación dunha estrutura conceptual e administrativa, e se desenvolven de pleno as funcións que lle son propias: adquisición, conservación, investigación, comunicación e exhibición do patrimonio que custodian.
- C) Dotación e creación de bases de datos no Centro Superior Bibliográfico de Galicia, situando neste centro o núcleo da Rede informatizada de bibliotecas de Galicia. Organización dos servizos da rede para prestar servizos ás bibliotecas públicas integradas e a centros bibliotecarios non integrados e ós particulares que o demanden.

2. Teatro, cines e auditorios:

- A) Incentiva-las artes de representación nos campos do teatro, a música e a danza. Creación de espazos para estas actividades nos concellos, contemplando a existencia de tales ámbitos no momento de planifica-las novas casas de cultura.
- B) Mellora das infraestruturas físicas existentes mediante a restauración e readaptación, por medio de convenios, dos espazos con que se conta como auditorios, espazos multiusos e outros.
- C) Apoio e fomento ó sector audiovisual, favorecendo o acceso dos novos profesionais á industria audiovisual.
- D) Ampliación ó ámbito das salas cinematográficas da política lingüística, favorecendo a exhibición de cine en galego.
- E) Promove-la produción audiovisual en Galicia e a súa difusión tanto dentro como fóra do noso país.

3. Casas de cultura:

A diseminación da poboación galega obriga a utiliza-los recursos existentes de xeito que se obteña deles o máximo proveito. En núcleos de escasa poboación deben

conibirse infraestructuras que cubran non só as necesidades culturais senón tamén sociais da poboación que vive neles. Para isto estableceranse vías de cooperación con outros departamentos da Xunta de Galicia como Sanidade ou Familia.

Logo de feitas as infraestructuras, promoverase a súa utilización a pleno rendemento, para o cal se impulsará a realización de actividades culturais cunha dobre liña de acción, ben a través da cooperación cos concellos ou ben mediante a realización de actividades programadas directamente pola consellería.

4. Conservación do Patrimonio:

- A) Conservación, restauración e acrecentamento, na medida do posible, do patrimonio galego.
- B) Protección, inventario, restauración e difusión do patrimonio cultural.
- C) Control das escavacións arqueolóxicas relacionadas coas competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- D) Aprobación dos plans e proxectos das obras que afecten ó patrimonio arqueolóxico.
- E) Difusión e defensa do patrimonio cultural.
- F) Inventario do patrimonio etnográfico fundamentalmente para elaborar un plan de protección e conservación.
- G) Estimula-la valoración do patrimonio natural de relevancia singular, promocionando a súa conservación e coñecemento.

5. Promoción cultural:

- A) A dirección e coordinación das actuacións en materia de promoción cultural, do libro e bibliotecas.
- B) Promociona-la calidade das producións literarias e os libros escritos en lingua galega, tanto en Galicia como no exterior.
- C) Incrementa-los índices de lectura entre os galegos e fomenta-lo acceso de tódolos cidadáns ós libros. Facilita-lo acceso público á lectura e á información. Promove-la produción de libros en galego e controla-la súa edición.
- D) Promove-la tradución a outras linguas de libros escritos orixinariamente en galego.

- E) Potenciación da creación artística no campo das artes plásticas.
- F) Promoción da arte galega con exposicións e asistencia a feiras, tanto nacionais como internacionais.
- G) Incentiva-lo desenvolvemento do teatro, da danza e da música.

6. Historia, territorio e Camiño:

Conservación, rehabilitación e recuperación do Camiño de Santiago, coa mellora das infraestructuras actuais concretándose en varias accións:

- A) Acondicionamento paisaxístico de zonas concretas, e creación de áreas de descanso en puntos de interese paisaxístico monumental.
- B) Sinalización dos camiños e dos lugares de interese.
- C) Recuperación e rehabilitación selectiva de tramos doutros camiños.
- D) Rehabilitación, mantemento e conservación da rede de albergues, así como a construción de novos albergues ó longo dos Camiños de Santiago, tendo en conta que estes centros constitúen unha peza esencial na peregrinación e no sistema de acollida de peregrinos, e hoxe en día son unha esencial forma de intercambio persoal, de comunicación e de convivencia dinámica e solidaria entre peregrinos.
- E) Promoción e difusión do Camiño de Santiago e das áreas circunscritas ós camiños de Santiago.
- F) Dinamización sociocultural e socioeconómica das áreas circunscritas ós Camiños de Santiago.
- G) Implantación e promoción do turismo cultural e relixioso.
- H) Promoción de actividades de apoio e atención ó entorno natural e á paisaxe urbana.
- I) Definición e deseño das rutas culturais emblemáticas de Galicia.
- J) Accións concretas a través de congresos e reunións de carácter nacional e internacional.
- K) Colaboración e potenciación das asociacións de amigos do Camiño de Santiago.
- L) Concursos de creación con temática xacobeá.
- M) Publicación de libros, folletos, vídeos, discos, etc, relacionados co Camiño e integrados dentro do programa de publicacións da consellería.

7. Turismo:

Para Galicia o turismo é un dos seus principais recursos económicos en termos de Producto Interior Bruto e de poboación ocupada dedicada a este subsector económico, polo que é preciso realizar dende a Administración da Comunidade Autónoma unha programación orzamentaria acorde coa súa importancia económica, e coa finalidade primordial de incrementar eses parámetros na procura de axudar ó progreso económico de Galicia.

A consellería ten adscritos os seguintes organismos e sociedades públicas:

INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS (IGAEM)

A Lei 4/1989, do 21 de abril, modificada pola Lei 2/1991, do 14 de xaneiro, crea o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais como un organismo autónomo de carácter comercial dos comprendidos no artigo 11.1 a) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, con personalidade xurídica propia e con autonomía económica e administrativa, que queda adscrito á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Ten por obxecto o desenvolvemento da política cultural en relación coa produción, promoción e difusión das actividades do teatro, da danza e da música.

O IGAEM asume as seguintes competencias: promove-las artes escénicas e musicais a través da programación, realización e produción de espectáculos de tipo teatral, coreográficos e musicais, organizando a súa distribución e exhibición tanto en Galicia como fóra dela; potenciar e incentiva-la actividade empresarial coa realización de coproduccións ou celebración de convenios e concertos con empresas artísticas de carácter profesional; contribuír á formación técnica e artística dos distintos profesionais das actividades teatrais, coreográficas e musicais; celebrar convenios e concertos con institucións públicas e privadas; e calquera outra iniciativa de fomento e difusión das artes escénicas e musicais.

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

O Decreto 377/1991, do 19 de setembro, crea a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo 93 (modificado o nome por acordo da Xunta Xeral o día 4 de decembro de 1996, elevado a escritura pública o día 15 de xaneiro de 1997, agora denomínase Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo) con duración ilimitada no tempo. Constitúe o obxecto social da sociedade o deseño, a programación, a coordinación e a realización, entre outras, das seguintes actividades relacionadas co Xacobeo, que se executarán, de se-lo caso, en coordinación coas administracións públicas competentes.

A conservación, rehabilitación e recuperación do Camiño de Santiago; a colocación de sinais identificativos; a elaboración dos principios xurídicos para a súa protección, que, para a súa aprobación, serán elevados ás administracións competentes; a construción das áreas de descanso nos puntos de interese paisaxístico e monumental; simposios, congresos, xornadas e ciclos; exposicións itinerantes, representacións teatrais, concertos musicais e exposicións de artes plásticas; a promoción da artesanía e o deseño relacionados co Camiño de Santiago; competicións deportivas de calidade; rede de albergues; convenios cos concellos e institucións relixiosas; a promoción de aloxamentos relacionados co Camiño; a produción cinematográfica e audiovisual; esponsorizacións e a xestión dos signos visuais.

SOCIEDADE DE IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA, S.A. (TURGALICIA, S.A.)

A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., foi creada polo Decreto 198/1991, do 27 de marzo, e constituíuse con data 22 de setembro de 1992.

Constitúe o seu obxecto social a realización das seguintes actividades:

1. A promoción da oferta turística de Galicia en mercados nacionais e internacionais.
2. A coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción turística interior e exterior.
3. O fomento e impulso das actividades do sector turístico para a promoción do turismo galego.

4. O establecemento de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento de accións encamiñadas á promoción turística interior e exterior.
5. Tódalas operacións que sexan preparatorias, auxiliares ou complementarias das mencionadas.

Así mesmo, constitúe o obxecto da sociedade, sen prexuízo das competencias que lle corresponden en materia de educación e ensinanzas turísticas ós órganos correspondentes da Administración central e da Comunidade Autónoma, a creación e funcionamento do Centro Superior de Hostalería que levará a cabo as seguintes actividades:

1. Reciclaxe de profesionais do sector turístico.
2. Formación teórica e práctica de alumnos no campo da hostalería, restauración, turismo e actividades complementarias.
3. A xestión e explotación de establecementos de hostalería, restauración e bebidas abertos ó público.
4. As actividades de asesoramento e consultoría ó sector turístico.
5. As actuacións da Central de Reservas para atender debidamente a actividade turística en Galicia, fundamentalmente no eido do turismo rural.

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS (RETEGAL, S.A.)

A sociedade anónima Retegal foi creada polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, como órgano xestor dos recursos de telecomunicacións de titularidade da Xunta de Galicia.

O seu obxecto social é a planificación e xestión de actuacións que tenden ó desenvolvemento de infraestructuras, redes, sistemas e servizos de telecomunicacións, así como diseña-las estratexias de futuro dun gran mercado.

COMPAÑÍA DE RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA E AS SÚAS SOCIEDADES (CRTVG)

A Lei 9/1984, do 11 de xullo, crea a Compañía de Radio-Televisión de Galicia, á que lle corresponde a regulación e xestión dos servizos de radiodifusión e televisión, competencia da Comunidade Autónoma.

A Compañía de Radio-Televisión de Galicia posúe o carácter de entidade de dereito público.

A xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión levarase a cabo mediante as seguintes sociedades:

1. Radio Televisión de Galicia, S.A. (RTVG, S.A.)
2. Televisión de Galicia, S.A. (TVG, S.A.)

2. *OBJECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003*

2.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL

Correspóndenlle as funcións sinaladas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, así como aquelas conferidas en virtude do Decreto 8/1998, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Entre as súas competencias destacan as funcións de xestión de persoal, control orzamentario, rexistro xeral da consellería, a contratación de obras e servizos, supervisión de proxectos e elaboración de proxectos de carácter técnico xurídico.

XERENCIA DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO (SECRETARÍA XERAL)

Enuméranse a continuación as diferentes liñas de acción desta Xerencia para o ano 2003:

1. Continuación coa elaboración do Plan director dos Camiños de Santiago en Galicia e a súa execución.
2. Mellora de infraestructuras propias do Camiño ou vencelladas á peregrinación.
3. Sinalización, recuperación e rehabilitación de diferentes tramos do Camiño.
4. Acondicionamento paisaxístico de zonas concretas.
5. Posta en valor de conxuntos históricos e do seu contorno que estean vencellados ó Camiño.
6. Estudio e realización de áreas de descanso nos puntos de interese paisaxístico e monumental no Camiño de Santiago.
7. Accións de mantemento e conservación dos albergues en funcionamento dos Camiños de Santiago en Galicia e continua-la creación da rede de albergues nos Camiños.

Realizaranse tamén actuacións de colaboración e cooperación, entre as que destacan as seguintes:

1. Accións de cooperación co *Consejo Jacobeo*.
2. Elaboración de plans de cooperación con organismos doutras comunidades autónomas, estatais e internacionais.
3. Colaboración co Consorcio da Cidade de Santiago.
4. Fomento da colaboración entre concellos e institucións relixiosas sobre o Camiño de Santiago.
5. Potenciación das diferentes asociacións e institucións relacionadas co Camiño

Así mesmo, entre as actividades de promoción e difusión, pódense subliñar entre outras:

1. Divulgación e difusión do culto e da cultura xacobeá a través de diferentes actividades como exposicións, mostras promocionais, etc.
2. Promoción do Camiño de Santiago e, a través deste, de Galicia, nos diferentes concellos galegos.

3. Promoción da artesanía, da música e do teatro de temática xacobeá feito en Galicia.
4. Promoción do Camiño de Santiago, por medio das oficinas do Estado no estranxeiro e no resto de España.
5. Promoción do Camiño nos centros galegos no exterior.
6. Convocatoria de premios e subvencións.
7. Publicacións.
8. Convenios con axencias de viaxes co fin de acadar un prezo reducido nos itinerarios que abranguen os Camiños de Santiago.
9. Apoio ó Plan de seguimento de Congresos e afíns, patrocinado polo *Consejo de Europa*, sobre o Camiño de Santiago, co fin de lograr unha máis efectiva participación e un mellor coñecemento e difusión do fenómeno Xacobeo.
10. Plans de dinamización sociocultural.
11. Elaboración de publicacións de estatísticas sobre o Camiño de Santiago e todo o que redunde en beneficio da súa promoción.
12. Xestión do programa de iniciativas comunitarias.

DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN CULTURAL

Os obxectivos primordiais da Dirección Xeral de Promoción Cultural para o ano 2003, concréntanse no fomento da actividade cultural nas súas diversas manifestacións. Isto plásmase na práctica en accións levadas a cabo directamente pola propia consellería, ou ben mediante o establecemento de vías de cooperación e colaboración con outras administracións, tanto públicas como privadas, así como con federacións e asociacións culturais que teñan como fin propio a promoción da cultura galega. Preténdese conseguir todo isto a través do desenvolvemento dos programas propios.

Os obxectivos concretos, cítanse a seguir:

1. Ampliación e mellora da rede de bibliotecas de Galicia e dos servicios que nelas se prestan, ben sexa directamente, ben a través da rede.
2. Completa-la informatización das bibliotecas de Galicia. Facilita-lo acceso a internet desde a biblioteca, e da información de bibliotecas.

3. Implantación e divulgación do programa de xestión de bibliotecas Meiga 2001 non só nas bibliotecas públicas, senón tamén nas escolares, de asociacións e outras de interese xeral. Creación dunha rede interconectada de bibliotecas públicas cun programa común de xestión de bibliotecas.
4. Potenciación das bibliotecas itinerantes de préstamo (BIP).
5. Promoción do libro galego dentro e fóra de Galicia.
6. Axudas á produción editorial do libro en galego.
7. Achegamento ó libro e á lectura da poboación galega de tódalas idades mediante campañas de fomento da lectura e accións puntuais en datas significativas.
8. Creación e equipamento de bibliotecas e demais infraestructuras culturais.
9. Cooperación e colaboración coas corporacións locais, asociacións, entidades e institucións culturais, para a construción de infraestructuras culturais e o desenvolvemento de actividades culturais.
10. Concesión do IX Premio das Letras e das Artes de Galicia.
11. Congresos e xornadas de estudio sobre escritores, artistas, músicos e diversos temas culturais.
12. Publicacións de carácter cultural no marco das coleccións aprobadas pola Comisión Permanente de Publicacións.
13. Programación cultural propia e intercambios con outras comunidades autónomas.
14. Celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Avilés de Taramancos.
15. Difusión e promoción da cultura galega no exterior.
16. Actividades de formación e perfeccionamento para profesionais que desenvolven a súa actividade no campo da cultura e axentes culturais en xeral.
17. Realización das actividades culturais no marco do programa “Galicia nos sentidos” en diversos concellos de Galicia.
18. Axudas á produción discográfica galega.
19. Promoción e difusión das artes plásticas galegas tanto en Galicia como no exterior a través da realización de exposicións de artistas que representen as distintas técnicas plásticas galegas.
20. Realización do Programa “Os nosos escritores” en diversos concellos de Galicia.
21. Organización do “V Festival Internacional de Música de Galicia”.

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

1. Protección do patrimonio cultural de Galicia:

Esta liña de actuación vai encamiñada a dotar dos medios e instrumentos necesarios e imprescindibles a cada un dos elementos que conforman o patrimonio cultural de Galicia, de xeito que asegure a súa permanencia e a súa transmisión ás xeracións vindeiras.

Esta actuación céntrase fundamentalmente na realización dos inventarios e catálogos de cada unha das manifestacións do patrimonio, tanto moble como inmovible ou mesmo inmaterial.

Asemade, potenciaranse as tarefas de inspección das intervencións segundo afecten a bens culturais para asegura-lo cumprimento da normativa sobre protección do patrimonio.

2. Conservación do patrimonio cultural de Galicia:

A propia natureza dos elementos que conforman o patrimonio cultural esixen continuos labores de coidado e mantemento para impedir ou minora-la súa degradación, provocada polos diferentes axentes que actúan de forma negativa sobre el.

Trátase pois, de actuacións moi concretas e específicas que precisan de técnicas moitas veces sofisticadas e sempre de acordo coa natureza do ben de que se trate.

Estas actuacións poden concretarse nos distintos niveis:

- A) Limpezas e tratamentos superficiais.
- B) Consolidacións estruturais.
- C) Restauración.
- D) Rehabilitación.

3. Promoción e difusión:

Ten como finalidade facer partícipe á sociedade daqueles valores que son propios do noso patrimonio cultural, promocionando a súa utilización e facilitando o seu gozo.

Con isto conséguese involucrar á sociedade en temas patrimoniais ó tempo que se crea unha conciencia proteccionista que achegará grandes beneficios tanto na conservación como na protección dos vestixios do noso pasado.

4. Patrimonio histórico, artístico e arqueolóxico:

- A) Realización de inventarios dos distintos elementos que conforman o patrimonio para dota-las medidas de protección adecuadas.
- B) Control das escavacións arqueolóxicas relacionadas coas competencias da dirección xeral.
- C) Aprobación de planos e proxectos de obras que afecten ó patrimonio cultural.
- D) Intervencións restauradoras e rehabilitadoras do patrimonio construído, tanto histórico como artístico ou etnográfico.
- E) Difusión das actividades de protección e de intervención sobre o patrimonio cultural.

5. Museos e arquivos:

- A) Xestión de museos e arquivos propios e dos estatais transferidos á Comunidade Autónoma.
- B) Dotación e instalación de museos e arquivos de interese galego. Especial importancia reviste a apertura do Museo Massó en Bueu (Pontevedra).
- C) Adquisición de fondos destinados a coleccións de museos e arquivos públicos.
- D) Investigación dos fondos depositados en museos e arquivos de interese, tanto públicos como privados.
- E) Labores de catalogación e inventario dos museos e arquivos públicos e privados.
- F) Fomenta-la difusión do patrimonio cultural depositado nos museos e arquivos.

DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN SOCIAL E AUDIOVISUAL

Á Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de telecomunicacións, audiovisual e multimedia e tódolos aspectos que se poidan derivar da aplicación das novas tecnoloxías da comunicación e a información ás diversas facetas da cultura e do patrimonio galego.

As accións presentadas pola consellería para estas áreas de competencia céntranse en tres obxectivos fundamentais: impulsa-la integración da poboación galega na sociedade da información; impulsa-lo desenvolvemento das infraestructuras e servicios de telecomunicación e promove-lo crecemento da industria audiovisual galega, na súa consideración de sector estratéxico para o desenvolvemento económico de Galicia.

Na área da sociedade da información as actuacións fundamentais serán as seguintes:

1. Impulsa-lo desenvolvemento da dixitalización dos arquivos culturais e bibliotecas de Galicia.
2. Impulsa-lo sector multimedia galego, coa creación de novas aplicacións e contidos para a realización de exposicións multimedia e desenvolvemento de proxectos como o da Cidade da Cultura.
3. Promoción do coñecemento e a formación sobre novas tecnoloxías, tanto pola poboación en xeral como na especialización e reciclaxe de técnicos.
4. Promove-la creación de novos servicios e contidos nas redes de comunicación, que resulten de fácil acceso para os cidadáns, especialmente a presenza da cultura galega en Internet.
5. Promove-la participación das novas empresas nos proxectos de investigación relativos ó desenvolvemento das novas tecnoloxías multimedia e nos programas europeos destas áreas.

Na área das infraestructuras, as actuacións máis fundamentais serán as seguintes:

1. Estende-la cobertura de difusión da televisión dixital.
2. Achega-la rede de banda ancha institucional (AGI) ós principais centros de investigación e desenvolvemento e departamentos da administración.
3. Amplia-lo servicio de radio dixital no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Desenvolvemento de experiencias piloto de infraestructuras avanzadas (cidades dixitais e aulas multimedia) que permitan achegar ó cidadán o estado do arte das novas tecnoloxías.

5. Mellora da calidade do servizo de conexión a internet coa posta en funcionamento dun punto neutro de conexión ás redes das empresas operadoras de telecomunicacións.
6. Impulsa-la renovación tecnolóxica das redes de telecomunicacións favorecendo o acceso a Internet de tódolos cidadáns.

Na área do audiovisual o principal obxectivo é reforza-lo apoio a este sector que experimentou un importante crecemento precisamente pola súa grande capacidade xeradora de emprego e polas posibilidades que implica a demanda das redes de telecomunicación e os mercados audiovisuais das plataformas dixitais, particularmente nos países do noso entorno histórico e cultural, así como pola súa importancia como instrumento de promoción e difusión do patrimonio cultural galego:

1. Plan de difusión do cine galego.
2. Organización e participación en certames, festivais e ciclos do audiovisual de Galicia.
3. Desenvolvemento das liñas de axuda para o fomento da industria audiovisual, especialmente para promove-la creación de emprego, conforme ó previsto na Lei do audiovisual de Galicia.
4. Comercialización da produción audiovisual e multimedia.
5. Organización e desenvolvemento de cursos de formación especializada en cinematografía e outras áreas do sector audiovisual.

DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO

A Dirección Xeral de Turismo ten como obxectivo fundamental a realización de accións tendentes á promoción, potenciación e difusión do turismo en Galicia. As actividades realizadas nos derradeiros anos motivaron, obxectivamente, polos resultados acadados pola política turística levada a cabo, que a actividade turística estease a converter nun dos principais sectores productivos de Galicia. No ano 2002 confirmouse, novamente, a tendencia de crecemento e consolidación do turismo da nosa Comunidade Autónoma gracias a forte aposta levada a cabo pola Consellería de

Cultura, Comunicación Social e Turismo a través da dirección xeral. Os datos estatísticos revelan e constatan obxectivamente esta consideración. As principais actuacións que se van asumir para continuar esta liña son:

1. Incremento dos investimentos na adecuación para usos turísticos de monumentos e espazos singulares: Mosteiro de Acibeiro, Castelo da Palma, Monfero, ... etc.
2. Estase a traballar na construción do aparcadoiro público do Mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil e vaise a elaborar un Plan de rectorais, que recupere turisticamente este patrimonio arquitectónico único pero ameazado polo abandono.
3. Turismo de golf: liña de axudas para adecua-los campos existentes e crear algún novo, de xeito que se poida conformar e ofertar unha rede galega de campos de golf.
4. Cooperación coas corporacións locais, pasando de 1,7 millóns de euros a 2,67 millóns para impulsa-la imprescindible colaboración dos concellos galegos no desenvolvemento e mellora do sector e, ó mesmo tempo, desenvolver con eficacia o “Plan de Excelencia” do Barbanza que se formalizará proximamente e dos mais.
5. Auméntanse as axudas para a mellora da oferta hostaleira galega. A creación e sobre todo a mellora dos establecementos hostaleiros é unha das liñas primordiais da Dirección Xeral de Turismo, sobre todo tendo en conta que por lei os hostais deixarán de existir en 2004, o que nos obriga a fortalecer-lo apartado de mellora para todos aqueles que queiran investir para acceder á categoría de hotel e adapta-las súas instalacións. Por iso dedícase unha parte sustancial do orzamento a esta liña de axuda, incrementándoa con respecto ó ano anterior.
6. Continuación da renovación das oficinas e puntos de información.
7. Continúase co esforzo de promoción turística no exterior, de cara a mante-lo nivel acadado nos últimos anos. Neste sentido, Turgalicia contará cun orzamento de 6.971.000 euros cos que se prestará unha atención especial a:
 - A) Potencia-los plans de calidade, que dean competitividade ás novas ofertas turísticas.
 - B) Atención ó turismo urbano e de congresos, nos que ano a ano estase a gañar importantes cotas de mercado.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS (IGAEM)

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais ten por obxecto o desenvolvemento da política cultural en relación coa produción, promoción e difusión das actividades do teatro, da danza e da música.

En consonancia cos seus obxectivos o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais exercerá as seguintes funcións, dentro das liñas de actuación para o ano 2003:

1. Programar, realizar e producir espectáculos de tipo teatral, coreográficos e musicais.
2. Organiza-la súa distribución e exhibición e impulsa-la súa difusión tanto en Galicia como fóra dela, en especial naqueles núcleos de emigración galega de fonda tradición, coa finalidade de manter e facer medra-los vínculos culturais.
3. Potenciar e incentiva-la actividade empresarial nos eidos das artes escénicas e musicais, coa realización para estes efectos de coproducción ou celebración de convenios e concertos con empresas artísticas de carácter profesional.
4. Programar, xestionar e administra-los centros e as unidades de produción, formación, arquivo, información e investigación teatral, coreográfica e musical dependentes da Xunta de Galicia.
5. Diseñar e desenvolver unha infraestrutura e uns equipamentos técnicos de interese para as actividades da súa competencia.
6. Concluir e manter actualizado o inventario e a catalogación do patrimonio escénico e musical galego, así como informar permanentemente del.
7. Celebrar convenios e concertos con institucións públicas e privadas, para levar a cabo as tarefas da súa competencia.
8. Realizar accións de fomento e difusión das artes escénicas e musicais.
9. Calquera outra iniciativa e acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen.

2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

2.3.1 Entes de dereito público

COMPañÍA DE RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA (CRTVG)

A Compañía de Radio-Televisión de Galicia regula a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión. Esta xestión levarase a cabo mediante as seguintes sociedades públicas con forma de sociedades anónimas:

1. Radio Televisión de Galicia, S.A.
2. Televisión de Galicia, S.A.

A CRTVG continuará no 2003 co desenvolvemento das actividades que lle son propias contando cos medios materiais e técnicos necesarios para o mantemento das redes de radio e televisión institucionais que dan cobertura de recepción a todo o territorio da Comunidade Autónoma.

2.3.2 Sociedades mercantís

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS (RETEGAL, S.A)

O ano 2003 será o do lanzamento definitivo da sociedade que aproveitando todo o potencial de que dispón a Comunidade Autónoma en infraestructuras e redes de telecomunicación, tratará de actuar no tráfico mercantil, en igualdade de condicións co resto das empresas operadoras de servizos de telecomunicación, abrindo vías de negocios que xerarán paulatinamente beneficios importantes e que sen dúbida ningunha redundarán no progresivo crecemento e importancia da citada sociedade no mercado das telecomunicacións.

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

As actuacións básicas que realizará a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo para acadar os obxectivos previstos para o ano 2003 son as seguintes:

1. Preparación, promoción e difusión do Xacobeo 2004.
2. Protección e control do uso de patrimonio marcario.

3. Mellora e adecuación dos Camiños de Santiago (Francés, Primitivo, Inglés, do Norte, Fisterra, Portugués, Ruta do Mar de Arousa, Vía da Prata).
4. Construcción e ampliación da rede de albergues de peregrinos (Vedra, Portas e Portomarín).
5. Equipamento albergues (Lalín, Vedra, Porriño, Mondoñedo, Portas).
6. Acondicionamento parcial e posta en valor de elementos propios.
7. Sinalización dos camiños, rede de albergues.
8. Organización de diversas actividades culturais e lúdicas que permitan unha dinamización social, cultural, económica e turística dos concellos do Camiño de Santiago de Galicia.

*SOCIEDADE DE IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA, S.A.
(TURGALICIA, S.A.)*

Turgalicia apoia un modelo de desenvolvemento turístico para a Comunidade Autónoma baseado en dous piares fundamentais: diversidade e calidade.

É o obxectivo prioritario, á hora de planifica-las accións promocionais do ano, o incremento dos ingresos xerados por turismo. Para acadar este obxectivo fíxanse unha serie de retos estratéxicos para o ano 2003 que serán o norte e guía para deseña-los programas e defini-las accións do plan de actuación. Deste xeito, os retos estratéxicos fixados son:

1. Mellora-la calidade da oferta.
2. Buscar unha maior participación dos demais axentes involucrados na promoción turística de Galicia.
3. Consolida-la posición de Galicia como destino vacacional para os segmentos Costa-Turismo e Costa-Residente.
4. Desenvolve-lo turismo de interior e rural para buscar unha maior redistribución da renda e da poboación.
5. Potenciar e desenvolver segmentos estratéxicos que axuden á desestacionalización.
6. Introducir Galicia como destino turístico en mercados internacionais, principalmente en Europa.
7. Desenvolver un novo enfoque cos sistemas de promoción e comercialización.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 351A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE CULTURA

1. Descrición.

A finalidade última deste programa é dispor dos medios financeiros precisos para o correcto desenvolvemento da actividade propia desta consellería. Con cargo a este programa vanse financiar a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reparación dos bens inmobles: edificios e construcións; asemade as campañas publicitarias destinadas a difundir as diversas actividades que se desenvolverán no eido da cultura; así como a da construción da Cidade da Cultura de Galicia.

2. Actividades.

Comprende o financiamento dos gastos de persoal, arrendamentos de locais, reparacións, material de oficina, subministracións, comunicacións, transporte, seguros, tributos, actividades e indemnizacións por razón de servizos, en resumo, tódolos gastos necesarios para o bo desenvolvemento dos servizos.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 352A. BIBLIOTECAS

1. Descrición.

Os obxectivos do programa de bibliotecas son atender a rede de bibliotecas de Galicia e apoiar a difusión do libro galego, así como propiciar o achegamento á lectura da poboación.

2. Actividades.

1. Convocatoria de bolsas de formación bibliotecaria.
2. Proseguir o plan de informatización da rede de bibliotecas de Galicia.
3. Dotación de equipamento e lotes fundacionais ás bibliotecas de nova creación.
4. Centro Superior Bibliográfico de Galicia. Bibliografías e catálogos colectivos.
5. Colaboración coas bibliotecas de especial interese para Galicia.
6. Campañas de fomento da lectura.
7. Asistencia a feiras internacionais do libro, así como a mostras bibliográficas.
8. Feiras do libro en Galicia.
9. Axudas á protección editorial en lingua galega.
10. Coleccións de publicacións da Dirección Xeral de Promoción Cultural.
11. Inventario do patrimonio bibliográfico de Galicia.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Promoción Cultural.

PROGRAMA 352B. ARQUIVOS E MUSEOS

1. Descrición.

A través deste programa trátase de conseguir que os arquivos de Galicia sexan centros eficaces e dinámicos, custodios do patrimonio documental galego como portador da memoria histórica e como garantía dos dereitos e deberes da Administración e dos cidadáns, polo tanto ó seu servizo. Son da súa competencia non só os arquivos públicos de calquera institución, senón tamén os privados e o patrimonio documental en xeral.

No referente a museos o obxectivo é o de acadar un maior coñecemento do patrimonio moble galego para poder protexelo e difundilo á sociedade, como portador de valores que informan da esencia da cultura galega, de hoxe e de onte. O seu campo de acción é o patrimonio moble, estea ou non depositado en museos. Funcionalmente ten asumida a xestión dos museos estatais, a creación de museos propios e a tutela de todo o patrimonio moble en xeral.

2. Actividades.

1. Continua-la realización do inventario do patrimonio documental galego como parte do patrimonio cultural.
2. Dotación en infraestructuras e equipamento ós arquivos dependentes da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, para o cumprimento das súas funcións de conservar, organizar e servi-la documentación neles depositada.
3. Apoio ós arquivos dependentes doutras institucións públicas ou privadas, en cumprimento do deber de tutela e protección que sobre o seu patrimonio ten a Administración autonómica.
4. Organización de exposicións.
5. Incremento do patrimonio documental, a través das adquisicións e fomentando as doazóns e depósitos en arquivos para a utilización e gozo colectivos.
6. Realización de cursos, coloquios, congresos e outras actividades semellantes encamiñadas á formación de novos profesionais do mundo dos arquivos.
7. Difusión do patrimonio documental galego a través de publicacións e outros actos divulgativos.
8. Continua-la realización do inventario xeral do patrimonio moble de Galicia, considerado como instrumento básico de control e polo tanto de protección dos ditos bens.
9. Dinamiza-los museos dependentes da Xunta de Galicia como centros de investigación da cultura galega.
10. Potenciación de museos que cubran aspectos representativos da idiosincrasia de Galicia.
11. Axudas ó desenvolvemento das institucións museísticas doutras institucións públicas ou privadas para o pleno funcionamento como centros dinamizadores da realidade cultural do seu territorio.

12. Organización de exposicións científicas de promoción e divulgación do patrimonio moble nas súas diversas manifestacións.
13. Elaboración de publicacións dos instrumentos de control e documentación dos bens mobles.
14. Cursos, coloquios, conferencias, congresos, encamiñados á formación de especialistas en patrimonio moble.
15. Difusión das actuacións da Administración no campo do patrimonio moble.
16. Incremento do patrimonio moble, a través de adquisicións e fomentando as doazóns e depósitos en museos para a utilización e gozo colectivos.
17. Dotación en infraestrutura e equipamento ós museos dependentes da consellería, para o cumprimento das súas funcións de conservar, organizar e servi-lo patrimonio moble neles depositado.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

PROGRAMA 353A. PROMOCIÓN, DIFUSIÓN E COOPERACIÓN CULTURAL

1. Descrición.

Os obxectivos deste programa son os de promociona-la cultura en Galicia e facilita-lo acceso dos cidadáns galegos ás diversas manifestacións culturais que se están a desenvolver no noso país.

Este labor difusor da cultura realízase a través da creación, acondicionamento e equipamento das infraestructuras culturais necesarias onde poder desenvolve-la programación de actividades culturais e así achegalas á poboación galega.

A difusión téntase realizar tanto en Galicia como no exterior. Procúrase facilitar ós profesionais do sector vías complementarias de formación a fin de que acaden unha maior profesionalidade e competitividade.

Estableceranse vías de cooperación e colaboración coas corporacións locais de Galicia e coas entidades sen fin de lucro na programación e realización das súas actividades.

Farase o oportuno recoñecemento e recompensa dos méritos daquelas persoas dedicadas ás letras e ás artes por medio do Premio das Letras e das Artes de Galicia, que este ano chega á súa IX convocatoria.

En virtude do Decreto 326/1996, o Centro Galego de Arte Contemporánea quedou integrado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da que depende funcionalmente, aínda que posúe un padroado como órgano rector. É o único museo de titularidade da Xunta de Galicia aberto ó público.

O Centro Galego de Arte Contemporánea trata de garanti-la exhibición e disfrute das tendencias e correntes da creación artística contemporánea e o seu funcionamento, así como constituírse nun centro de documentación que facilite o estudio e difusión da arte contemporánea, especialmente galega, contribuir á formación artística dos que se dediquen ás artes plásticas e, por último, continua-lo proceso de creación dunha colección de carácter público na que se reflecta a creación artística da nosa época.

2. Actividades.

1. Axudas ás corporacións locais e ás asociacións, federacións e institucións culturais que lles permitan a realización de actividades culturais dirixidas a satisfacer as demandas dos cidadáns en materia de cultura.
2. Axudas a corporacións locais para a construción e equipamento de centros culturais que permitan achega-la cultura á poboación dos concellos.
3. Concesión do IX Premio das Letras e das Artes de Galicia.
4. Realización de circuitos culturais.
5. Programación de congresos e xornadas culturais.
6. Promoción da cultura galega no exterior.
7. Publicacións de carácter cultural enmarcadas dentro das coleccións aprobadas pola Comisión Permanente de Publicacións para esta consellería.
8. Programación cultural da propia consellería en Galicia e no exterior, así como intercambios con outras comunidades autónomas.
9. Celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Avilés de Taramancos.
10. Cursos para profesionais e formación e perfeccionamento dos axentes culturais.

11. Acción, difusión e promoción da cultura galega.
12. Axuda á Real Academia Galega.
13. Organización de exposicións que mostren as principais tendencias da creación artística, con especial fincapé nos novos valores.
14. Alcanza-las infraestructuras e o equipamento necesarias para o desenvolvemento de actividades culturais.
15. Colaboración con institucións públicas e privadas co obxecto de difundir-las tendencias da arte contemporánea.
16. Conservación e estudio das coleccións permanentes do CGAC.
17. Difusión, mediante publicacións e actos divulgativos do patrimonio cultural que alberga.
18. Creación dun fondo bibliográfico dentro do ámbito das súas competencias.
19. Creación da propia colección de arte contemporánea do Centro Galego de Arte Contemporánea.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Promoción Cultural.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

PROGRAMA 353B. AUDIOVISUAL

1. Descrición.

Finalidade fundamental do programa 353B, Audiovisual, é a potenciación deste sector mediante a realización de actuacións que favorezan o seu desenvolvemento nos seus aspectos industriais e culturais, en atención á importancia estratéxica que ten na sociedade actual e ó peso económico que está acadando respecto doutros sectores.

As actuacións terán ademais unha orientación encamiñada a promover-las producións cinematográficas galegas, o traballo e a creatividade dos profesionais e das industrias galegas, especialmente no mundo da multimedia e, en xeral, a creación de contidos de interese para as novas redes de comunicación.

2. Actividades.

1. Promove-la creación do Consorcio do Audiovisual, no seo do cal desenvolverase un plan extratécnico para a promoción das producións cinematográficas e multimedia galegas.
2. Actividades do Centro Galego de Arte da Imaxe para o desenvolvemento das súas funcións de recuperación, custodia e difusión do audiovisual e da fotografía en Galicia.
3. Organización e desenvolvemento de programas de formación nas materias de cine e multimedia.
4. Desenvolvemento de axudas para o fomento da industria audiovisual.
5. Organización e desenvolvemento de programas de difusión e promoción da cinematografía galega e doutros produtos audiovisuais de interese cultural mediante a autoestrada galega da información, en conexión coas cidades de Galicia, os campus universitarios e os centros multimedia comarcais. A acción piloto pódese levar adiante a mediados de marzo, coa proxección en rede dunha semana de cine galego nos campus universitarios.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.

PROGRAMA 353D. XACOBEO

1. Descrición.

O obxectivo do programa Xacobeo é a atención das necesidades relacionadas cos Camiños de Santiago en Galicia, tanto as referidas a peregrinos e visitantes como á poboación das áreas dos camiños, así como as infraestructuras propias da peregrinación.

2. Actividades.

1. Medidas referidas á delimitación dos camiños así como a súa información e sinalización.
2. Conservación e valorización do patrimonio cultural dos camiños, incluído o propio camiño físico, a súa rede de albergue e o seu medio ambiente natural.

3. Dinamización socioeconómica das áreas dos camiños.
4. Dinamización cultural, incluída a organización de actos en localidades e cidades dos camiños e o apoio á creación artística de tema xacobeo.
5. Promoción exterior do Camiño e accións de intercambio e cooperación transrexional e transnacional.
6. Medidas especiais de protección e atención ó peregrino: accesibilidade, seguridade, protección civil, sanidade e voluntariado.

3. Órganos encargados da súa execución.

Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago.

S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

PROGRAMA 354A. TEATRO, MÚSICA E DANZA

1. Descrición.

Mediante o programa de teatro, música e danza preténdese promover as distintas modalidades das artes escénicas, algunhas delas de importante implantación en Galicia.

Dentro do programa potenciaranse novos proxectos así como a realización de actividades no programa “Galicia nos sentidos” a través de varios subprogramas en cooperación cos concellos de Galicia. Intentarase que se beneficien das actividades culturais programadas o maior número posible de cidadáns, para o cal se utilizarán todos os medios de infraestructuras dispoñibles e as posibilidades de divulgación que fora necesario. Todas as accións tenderán a conseguir o desenvolvemento do teatro, a música e a danza en Galicia e a introducir a acción cultural no tempo de lecer dos galegos.

Este programa financia o funcionamento do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

2. Actividades.

1. Realización de “Galicia nos sentidos” en cooperación cos concellos de Galicia nas áreas seguintes:

- A) Teatro profesional e afeccionado.
 - B) Música clásica, folk, jazz, pop, etc.
 - C) Danza.
 - D) Bandas de música populares.
 - E) Corais.
 - F) Grupos de gaitas.
2. Promoción e difusión da produción discográfica.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Promoción Cultural.

PROGRAMA 356A. PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E ARQUEOLÓXICO

1. Descrición.

A finalidade deste programa é a conservación, acrecentamento e difusión do patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico de interese para Galicia, atendendo ós obxectivos básicos:

1. Restauración de bens de interese cultural (BIC) significativos, subvencións a concellos e outros organismos públicos para a protección e atención ó denso patrimonio histórico situado na súa demarcación.
2. Restauración e posta en valor e uso social e cultural do patrimonio eclesiástico. Continuación do plan de estudo e difusión do inmenso, rico e diverso patrimonio arqueolóxico e etnográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Posta en marcha da rede do patrimonio arqueolóxico de Galicia.

2. Actividades.

1. Investigación arqueolóxica e etnográfica mediante axudas e subvencións a institucións públicas e privadas co único obxectivo de conservar, protexer e recupera-lo noso patrimonio cultural.
2. Intervención no patrimonio arquitectónico de Galicia.
3. Proxectos, informes, dirección e traballos de urxencia no patrimonio cultural de Galicia.

4. Intervencións en depósitos arqueolóxicos de interese para Galicia co fin de proceder a unha exhaustiva investigación e á recuperación destes para a posta en rendibilidade sociocultural.
5. Creación e posta en funcionamento de parques arqueolóxicos.
6. Promoción e difusión do patrimonio cultural galego.
7. Convenios e axudas encamiñadas á protección, conservación e recuperación do patrimonio histórico-artístico de Galicia.
8. Convenios, axudas e subvencións a institucións públicas e privadas encamiñadas á protección, conservación e difusión do patrimonio cultural nas súas diversas manifestacións.
9. Actuacións no marco da Iniciativa comunitaria INTERREG III. Subprograma: Galicia-Norte de Portugal.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

PROGRAMA 357A. EXPOSICIÓNS E ARTES PLÁSTICAS

1. Descrición.

Preténdese potenciar e difundir a arte galega nas súas múltiples manifestacións de pintura, escultura, instalacións, “performances” e outras tanto en Galicia como no exterior. Promoveranse os artistas galegos e galegas poñendo especial énfase nas novas tendencias e proxectos de vangarda e a xente nova.

2. Actividades.

1. Realización de exposicións da obra de artistas que representen as distintas clásicas e tendencias plásticas galegas.
2. Promoción da arte galega no exterior.
3. Asistencia a feiras nacionais e internacionais.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Promoción Cultural.

PROGRAMA 361A. COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL

1. Descrición.

Mediante este programa, a consellería quere dar resposta ás demandas que implica a integración de Galicia na sociedade da información, co que iso supón dispoñibilidade das novas tecnoloxías de información e comunicación pola totalidade da poboación galega a través da autoestrada galega da información así como a realización de campañas informativas de carácter institucional, en particular para a promoción do coñecemento e uso das novas tecnoloxías polos cidadáns de Galicia. Preténdese tamén o mantemento das infraestructuras de telecomunicacións de Galicia nunha permanente situación de innovación tecnolóxica para que non se perda o nivel privilexiado que xa teñen acadado.

2. Actividades.

1. Conceder axudas ós concellos de Galicia para a posta en funcionamento de emisoras municipais.
2. Creación de aulas multimedia, para promover o acceso dos cidadáns ós recursos da autoestrada galega da información.
3. Mantemento e mellora das infraestructuras de telecomunicacións da Xunta de Galicia, particularmente da autoestrada galega da información.
4. Impulsa-la actividade da empresa Retegal que ten ó seu cargo a xestión das infraestructuras de telecomunicacións da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Asistencias técnicas para estudos e planificación da xestión dos recursos no sector das telecomunicacións.
6. Outorgar subvencións ó Consello Asesor da RTVE en Galicia.
7. Financiamento da participación nos programas e iniciativas comunitarias que resulten de interese para o desenvolvemento da Sociedade de Información en Galicia, en particular as xeradoras de novas oportunidades de emprego.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.

PROGRAMA 361B. RADIODIFUSIÓN E TVG

1. Descrición.

Os obxectivos fundamentais que persegue este programa son, dunha banda, achegar os medios económicos complementarios para o funcionamento da CRTVG e das súas empresas, facilitando o desenvolvemento das actividades que lle son propias, así como a dotación de medios materiais e técnicos necesarios para o mantemento das redes de radio e televisións institucionais que darán cobertura de recepción a todo o territorio de Galicia.

O programa financia as transferencias á empresa Redes de Telecomunicacións de Galicia, Retegal SA, que é a que ten ó seu cargo o mantemento das redes de telecomunicacións.

2. Actividades.

1. Realiza-las transferencias correntes e de capital que se outorguen á Compañía de Radiotelevisión de Galicia e ás súas sociedades (TVG e RTVG).
2. Ampliar e mellora-las infraestructuras de radio e televisión, mediante novas instalacións e equipamentos, levando a cabo as obras necesarias para a permanente actualización das redes de comunicación.
3. Realiza-las transferencias de capital á empresa Retegal SA.
4. O mantemento das infraestructuras de radio e televisión, mediante novas instalacións e equipamentos.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.

PROGRAMA 432A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

1. Descrición.

O programa 432A, coa denominación Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, ten como finalidade básica desenvolver-las accións encamiñadas á realización de actividades que impliquen accións de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no ámbito do turismo.

2. Actividades.

1. Programas de investigación en patrimonio cultural artístico.
2. Actuacións para potencia-las infraestructuras de acceso á información para facilita-lo uso de novas tecnolóxicas entre os cidadáns galegos.
3. Convenios con asociacións do sector turístico.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.

Dirección Xeral de Turismo.

PROGRAMA 441A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA

1. Descrición.

Inclúese neste programa o pagamento dos gastos ocasionados pola elaboración, publicación e difusión de estatísticas da consellería contempladas no Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma para 2003, de acordo co establecido na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de creación do Instituto Galego de Estatística.

2. Actividades.

Operacións de transmisión de información co Instituto Galego de Estatística para colaborar na execución do Plan galego de estatística.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 751A. FOMENTO E POTENCIACIÓN DO TURISMO

1. Descrición.

O programa 751A, “Fomento e Potenciación do Turismo”, que se desenvolve na Dirección Xeral de Turismo, ten como finalidade básica as accións encamiñadas a unha ordenación racional do sector, así como as actuacións de fomento das actividades turísticas.

2. Actividades.

Estructuración dos fondos públicos para actividades de ordenación turística en parámetros que permitan conquistar un maior nivel de calidade do sector a través de:

1. Mellora e posta en valor de recursos culturais para a súa utilización específica como elementos básicos da nosa actividade turística no eido dunha oferta de calidade.
2. Obras no Centro Superior de Hostelería de Galicia para os efectos de seguir mantendo os niveis de calidade do ensino que nel se imparte.
3. Accións institucionais de promoción, difusión e cooperación turística.
4. Proxectos de actuacións transfronteirizas.
5. Convenio coa Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (TURGALICIA, SA).
6. Publicacións turísticas (edición, coedición e adquisición).
7. Bolsas en materia turística para prácticas ou ampliación de estudos tanto en Turgalicia como nas oficinas de información turística da Xunta de Galicia.
8. Mellora dos recursos turísticos das entidades locais no eido das infraestructuras mediante convenios de cooperación con elas, coa intención de implicar a outras administracións públicas, así como á iniciativa privada.
9. Continuación da potenciación do turismo rural tanto coa creación de novos establecementos como coa mellora dos existentes.
10. Potenciación da infraestructura balneoterápica, elemento que recuperou a súa antiga importancia, contando a nosa Comunidade Autónoma cunha das maiores posibilidades neste sector.
11. Potenciación da infraestructura hoteleira como elemento básico para unha oferta turística de calidade no eido hoteleiro.
12. Accións encamiñadas ó turismo deportivo de alta capacidade de gasto.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Turismo.

3.1.2 Dos organismos autónomos

PROGRAMA 354A. TEATRO, MÚSICA E DANZA

1. Descripción.

O fin deste programa é o de promover as distintas especialidades das artes escénicas e musicais. As artes da representación do teatro, da danza e da música ocupan un lugar preponderante dentro da actividade cultural en Galicia. A música é unha das manifestacións que gozan dunha gran tradición en Galicia, tanto en música clásica como en música tradicional. O interese polo teatro e pola danza están aumentando día a día.

Preténdese promover o desenvolvemento do teatro, a música e a danza mediante o apoio á produción de novos espectáculos. Trátase de rendibilizar estes espectáculos por medio dunha eficaz distribución da rede galega de teatros e auditorios e dos circuitos culturais.

Este programa financia o funcionamento do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

2. Actividades.

1. Producción de espectáculos de teatro, música e danza.
2. Distribución dos espectáculos.
3. Potenciación dunha Rede galega de teatros e auditorios.
4. Formación permanente dos profesionais das artes escénicas e musicais, mediante cursos específicos de teatro, música e danza.
5. Desenvolvemento do Centro de documentación e arquivo das artes escénicas e musicais.
6. Publicación de libros de teatro, de danza e de partituras musicais.
7. Gravación e edición de vídeos e discos sobre os espectáculos producidos e distribuídos polo IGAEM.

3. Órgano encargado da súa execución.

IGAEM.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

	SERVICIOS						TOTAL
	01	02	03	04	05	60	
351A DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE CULTURA	21.180,6						21.180,6
353D XACOBEO	24.628,6						24.628,6
352A BIBLIOTECAS		3.874,4					3.874,4
352B ARQUIVOS E MUSEOS			3.403,8				3.403,8
353B AUDIOVISUAL				7.929,4			7.929,4
354A TEATRO, MÚSICA E DANZA		1.230,0				7.235,3	8.465,3
357A EXPOSICIÓNS E ARTES PLÁSTICAS		525,0					525,0
356A PATRIMONIO HISTORICO, ARTÍSTICO E ARQUEOLÓXICO			19.044,1				19.044,1
361A COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL				7.367,3			7.367,3
361B RADIODIFUSIÓN E TVG				85.637,1			85.637,1
651A ORDENACIÓN E XESTIÓN DO TURISMO					3.122,5		3.122,5
751A FOMENTO E POTENCIACIÓN DO TURISMO					29.634,6		29.634,6
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA	150,4						150,4
353A PROMOCIÓN, DIFUSIÓN E COOPERACIÓN CULTURAL		18.710,7	3.096,4				21.807,2
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TÉCNICO				4,8			4,8
TOTAL	45.959,6	24.340,1	25.544,3	100.938,6	32.757,0	7.235,3	236.775,0

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS						TOTAL
	I	II	IV	VI	VII	VIII	
351A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	3.964,5	4.542,4	831,5	655,5	11.186,7		21.180,6
353D XACOBEO			20.895,0	1.449,8	2.283,8		24.628,6
352A BIBLIOTECAS			124,4	2.655,0	1.095,0		3.874,4
352B ARQUIVOS E MUSEOS			267,5	2.495,6	640,7		3.403,8
353B AUDIOVISUAL				4.284,9	3.644,5		7.929,4
354A TEATRO, MÚSICA E DANZA	1.569,8	622,4	177,4	6.065,7	30,0		8.465,3
357A EXPOSICIÓNS E ARTES PLÁSTICAS				525,0			525,0
356A PATRIMONIO HISTORICO, ARTÍSTICO E ARQUEOLÓXICO	6.777,1			9.105,4	3.161,6		19.044,1
361A COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL	734,7		123,2	4.321,2	2.188,3		7.367,3
361B RADIODIFUSIÓN E TVG			469,0	3.410,8	7.759,3	73.998,0	85.637,1
651A ORDENACIÓN E XESTIÓN DO TURISMO	3.122,5						3.122,5
751A FOMENTO E POTENCIACIÓN DO TURISMO			2.838,5	8.604,2	18.191,9		29.634,6
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA				150,4			150,4
353A PROMOCIÓN, DIFUSIÓN E COOPERACIÓN CULTURAL	4.196,2	502,7	1.786,5	5.289,3	10.032,4		21.807,2
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TÉCNICO					4,8		4,8
TOTAL	20.364,8	5.667,6	27.512,9	49.012,7	60.219,0	73.998,0	236.775,0

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	3.952,7	3.964,5	0,3
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	4.432,3	4.542,4	2,5
Cap. IV	Transferencias correntes	21.726,5	21.726,5	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	2.721,7	2.255,7	-17,1
Cap. VII	Transferencias de capital	13.470,5	13.470,5	0,0
TOTAL		46.303,6	45.959,6	-0,7

(Miles de euros)

02	D. X. DE PROMOCIÓN CULTURAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	4.038,2	4.196,2	3,9
Cap. IV	Transferencias correntes	1.910,9	1.910,9	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	6.686,9	7.075,6	5,8
Cap. VII	Transferencias de capital	10.521,3	11.157,4	6,0
TOTAL		23.157,3	24.340,1	5,1

(Miles de euros)

03	D. X. DE PATRIMONIO CULTURAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	6.473,3	6.777,1	4,7
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	492,9	502,7	2,0
Cap. IV	Transferencias correntes	259,9	267,5	2,9
Cap. VI	Investimentos reais	13.454,1	14.194,6	5,5
Cap. VII	Transferencias de capital	3.445,8	3.802,3	10,3
TOTAL		24.125,9	25.544,3	5,9

(Miles de euros)

04	D. X. DE COMUNIC. SOC. E AUDIOV.	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	677,5	734,7	8,4
Cap. IV	Transferencias correntes	586,2	592,2	1,0
Cap. VI	Investimentos reais	11.268,7	12.016,9	6,6
Cap. VII	Transferencias de capital	13.142,1	13.596,9	3,5
Cap. VIII	Activos financeiros	71.292,1	73.998,0	3,8
TOTAL		96.966,4	100.938,6	4,1

(Miles de euros)

05	D. X. DE TURISMO	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	3.050,1	3.122,5	2,4
Cap. IV	Transferencias correntes	2.838,5	2.838,5	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	8.312,7	8.604,2	3,5
Cap. VII	Transferencias de capital	16.379,8	18.191,9	11,1
TOTAL		30.581,1	32.757,0	7,1

(Miles de euros)

60	IGAEM	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	1.409,2	1.569,8	11,4
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	622,4	622,4	0,0
Cap. IV	Transferencias correntes	177,4	177,4	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	3.365,7	4.865,7	44,6
TOTAL		5.574,7	7.235,3	29,8

(Miles de euros)

SERVICIO	2002	2003	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	46.303,6	45.959,6	-0,7
02 D. X. DE PROMOCIÓN CULTURAL	23.157,3	24.340,1	5,1
03 D. X. DE PATRIMONIO CULTURAL	24.125,9	25.544,3	5,9
04 D. X. DE COMUNIC. SOC. E AUDIOV.	96.966,4	100.938,6	4,1
05 D. X. DE TURISMO	30.581,1	32.757,0	7,1
60 IGAEM	5.574,7	7.235,3	29,8
TOTAL	226.709,0	236.775,0	4,4

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transfer. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Persoal	18.191,6	18.795,0	1.409,2	1.569,8			19.600,8	20.364,8
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	4.925,2	5.045,2	622,4	622,4			5.547,6	5.667,6
Cap. IV Transferencias correntes	29.530,9	29.705,1	177,4	177,4	2.209,0	2.369,6	27.499,3	27.512,9
OPERACIÓNS CORRENTES	52.647,7	53.545,3	2.209,0	2.369,6	2.209,0	2.369,6	52.647,7	53.545,3
Cap. VI Investimentos reais	42.444,1	44.147,1	3.365,7	4.865,7			45.809,8	49.012,7
Cap. VII Transferencias de capital	59.904,5	64.664,0			2.945,0	4.445,0	56.959,5	60.219,0
Cap. VIII Activos financeiros	71.292,1	73.998,0					71.292,1	73.998,0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	173.640,6	182.809,0	3.365,7	4.865,7	2.945,0	4.445,0	174.061,3	183.229,7
TOTAL BRUTO	226.288,3	236.354,3	5.574,7	7.235,3	5.154,0	6.814,6		
TRANSFERENCIAS INTERNAS	5.154,0	6.814,6						
TOTAL CONSOLIDADO	221.134,4	229.539,7	5.574,7	7.235,3	5.154,0	6.814,6	226.709,0	236.775,0

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2002			2003			% Var.		
	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL
S.A. XESTIÓN XACOBEO	22.654,0	2.043,0	24.697,0	22.774,0	1.977,0	24.751,0	0,5	-3,2	0,2
COMPAÑÍA DE RTVG	100.886,0	12.128,0	113.014,0	104.052,0	12.303,0	116.355,0	3,1	1,4	3,0
TUR GALICIA, S.A.	5.832,0	6.868,0	12.700,0	6.064,0	7.262,0	13.326,0	4,0	5,7	4,9
RETEGAL, S.A.	4.062,0	470,0	4.532,0	4.089,0	563,0	4.652,0	0,7	19,8	2,6
FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA	820,0	18.057,0	18.877,0	987,0	24.167,0	25.154,0	20,4	33,8	33,3

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	10	10
<i>Persoal funcionario</i>	535	538
Grupo A	178	178
Grupo B	97	98
Grupo C	110	110
Grupo D	100	102
Grupo E	50	50
<i>Persoal laboral</i>	226	228
Grupo I	10	10
Grupo II	20	20
Grupo III	11	11
Grupo IV	41	44
Grupo V	144	143
TOTAL	771	776

Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais

	2002	2003
<i>Persoal laboral</i>	56	60
Grupo I	4	5
Grupo II	6	6
Grupo III	16	18
Grupo IV	23	24
Grupo V	1	1
Grupo VIII	6	6
TOTAL	56	60

SECCIÓN 11.

CONSELLERÍA DE SANIDADE.

1. COMPETENCIAS

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece o seguinte cadro de competencias en materia de sanidade e actividades complementarias a ela:

1. O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior (artigo 33.1).
2. En materia de seguridade social: o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, agás as normas que configuren o réxime económico dela (artigo 33.2, parágrafo primeiro), así como a xestión do réxime económico, sen prexuízo da caixa única (artigo 33.2 parágrafo segundo).
3. A execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos (artigo 33.3) e o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de establecementos farmacéuticos (artigo 28.8).
4. A organización e administración, dentro do seu territorio, de tódolos servicios relacionados coas materias antes expresadas e o exercicio da tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de sanidade e seguridade social, reservándose o Estado a alta inspección conducente ó cumprimento das funcións e competencias contidas neste artigo (artigo 33.4).

No marco da planificación xeral sanitaria do Estado e dentro do seu ámbito de actuación territorial, correspóndelle á Xunta de Galicia, como competencias transferidas, a organización, programación, dirección, resolución, control, vixilancia e tutela, así como a sanción e intervención nas actividades e servicios seguintes:

1. Control sanitario de:
 - A) Augas de bebidas.
 - B) Augas residuais.
 - C) Residuos sólidos.
 - D) Contaminación atmosférica.

- E) Vivenda e urbanismo.
- F) Locais e edificios de convivencia pública ou colectiva.
2. Actividades sanitarias relacionadas cos establecementos e industrias molestas, insalubres, nocivas e perigosas.
 3. O control da publicidade médico-sanitaria á que se refire o RD 2827/1977, do 20 de xullo, e disposicións complementarias ós órganos da Administración do Estado.
 4. O estudo, vixilancia e análise epidemiolóxica dos procesos que inciden positiva ou negativamente na saúde humana.
 5. Os programas sanitarios tendentes á protección e promoción da saúde, tales como os da hixiene maternal, infantil, escolar, industrial, laboral, deportiva, mental, así como as accións sanitarias permanentes en materia de enfermidades transmisibles e non transmisibles, antroponozoonose e educación sanitaria.
 6. O desenvolvemento de programas de formación en materia de saúde pública coordinadamente coa Administración do Estado, na forma que se establece regulamentariamente.
 7. O outorgamento da autorización oportuna para a creación, construción, modificación, adaptación ou supresión de centros, servicios e establecementos sanitarios de calquera clase e natureza, engadidos os balnearios e as entidades de seguro libre de asistencia médico-farmacéutica.
Exceptúanse as autorizacións que se refiran ós laboratorios ou establecementos de elaboración de drogas, produtos estupefacientes, psicotrópicos ou especialidades farmacéuticas semellantes e as súas materias primas e material instrumental médico, terapéutico ou correctivo.
 8. O control sanitario de produción, almacenamento, transporte, manipulación e venda de alimentos, bebidas e produtos relacionados, directa ou indirectamente coa alimentación humana, cando estas actividades se desenvolvan en Galicia.

Como consecuencia do RD 1679/1990, do 28 de decembro, sobre o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e servicios do *Instituto Nacional de la Salud*, asúmense tamén as seguintes competencias:

1. As funcións correspondentes ós centros e establecementos sanitarios, asistenciais e administrativos da Seguridade Social xestionados polo *Instituto Nacional de la Salud* na Comunidade Autónoma.
2. As funcións encomendadas pola lexislación vixente ás direccións provinciais da citada entidade xestora da Seguridade Social, así como as funcións correspondentes ó Ministerio de Sanidade e Consumo respecto ás ditas direccións provinciais.
3. A elaboración e a execución dos plans de investimento que se aproben en materia sanitaria na Comunidade Autónoma, así como a xestión dos investimentos en curso.
4. A contratación, xestión, actualización e resolución dos concertos con entidades e institucións sanitarias ou asistenciais que presten servicios na Comunidade, dentro dos límites orzamentarios.
5. A creación, transformación e ampliación, dentro dos límites orzamentarios así como a clasificación e supresión dos centros e establecementos sanitarios en réxime ordinario ou experimental, dos centros asistenciais e administrativos do Insalud na Comunidade Autónoma, de acordo coa lexislación básica do Estado.
6. As funcións de xestión que realiza o *Instituto Nacional de la Salud* a través dos seus servicios centrais, no que se refire ó territorio de Galicia e, entre eles, a inspección de servicios de xestión das prestacións sanitarias da Seguridade Social.
7. A planificación de programas e medidas de asistencia sanitaria da Seguridade Social no ámbito da Comunidade, de acordo coa lexislación básica do Estado.
8. A análise e avaliación do desenvolvemento e resultados da acción sanitaria da Seguridade Social en Galicia.
9. A organización e réxime de funcionamento dos centros e servicios de asistencia sanitaria da Seguridade Social na Comunidade Autónoma, así como a definición de criterios xerais para a avaliación da eficacia e rendemento dos programas, centros ou servicios sanitarios na Comunidade Autónoma, todo iso de acordo coa normativa básica do Estado e a normativa reguladora do réxime económico da Seguridade Social.

Por outro lado, a través do RD 212/1996, do 9 de febreiro, transferíronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servicios da Seguridade Social en materia

de asistencia sanitaria encomendada ó *Instituto Social de la Marina*, en concreto a asistencia sanitaria dos traballadores do mar e os seus beneficiarios, dentro do territorio da Comunidade Autónoma. Non obstante continúan sendo competencias da Administración do Estado, a asistencia sanitaria dos traballadores do mar a bordo e no estranxeiro así como a información sanitaria ó traballador do mar, educación e distribución da guía sanitaria a bordo, a práctica de recoñecementos médicos previos ó embarque, inspección e control dos medios sanitarios a bordo e das condicións hixiénicas das embarcacións.

Dentro dos obxectivos do Servicio Galego de Saúde de integrar dentro da súa rede asistencial os centros sanitarios das corporacións locais, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia:

1. O Hospital Médico-Quirúrxico Provincial e o Sanatorio Psiquiátrico de Conxo e a rede asistencial do mesmo, dependentes da Deputación Provincial da Coruña (Decreto 373/1992, do 17 do decembro).
2. O Hospital Provincial Santa María Nai, dependente da Deputación Provincial de Ourense (Decreto 22/1993, do 28 de xaneiro).
3. O Hospital Municipal Nicolás Peña, dependente do Concello de Vigo (Decreto 27/1994, do 4 de febreiro)
4. O Hospital Provincial e o Sanatorio Psiquiátrico do Rebullón, dependentes da Deputación Provincial de Pontevedra (Decreto 58/1996).

Debe tamén sinalarse o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de medios persoais adscritos ó Hospital Militar da Coruña, en virtude do RD 1432/1996, do 7 de xuño.

Finalmente, a través do RD 1379/1997, do 29 de agosto, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos nos termos establecidos na Lei 25/1990, de 20 de decembro, do medicamento, e, en especial, os seguintes:

1. Autorización das mensaxes publicitarias para difusión limitada á Comunidade Autónoma.
2. Control da promoción dirixida a profesionais sanitarios.
3. Verificar que os laboratorios farmacéuticos realizan os controis esixidos.

4. Accións inspectoras que desencadeen suspensión ou renovación das autorizacións.
5. Programas de control de calidade dos medicamentos.
6. Información das reaccións adversas dos medicamentos.
7. Inspección en materia de ensaios clínicos.
8. Inspección de execución da lexislación de produtos farmacéuticos.
9. Potestade sancionadora en materia de produtos farmacéuticos.
10. Peche temporal de establecementos.
11. Realización de inspeccións de boas prácticas de laboratorios.

O Decreto 310/2001, de 17 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, estrutura á Consellería de Sanidade cos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.
2. Dirección Xeral de Saúde Pública.

Adscrito á Consellería de Sanidade, o Servicio Galego de Saúde, creado pola Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, reformada pola lei 8/1991, do 23 de xullo, está configurado como un organismo autónomo de carácter administrativo e, de acordo co citado Decreto 310/2001, conta cos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.
2. División de Asistencia Sanitaria.
3. División de Recursos Económicos.
4. División de Recursos Humanos.
5. División de Farmacia e Produtos Sanitarios.

As funcións do Servicio Galego de Saúde, de acordo co artigo 3 da citada lei 8/1991 son as seguintes:

1. O desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde (física, mental, social ou de relación e ecolóxica ou ambiental) xestionando a sanidade en tódalas súas facetas: información e educación sanitarias, protección de saúde, prevención da enfermidade, asistencia sanitaria e rehabilitación.

2. A execución e o desenvolvemento dos programas de docencia e investigación que lle sexan encomendados pola consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.
3. A xestión das prestacións sanitarias, farmacéuticas e complementarias que lle corresponden ó servizo.
4. A xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios do Servizo Galego de Saúde e dos adscritos funcionalmente a el.
5. A formalización e actualización de acordos, convenios e concertos coas entidades non administrativas pola Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Calquera outra que lle sexa encomendada polo Consello da Xunta ou pola Consellería de Sanidade no ámbito das súas respectivas competencias.

Por outro lado tamén figuran adscritos á consellería os seguintes organismos:

1. **Fundación Hospital de Verín**, constituída en escritura pública outorgada o 15 de setembro de 1993 polo conselleiro de Sanidade, en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia, e que preside o padroado desta fundación.

Segundo consta no artigo 4º dos seus estatutos, o obxecto da Fundación Hospital de Verín é a realización, na zona de influencia do Hospital de Verín, de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos sanitarios, a docencia e investigación de ciencias da saúde e a promoción da saúde individual e colectiva da Comunidade en calquera das súas vertentes, así como a realización doutras actividades que poden coadruar á consecución do obxectivo fundacional, desenvolvéndose todas estas actividades, con suxeición ós criterios de planificación e coordinación e ás directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde no ámbito das súas respectivas competencias.

2. **Fundación Centro de Transfusión de Galicia**, constituída en escritura pública outorgada o día 2 de xuño de 1993 polo conselleiro de Sanidade en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia. A presidencia do padroado desta fundación recae no presidente do Servizo Galego de Saúde.

Segundo consta no artigo 6º dos seus estatutos, o obxecto da fundación é a organización funcional da hemoterapia e hemodoación na Comunidade Autónoma de Galicia, sendo os seus fins, de acordo co artigo 7º:

- A) A promoción da hemodoación e plasmaférese voluntaria.
- B) A programación de tódalas extraccións do sangue extrahospitalarias por medio de equipos móbiles.
- C) O procesamento de tódalas unidades de sangue recollidas de forma extra e intrahospitalaria.
- D) O abastecemento de sangue e derivados a tódolos hospitais e centros sanitarios públicos e privados da Comunidade Autónoma de Galicia con arranxo ás súas necesidades.
- E) O fraccionamento de sangue para a produción de hemoderivados básicos.
- F) Responsabilizarse do intercambio de plasma que se realice entre os bancos de sangue del dependentes e a industria fraccionadora.
- G) O abastecemento de reactivos tanto ó propio centro como ós hospitais da Comunidade.
- H) O control de calidade dos reactivos utilizados e a tecnoloxía referente á transfusión.
- I) Se-lo centro de referencia dos problemas derivados da inmunohematoloxía e hemoterapia.
- J) Se-lo centro de referencia e protocolización da tipaxe HLA.
- K) Supervisa-lo cumprimento da normativa básica de avaliación da calidade de tódolos bancos de sangue ubicados no territorio asignado.
- L) Dispoñer dun inventario actualizado referente a doantes, recursos humanos e materiais e actividade dos diferentes bancos de sangue e das necesidades de sangue, plasma e hemoderivados do ámbito territorial asignado.
- M) Promove-lo desenvolvemento da investigación tendente á obtención de novos derivados do sangue para os usos terapéuticos.
- N) Establecer programas e implantar cursos tendentes a garanti-la formación dos profesionais en materia de hemoterapia.
- O) Manter unha estreita vinculación cos centros transfusionais da rede nacional así como cos bancos hospitalarios.

- P) Desenvolve-la infraestrutura necesaria para a criopreservación do sangue e os seus derivados así como da medula ósea.
- Q) Calquera outra actividade tendente á planificación, coordinación e mellora da actividade relacionada coa captación de doantes, extracción, tratamento e distribución do sangue e os seus derivados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- R) Realización das determinacións analíticas que estean dentro das competencias do centro e que sexan solicitadas polos hospitais da área de actuación (probos de compatibilidade pretransfusional, VIH, marcadores de hepatite, anemias hemolíticas,...).

3. Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía, constituída en escritura outorgada o día 23 de decembro de 1994 polo conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais en nome e representación da Comunidade Autónoma Galega.

Segundo consta no artigo 4º dos seus estatutos, o obxecto xenérico da fundación é a prestación de servizos especializados de consultoría, planificación, avaliación e prestación de servizos oftalmolóxicos de alta complexidade, docencia e investigación, podendo constituí-lo seu obxecto as seguintes actividades.

- A) Prestación de servizos especializados e integrais en prestacións oftalmolóxicas de alta complexidade.
- B) A asesoría e consultoría no desenvolvemento de novas prestacións diagnósticas e/ou terapéuticas.
- C) O deseño e implantación de sistemas de corrección ocular.
- D) A docencia e investigación en prestacións oftalmolóxicas e tecnolóxicas afíns.
- E) O control de calidade en prestacións oftalmolóxicas.
- F) Outras actividades conexas que estime necesarias.

4. A sociedade pública autonómica Instituto Galego de Medicina Técnica S.A., creada, ó abeiro do artigo 55. 2º do Estatuto de autonomía de Galicia, polo Decreto 229/1994, do 14 de xullo, quedando adscrita ó Servizo Galego de Saúde.

De acordo co artigo 4º dos seus estatutos, esta sociedade ten por obxecto, xenericamente, a prestación de servizos de xestión, consultoría e, prioritariamente, prestacións sanitarias de alta tecnoloxía. En particular poden constituí-lo seu obxecto:

- A) Prestar servicios especializados e integrais en xestión de servicios sanitarios e prestacións sanitarias de alta tecnoloxía.
- B) Asesoría no desenvolvemento de plans organizativos, operativos e loxísticos.
- C) Deseño e implantación de sistemas.
- D) Consultoría en xestión sanitaria, protección radiolóxica, radioloxía, radioterapia e tecnoloxías afíns.
- E) Investigación en xestión de servicios sanitarios, protección radiolóxica, radioterapia e tecnoloxías afíns.
- F) Control de calidade en protección radiolóxica, radioloxía, radioterapia e tecnoloxías afíns.
- G) Explotación de instalacións sanitarias de alta tecnoloxía.
- H) A realización doutras actividades conexas que se estimen necesarias.

O obxecto social poderá ser realizado de modo directo, ou a través de sociedades filiais, accións e participacións noutras sociedades de obxecto análogo ou mediante calquera outra fórmula admitida en dereito.

5. Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira, constituída en escritura pública outorgada polo conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais, en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia, no ano 1997.

Segundo se sinala no artigo 5º dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 229/1997, do 25 de agosto, o obxecto desta fundación é a realización de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servicios sanitarios, a docencia e investigación de ciencias da saúde, e a promoción da saúde individual e colectiva da comunidade en calquera das súas vertentes; a coordinación concreta do desenvolvemento da súa actividade realizarase a través do complexo hospitalario de referencia da área sanitaria onde se encontra a súa área de influencia.

6. Fundación Pública Hospital da Barbanza foi constituída en escritura pública outorgada polo conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais en 1997, en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como se sinala no artigo 5º dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 229/1997, do 25 de agosto, o obxecto desta fundación é a realización de actividades de promoción,

prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos sanitarios, a docencia e investigación de ciencias da saúde, e a promoción da saúde individual e colectiva da comunidade en calquera das súas vertentes; a coordinación concreta do desenvolvemento da súa actividade realizarase a través do complexo hospitalario de referencia da área sanitaria onde se encontra a súa área de influencia.

7. Fundación Pública Hospital do Salnés, constituída en 1999 en escritura pública outorgada polo conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo se sinala no artigo 5º dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 340/1999, do 16 de decembro, o obxecto desta fundación é a realización de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos sanitarios, a docencia e investigación de ciencias da saúde e a promoción da saúde individual e colectiva da comunidade en calquera das súas vertentes.

8. Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, constituída en escritura pública outorgada o día 29 de decembro de 1997 polo conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais en representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo consta no artigo 5º dos seus estatutos, o obxectivo desta fundación é a formación e investigación nas materias de saúde pública e administración sanitaria dentro dos criterios de planificación e as directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. Dentro dos seus fins pódense sinalar:

- A) Oferta-la realización de cursos dirixidos á formación e perfeccionamento técnico no ámbito da saúde pública e administración sanitaria.
- B) Titulación dos profesionais sanitarios, nos distintos campos da saúde pública.
- C) Asesoramentos.
- D) Investigacións.
- E) Organización de reunións científicas e de especialistas.
- F) Publicación de estudos e investigación, etc.

9. Fundación Foro Permanente Gallego e Iberoamericano de Salud, constituído en escritura pública outorgada o día 29 de decembro de 1997 polo conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais en representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co artigo 5º dos seus estatutos, o obxectivo desta fundación é o fomento da cooperación entre as distintas asociacións, corporacións, institucións, colexios, empresas e calquera outra entidade pública ou privada dos países do mesmo entorno cultural, a fin de contribuír á mellora da saúde mundial, baixo o principio de solidariedade, atendendo de maneira preferente á mellora das condicións de saúde das colectividades galegas asentadas no exterior.

10. Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, constituída en escritura pública outorgada o día 30 de xuño de 1999 polo conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais en representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co artigo 4º dos seus estatutos, a fundación ten por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultoría, docencia e investigación, prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e urgencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario.

Para tal fin xestionará a Central de Coordinación de Urgencias Médicas regulada na Orde do 9 outubro de 1995.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

2.1 DA CONSELLERÍA

- 1.** A planificación xeral sanitaria da Comunidade Autónoma.
- 2.** Exerce-las relacións institucionais de carácter sanitario cos órganos da Administración central do Estado e demais administracións públicas.
- 3.** A inspección e control dos centros e servizos sanitarios do organismo.
- 4.** Continuar impulsando o desenvolvemento de programas informáticos co obxecto de facilita-la xestión da consellería.
- 5.** Elabora-la programación xeral e o Plan anual de inspección, efectua-lo control dos programas de inspección desenvolvidos polas inspeccións de área e protocolariza-la actuación de inspección.

6. A determinación das necesidades sanitarias da poboación de maneira que os centros e servizos sanitarios asistenciais se orienten á atención daquelas cunha eficacia e nivel de calidade satisfactorios.
7. A información, planificación, ordenación e aseguramento sanitario.
8. Diseño de novos sistemas e servizos.
9. Priorización das necesidades asistenciais e fixación de criterios de actuación do Sergas para o desenvolvemento e execución da política de saúde marcada.
10. Fortalece-la estrutura de coordinación coas organizacións de loita contra a droga da Comunidade Autónoma así como cos concellos.
11. Normaliza-la percepción dos problemas relacionados coas drogas, cunha maior implicación das estruturas normalizadas de saúde.
12. Mellora-la distribución dos recursos na loita contra a droga, achegándoos ós grupos afectados e que non os utilicen. Mellora-la formación dos profesionais e a información á opinión pública.
13. Desenvolvemento de programas de prevención da drogodependencia, mantemento dos recursos asistenciais e de reinserción así como tratamento e seguimento continuado das persoas e familias afectadas.
14. A xestión do modelo de coordinación da atención sociosanitaria de Galicia, con tres áreas fundamentais: maiores, minusvalías e saúde mental.
15. A coordinación das distintas actuacións que en materia sociosanitaria se produzan en Galicia.
16. Desenvolvemento do Plan integral de atención sociosanitaria á muller.
17. Execución dos programas de información da saúde pública (Morbilidade de enfermidades transmisibles, rexistro de tumores, sistema de información da mortalidade, programa de avaliación do estado de saúde, etc...).
18. Execución de programas poboacionais de cribado (detección precoz do cancro de mama, da xordeira en período neonatal, das enfermidades endocrinas o metabólicas...).
19. Execución de programas de protección da saúde fronte a riscos específicos (control sanitario de abastecementos de auga de consumo humano, xestión da Rede nacional de vixilancia da contaminación do aire de Galicia, control sanitario de centros escolares,

control sanitario de zonas de baño e piscinas de uso colectivo, programas de saúde laboral, control de praguicidas, control de establecementos de restauración colectiva, prevención e control da lexielose, ...).

20. Execución de programas de protección da saúde fronte a riscos xerais (control sanitario de alimentos, de industrias lácteas, de matadoiros, de produtos lácteos tradicionais, de salubridade de moluscos, de balnearios e centros de talasoterapia,...).
21. Execución do programa de aseguramento da calidade no control das encefalopatías esponxiformes transmisibles.
22. Execución dos programas de prevención e control de enfermidades non transmisibles (promoción da vida sen tabaco, saúde bucodental, ...)
23. Execución do Plan integral de atención social e sanitaria á muller.
24. Execución dos programas de prevención e control de enfermidades transmisibles (VIH/SIDA, da tuberculose).
25. Execución do programa de vacinacións.
26. Execución do programa de educación para a saúde na escola.
27. Execución do plan de minimización de riscos microbiolóxicos dos hospitais.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

1. A realización de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos sanitarios.
2. A docencia e investigación de ciencias da saúde.
3. Continúan desenvolvendo o novo modelo de atención primaria, baseado en unidades e servizos, e o Plan de urxencias extrahospitalarias.
4. Establece-lo pacto de financiamento-actividade correspondente ó exercicio 2003 para os centros de atención primaria e atención especializada de forma que o seu orzamento se axuste a unha actividade a realizar. Para tal obxectivo continuarase utilizando a UPH como unidade de medida da produción dos centros hospitalarios.
5. Levar a cabo unha avaliación permanente tanto da calidade da asistencia prestada coma do seu custo, de forma que o gasto sanitario leve a melloras reais da asistencia e repercuta na cobertura das necesidades en saúde da poboación protexida.

6. Avalia-lo grao de satisfacción dos usuarios con respecto á asistencia sanitaria que se lles presta.
7. Continuar impulsando os comités de ética e a utilización da folla de consentimento informado.
8. Continua-lo desenvolvemento dos contidos do Decreto 389/94, de saúde mental, mediante a implantación efectiva de plans funcionais consensuados que garantan a total integración desta atención no sistema público de atención especializada do Sergas. Mante-los programas en marcha. Mellora-la codificación do sistema de rexistro de casos.
9. Consolida-las melloras acadadas na xestión dos servizos sanitarios da rede do Sergas, impulsando a descentralización da xestión e a desconcentración na prestación dos servizos, potenciando o sistema xerencial e a xestión por obxectivos nun marco participativo e motivador do persoal.
10. Levar a cabo medidas dirixidas á racionalización do gasto farmacéutico.
11. Continuar promovendo a coordinación entre os distintos niveis asistenciais (atención primaria e especializada).
12. Proseguir-lo programa de construción de novos centros de saúde e equipamentos de atención primaria a aqueles concellos que o precisen e acomete-las reformas e reparacións necesarias nos centros propios e subvencionando as que emprendan os concellos que dispoñan de centros conveniados.
13. Proseguir-lo programa de modernización dos centros hospitalarios do Servicio Galego de Saúde, co desenvolvemento de plans directores en diversos centros así como co Plan de actualización do seu equipamento.
14. Favorecer e impulsa-la docencia e a formación continuada dos profesionais sanitarios do Sergas como medida que vai contribuir a aumenta-la calidade das prestacións. Elabora-lo programa sectorial de I+D e establecer unha unidade de coordinación autónoma de investigación en servizos de saúde.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 311A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE SANIDADE

1. Descrición.

O programa de “Dirección e Servicios Xerais” inclúe todas aquelas actividades de dirección, coordinación e control dos medios materiais e humanos que se desenvolvan tanto no ámbito dos servicios centrais como as delegacións provinciais.

2. Actividades.

Os obxetivos deste programa son:

1. A consolidación e perfeccionamento da estrutura administrativa.
2. A racionalización e simplificación do funcionamento da actuación dos servicios administrativos da Consellería de Sanidade.
3. A mellora na dotación das dependencias administrativas e perfeccionamento dos servicios e centros administrativos dependentes da consellería.
4. Coordinación dos servicios e centros administrativos dependentes da consellería.
5. A planificación xeral sanitaria e a avaliación do desenvolvemento do Plan de saúde de Galicia.
6. O deseño da estrutura básica do sistema de información sanitaria de Galicia.
7. O deseño, avaliación, seguimento e control da investigación e docencia sanitaria.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA: 313A. PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE.

1. Descrición.

O programa “Protección e Promoción da Saúde” ten como obxectivo fundamental mellora-la saúde da poboación diminuindo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, os ditos factores. Para todo isto, impulsaranse accións de asesoramento, información, formación, inspeccións, control, sanción e elaboración de normativa de protección da saúde.

Inclúese tamén neste programa o crédito correspondente o Plan autonómico de drogodependencias que, en coordinación con Plan nacional sobre drogas integra medidas conducentes a reduci-la demanda de consumo de drogas, así como outras ó tratamento dos problemas derivados do devandito consumo. Isto reflíctese no desenvolvemento dos seus programas en seis ámbitos de actuación: prevención, asistencia, reinserción, formación, investigación e coordinación.

2. Actividades.

As actividades máis significativas a desenvolver para conqueri-las finalidades indicadas son para cada acción:

1. Programas poboacionais de cribado, que inclue as seguintes accións:
 - A) Programa galego de detección do cancro de mama.
 - B) Programa de detección precoz da hipoacusia.
 - C) Programa galego de detección precoz de enfermidades endocrinas e metabólicas.
2. Protección da saúde fronte a riscos específicos. Desenvolvendo as seguintes accións:
 - A) Rede nacional de vixilancia da contaminación do aire.
 - B) Control sanitario de centros escolares.
 - C) Saúde laboral.
 - D) Control sanitario de zonas de baño.
 - E) Programa de control de substancias químicas.

- F) Tramitación das denuncias ambientais e impacto ambiental.
 - G) Control sanitario de piscinas de uso colectivo.
 - H) Programa de control de establecementos de restauración colectiva.
 - I) Programa de residuos sanitarios.
 - J) Programa de prevención e control da lexielose.
 - K) Protección fronte a campos electromagnéticos.
3. Protección da saúde fronte a riscos xerais co desenvolvemento das seguintes accións:
- A) Control sanitario de alimentos:
 - a) Desenvolvemento do Plan nacional de investigación de residuos en animais e carnes frescas.
 - b) Salubridade de moluscos.
 - c) Investigación de alimentos en mercado.
 - B) Control sanitario de industrias:
 - a) Control de augas de bebida envasadas.
 - b) Control de pastelerías.
 - c) Control de industrias lácteas.
 - d) Control de produtos lácteos tradicionais.
 - e) Control sanitario de industrias.
 - C) Programa de aseguramento da calidade no control da encefalopatía esponxiforme bovina.
 - D) Enquisa do consumo alimentario.
 - E) Control sanitario dos balnearios e centros de talasoterapia.
 - F) Policía sanitaria mortuoria.
4. Actuacións preventivas en concreto:
- A) Programa de promoción da vida sen tabaco.
 - a) Promoción da saúde bucodental.
 - b) Plan integral de atención sanitaria á muller.
 - c) Programa de nutrición.
 - d) Prevención e control da diabete.
 - e) Programa de prevención e control da asma.

- f) Programa de prevención de accidentes.
 - g) Programas de prevención e control de enfermidades non transmisibles.
5. Prevención e control de enfermidades transmisibles, co desenvolvemento das seguintes accións:
- A) Programa de vacinacións.
 - B) Programa de prevención da gripe e das infeccións pneumocócicas.
 - C) Programa de prevención e control da tuberculose.
 - D) Programa de prevención e control da infección polo VIH/SIDA.
6. Plan de loita contra as drogodependencias, desenvolvendo accións:
- A) De prevención do consumo de drogas.
 - B) De tratamento dos consumidores de drogas, drogodependentes e orientación ós seus familiares.
 - C) De reinserción social dos afectados polas drogodependencias.
 - D) De formación na materia dos profesionais sociosanitarios, da educación, dos corpos e forzas de seguridade, etc.
 - E) De investigación das dimensións e características do consumo de drogas en Galicia.
 - F) De coordinación das medidas arbitradas polas administracións e as organizacións no gubernamentais.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Saúde Pública.

3.1.2 Do Organismo Autónomo

PROGRAMA 313B. ATENCION PRIMARIA DA SAÚDE

1. Descrición.

O Programa de "Atención Primaria de Saúde" recolle as accións encamiñadas a conseguilo mantemento e mellora do primeiro nivel de atención primaria. Así mesmo

forman parte do Programa a prestación farmacéutica, e o gasto da actividade propia de atención primaria prestada con recursos patrimoniais alleos.

A atención primaria constitúe o primeiro elo de contacto do individuo, da familia e da comunidade co sistema sanitario; e ten importancia, primordialmente, polo feito de que a maior parte dos actos médicos en xeral exércense sobre a poboación a este nivel asistencial. Unha boa atención primaria posibilita, ademais dunha adecuada prestación sanitaria á poboación, a filtración da demanda crecente cara ós centros hospitalarios.

A atención primaria ten como funcións fundamentais a promoción, a protección e a recuperación da saúde. As actividades de promoción e de protección, sen embargo, non teñen a mesma forza cás meramente asistenciais ó non seren demandadas pola poboación coa mesma intensidade.

A modernización da atención primaria en Galicia basease no modelo que se organiza xeográficamente e funcionalmente nos seguintes dispositivos:

1. Unidades de atención primaria. Son as estruturas básicas para a prestación da atención sanitaria integral á poboación e estarán ubicadas no centro de saúde. As súas funcións desenvólvense no propio centro e nos consultorios periféricos dependentes e na Comunidade.
2. Servicios de atención primaria. É o nivel organizativo superior e de aolo que abarcará unha ou varias unidades de atención primaria.
3. Puntos de atención continuada (PACs) cos que se resolve a atención de urxencia á poboación, xerando estruturas organizativas que aseguren unha prestación de calidade e moderna, incluíndo o requisito indispensable da presenza física dos profesionais nos ditos PACs.

2. Actividades.

O obxectivo deste programa será acadar unha atención primaria que aune dous criterios básicos:

1. Alta calidade para os cidadáns.

2. Fácil accesibilidade con infraestructuras básicas como mínimo a nivel municipal, que permitan achega-los medios diagnósticos e terapéuticos á poboación.

Para iso levanse a cabo as seguintes actividades:

1. Dotar os concellos cunha unidade de atención Primaria cos recursos humanos e materiais suficientes para atende-las necesidades da poboación de cada un deles.
2. Impulsa-lo programa de descentralización das prestacións e da cita previa.
3. Continua-la mellora da accesibilidade ós dispositivos de diagnóstico por imaxe de rehabilitación e saúde bucodental desde a atención primaria.
4. Continua-la implantación dos puntos de atención continuada (PACs).
5. Continuar co programa de construción de novos centros de saúde asi como de reparación e melloras nos actuais.
6. Continua-la coordinación das urxencias a través da central de coordinación de urxencias médicas (061) e a xestión directa pola súa parte das ambulancias de soporte vital avanzado terrestre e a medicalización de dúas bases de helicópteros.

3. Órganos encargados da súa execución.

<i>Centros de xestión</i>	<i>Denominación</i>
5001	Servicios centrais
Provincia: A CORUÑA	
1507	XAP Área A Coruña
1508	XAP Área Ferrol
1509	XAP Santiago
1597	Direc. Prov. A Coruña
Provincia: LUGO	
2703	XAP Lugo
2797	Direc. Prov. Lugo

Provincia:	OURENSE
3206	XAP Ourense
3297	Direc. Prov. Ourense
Provincia:	PONTEVEDRA
3606	XAP Área Vigo
3612	XAP Área Pontevedra
3697	Direc. Prov. Pontevedra

PROGRAMA 312A. ATENCIÓN ESPECIALIZADA

1. Descrición.

Comprende, o Programa de "Atención Especializada" o conxunto de actividades sanitarias desenvolvidas nos centros e polo persoal especializado do sistema sanitario, baixo o seguinte esquema:

1. Centros de atención especializada ambulatoria, constituído por centros de especialidades adscritos á atención especializada da rede propia do Servicio Galego de Saúde.
2. Centros hospitalarios xestionados e administrados polo Servicio Galego deSaúde, baixo o modelo tradicional o con novas formas de xestión.
3. Servicios de asistencia especializada concertada.
4. Prestacións sanitarias complementarias con fins terapéuticos ou de rehabilitación.

O nivel especializado da asistencia sanitaria debe xoga-lo papel que lle corresponde, cumprindo unha labor de apoio á atención primaria da saúde- coa que debe estar coordinada- e desenvolvendo aquelas funcións e actividades que non poden ser exercidas polo primeiro escalón asistencial, prestando unha asistencia de calidade ó mellor custo posible.

2. Actividades.

As actuacións máis significativas do programa de “Atención Especializada” diríxense a:

1. Adecua-la utilización dos recursos da atención especializada ás necesidades da poboación galega.

2. A aplicación de indicadores sobre a calidade asistencial prestada polos hospitais do Sergas.
3. Coordina-la actividade dos hospitais do Sergas coa dos centros privados existentes na Comunidade.
4. Continuar mellorando a eficiencia dos hospitais da rede ó mesmo tempo que se traballa nunha mellora da calidade percibida polo usuario.
5. Continuar potenciando a cirurxía maior ambulatoria, a hospitalización a domicilio, as unidades de curta estada e os hospitais de día, co obxectivo de buscar unha redución do número e tempo de ingresos hospitalarios.
6. Continuar coa elaboración e actualización da normativa de acreditación de novas prestacións.
7. Velar polo cumprimento dos criterios de calidade en radiodiagnóstico.
8. Establecemento de vías de comunicación e de coordinación dos hospitais cos centros de atención primaria, a través de protocolización da atención en consulta externa e do establecemento de criterios de alta.
9. Elaboración e posta en marcha de programas integrados, co fin de que as actuacións de prevención e asistenciais se leven a cabo nun marco de integración de tódolos recursos da organización en cada unha das áreas.
10. Plan de actuación dirixido especificamente ó persoal de enfermería de atención especializada co fin de dispoñer na Comunidade Autónoma dun informe de alta de coidados de enfermería para cada paciente que é dado de alta en hospitais.
11. Desenvolve-las actuacións de planificación, organización e dirección precisas no que respecta á prestación ortoprotésica e ó transporte sanitario.
12. Coordina-la elaboración e mantemento dos correspondentes plans de actuacións no caso de emerxencias tanto externas como internas, sobre todo a nivel hospitalario.
13. Actuacións dirixidas á correcta eliminación dos residuos que se producen como resultado da actividade sanitaria, tanto na produción e almacenamento, como no seu tratamento e eliminación.
14. Prevención de riscos laborais traballando nas actuacións necesarias para facer efectiva a normativa correspondente.

15. A xestión do programa de saúde mental a través de accións diversas como a creación, mantemento ou remodelación dalguns dos dispositivos asistenciais, continua-la integración dos servicios de saúde mental na rede sanitaria xeral, incremento dos programas de rehabilitación do enfermo mental, mantemento e mellora dos programas específicos (alcoholismo e saúde mental infantoxuvenil), mantemento e integración do sistema de información e documentación en saúde mental na rede xeral de información sanitaria da Comunidade, mellora-la homoxeneización das actuacións preventivas e asistenciais.
16. A xestión dos programas de transprantes de órganos e tecidos.
17. Continuar desenvolvendo accións para incrementa-las doazóns de sangue.
18. Continua-lo programa de modernización de centros de atención especializada a través de:
 - A) A execución de varios plans directores e obras de modernización nos hospitais do Sergas.
 - B) A construción de novos centros hospitalarios.
 - C) A dotación de novos equipamentos e modernización dos actuais.

3. Órganos encargados da súa execución.

<u>Centros de xestión</u>	<u>Denominación</u>
5001	Servicios centrais
Provincia:	A CORUÑA
1501	C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza
1505	C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos
1571	C.H. Universitario de Santiago
1597	Direc. Prov. A Coruña
Provincia:	LUGO
2701	C.H. Xeral Calde

2706	Hosp. da Costa
2707	Hosp de Monforte
2797	Direc. Prov. de Lugo
Provincia:	OURENSE
3201	C.H. de Ourense
3204	Hosp. do Barco de Valdeorras
3297	Direc. Prov. de Ourense
Provincia:	PONTEVEDRA
3601	C.H. Xeral Cíes
3603	C.H. de Pontevedra
3611	Hosp. Meixoeiro
3649	Hosp. Nicolás Peña
3697	Direc. Prov. de Pontevedra

PROGRAMA 311A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS

1. Descrición.

O programa de “Dirección e Servicios Xerais” inclúe todas aquelas actividades de dirección, coordinación e control dos medios materiais e humanos que se desenvolvan tanto no ámbito das direccións provinciais do Servicio Galego de Saúde coma nos servicios centrais do organismo.

Abarcará os servicios administrativos das direccións provinciais da inspección sanitaria e os servicios de informática.

2. Actividades.

Os obxectivos deste programa son:

1. A consolidación e perfeccionamento da estrutura administrativa.
2. Mantemento e xestión da base de datos da Tarxeta sanitaria da poboación residente en Galicia.
3. A racionalización e simplificación do funcionamento da actuación dos servizos administrativos do Servizo Galego de Saúde.
4. A avaliación das necesidades de tecnoloxías novas e do uso adecuado das implantadas e en funcionamento nos centros do Sergas.
5. A mellora na dotación das dependencias administrativas e perfeccionamento dos servizos informáticos de xestión deste organismo autónomo.

3. Órganos encargados da súa execución.

<u>Centros de xestión</u>	<u>Denominación</u>
5001	Servizos centrais
1597	Dirección Provincial de A Coruña
2797	Dirección Provincial de Lugo
3297	Dirección Provincial de Ourense
3697	Dirección Provincial de Pontevedra

PROGRAMA 314C. FORMACION DE PERSOAL SANITARIO

1. Descrición.

O programa de "Formación de Persoal Sanitario" ten como finalidade xenérica adecua-los coñecementos e perfíles profesionais das persoas que inician a prestación de servizos no sistema sanitario e en concreto:

1. A formación de especialistas que esixe o programa que desenvolvan os residentes médicos e farmacéuticos.

2. A formación pregraduada de diplomados de enfermería.

O seu fundamental obxectivo está no reciclaxe e a formación do persoal sanitario de acordo coas novas funcións, tecnoloxías e sistemas de xestión.

Todo iso a través da actualización permanente dos coñecementos dos profesionais integrados no sistema sanitario, elevando a calidade de persoal sanitario nos aspectos asistencial e preventivo. Así mesmo precísase axustar los coñecementos profesionais das persoas que prestarán os seus servizos no sector sanitario ás necesidades reais do sistema, a través da organización de programas e cursos de formación. Por iso formarase especialistas nos sectores de maior interese para o sistema sanitario e potenciarase a formación científica e técnica dos profesionais sanitarios.

2. Actividades.

Entre as actuacións deste programa están as seguintes:

1. A realización de diversos cursos agrupando ó redor de tres grandes áreas temáticas: xestión, xestión clínica e I + D co obxecto de amalgamar as diversas áreas de necesidade formativa.
2. Dotar ós profesionais dos recursos instrumentais necesarios co obxecto de adecualo tratamento, tanto na súa vertente promocional e preventiva como recuperativa.
3. Atender as fontes de información necesaria para a selección de fondos bibliográficos e os instrumentos documentais precisos para manter un servizo de orientación e referencia adecuado para atender as necesidades dos profesionais sanitarios.

3. Órganos encargados da súa execución.

<u>Centros de xestión</u>	<u>Denominación</u>
5001	Servicios centrais
Provincia:	A CORUÑA
1501	C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza

1505	C.H. Arquitecto Marcide-Novoa Santos
1507	X.A.P. Área de A Coruña
1508	X.A.P. Área de Ferrol
1509	X.A.P. Área de Santiago
1571	C.H. Universitario de Santiago
Provincia:	LUGO
2701	C.H. Xeral – Calde
2703	X.A.P. Área de Lugo
Provincia:	OURENSE
3201	C.H. de Ourense
3206	X.A.P. Área de Ourense
Provincia:	PONTEVEDRA
3601	C.H. Xeral Cíes
3603	C.H. de Pontevedra
3606	X.A.P. Área de Vigo
3611	Hospital Meixoeiro
3612	X.A.P. Área de Pontevedra

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

	SERVICIOS			
	01	02	50	TOTAL
311A DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE SANIDADE	7.001,5		48.822,2	55.823,8
312A ATENCIÓN ESPECIALIZADA			1.351.654,4	1.351.654,4
313A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE	11.593,6	42.814,9		54.408,5
313B ATENCIÓN PRIMARIA DA SAÚDE			894.488,2	894.488,2
314C FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS			25.052,4	25.052,4
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	177,8			177,8
TOTAL	18.772,9	42.814,9	2.320.017,2	2.381.605,0

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS						
	I	II	IV	VI	VII	VIII	TOTAL
311A DIRECCIÓN E SERVICIOS SOCIAIS	25.196,8	5.422,2	3.080,2	21.758,0		366,6	55.823,8
312A ATENCIÓN ESPECIALIZADA	673.272,0	517.340,5	96.209,0	64.064,4	510,0	258,4	1.351.654,4
313A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE	22.418,9	863,9	9.101,8	21.818,3	205,5		54.408,5
313B ATENCIÓN PRIMARIA DA SAÚDE	255.395,8	22.661,0	600.350,7	15.498,0	582,7		894.488,2
314C FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS	24.892,4			160,0			25.052,4
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA				177,8			177,8
TOTAL	1.001.175,9	546.287,6	708.741,8	123.476,5	1.298,3	625,1	2.381.605,0

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	5.330,7	5.409,2	1,5
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	991,0	1.061,0	7,1
Cap. IV	Transferencias correntes	9.033,3	9.932,7	10,0
Cap. VI	Investimentos reais	1.860,8	2.164,5	16,3
Cap. VII	Transferencias de capital	811,4	205,5	-74,7
TOTAL		18.027,2	18.772,9	4,1

(Miles de euros)

02	D.X. DE SAÚDE PÚBLICA	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	21.895,7	22.418,9	2,4
Cap. IV	Transferencias correntes	252,4	252,4	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	17.769,3	20.143,6	13,4
TOTAL		39.917,4	42.814,9	7,3

(Miles de euros)

50	SERVICIO GALEGO DE SAÚDE	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	935.911,3	973.347,8	4,0
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	518.414,2	545.226,5	5,2
Cap. IV	Transferencias correntes	674.928,3	698.556,6	3,5
Cap. VI	Investimentos reais	74.755,9	101.168,4	35,3
Cap. VII	Transferencias de capital	1.111,9	1.092,7	-1,7
Cap. VIII	Activos financeiros	625,1	625,1	0,0
TOTAL		2.205.746,7	2.320.017,2	5,2

(Miles de euros)

SERVICIO		2002	2003	% Var.
01	SECRETARÍA XERAL	18.027,2	18.772,9	4,1
02	D.X. DE SAÚDE PÚBLICA	39.917,4	42.814,9	7,3
50	SERVICIO GALEGO DE SAÚDE	2.205.746,7	2.320.017,2	5,2
TOTAL		2.263.691,4	2.381.605,0	5,2

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transfer. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Persoal	27.226,4	27.828,1	935.911,3	973.347,8			963.137,7	1.001.175,9
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	991,0	1.061,0	518.414,2	545.226,5			519.405,3	546.287,6
Cap. IV Transferencias corentes	2.085.484,9	2.171.545,3	674.928,3	698.556,6	2.076.199,2	2.161.360,2	684.214,0	708.741,8
OPERACIÓNS CORRENTES	2.113.702,3	2.200.434,4	2.129.253,9	2.217.130,9	2.076.199,2	2.161.360,2	2.166.757,0	2.256.205,2
Cap. VI Investimentos reais	19.630,1	22.308,1	74.755,9	101.168,4	0,0		94.386,1	123.476,5
Cap. VII Transferencias de capital	17.437,7	25.477,6	1.111,9	1.092,7	16.626,3	25.272,1	1.923,2	1.298,3
Cap. VIII Activos financeiros			625,1	625,1			625,1	625,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL	37.067,8	47.785,7	76.492,9	102.886,2	16.626,3	25.272,1	96.934,4	125.399,8
TOTAL BRUTO	2.150.770,1	2.248.220,1	2.205.746,7	2.320.017,2	2.092.825,5	2.186.632,2	2.263.691,4	2.381.605,0
TRANSFERENCIAS INTERNAS	2.092.825,5	2.186.632,2						
TOTAL CONSOLIDADO	57.944,6	61.587,9	2.205.746,7	2.320.017,2	2.092.825,5	2.186.632,2	2.263.691,4	2.381.605,0

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2002			2003			% Var.		
	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL
MEDTEC, S.A.	19.285,0	2.349,0	21.634,0	21.271,0	3.110,0	24.381,0	10,3	32,4	12,7
F. PÚBLICA INST. G. DE OFTALMOLOXÍA	2.012,0	345,0	2.357,0	1.760,0	274,0	2.034,0	-12,5	-20,6	-13,7
F. PÚBLICA HOSPITAL DE VERÍN	9.038,0	136,0	9.174,0	8.817,0	409,0	9.226,0	-2,4	200,7	0,6
F. PÚBLICA HOSPITAL DA BARBANZA	12.028,0	435,0	12.463,0	12.588,0	56,0	12.644,0	4,7	-87,1	1,5
F. PÚBLICA VIRXE DA XUNQUEIRA	9.609,0	795,0	10.404,0	9.927,0	812,0	10.739,0	3,3	2,1	3,2
F. P. ESCOLA G. DE ADMÓN SANITARIA	2.554,0	36,0	2.590,0	2.619,0	54,0	2.673,0	2,5	50,0	3,2
F. P. F. PTE G. IBEROAME. DE LA SALUD	645,0	12,0	657,0	884,0	14,0	898,0	37,1	16,7	36,7
F. P. URXENCIAS SANITA. DE GALICIA	21.646,0	60,0	21.706,0	23.855,0	300,0	24.155,0	10,2	400,0	11,3
F. P. HOSPITAL DO SALNÉS	11.699,0	12.708,0	24.407,0	12.677,0	0,0	12.677,0	8,4	-100,0	-48,1
F. P. CENTRO TRANSFUSIÓN GALICIA				19.276,0	1.019,0	20.295,0			

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	7	7
<i>Persoal funcionario</i>	640	634
Grupo A	463	455
Grupo B	47	47
Grupo C	50	52
Grupo D	64	66
Grupo E	16	14
<i>Persoal laboral</i>	74	72
Grupo III	6	6
Grupo IV	49	48
Grupo V	19	18
<i>Outro persoal</i>	4	4
TOTAL	725	717

Servicio Galego de Saúde

	At. primaria	At. especia.	Serv. Xerais	TOTAL
Altos cargos			4	4
P. Directivo	43	109		152
P. Facultativo	1.617	3.267		4.884
P. Sanitario non facultativo	1.593	10.533		12.126
P. non sanitario	1.749	5.687		7.436
P. Funcionario	953	1.014	682	2.649
P. Laboral	3	446	4	453
P. MIR	246	708		954
P. de cupo	1.133	238		1.371
Outro persoal		55		55
TOTAL	7.337	22.057	690	30.084

SECCIÓN 12.

***CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS
MARÍTIMOS.***

1. COMPETENCIAS

De conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 109/1998, do 5 de marzo, modificado polo Decreto 218/1999, do 15 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, esta é o órgano da Comunidade Autónoma ó que lle corresponde desenvolver as competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores, industrias pesqueiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do peixe e ensinanza marítimo pesqueira, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

O Decreto 306/2001, do 15 de decembro, establece unha nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia na que se crea a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, en substitución da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

O Decreto 310/2001, do 17 de decembro, fixa a estrutura orgánica das distintas consellerías, quedando configurada esta cos seguintes centros directivos:

1. Secretaría Xeral.
2. Dirección Xeral de Recursos Mariños.
3. Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca.
4. Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.
5. Centro de Control do Medio Mariño.

Os reais decretos polos que se aprobaron os trasposos de funcións e servizos producidos ata o momento en materia de pesca son os seguintes:

1. Real decreto 1634/80, do 31 de xullo, sobre transferencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca. Polo que á pesca se refire, traspasáronse as competencias relativas á

xestión do Plan de explotación marisqueira de Galicia, así como as relativas ó outorgamento de licencias individuais ou colectivas para o exercicio da pesca marítima de recreo.

2. Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servicios en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como en materia de confrarías de pescadores.
3. Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servicios en materia de ensinanzas profesionais náutico pesqueiras.
4. Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro, polo que se amplía o traspaso de servicios e medios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensino profesional náutico pesqueiro.
5. Real decreto 89/1996, do 26 de xaneiro, polo que se traspasan funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanzas náutico-deportivas e subacuático-deportivas.
6. Real decreto 1377/1997, do 29 de agosto, sobre traspasos de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mergullo.
7. Real decreto 1378/1997, do 29 de agosto, sobre ampliación de funcións e servicios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro (ensino profesional náutico pesqueiro).
8. Real decreto 1749/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servicios e funcións da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polos RD 1283/1987, do 2 de outubro, e 1378/1997, do 29 de agosto, en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

2.1 DA CONSELLERÍA

Como xa se subliñaba en memorias precedentes desta consellería, agora de Pesca e Asuntos Marítimos, vense producindo nos últimos tempos un proceso de redución progresiva das posibilidades de capturas e do esforzo pesqueiros, afectando tal tendencia de forma clara ó sector pesqueiro galego, especialmente ó seu importantísimo sector extractivo, que presenta a peculiaridade de depender en boa medida de recursos exteriores ó litoral de Galicia.

Por outra banda, no que atinxe ó sector acuícola galego, a súa importancia, tanto polo que se refire ós recursos humanos empregados nel, como ó volume da súa produción, que incide de maneira certamente importante na economía da nosa Comunidade Autónoma, a Administración debe realizar un esforzo tendente á mellora cuantitativa e cualitativa deste sector. No sentido exposto, as liñas de actuación desta consellería terán fundamentalmente un triple obxectivo no exercicio orzamentario correspondente ó ano 2003.

1. A mellora e reestructuración da flota pesqueira, procurando actuacións que supoñan un incremento da súa competitividade e aseguren o seu futuro, ó tempo que compensen os efectos negativos que se poidan derivar da perda de posibilidades de pesca, cunha especial incidencia na flota artesanal.
2. A mellora dos rendementos do sector do marisqueo e da acuicultura, a través de actuacións que incidan directamente sobre os recursos naturais, incrementando a súa produtividade, (Programa de desenvolvemento productivo, económico, profesional e organizativo do marisqueo a pé -Plan Galicia-) así como mediante elementos formativos que procuren unha maior especialización das persoas empregadas no sector, sempre buscando a súa profesionalización, así como a mellora e potenciación do proceso comercializador (afianzamento das axencias de desenvolvemento do litoral galego que se puxeron en funcionamento no ano 2001).

3. A mellora de relacións con terceiros países non comunitarios onde existan ou poidan existir posibilidades de pesca, ou instalación de industrias relacionadas co sector e con intereses galegos.

As tres liñas de actuación referidas inicialmente concrétanse na adopción das seguintes medidas:

1. Investimentos en equipamentos básicos nos portos pesqueiros como apoio ó desenvolvemento do sector pesqueiro.
2. Actuacións dirixidas á mellora das posibilidades de comercialización dos produtos da pesca.
3. Actuacións orientadas á potenciación do proceso de diversificación de actividades da poboación activa do sector pesqueiro.
4. Medidas orientadas á potenciación dos cultivos mariños, incrementando a súa produtividade e modernizando a súa tecnoloxía.
5. A adopción de programas orientados á formación dos traballadores empregados no sector, así como a adaptación do sistema formativo e da investigación para atender as novas demandas sociais, económicas e técnicas.
6. Medidas tendentes a procura-la mellora dos produtos así como a dos procesos da súa elaboración.
7. Reforzamento da política de apoio ás liñas de investigación xa abertas, así como a iniciación de novos proxectos.
8. Mante-la liña de dotación de sistemas de información avanzados ós procesos de subhasta nas lonxas, así como a implantación de mecanismos que permitan ós compradores coñecer-la previsión de arribos.
9. Sinatura de protocolos de cooperación con terceiros países costeiros non comunitarios que faciliten o desenvolvemento de actuacións empresariais.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 322K. ENSEÑANZAS PESQUEIRAS

1. Descrición.

Con este programa perséguese o obxectivo de garanti-lo funcionamento básico e a continuidade da oferta pública de ensinanzas marítimo e náutico-pesqueiras nas súas diversas modalidades. Concretamente na modalidade de formación permanente de adultos náutico-pesqueira, da que se imparten os últimos cursos por estar actualmente en extinción, así como dos ciclos formativos de navegación e pesca, máquinas navais, cultivos mariños e mergullo profesional. Ademais neste programa intégranse as ensinanzas de certificacións profesionais que se impartan nos catro centros de ensinanzas, tanto de carácter náutico-pesqueiro (patrón costeiro polivalente e patrón local de pesca) como as diferentes titulacións que integran o itinerario do mergullo profesional de acordo coa Orde do 23 de abril de 1999 da Consellería de Pesca.

Estas accións formativas desenvólvense nos centros de formación profesional pesqueira e de acuicultura dependentes desta consellería, ubicados en Ferrol, Ribeira, A Illa de Arousa e Vigo, dos que os custos de mantemento, dotación de equipos e acondicionamento, se imputan a este programa.

O fin perseguido é o aseguramento da calidade das ensinanzas a nivel infraestructural, diversificando e mellorando as dotacións, medios e oferta formativa en permanente adaptación á evolución do sector productivo e ó avance tecnolóxico.

2. Actividades.

1. Adquisición de mobiliario e equipamento didáctico e sistemas informáticos para os centros de ensinanzas marítimo- pesqueiras.
2. Adquisición de equipos, ferramentas e utensilios específicos para completa-la dotación das ensinanzas especializadas en mergullo profesional.
3. Realización de obras de reparación e acondicionamento de centros.
4. Mantemento e renovación do buque escola Valentín Paz Andrade.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 322S. FORMACIÓN PROFESIONAL FSE

1. Descripción.

Dende o ano 1994 a Consellería de Pesca, e Asuntos Marítimos atópase dentro do marco de actuación do Programa Operativo do Fondo Social Europeo (Acción F.1. Formación Profesional Pesqueira), que cofinancia os custos de formación profesional dos alumnos que cursan os seus estudos nos centros de formación dependentes desta consellería. Na actualidade participa do Programa Operativo 2000-2006, con actuacións relativas ás medidas:

1. Fomento do acceso á formación profesional de base e específica.
2. Desenvolvemento de novas ofertas de formación profesional.
3. Promoción de mecanismos de integración e mellora da eficacia dos sistemas de formación profesional.
4. Desenvolvemento de alternativas formativas para os que non superan a ensinanza obrigatoria.

Os fins perseguidos están directamente relacionados cos reflectidos no programa 322K, dándose neste caso especial importancia ás accións innovadoras e axeitando o desenvolvemento do programa ás características de finalidade e elixibilidade dos gastos de conformidade coas normas do Fondo Social Europeo.

2. Actividades.

1. Contratación de profesorado para a formación profesional marítimo-pesqueira.
2. Axudas a estudos:
 - A) Axudas individuais ós alumnos/as que cursan ensinanzas pesqueiras nos centros dependentes desta consellería.
 - B) Axudas individuais ós alumnos para a realización de prácticas en empresas.
 - C) Axudas de intercambio de alumnos e formadores.
3. Realización de actividades formativas do profesorado dos centros desta consellería, para a súa formación permanente, tanto tecnolóxica como pedagóxica.
4. Realización de actividades de orientación laboral para alumnos.
5. Divulgación da realidade dos centros e os seus obxectivos formativos.
6. Elaboración de material didáctico.
7. Actualización de equipos didácticos (software).
8. Actuacións específicas no campo da formación en seguridade de acordo cos requisitos da Organización Marítima Internacional.
9. Posta en marcha de programas de garantía social, formación adaptada ó itinerario dos adultos, etc.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 342A. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE

1. Descrición.

Como obxectivo xeral do programa establécese o potenciar e á vez dar continuidade ás accións de divulgación e de educación ambiental, buscando unha maior globalidade nas actuacións e fomentando o aproveitamento das sinerxías posibles nas colaboracións con outros departamentos ou entidades. Os destinatarios directos destas actuacións son os pescadores e os xoves, sen esquecer a relevancia que teñen os escolares e outros grupos sociais, como colectivos nos que se considera importante incidir.

Como complemento das actuacións directas da consellería, mantéñense as liñas de fomento e apoio ás actividades de divulgación sobre o medio mariño realizadas por outras entidades co fin de lograr unha concienciación ambiental de ampla base.

2. Actividades.

No que respecta á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro:

1. Axudas á realización de actividades medio ambientais sobre o mar.
2. Montaxe de exposicións e actividades de divulgación sobre o mar.
3. Realización de actividades e programas dirixidos ós escolares co mesmo nivel de cobertura que anos anteriores e inicio de novas actividades.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 432A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

1. Descrición.

O obxectivo deste programa é, en coordinación coa Secretaría Xeral de I+D da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, o desenvolvemento dos proxectos de investigación mariña necesarios para optimizar a xestión e explotación dos recursos mariños, así como a mellora de tódalas actividades relacionadas coa pesca, acuicultura ou os produtos destas actividades. Estes proxectos enmárcanse dentro dos campos da ecoloxía mariña, a dinámica de poboacións, a acuicultura, patoloxía e a transferencia de tecnoloxía, así como o fomento da depuración e reciclaxe dos verquidos nocivos ó mar.

Tamén se impulsa a especialización de persoal en temas relacionados co mar e temas pesqueiros, así como a realización de teses e traballos sobre estes temas e a posta en marcha do Centro Tecnolóxico do Mar Fundación Cetmar.

Con este programa finánciase o funcionamento, persoal, mantemento e actividades desenvolvidas polo Centro de Investigacións Mariñas que posúe a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos nas súas tres sedes de Ribeira, Ribadeo e Vilanova de Arousa, así como as axudas para a formación de persoal e realización de teses e traballos científicos sobre a pesca e o mar nese centro.

2. Actividades.

1. Mantemento dos edificios, instalacións e vehículos do Centro de Investigacións Mariñas nas súas tres ubicacións.
2. Financiamento dos gastos correntes do Centro de Investigacións Mariñas.
3. Financiamento das plurianualidades de axudas ás institucións públicas que levan a cabo investigacións sobre aspectos de interese da Consellería.
4. Formación de titulados superiores en temas pesqueiros e de acuicultura ou con eles relacionados.
5. Dotación de material científico necesario para o desenvolvemento da investigación.
6. Actualización de equipos informáticos do Centro de Investigacións Mariñas.
7. Reunións e encontros científicos.
8. Adquisición de publicacións, material bibliográfico, etc., destinado ás bibliotecas do Centro de Investigacións Mariñas.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 422B. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO

1. Descrición.

A actividade marisqueira tivo sempre unha grande importancia dentro do conxunto da actividade económica galega, propiciada polas excepcionais condicións que concorren nas rías e augas marítimas interiores.

Nesta actividade, fonte de sustento dunha parte moi importante da poboación costeira, prodúcese tradicionalmente unha sobreexplotación dos bancos que veu desembocando nunha diminución da súa produtividade. Para revertir esta tendencia é necesario, por unha parte, establecer medidas de control de acceso ó recurso, mediante a aplicación das normas que regulan a concesión de permisos de explotación; e por outra, realizar accións de saneamento dos bancos marisqueiros, accións que ó longo dos últimos anos, veñen constituíndo un obxectivo básico nos programas de traballo da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Estas accións consisten nun conxunto diverso de labores entre as que se comprenden o acondicionamento do substrato, preengorde de semente, sementeiras, protección contra os predadores, limpeza, etc., en definitiva, accións que exceden da simple extracción e que precisan duns coñecementos específicos técnico-biolóxicos para garanti-la súa eficacia. A asistencia técnica ós colectivos de mariscadores permitirá, polo tanto, non só maximiza-la produtividade dos bancos marisqueiros senón tamén formar ós profesionais do sector nos procesos e técnicas que constitúen a súa actividade.

Por outra banda, a protección do medio mariño implica tamén a conservación e recuperación, de se-lo caso, da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. En aplicación da lexislación estatal en materia de costas, cómpre limitalos usos destes espazos así como repoñe-la situación anterior nos casos en que o medio sufrise agresións ilícitas non reparadas polos responsables, e de xeito subsidiario á acción destes.

Ademais as referidas accións precisan o complemento da loita contra o furtivismo, a fin de preserva-los bancos marisqueiros dunha explotación irracional, así como garanti-los resultados do traballo responsable.

En consecuencia, con este programa perséguese a consecución dos seguintes obxectivos:

1. Asistencia técnica ós traballos de semicultivo en bancos marisqueiros.
2. Control das actividades pesqueiras, acuícolas e marisqueiras.

3. Protección dos valores naturais das zonas comprendidas na servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.
4. Modernización das flotas de vehículos e embarcacións do Servicio de Protección de Recursos.

2. Actividades.

1. Asesoramento ós mariscadores para a explotación racional do recurso.
2. Seguimento dos cultivos e das explotacións.
3. Elaboración das tarxetas de identificación de mariscadores con permiso de explotación.
4. Adquisición de equipos para o Servicio de Protección de Recursos.
5. Mantemento das instalacións do Servicio de Protección de Recursos.
6. Adquisición e mantemento de vehículos e embarcacións do Servicio de Protección de Recursos.
7. Control da legalidade das actuacións en zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.
8. Execución subsidiaria da reposición da legalidade en caso de construcións que contraveñan a Lei de costas.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Recursos Mariños.
Secretaría Xeral.
Centro de Control do Medio Mariño.

PROGRAMA 611B. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PESCA

1. Descrición.

Os créditos asignados a este programa cumpren fundamentalmente a función de financiar os gastos de funcionamento e do persoal dos servizos administrativos da consellería, distribuídos nos seus diferentes centros xestores, que son ademais dos servizos centrais as delegacións territoriais en Celeiro, Vigo e A Coruña, e as delegacións comarcais en Ferrol, Ribeira, Pontevedra e Carril, así como os funcionarios

desta consellería destinados nas distintas confrarías de pescadores. Tamén se recollen no capítulo de investimentos partidas destinadas á mellora de infraestructuras nos citados centros administrativos co fin de conquistar unhas mellores condicións de traballo para o persoal ó servizo da consellería.

E como consecuencia da nova política na vía da cooperación internacional establécese unha liña de fomento con terceiros países a través da sinatura de protocolos en materia de pesca, industria e formación.

2. Actividades.

1. Fomento da cooperación internacional.
2. Acondicionamento e equipamento dos servizos da consellería.
3. Continua-lo proceso de informatización dos servizos da consellería co fin de conquistar unha progresiva racionalización dos procesos e unha máis eficaz actividade administrativa.
4. Continua-la formación dun fondo de biblioteca.
5. Modernización da flota de vehículos da consellería.
6. Obras novas e de reparación nos edificios onde se ubican os servizos centrais e delegacións territoriais e comarcais.
7. Reparacións dos vehículos pertencentes ó parque móbil da consellería.
8. Continuar coa implantación de sistemas de xestión nas confrarías de pescadores.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 612B. PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA

1. Descrición.

Con cargo a este programa financiaranse os investimentos encamiñados a melloras condicións de seguridade no mar, que continúa a ser unha das principais preocupacións da consellería no ámbito social. Esta medida estrutúrase en catro submedidas:

1. A dotación dos medios que lle den á Administración a capacidade de resposta en caso de sinistros mediante a contratación do "Servicio Público de Salvamento e Loita contra a Contaminación no Mar", actualmente dotado con dous helicópteros de salvamento, un remolcador de altura e un buque de apoio coas súas respectivas tripulacións, dispoñibles todos eles as 24 horas do día os 365 días do ano, ademais da asistencia técnica profesional necesaria para a dirección e coordinación dos diferentes medios.
2. A sinatura dun "Convenio de colaboración coa Cruz Vermella do Mar" para axudar á súa dotación de medios materiais de salvamento.
3. A subscrición dunha "Póliza Colectiva de Accidentes do Mar" que de cobertura á totalidade dos mariñeiros galegos embarcados en buques de calquera nacionalidade, así como ós mariscadores, acuicultores de viveiros flotantes e membros da Cruz Vermella do Mar, de xeito que se palíe a escasa protección social deste amplo colectivo e se atenda gradualmente ás situacións familiares comprometidas.
4. Dende a Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, mantense como obxectivo xeral a intensificación dos programas de formación dirixidos ós pescadores, con especial incidencia nos referentes ás titulacións profesionais e á seguridade, supervivencia no mar e loita contraincendios.

Ademais mantense como obxectivo xeral a intensificación dos programas de formación dirixidos ós pescadores, con especial incidencia nos referentes ás titulacións profesionais e á seguridade, supervivencia no mar e loita contraincendios.

As actuacións en materia de extensión pesqueira buscan incidir de xeito máis global sobre a totalidade do sector, buscando un desenvolvemento de tódalas potencialidades que ten, actuación que se potencia coa consolidación da infraestrutura material da Axencia de Desenvolvemento Litoral que vai permiti-lo seu funcionamento a pleno rendemento tanto en materia de información e formación como de promoción de novas actividades.

Estas actuacións van permitir a posta en marcha dunha liña de apoio á produción marisqueira co fomento da instalación de minicriadoiros en agrupacións de mariscadoras.

2. Actividades.

1. Financiamento do contrato para o "Servicio Público de Salvamento e Loita contra a Contaminación no Mar".
2. Financiamento do contrato de asistencia técnica necesaria para a coordinación dos medios que conforman a o antedito servicio.
3. Sinatura do "Convenio de colaboración coa Cruz Vermella do Mar".
4. Subscrición dunha "Póliza Colectiva de Accidentes do Mar".
5. Axudas para a realización de actividades de promoción social dos pescadores a través de accións formativas, de divulgación e formación, organizadas tanto por entidades sen fin de lucro como polas propias entidades do sector co fin de favorece-la autoorganización e a integración dos pescadores nestas.
6. Axudas para a realización de actividades de fomento do coñecemento do mar e a pesca dirixida a pescadores e a xoves, coa finalidade de mellora-la súa preparación en calquera dos ámbitos que teña relación co mar e a pesca.
7. Programa de formación de pescadores. Dirixido á realización de actividades de formación en materias profesionais vinculadas ó mar e de seguridade ten como destinatarios a activos, parados e xoves en busca do primeiro emprego así como adquisición de material para prácticas, para a realización e adquisición de publicacións e outro material didáctico, que permiten a dotación de medios para os distintos cursos de formación, a publicación de material didáctico e outras necesidades de medios materiais que se producen nos cursos de formación.
8. Liquidación da construción de locais para a Axencia Desenvolvemento Litoral como infraestructuras para imparti-la formación e fomenta-lo desenvolvemento da costa, e completa-la dotación de equipamento informático, mobiliario e utensilios para os ditos locais.
9. Campañas de sensibilización sobre a muller no sector pesqueiro, dirixido a mante-las accións de concienciación e autoestima das mulleres que participan nas actividades pesqueiras mediante a información e a concienciación.
10. Programa de recuperación de produtos tradicionais do peixe, programa que persegue realizar unha experiencia piloto de empresa artesanal para a produción de produtos do peixe elaborados ó xeito tradicional.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

**PROGRAMA 612S. PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN
DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA. FSE**

1. Descrición.

Programa complementario do 612B que recolle aquelas partidas que por ter como fonte de financiamento o Fondo Social Europeo se inclúen neste programa como medio instrumental para o seguimento e control. Ten como obxectivo xeral recolle-lo funcionamento do proxecto da Axencia de Desenvolvemento Litoral de Galicia (Adelga).

2. Actividades.

No que respecta á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro:

1. Funcionamento da Adelga, cubrindo os custos de persoal e de funcionamento propios da axencia.
2. Bolsas de axuda para asistencia a cursos de formación a aquelas persoas que necesiten desprazarse para asistir a estes fora do seu punto de residencia.
3. Cursos de formación en materia de desenvolvemento, creación de empresas e outras relacionados cos obxectivos da axencia.
4. Programa de formación a distancia, ten como obxectivo facilita-lo acceso á formación pesqueira a aquelas persoas que non poidan acceder a un centro de formación, e facilita-la promoción profesional dos traballadores do sector.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 614B. ORDENACIÓN, REESTRUCTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA E DOS CULTIVOS MARIÑOS

1. Descrición.

Os créditos soporte deste programa se destinarán á adopción de medidas de diversa índole tendentes á ordenación, reestructuración, fomento e mellora das producións pesqueiras e cultivos mariños, tanto mediante a realización de investimentos de carácter innovador ou con carácter de asistencia técnica ou incluso acometidos ou promovidos polos propios profesionais do sector como mediante a concesión de axudas destinadas ó financiamento de investimentos para o axuste do esforzo pesqueiro tales como a redución de unidades pesqueiras, a paralización temporal de actividades para o mantemento dos recursos ou a realización de proxectos piloto de pesca experimental que permitan coñece-lo rendemento comercial de caladoiros alternativos ós tradicionais.

Tamén neste programa de gasto prevese atende-las medidas encamiñadas a amortigua-los efectos derivados da reestructuración de flotas como consecuencia do esgotamento de caladoiros, redución de licencias en augas de terceiros países, etc., a través da concesión de axudas ó cesamento anticipado de actividade dos tripulantes dos buques afectados.

Este programa atenderá, por outra parte, ó desenvolvemento de accións de interese colectivo e de duración limitada en ámbitos que normalmente non corresponden á empresa privada, realizadas coa contribución activa dos propios profesionais da acuicultura ou levadas a cabo por organizacións que actúen en nome dos produtores ou por outras organizacións recoñecidas pola autoridade de xestión, e que contribúan á consecución dos obxectivos da política pesqueira común.

En consecuencia con este programa perséguese a consecución dos seguintes obxectivos:

1. Estudio de estruturas para o cultivo de moluscos.
2. Reordenación de zonas de produción.
3. Planificación de zonas de produción.

2. Actividades.

1. Posta en marcha dunha “nursery” para o engorde de moluscos en condicións naturais controladas.
2. Estudio para a mellora científica da batea.
3. Estudio para a xestión dos residuos procedentes da acuicultura.
4. Estudos de viabilidade de novos cultivos.
5. Medición e cartografiado de autorizacións marisqueiras.
6. Limpezas de fondos de polígonos de viveiros.
7. Reordenación de polígonos de viveiros.
8. Realización de investimentos de carácter innovador ou con carácter de asistencia técnica para a avaliación de iniciativas neste ámbito de actuación, así como para a realización de accións polos profesionais do sector.
9. Concesión de axudas para o axuste do esforzo pesqueiro a través do desguace de unidades pesqueiras excedentes ou outras formas de cese definitivo da actividade pesqueira.
10. Concesión de axudas para a paralización temporal de actividades á finalidade da preservación dos recursos mariños.
11. Concesión de axudas para a realización de proxectos piloto destinados á busca e avaliación de pesquerías alternativas.
12. Concesión de axudas de carácter socioeconómico ós tripulantes dos buques pesqueiros que se vexan afectados por cesamentos de actividade (en situacións tales como a reestructuración global de flotas derivada do esgotamento de caladoiros, ou dependentes de acordos con terceiros estados).
13. Concesión de axudas para a adquisición de dereitos de pesca encamiñadas á consolidación da flota galega.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Recursos Mariños.

Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca.

PROGRAMA 721A. MEDIO MARIÑO

1. Descrición.

Con este programa, financiarase a realización de estudos de campo, intercambio de experiencias e pescas experimentais, para a recollida de modelos de xestión pesqueira. Estas accións estarán orientadas ó incremento da selectividade das artes de pesca e marisqueo, a fin de evita-la captura de exemplares con tamaños inferiores ós biolóxicos e legalmente establecidos.

Tamén financiará este programa o Centro de Control do Medio Mariño, responsable da rede de mostraxe, seguimento e control do fitoplancton tóxico, así como do control analítico para a detección e valoración de biotoxinas mariñas que afectan ós moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

Polo tanto, preténdese acadar los seguintes obxectivos:

1. Asegura-la calidade do produto respecto á toxicidade de orixe fitoplanctónico e ás biotoxinas.
2. Protexe-los cultivos de especies nocivas.
3. Diminuí-las posibilidades de enfermidades derivadas da introducción de especies alóctonas.
4. Control da calidade das augas nas zonas de produción.
5. Estudio, mediante plans piloto, por tipo de pesca, dos recursos pesqueiros e das artes extractivas.
6. Aplicación de nova tecnoloxía (accesorios para aumento da selectividade) nas artes de pesca.

2. Actividades.

1. Ensaio de selectividade de artes de enmalle.
2. Ensaio de selectividade de artes de arrastre-cerco.
3. Ensaio de selectividade de nasas.
4. Ensaio de selectividade de liñas.

5. Seguimento de viveiros experimentais.
6. Prospección e xestión bancos naturais mexinlla.
7. Elaboración de proxectos para a creación de novos polígonos de viveiros.
8. Control da calidade medioambiental e técnico-sanitario dos moluscos bivalvos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura e das zonas de produción na Comunidade Autónoma.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Recursos Mariños.

Centro de Control do Medio Mariño.

PROGRAMA 721B. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA EXPLOTACIÓN DE RECURSOS MARIÑOS

1. Descrición.

A administración pesqueira galega ven desenvolvendo accións tendentes á recuperación dos bancos marisqueiros que, ben por unha mala xestión dos recursos ou ben por alteracións de tipo medio-ambiental, sufriron modificacións do substrato, dos niveis mareais ou, en definitiva, das súas condicións ecolóxicas, o que levou consigo unha diminución da superficie productiva, da produción ou ámbalas dúas á vez.

Este programa garante o mantemento destas actuacións, que a través de convenios de cooperación ou colaboración coas confrarías de pescadores e coas organizacións profesionais do sector e agrupacións de mariscadores, ademais da execución pola propia Administración, pretende levar adiante accións de recuperación de bancos marisqueiros, así como avanzar na racionalización da explotación marisqueira e na profesionalización dos mariscadores.

Así, a introducción das técnicas de semicultivo está a encadra-lo marisqueo, cada vez máis, no ámbito da acuicultura.

Consecuentemente, para o desenvolvemento de tódalas actuacións comprendidas no referido ámbito, inclúense neste programa as axudas ós investimentos en acuicultura mariña.

Deste xeito, preténdense acadar os seguintes obxectivos:

1. Mellora-la produtividade dos bancos marisqueiros e das instalacións acuícolas.
2. Mellora-la xestión dos recursos marisqueiros.
3. Fomenta-la construción, ampliación, equipamento ou modernización de instalacións acuícolas ou marisqueiras.
4. Mantemento do emprego no sector.

Por outra parte a mellora de capacidade tecnolóxica dos produtores, mediante formación en técnicas productivas e de xestión empresarial, contribuirá a acadar unhas condicións óptimas para o desenvolvemento sostible da explotación dos recursos mariños.

O programa dirixese á creación de pautas de explotación dos recursos mariños compatibles coa súa conservación de xeito que se manteña o nivel de explotación sen esgotamento dos recursos na liña do establecido no código de conducta para unha pesca responsable.

As actividades dirixense a formar ó persoal da flota e do marisqueo de xeito que estas pautas de explotación se instauren nas pesquerías galegas.

2. Actividades.

1. Rexeneración, limpeza, acondicionamentos e sementeiras dos bancos marisqueiros.
2. Coidado, control, seguimento e vixilancia dos bancos marisqueiros.
3. Subvencións para a modernización e ampliación de instalacións de acuicultura.
4. Subvencións para novas instalacións de acuicultura.
5. Programas de formación para as mulleres do sector pesqueiro, dirixido á formación específica, apoio técnico e titorización de proxectos productivos emprendidos polas mulleres do sector pesqueiro.
6. Programa de formación técnica en materia de xestión da empresa pesqueira para a flota artesanal, dirixido á pesca responsable e á mellora da calidade.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Recursos Mariños.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 722A. TRANSFORMACIÓN, CONSERVACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS MARIÑOS

1. Descrición.

Este programa ven conformado polas medidas a adoptar para potencia-la competitividade das empresas de manipulación, conservación, transformación, comercialización e tratamento de produtos pesqueiros, do marisqueo e da acuicultura mediante a concesión de axudas en forma de subvencións de capital que auxilién o financiamento de investimentos encamiñados á racionalización dos procesos productivos, á utilización de especies novas ou infrautilizadas, etc., así como ó establecemento de novos centros de traballo en zonas socioeconomicamente en declive, que permitan a creación de emprego.

É, ademais, obxectivo do programa fomenta-la formación e os cambios nas cualificacións dos traballadores das empresas do sector transformador da pesca como consecuencia da introducción e as posibilidades das novas tecnoloxías tanto da información como da produción.

Por outra banda a formación dos traballadores e a súa adaptación ós cambios que se van producindo é un proceso necesario para mante-la competitividade da industria transformadora.

2. Actividades.

1. Programa de formación para os traballadores da industria transformadora e da conserva.
2. Concesión de axudas ás empresas de manipulación, conservación, transformación, comercialización e tratamento de produtos pesqueiros, do marisqueo e acuicultura.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 722B. PROMOCIÓN DE PRODUCTOS PESQUEIROS E FOMENTO DA CALIDADE

1. Descrición.

As medidas a artellar con cargo ós créditos soporte deste programa irán encamiñadas á mellora das estruturas e das canles de comercialización dos produtos pesqueiros, facendo especial énfase nas que atinxen ás extraccións da flota pesqueira artesanal galega ou ó sector mexilloeiro, sectores estratéxicos que ocupan a unha importante masa laboral en zonas altamente dependentes destas actividades.

Así, potenciaranse as accións encamiñadas a promociona-la calidade e competitividade dos produtos pesqueiros galegos, tanto no interior da nosa Comunidade Autónoma como no resto do Estado e nos principais mercados mundiais, así como aquelas destinadas á concienciación do público en xeral e do sector pesqueiro en particular, sobre a necesidade da protección dos nosos recursos pesqueiros e marisqueiros.

Por outra parte, as demandas dun mercado de maior poder adquisitivo fan que a calidade sexa un elemento fundamental na comercialización dos produtos pesqueiros. Responder á necesidade de formación para unha calidade integral desde a rede ó consumidor, é un dos desafíos da formación pesqueira nos próximos anos.

2. Actividades.

1. Programa de formación para a calidade dos produtos pesqueiros frescos. Programa de formación para os axentes que interveñen na primeira venda (pescadores, persoal de lonxa, compradores), dirixido á mellora da calidade fomentando melloras das condicións e pautas de manexo dos produtos pesqueiros.
2. Programa de formación para o consumo e comercialización do peixe fresco. Accións dirixidas á formación tanto dos consumidores como dos vendedores de peixe polo miúdo coa finalidade de que se valore e fomente o consumo de calidade e responsable.
3. Accións dirixidas a propicia-la penetración dos nosos produtos pesqueiros nos mercados internacionais mediante a participación en certames internacionais de recoñecido prestixio no sector.

4. Campañas de promoción e de fomento do consumo dos produtos pesqueiros galegos.
5. Accións de divulgación para a concienciación do público en xeral e do sector pesqueiro en particular sobre a necesidade da protección dos nosos recursos mariños.
6. Concesión de axudas para o financiamento de investimentos destinados á promoción, fomento da calidade e busca de novas saídas comerciais dos produtos pesqueiros galegos.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 722C. EQUIPAMENTOS PESQUEIROS

1. Descrición.

As medidas que se inclúen dentro deste programa encamiñaranse á consecución da racionalización e modernización dos equipamentos cos que contan os portos pesqueiros da nosa Comunidade Autónoma, mediante a realización de investimentos de promoción pública ou a concesión de axudas en forma de subvencións de capital que auxilién o financiamento de investimentos encamiñados principalmente á mellora das condicións de descarga das extraccións, ó avituallamento dos buques e dun xeito sobranceiro, á mellora das condicións de manipulación e primeira venda dos produtos do mar.

2. Actividades.

1. Realización de investimentos para dotación, mellora, modernización e renovación das estruturas e equipamentos dos portos pesqueiros da nosa Comunidade Autónoma.
2. Concesión de axudas a beneficiarios privados para a realización de investimentos neste ámbito de actuación.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 723A. CONSTRUCCIÓN E RENOVACIÓN DA FLOTA

1. Descrición.

Comprende as accións a realizar por esta consellería no que respecta ó financiamento de investimentos privados á reestructuración, renovación e modernización da flota pesqueira galega de cara á consecución dunha flota artesanal e de altura moderna e segura adaptada ós recursos dispoñibles e ás necesidades futuras que se deriven da xestión racional dos recursos pesqueiros (a chamada "pesca responsable").

Nesta mesma liña asinarase un convenio de colaboración co Igape que permita, mediante a subsidiación de intereses, minora-los custos derivados do financiamento a longo prazo necesario para levar a cabo as anteditas accións.

Ademais comprende tamén o apoio á renovación e á realización doutras accións destinadas á flota pesqueira artesanal.

2. Actividades.

1. Concesión de axudas á renovación da flota e á modernización dos buques pesqueiros.
2. Concesión de axudas para a realización de accións colectivas destinadas á flota pesqueira artesanal.
3. Sinatura dun convenio de colaboración co Igape para a subsidiación dos xuros derivados de operacións crediticias formalizadas para o financiamento das anteditas accións.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca.

PROGRAMA 752A. SERVICIOS ÁS ACTIVIDADES MARÍTIMAS

1. Descrición.

Comprende as medidas que se dirixen a auxilia-lo establecemento de empresas alternativas que, implantadas nas zonas litorais de Galicia, contan cunhas perspectivas de viabilidade económica favorable en canto a permitir darlle unha saída ós excedentes materiais e humanos do sector pesqueiro derivados de circunstancias tales como a reconversión de flotas, cesamento de actividades, etc.

Mante-lo nivel de actividade do sector pesqueiro nunha época de maior especialización das empresas e de externalización das súas actividades, leva a necesidade de apoiar-la existencia de servizos á pesca e ás actividades marítimas como forma de garantir non só a posición actual, senón o mantemento e a explotación do saber facer pesqueiro en Galicia.

2. Actividades.

- 1.** Axudas para apoiar-la creación de infraestruturas turísticas, de lecer e culturais. Este programa pretende, mediante axudas a entidades e empresas, fomentar-la creación de infraestruturas turísticas, de lecer e culturais vinculadas á utilización de embarcacións e ó mar, como elemento de dinamización económica e á conservación do patrimonio marítimo.
- 2.** Axudas á creación de empresas de servizos á pesca ou á actividade pesqueira, dirixido a xoves, mulleres ou persoal do sector pesqueiro.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

	SERVICIOS					TOTAL
	01	02	03	04	05	
322K ENSinANZAS PESQUEIRAS	2.731,6			1.454,0		4.185,5
322S FORMACIÓN PROFESIONAL FSE	2.079,4			2.045,0		4.124,4
342A PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	1.570,5			390,0	82,9	2.043,3
422B PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO	1.472,5	1.045,9			200,0	2.718,3
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO	1.565,3			1.984,5		3.549,9
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	24,0					24,0
611B DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PESCA	14.228,9					14.228,9
612B PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA	6.425,4			2.277,7		8.703,2
612S PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA. FSE	989,8			487,2		1.477,0
614B ORDENACIÓN, REESTRUCTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA DE CULTIVOS MARIÑOS	4.770,8	1.024,0	13.278,6			19.073,4
615B REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E MERCADOS PESQUEIROS			541,9			541,9
721A MEDIO MARIÑO		832,4			589,1	1.421,6
721B DESENVOLVEMENTO SOSTENIBLE DA EXPLOTACIÓN DE RECURSOS MARIÑOS		16.484,7		490,9		16.975,6
722A TRANSFORMACIÓN, CONSERVACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS MARINOS			40.410,8	80,0		40.490,8
722B PROMOCIÓN DE PRODUCTOS PESQUEIROS E FOMENTO DA CALIDADE			3.442,8	310,0		3.752,8
722C EQUIPAMENTOS PESQUEIROS	2.809,4		2.140,5			4.949,9
723A REESTRUCTURACIÓN E RENOVACIÓN DA FLOTA PESQUEIRA			32.173,3	2.695,3		34.868,6
752A SERVICIOS ÁS ACTIVIDADES MARÍTIMAS				480,0		480,0
TOTAL	38.667,5	19.387,0	91.987,9	12.694,7	872,0	163.609,1

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS						TOTAL
	I	II	IV	VI	VII	VIII	
322K ENSINANZAS PESQUEIRAS	2.731,6	257,2	206,3	990,5			4.185,5
322S FORMACIÓN PROFESIONAL FSE	2.079,4	1.191,8	409,5	443,7			4.124,4
342A PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	1.570,5	82,9	90,0	300,0			2.043,3
422B PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO				2.718,3			2.718,3
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO	1.565,3	253,4	105,0	927,0	23,0	676,1	3.549,9
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA				24,0			24,0
611B DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PESCA	10.931,5	1.970,1	355,7	971,5			14.228,9
612B PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA	287,0		258,1	8.158,0			8.703,2
612S PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA. FSE	989,8	325,8	39,6	121,8			1.477,0
614B ORDENACIÓN, REESTRUCTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA DE CULTIVOS MARIÑOS	4.400,8			2.407,1	12.265,6		19.073,4
615B REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E MERCADOS PESQUEIROS					541,9		541,9
721A MEDIO MARIÑO				1.421,6			1.421,6
721B DESENVOLVEMENTO SOSTENIBLE DA EXPLOTACIÓN DE RECURSOS MARIÑOS				3.902,6	13.072,9		16.975,6
722A TRANSFORMACIÓN, CONSERVACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS MARINOS			80,0		40.410,8		40.490,8
722B PROMOCIÓN DE PRODUCTOS PESQUEIROS E FOMENTO DA CALIDADE				3.557,4	195,3		3.752,8
722C EQUIPAMENTOS PESQUEIROS				2.809,4	2.140,5		4.949,9
723A REESTRUCTURACIÓN E RENOVACIÓN DA FLOTA PESQUEIRA					34.868,6		34.868,6
752A SERVICIOS ÁS ACTIVIDADES MARÍTIMAS					480,0		480,0
TOTAL	24.555,9	4.081,2	1.544,3	28.753,0	103.998,6	676,1	163.609,1

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	23.191,2	24.555,9	5,9
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	2.599,9	1.970,1	-24,2
Cap. IV	Transferencias correntes	138,2	355,7	157,3
Cap. VI	Investimentos reais	5.358,7	11.785,8	119,9
TOTAL		31.288,1	38.667,4	23,6

(Miles de euros)

02	D. X. DE RECURSOS MARIÑOS	2002	2003	% Var.
Cap. VI	Investimentos reais	5.773,2	6.314,1	9,4
Cap. VII	Transferencias de capital	13.081,8	13.072,9	-0,1
TOTAL		18.855,0	19.387,0	2,8

(Miles de euros)

03	D. X. DE ESTRUC. E MERC. DA PESCA	2002	2003	% Var.
Cap. IV	Transferencias correntes	541,9	0,0	-100,0
Cap. VI	Investimentos reais	8.043,1	4.260,5	-47,0
Cap. VII	Transferencias de capital	86.071,7	87.727,4	1,9
TOTAL		94.656,8	91.987,9	-2,8

(Miles de euros)

04	D. X. DE INNOVACIÓN E DESENV. PESQ.	2002	2003	% Var.
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	1.511,3	2.028,1	34,2
Cap. IV	Transferencias correntes	911,2	1.188,6	30,4
Cap. VI	Investimentos reais	5.378,5	5.603,5	4,2
Cap. VII	Transferencias de capital	545,0	3.198,3	486,8
Cap. VIII	Activos financeiros	676,1	676,1	0,0
TOTAL		9.022,2	12.694,6	40,7

(Miles de euros)

05	CENT. DE CONTROL DO MEDIO MARIÑO	2002	2003	% Var.
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios		82,9	
Cap. VI	Investimentos reais	752,9	789,1	4,8
TOTAL		752,9	872,0	15,8

(Miles de euros)

SERVICIO	2002	2003	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	31.288,1	38.667,4	23,6
02 D. X. DE RECURSOS MARIÑOS	18.855,0	19.387,0	2,8
03 D. X. DE ESTRUC. E MERC. DA PESCA	94.656,8	91.987,9	-2,8
04 D. X. DE INNOVACIÓN E DESENV. PESQ.	9.022,2	12.694,7	40,7
05 CENT. DE CONTROL DO MEDIO MARIÑO	752,9	872,0	15,8
TOTAL	154.575,0	163.609,1	5,8

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transfer. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Persoal	23.191,2	24.555,9					23.191,2	24.555,9
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	4.111,2	4.081,2					4.111,2	4.081,2
Cap. IV Transferencias correntes	1.591,4	1.544,3					1.591,4	1.544,3
OPERACIÓNS CORRENTES	28.893,8	30.181,3					28.893,8	30.181,3
Cap. VI Investimentos reais	25.306,5	28.753,0					25.306,5	28.753,0
Cap. VII Transferencias de capital	99.698,5	103.998,7					99.698,5	103.998,7
Cap. VIII Activos financeiros	676,1	676,1					676,1	676,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL	125.681,1	133.427,8					125.681,1	133.427,8
TOTAL BRUTO	154.575,0	163.609,1						
TRANSFERENCIAS INTERNAS								
TOTAL CONSOLIDADO	154.575,0	163.609,1					154.575,0	163.609,1

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	9	9
<i>Persoal funcionario</i>	760	778
Grupo A	245	253
Grupo B	66	71
Grupo C	182	182
Grupo D	184	189
Grupo E	83	83
<i>Persoal laboral</i>	137	133
Grupo I	12	12
Grupo II	8	8
Grupo III	53	51
Grupo IV	29	28
Grupo V	35	34
<i>Outro persoal</i>	8	8
TOTAL	914	928

SECCIÓN 13.

***CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR
E RELACIÓNS LABORAIS.***

1. COMPETENCIAS

O Decreto 310/2001, do 17 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia establece, no seu artigo 10 a estrutura orgánica superior da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, posteriormente desenvolvida polo Decreto 147/2002, do 11 de abril, asignándolle as competencias e funcións en materia de xustiza, réxime local, colexios oficiais ou profesionais, policía autonómica, coordinación das policía locais, casinos, xogos e apostas, seguridade, asociacións, espectáculos públicos, política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde no traballo, e protección civil.

Os órganos superiores que integran a estrutura da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, son:

A Secretaría Xeral.

A Dirección Xeral de Xustiza.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais.

A Dirección Xeral de Interior e Protección Civil.

A Dirección Xeral de Administración Local.

En cada unha das provincias da Comunidade Autónoma existe unha delegación provincial da consellería, na que se integran os órganos e servicios de carácter territorial situados no seu ámbito.

Adscrito a esta consellería, como organismo autónomo, figura a Academia Galega de Seguridade; e como órganos colexiados os seguintes:

1. Comisión Superior para o Estudo e Desenvolvemento do Dereito Civil Galego.
2. Comisión de Xogo de Galicia.
3. Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia.
4. Consello Galego de Seguridade e Hixiene no Traballo.
5. Comisión Galega de Obxección de Conciencia.
6. Comisión de Coordinación das Policía Locais de Galicia.

7. Comisión Galega de Cooperación Local.
8. Comisión Galega de Delimitación Territorial.
9. Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta de Galicia.
10. Consello Rector da Academia Galega de Seguridade.
11. Comisión Galega de Protección Civil.

Adscrito á consellería está así mesmo o Consello Galego de Relacións Laborais, órgano de diálogo institucional entre sindicatos e organizacións empresariais, e, consultivo e asesor en materia de política laboral, creado pola Lei 7/1988, do 12 de xullo.

DA SECRETARÍA XERAL

Correspóndenlle con carácter xeral as competencias e funcións establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, a inspección de centros e organismos dependentes ou adscritos á consellería, as que lle atribúan a normativa en vigor, así como aquelas que lle sexan singular ou especialmente encomendadas por delegación do titular do departamento.

Pódense sinalar as seguintes:

1. A xestión do persoal adscrito á consellería.
2. A confección do borrador do anteproxecto de orzamentos da consellería e o seu seguimento e control.
3. A xestión dos expedientes de contratación administrativa.
4. Velar pola correcta implantación dos sistemas de informatización dentro da consellería e do sistema de xestión dos procedementos administrativos.
5. Coidar do correcto funcionamento do rexistro xeral da consellería e do arquivo.

DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Á Dirección Xeral de Xustiza correspóndelle a xestión e maila proposta de resolución dos asuntos transferidos e relacionados coas competencias que lle corresponden estatutariamente á Xunta de Galicia, en virtude dos Reais decretos de traspaso 2166/1994, do 4 de novembro, 2397/1996, do 22 de novembro e 233/1998, do 16 de febreiro;

asumidos polos decretos autonómicos, números 394/1994, do 29 de decembro, 438/1996, do 20 de decembro e 82/1998, de 5 de marzo, respectivamente.

1. Relacións co poder xudicial, *Ministerio de Justicia* e demais institucións relacionadas co ámbito xurisdiccional.
2. Xestión dos medios materiais dos órganos xudiciais na Comunidade Autónoma.
3. Proponer modificacións sobre demarcacións xudiciais.
4. Participación na fixación das demarcacións territoriais dos rexistros e notarías.
5. Tramitación dos expedientes de nomeamento de notarios e rexistradores.
6. Colexios profesionais.
7. Xestión do persoal ó servizo da Administración de xustiza, e a súa formación.
8. A promoción do uso do galego na Administración de xustiza, en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística.
9. Xestión da asistencia xurídica gratuíta.

DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES LABORAIS

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 29, apartado 1, establece que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades e servizos propios da Administración respecto das relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección do Estado.

Asemade, correspóndelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de entidades cooperativas, en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía, contando na actualidade cunha lei galega de cooperativas, Lei 5/1998, do 18 de decembro.

Igualmente correspóndelle executar aquelas funcións impostas á Administración relativas a outras formas de economía social e reguladas pola súa específica normativa.

A Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais regulada polo Decreto 147/2002, do 11 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ó que lle corresponde levar a cabo, entre outras, as competencias e funcións en materia de política laboral, seguridade e saúde laboral no traballo, cooperativas e empresas de economía social, sen prexuízo das competencias atribuídas á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude con respecto ó fomento do emprego a través das empresas de economía social, e doutras consellerías na materia de cooperativas.

As actividades levadas a cabo pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, e polos organismos periféricos dependentes funcionalmente deste centro directivo, quedan concretadas no marco competencial, atribuído en función da estrutura orgánica da consellería, no relativo ás competencias asumidas en materia de traballo, seguridade e saúde laboral, e cooperativas e outras entidades de economía social, en virtude dos reais decretos de traspasos de funcións e servizos e lei orgánica, nestas materias:

1. Materia de Traballo.

- A) Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, sobre consolidación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en fase preautonómica.
- B) Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo.
- C) Real decreto 2101/1984, do 10 de outubro, sobre valoración definitiva e ampliación de funcións e medios adscritos ós servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo.
- D) Real decreto 4104/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación, arbitraje e conciliación.
- E) Real decreto 666/1984, do 8 de febreiro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos ós servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación, arbitraje e conciliación.

- F) Real decreto 1928/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia da Unidade Administrativa do Fondo Nacional de Protección ó Traballo.
 - G) Real decreto 1999/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de expedientes de regulación de emprego.
2. Materia de cooperativas e economía social
- A) Real decreto 1456/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cualificación e rexistro administrativo de sociedades anónimas laborais.
 - B) Artigo 2 da Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencia exclusiva en materia de cooperativas e mutuas non integradas no sistema da Seguridade Social, respectando a lexislación mercantil, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía.
3. Materia de seguridade e saúde laboral
- A) Real decreto 2381/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de gabinetes de seguridade no traballo.
 - B) Real decreto 2969/1983, do 19 de outubro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos ós servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de gabinetes provinciais do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

DA DIRECCIÓN XERAL DE INTERIOR E PROTECCIÓN CIVIL

Á Dirección Xeral de Interior e Protección Civil correspóndelle a xestión e resolución dos asuntos transferidos e os relacionados coas competencias que lle corresponden estatutariamente á Xunta de Galicia nas seguintes materias:

1. En materia de xogo, asociacións e espectáculos públicos.

- A) Desenvolvemento da xestión administrativa correspondente coa tramitación dos expedientes nas devanditas materias, así como a execución das resolucións dictadas.
- B) Coordinación dos distintos servicios de inspección de xogo para o control de casinos, bingos, máquinas de xogo, etc.
- C) Tramitación dos expedientes de inscrición no Rexistro central das asociacións de tipo xeral, en coordinación con outros rexistros provinciais.
- D) Tramitación dos expedientes sancionadores en materia de espectáculos públicos.

2. En materia de seguridade.

Baixo a autoridade do Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, exerce a xefatura dos servicios de seguridade, en orden a:

- A) Planificación dos recursos humanos e materiais destinados á seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) Elaboración dos plans e proxectos de actuación operativa dos servicios policiais e de xestión e planificación adscritos á Dirección Xeral de Interior e Protección Civil.
- C) Elaboración de cantos informes e estudos requira e esixa o exercicio das competencias que lle corresponden á consellería en materia de prevención e seguridade.
- D) Coordinación das policía locais da Comunidade Autónoma e o seguimento da homoxeneización da normativa de coordinación das Policía Locais.
- E) Selección, formación e perfeccionamento do persoal adscrito ós servicios policiais da Xunta de Galicia.

3. En materia de protección civil.

- A) Xestiona-las competencias que en materia de protección civil ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) A elaboración dos plans de protección civil de competencia da Administración Autónoma de Galicia, a coordinación deles e, se é o caso, a súa dirección.
- C) A planificación, coordinación e xestión do Servicio Único de Emerxencias da Unión Europea en Galicia: 112SOS-GALICIA.
- D) O desenvolvemento das funcións encomendadas polo Consello de Seguridade Nuclear á Xunta de Galicia.

DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Dirección Xeral de Administración Local é o centro directivo encargado da xestión das competencias que nesta materia se atribúen á Comunidade Autónoma galega nas seguintes materias:

1. O desenvolvemento da Lei de Administración local de Galicia.
2. Participación nos programas formativos en materia de Administración local.
3. Relación coas corporacións locais.
4. O impulso do proceso de incorporación do galego na Administración local.
5. A planificación e coordinación dos plans e programas dos servicios contraincendios e salvamento local sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder á Dirección Xeral de Interior e Protección Civil no relativo á función operativa da protección civil, así como das atribuídas por lei ás administracións locais.

Para o desenvolvemento destas competencias, exercerá as seguintes funcións:

1. A execución daquelas materias relacionadas coa organización, bens, servicios, persoal e réxime xurídico das corporacións locais que lle correspondan á Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias que nestas materias lle poidan ser atribuídas a outras consellerías.
2. A proposición e xestión de programas conxuntos coas corporacións locais no ámbito propio das competencias que lle correspondan á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.
3. O fomento da normalización lingüística na Administración local.
4. Os estudos e proxectos de disposicións xerais en materia de Administración local.
5. A coordinación do control de legalidade dos actos e acordos das corporacións locais, as alteracións de termos municipais, as declaracións de urxente ocupación en materia de expropiación forzosa e outros relacionados como consecuencia das atribucións que nestas materias se establecen na Lei de administración local de Galicia.
6. Os estudos específicos derivados das competencias atribuídas na Lei de Administración local de Galicia, así como as funcións relacionadas coas convocatorias, seleccións e propostas de adxudicación de axudas e subvencións ás entidades locais que sexan competencia desta dirección xeral.

DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

O Consello Galego de Relacións Laborais é un órgano consultivo e asesor da nosa Comunidade Autónoma en materia de política laboral, regulado pola Lei 7/1988, do 12 de xullo, do que forman parte, con carácter paritario, as organizacións sindicais e empresariais de Galicia que cumpren cos requisitos de representatividade que a mencionada lei establece. De acordo coa devandita lei, as actuacións do consello estarán informadas, entre outros, polos principios de non interferencia na autonomía das partes e de neutralidade. Por conseguinte, a Administración non está representada no Consello, se ben existe unha presenza institucional a través do seu presidente, que é nomeado polo Presidente da Xunta.

O consello, ademais de ter que dictaminar preceptivamente tódolos proxectos normativos da Xunta sobre política laboral, confórmase como un lugar permanente para o diálogo entre os axentes sociais galegos, cara a consecución de acordos que permitan avanzar na solución dos problemas das relacións laborais.

Asemade, o Consello debe desenvolver un importante labor de estudo sobre temas variados da nosa realidade social e propicia-lo debate sobre os aspectos desa realidade que resulten de máis interese en cada momento, mediante a organización de seminarios e foros semellantes.

Ademais destas competencias asignadas pola súa lei de creación, o consello ten unha función máis, encomendada polos sindicatos e organizacións empresariais asinantes do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA): A xestión dos procedementos de conciliación, mediación e arbitraje nel contemplados.

O consello está adscrito á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, e o seu orzamento integrado no da citada consellería, o igual que o seu persoal.

Normativa de aplicación:

1. Lei 7/1988, do 12 de xullo, de creación do CGRL (DOG do 26 de xullo)
2. Resolución do 19 de maio de 1989, pola que se fan públicas as normas de funcionamento interno do CGRL (DOG do 20 de xuño)

3. Orde do 15 de setembro de 1999, sobre delegación de atribucións na Presidenta do CGRL (DOG do 20-09-99)
4. RPT do CGRL (DOG do 3 de xullo de 2000), Decreto 161/2000, do 29 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

2.1 DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL

1. No ámbito da Administración xeral, potenciarase o funcionamento interno da consellería coa finalidade de optimizar as accións que se levan a cabo ó servizo do administrado, potenciando o SXPA, e dando solucións eficaces e áxiles ás necesidades de funcionamento do servizo público.
2. A coordinación da xestión dos distintos servizos e órganos adscritos á consellería.
3. O apoio á xestión dos medios persoais e materiais da Administración de xustiza en Galicia.
4. O desenvolvemento das aplicacións estatísticas.
5. A xestión dos investimentos para proseguir coa execución do Plan de infraestruturas xudiciais.
6. Xestionar o mantemento das dependencias da consellería, así como dar resposta ás necesidades xeradas pola posta en funcionamento de novos espazos, tanto centrais coma periféricos.
7. Aqueles outros derivados da xestión dos recursos humanos e materiais, a contratación, e outros correspondentes ós servizos comúns desta consellería.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

1. Respecto da Administración de xustiza en Galicia:

- A) A planificación, programación e xestión correspondente dos seus medios materiais económicos.
- B) Contribución ó sostemento dos xulgados de paz.
- C) Colaboración co *Consejo General del Poder Judicial* na formación continua dos xuíces e maxistrados, e co *Centro de Estudios Jurídicos de la Administración de Justicia* na formación continuada de fiscais e secretarios.
- D) Colaboración coas universidades galegas na formación dos profesionais que actúan no eido da xustiza, con especial incidencia no estudo do dereito civil de Galicia.
- E) Xestión das indemnizacións polas actuacións de avogados e procuradores derivadas da asistencia xurídica gratuíta, en concreto a quenda de oficio e a asistencia letrada ó detido ou preso.
- F) Construcción de novos edificios xudiciais e, se é o caso, rehabilitación, reparación ou conservación dos xa existentes.
- G) Equipamentos e informatización dos órganos xurisdiccionais.
- H) Xestión da medicina forense mediante a dotación dos medios necesarios para o desenvolvemento do seu labor.
- I) Dotación de medios, humanos e materiais, para o desenvolvemento da nova Lei de axuízamento civil e a Lei de responsabilidade penal dos menores.
- J) Plan de mellora dos medios precisos, tanto humanos como materiais, para o funcionamento da Administración de xustiza.
- K) Formación continua do persoal ó servicio da Administración de xustiza.

2. En materia de colexios profesionais:

- A) Aprobación da constitución dos colexios e consellos galegos de colexios, en execución da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) Control de legalidade e aprobación dos estatutos dos consellos galegos e colexios únicos.
- C) Inscrición no Rexistro dos colexios profesionais.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

As actividades a desenvolver pola Dirección Xeral de Relacións Laborais e polos organismos periféricos dependentes funcionalmente deste centro directivo, véntense en torno a tres grupos de materias: as relacións laborais, en sentido estricto, a seguridade e saúde laboral no traballo, e, as formas empresariais integradas no concepto da denominada economía social.

1. En materia laboral son: as de execución da lexislación do Estado, non permitindo polo tanto, a adopción de medidas de carácter lexislativo, pero si unha actuación eficaz na materia, que contribúa a mellora-lo desenvolvemento económico e social de Galicia. As ditas accións proxectaranse en coordinación con outras consellerías con competencias nesta área funcional.
2. No eido da economía social as actuacións céntranse en medidas de carácter lexislativo e nos aspectos xurídico-administrativos así como na realización de accións de divulgación e promoción destas formas de estrutura empresarial.
3. En canto á seguridade e saúde laboral no traballo, as políticas que teñen como obxectivo final a mellora da calidade de vida dos traballadores a través da mellora das condicións de traballo, buscando os máis altos niveis de protección e coordinando a aplicación da maneira máis eficaz e coherente das normativas estatais e europea.

DIRECCIÓN XERAL DE INTERIOR E PROTECCIÓN CIVIL

1. Sobre xogo, asociacións e espectáculos públicos.

Obxectivos:

- A) Actualización da normativa do xogo.
- B) Potenciación da informatización do Servicio de Xogo que fará posible a mellor protección dos dereitos dos xogadores e facilitará o control da Administración.
- C) Potenciación da función inspectora do xogo en beneficio dos consumidores e da mellor xestión das taxas.
- D) Coordinación dos servicios de xogo das catro provincias cos servicios centrais.

- E) Mellora-la xestión para axeitara as crecentes demandas do asociacionismo e á nova Lei de asociacións.
- F) Logra-la maior eficacia no ámbito dos espectáculos públicos mediante a oportuna regulación.

Liñas de acción:

- A) Publicación dunha orde pola que se establecen os novos modelos normalizados de solicitudes de autorizacións, actas e libros en desenvolvemento do novo Regulamento do bingo.
- B) Elaboración e publicación da Orde pola que se establece o procedemento de homologación dos modelos das máquinas de xogo tipo “A especial”, segundo o previsto na Lei 3/2002 que modifica a Lei 14/1985, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.
- C) Elaboración do proxecto para regula-lo xogo por internet, en colaboración coa Comisión Sectorial do Xogo e coas outras comunidades autónomas.
- D) Introducción dos novos programas informáticos para control da materia de xogo.
- E) Adquisición dos aparellos axeitados para a xestión eficaz.
- F) Mellora en medios móbiles que permitan unha maior produtividade, con substitución de vehículos con máis de dez anos.
- G) Dotación de medios para o control das máquinas de xogo.
- H) Reunións periódicas cos xefes de servizo.
- I) Reunións periódicas cos inspectores.
- J) Elaboración do proxecto para unha Lei de espectáculos e establecementos públicos en Galicia, para actualizar e completa-la dispersa normativa vixente.
- K) Elaboración dun decreto para estende-lo prazo de resolución dos expedientes sancionadores en materia de espectáculos públicos ata 5 meses, ante a imposibilidade de tramita-los no prazo dun mes, como esixe o procedemento simplificado en vigor.
- L) Creación dunha base de datos en materia de expedientes sancionadores de espectáculos públicos da competencia desta dirección xeral.

M) Cooperación na loita antirruídos coas outras institucións con competencia na materia (Consellerías de Medio Ambiente, Familia e concellos). Neste sentido adecuarase a regulación de horarios para a apertura e peche de establecementos públicos, compatibilizando o dereito ó ocio co dereito ó descanso.

2. Sobre seguridade.

Obxectivos:

- A) Mantemento da colaboración co Ministerio do Interior no marco do convenio suscrito de adscrición dunha unidade do Corpo Nacional de Policía á Xunta de Galicia.
- B) Potenciación e despregue da Unidade de Policía co aumento de persoal, medios informáticos e comunicacións, para satisfacer as demandas da sociedade galega nas funcións que ten asumidas a Xunta de Galicia.
- C) Ampliación e avance nos campos competenciais de Policía Xudicial (patrimonio histórico cultural, auxilio das vítimas da violencia intrafamiliar) e de Policía Administrativa (inspección das actividades sometidas á disciplina e control das diversas consellerías).
- D) Colaboración cos corpos e forzas de seguridade do Estado na obtención de información recíproca necesaria para o cumprimento das funcións encomendadas en materia de protección e seguridade, tanto en servizos estáticos en edificios como dinámicos en protección de autoridades.
- E) Actualización da normativa en materia de coordinación de policía locais.

Liñas de acción:

- A) Cumpri-lo acordo establecido co Ministerio de Interior nos seguintes temas:
 - a) Ampliación dos membros da Unidade Adscrita ata cincocentos funcionarios.
 - b) Dotacións na Unidade de Policía de novas aplicacións das bases de datos informáticas da Dirección Xeral da Policía.
 - c) Autorización e asistencia técnica para a integración coas demais forzas e corpos de seguridade do Estado no Sirdee (sistema reservado de comunicacións dixitais do Estado)
- B) Continuar co despregue policial unha vez producido o aumento de persoal, coa apertura de novas sedes, baseándose nos estudos realizados sobre a súa ubicación.

- C) Elaboración dos necesarios dispositivos de seguridade, tanto para os edificios institucionais da Xunta de Galicia, como para a protección dinámica das autoridades da Xunta e a dotación dos medios técnicos necesarios para levar a efecto eficazmente os devanditos cometidos.
- D) Tramitación da modificación do Decreto 204/2000, sobre normativa en rexistro de policía locais.
- E) Elaboración dunha nova Lei de coordinación de policía locais de Galicia

3. Sobre protección civil.

Obxectivos:

- A) Potenciación do Sistema galego de protección civil, con especial incidencia na protección civil municipal.
- B) Prevención: Implantación de plans de protección civil de ámbito autonómico, aprobados e homologados.
- C) Planificación: Fomenta-la realización de plans de protección civil municipais, e de autoprotección. Realización de novos plans de emerxencia exterior (PEE) dos novos establecementos afectados pola Directiva Seveso II.
- D) Coordinación e xestión das emerxencias de protección civil.
- E) Atención das chamadas de urxencias e emerxencias a través do Servicio de emerxencias 112- SOS-Galicia.
- F) Coordinación e colaboración con outras administracións públicas e institucións en materia de protección civil.
- G) Cumprimento da Encomenda de funcións en materia de inspección de instalacións radiolóxicas.

Liñas de acción:

- A) Planificación en protección civil.
 - a) Fomento e cooperación coas autoridades municipais na elaboración e redacción dos plans de emerxencia municipais de protección civil (PEMU's) e plans de actuación municipal (P.A.M.) polas autoridades locais.

- b) Plans especiais de emerxencia exterior (prevención de accidentes industriais principalmente no sector químico: “Directiva Seveso II”, normativa Española: RD1254/99; e normativa de Galicia. Implantación e información á poboación dos plans de emerxencia exterior, aprobados e homologados. Redacción e elaboración de novos plans de emerxencia exterior.
 - c) Plan Sapruga (Prevención e Salvamento en Praias de Galicia). Dotación de medios de salvamento ós concellos.
 - d) Plan Nega (Plan de Nevaradas en Galicia). Dotación ós Concellos de Galicia de equipos de limpeza de neve.
 - e) Plan especial de risco sísmico en Galicia. Unha vez publicada a nova norma sismorresistente do Estado español, inician as fases de estudos de vulnerabilidade e de análise de consecuencias.
 - f) Plans de autoprotección. Establecementos, instalación e centros que deben realizar plans de autoprotección, conforme á normativa. Especial atención ós centros escolares: o seu seguimento e a súa difusión e información nos centros do ensino de Galicia, en coordinación e colaboración coas autoridades escolares de Galicia.
 - g) Plan de inspección de instalacións radioactivas e raios X de Galicia.
- B) Fomento e promoción do servizo de protección civil nos concellos de Galicia.
- a) Dotación ós concellos galegos de medios e equipos en materia de protección civil: vehículos especialmente preparados para misións de protección civil; material de intervención e de salvamento; equipos de comunicación.
 - b) Formación do persoal tanto voluntariado como profesional que participa en tarefas de protección civil, en colaboración coa Academia Galega de Seguridade.
 - c) Promoción do voluntariado de protección civil a través das agrupacións de voluntarios de protección civil: subvencións ás agrupacións de voluntarios.
- C) Servizo de emerxencias de Galicia un, un, dous (112-SOS-Galicia).
- a) Medios aéreos extraordinarios para emerxencias: dous helicópteros polivalentes de altas prestacións, adscritos ó Servizo 112-SOS-Galicia altamente medicalizados en orixe.

- b) Servicio de Operación da Central de Emerxencias 112-SOS-Galicia, para a recepción e atención de chamadas de emerxencias. Xestión diaria da central.
 - c) Atención diaria de urxencias e emerxencias as 24 horas , os 365 días do ano, en materia de incendios, seguridade, sanidade e protección civil.
 - d) Dotación e equipamento da nova Central de Emerxencias 112-SOS- Galicia, dispoñendo dun novo centro redundante , para garanti-lo funcionamento permanente no suposto de que quede inoperativo un deles.
 - e) Mantemento e actualización de estruturas, equipos e programas de información da Central de Emerxencias 112-SOS-Galicia.
 - f) Revisión, actualización, e engadir novos, no seu caso, protocolos e procedementos de actualización do catálogo de medios e recursos, na Central de Emerxencias 112-SOS-Galicia , e nos seus centros asociados.
 - g) Xestión das emerxencias derivadas da activación de plans de protección civil de ámbito provincial e/ou autonómico.
 - h) Dotación e mantemento de equipos e sistemas de información da Central de Emerxencias 112-SOS-Galicia. Adquisición de novos equipos adaptándose ó progreso tecnolóxico.
 - i) Continuar incrementando os centros remotos asociados á central de Emerxencia 112-SOS-Galicia, en tódolos servicios da Comunidade Autónoma que xestionen peticións de urxencias e emerxencias.
- D) Estudios e convenios en materia de protección civil.
- a) Realización de acordos de colaboración en materia de protección civil, con entidades públicas e organismos privados.
 - b) Realización dun programa de sensibilización na poboación galega do Servicio de Emerxencias un, un, dous (112-SOS-Galicia), a través do número de urxencias da Unión Europea 112.
 - c) Realización de estudos técnicos en materia de protección civil, fundamentalmente na prevención e información á poboación de riscos asociados con accidentes derivados de actividades industriais no sector químico.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

1. Establecer, sempre dentro do marco básico estatal, un réxime normativo propio para a administración local galega, efectuando as adaptacións e propostas (tanto a nivel legislativo como regulamentario) que reflicten as peculiaridades e características propias das nosas entidades locais.
2. Impulsa-la implantación das novas tecnoloxías na administración local, reforzando os medios informáticos dispoñibles e implantando a tramitación electrónica como medio habitual de relación entre a Xunta e os concellos.
3. Coordina-la formación no eido da administración local en toda Galicia, a través do Centro de Estudos Locais que asegure unha oferta formativa racional e axeitada no conxunto das administracións.
4. Manter unha relación permanente coa representación das entidades locais, que permita efectuar propostas no marco negociador do Pacto Local.
5. Potencia-lo asociacionismo municipal, como fórmula idónea para a prestación de moitos servicios de carácter local.
6. Estende-la cobertura dos servicios contraincendios e salvamento, a través da colaboración financeira coas deputacións e da optimización dos recursos dispoñibles.
7. Continuar coa liña de axudas e subvencións ás entidades locais de Galicia, que dende esta dirección xeral se veñen desenvolvendo co fin de cooperar no funcionamento e investimentos das corporacións locais.

CONSELLO GALEGO DE RELACIONES LABORAIS

1. Servir de foro de encontro e debate dos axentes sociais galegos, fundamentalmente, fomentando e activando a racionalización da negociación colectiva.
2. Emisión de dictames sobre a normativa que en materias de política sociolaboral emite a Administración autonómica
3. Xestión e promoción da solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo e camiñar cara á asunción dos conflitos individuais.

4. Incentiva-lo debate na sociedade galega sobre os distintos aspectos de interese da realidade laboral a través de xornadas informativas, seminarios e cursos.
5. Elaboración e publicación de informes e traballos técnicos sobre o mundo das relacións laborais, en temas de especial relevancia como a situación socioeconómica, a doutrina xurisprudencial ou a negociación colectiva.
6. É prioridade de cara o ano 2003 a posta en marcha do proceso parlamentario de debate e aprobación de cara á modificación da Lei 7/1988, do 12 de xullo, creadora deste organismo, coa finalidade de convertelo nun organismo autónomo e adapta-lo referido texto lexislativo ó seu funcionamento de facto, en aspectos tan importantes como a composición da Permanente, a desaparición da figura de vicepresidente/a, etc.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE

1. A realización dos cursos que se establezan para o ingreso e a promoción interna nas distintas escalas dos corpos de Policía autónoma e de policía locais.
2. Imparti-los cursos de formación e perfeccionamento permanente, así como os de especialización, para tódalas categorías ou tódolos postos de Policía autónoma e de policía locais.
3. Investigar, estudar e divulgar materias e documentación relativas á Policía e seguridade cidadá, tendentes a facilitarlles ós concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policía locais. Para tales efectos estableceranse as relacións de colaboración correspondentes entre a Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia e a Academia Galega de Seguridade.
4. Promove-la celebración de convenios de colaboración e intercambio de experiencias docentes e investigadores con organismos semellantes de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
5. Imparti-los cursos de formación que se establezan para os membros dos corpos de bombeiros daqueles concellos cos que se formalice o correspondente convenio de colaboración.

6. Emitir informe á Xunta de Galicia nos procesos de selección da Policía autonómica e máis ós concellos que o soliciten nos procesos de selección das policía locais.
7. Organizar, na propia sede da academia ou en colaboración cos concellos ou coas deputacións, cursos de preparación e formación de corpos de funcionarios ou voluntariado para as tarefas de extinción e prevención de incendios e protección civil.
8. Calquera outra función que se lle asigne regulamentariamente.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 123C. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

1. Descrición.

O programa na súa concreción ven a soporta-lo funcionamento dos servicios centrais e periféricos da consellería.

Trátase dunha actuación que como eixe coordinador e de control dos servicios administrativos, aporta os medios persoais, materiais e de organización para unha mellor prestación dos servicios de carácter xeral e das propias competencias, sendo así o soporte básico para a execución deste e do resto dos programas da consellería.

2. Actividades.

1. A xestión económica e orzamentaria dos gastos de persoal e habilitación, contemplados no programa.
2. O control orzamentario de tódolos programas adscritos á consellería, facendo as instrucións precisas para axetalos cos seus contidos.

3. A tramitación de investimentos novos asociados ó funcionamento dos servizos, ós relacionados coa Administración de xustiza.
4. Xestiona-lo mantemento das dependencias da consellería, así como dar resposta ás necesidades xeradas pola posta en funcionamento de novos espazos, tanto centrais como periféricos.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 441A. PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA

1. Descrición.

Mediante o desenvolvemento deste programa, e no marco do Plan galego de estatística, trátase de ordenar e planifica-la actividade estatística da consellería, a través da elaboración de operacións estatísticas naquelas materias con potencialidade de xerar esta actividade.

2. Actividades.

As principais operacións estatísticas a desenvolver durante o ano 2003 son:

1. Folgas e peches patronais.
2. Regulación de emprego.
3. Conciliacións individuais e colectivas.
4. Sancións e demais actuacións públicas en materia laboral.
5. Sinistrabilidade laboral.
6. Eleccións sindicais.
7. Economía social.
8. Directorio de centros de traballo.
9. Estudo da asistencia xurídica gratuíta.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 123A. XUSTIZA E ADMINISTRACIÓN LOCAL

1. Descrición.

O presente programa está concibido para garanti-lo exercicio das competencias en materia de provisión de medios materiais e persoais para o funcionamento da Administración de xustiza, a dotación das infraestructuras precisas para o funcionamento dos xulgados e tribunais, así como das fiscalías provinciais e as súas adscricións, con especial atención ó gasto corrente deste órganos xudiciais así como á implantación e mellora dos seus medios e aplicacións informáticas.

2. Actividades.

1. Dotación do persoal preciso para os novos órganos xurisdiccionais.
2. Continuación, entre o persoal ó servizo da Administración de xustiza, do Plan para a mellora do servizo público da xustiza.
3. Implantación de novas aplicacións informáticas no eido da Administración de xustiza, mellora nos equipos audiovisuais das salas de vistas de xulgados e tribunais, así como dota-los órganos xudiciais dos medios materiais indispensables para garanti-lo seu normal funcionamento, tal como equipamento, material bibliográfico e obras.
4. Apoio á Medicina legal, mediante a dotación dos medios necesarios para o desenvolvemento do seu labor.
5. Subvencionar ás institucións galegas, incluídas as universidades, que colaboren coa Administración de xustiza, así como colaborar co Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) e o Centro de Estudos Xurídicos da Administración de Xustiza (CEXAX) na formación dos xuíces e maxistrados, fiscais e secretarios xudiciais.
6. Garanti-la obriga legal de asistencia xurídica gratuíta.
7. Rehabilitación ou construción de infraestructuras xudiciais.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Xustiza.

PROGRAMA 123B. PERSOAL Ó SERVICIO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

1. Descrición.

Programa habilitado para o pagamento das nóminas dos funcionarios dos corpos nacionais ó servizo da Administración de xustiza (oficiais, auxiliares, axentes e médicos forenses), así como a formación e as axudas por acción social deste persoal funcionario traspasado á Comunidade Autónoma de Galicia por Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro.

2. Actividades.

1. Pagamento das nóminas.
2. Pagamento das axudas do Fondo de acción social destinados ó devandito persoal funcionario ó servizo da Administración de xustiza.
3. Pagamento dos cursos do Plan de formación anual destinado ó devandito persoal funcionario.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Xustiza.

PROGRAMA 353E. FOMENTO DA LINGUA GALEGA

1. Descrición.

Fomenta-lo uso da lingua galega na Administración de xustiza en cumprimento do establecido no artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia e no artigo 2 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

2. Actividades.

1. Organización de cursos de linguaxe xurídica galega para o persoal ó servizo da Administración de xustiza.
2. Elaboración de publicacións que se consideren precisas para a súa difusión na devandita Administración.

3. Impulsar mediante campañas de difusión e sensibilización o uso progresivo do galego na Administración de xustiza.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Xustiza.

PROGRAMA 214A. ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS

1. Descrición.

O contido deste programa de gasto é fundamentalmente o seguinte:

1. Apoia-la promoción e divulgación do cooperativismo e outras formas de economía social, a través de programas de fomento dirixidos a cooperativas, sociedades laborais e ás súas estruturas representativas, como formas de desenvolvemento da política económica e social.
2. Fomenta-la economía social na Comunidade Autónoma de Galicia a través de accións de formación e divulgación do cooperativismo como formas de empresa.
3. Potencia-la mellora da política laboral a través de accións de apoio a empresas en crise ou en procesos de reestructuración non suxeitas a plans de reconversión e con proxectos de viabilidade no mercado.
4. Apoia-la actuación das centrais sindicais con implantación na Comunidade Autónoma.
5. Levar a cabo actuacións puntuais en materia de traballo e relacións laborais.

2. Actividades.

1. Apoia-la promoción das empresas de economía social, mediante a concesión de axudas, de pagamento único, a cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais, pola incorporación de socios traballadores desempregados como consecuencia da afectación dalgunha das causas previstas nos artigos 50, 51 e 52 b) e c) do Estatuto dos traballadores ou que procedan de empresas inmersas nalgún outro proceso de reestructuración ou reconversión, así como do peche da empresa de procedencia polas causas previstas no artigo 49.1.g), do citado texto estatutario.

2. Axudas ó financiamento dos gastos derivados da súa constitución ou modificación estatutarias de cooperativas para a súa viabilidade ou adaptación á Lei de cooperativas de Galicia.
3. Axudas ó fomento e á consolidación das estruturas representativas da economía social, subvencionando os seus gastos de funcionamento.
4. Fomento do cooperativismo a través de axudas a actividades de formación e promoción específicas.
5. Apoia-lo proceso de incorporación de asalariados de sociedades cooperativas á condición de socios traballadores nas cooperativas de traballo asociado.
6. Fomenta-la economía social na Comunidade Autónoma de Galicia a través de accións de formación e divulgación do cooperativismo e outras entidades de economía social como formas de empresa. Preténdese potenciar esta formación de maneira que incida naquelas materias que sexan máis necesarias e demandadas polas empresas de economía social, achegando o máis posible a acción de formación alí onde resulte máis necesaria, prestando especial interese naqueles sectores económicos emerxentes.
7. Impulsa-lo sector cooperativo mediante a confección dun Libro Blanco que terá como obxectivo fundamental a elaboración dun Plan estratéxico para o conxunto do cooperativismo galego.
8. Continuar coa execución de diversas accións do proxecto comunitario “Espadelada: A xestión do cambio nas cooperativas do ámbito rural de Galicia e o seu entorno socioeconómico”, aprobado dentro da iniciativa comunitaria EQUAL, tales como a creación dun portal cooperativo e de gabinetes de asesoramento e orientación de proxectos, ascendendo o orzamento total do proxecto comunitario a 2.322.384,09 euros.
9. No marco destas actividades incardínase o funcionamento do Consello Galego de Cooperativas, en cumprimento do mandato establecido na Lei de cooperativas de Galicia, que ven desenvolto polo Decreto 25/2001, do 10 de xaneiro, precisando executar todas aquelas funcións que lle encomenden estas normas.
10. Levar a cabo todo o necesario para poñer en práctica o previsto no Regulamento do rexistro de cooperativas.
11. Contribuír á mellora da política laboral mediante accións dirixidas a empresas en crise ou afectadas por procesos de reestructuración, a través de axudas ou subvencións

á xubilación previa á ordinaria no sistema da Seguridade Social, complementándose con outras axudas dirixidas á reestructuración, derivadas de excedentes de cadros de persoal, en aras a mante-la súa permanencia e viabilidade no mercado de traballo.

12. Apoiar mediante axudas extraordinarias complementarias das axudas previas á xubilación ordinaria no Sistema da Seguridade Social, xubilacións de traballadores de empresas do sector naval en concepto de axuda laboral.
13. Apoia-la actuación das centrais sindicais con implantación na Comunidade Autónoma de Galicia, a través de axudas e subvencións para as seguintes finalidades:
 - A) Desenvolvemento das súas actividades e o seu mellor funcionamento.
 - B) Formación sindical a través dos gabinetes técnicos de formación e de plans de formación de cadros e de delegados sindicais, nos sindicatos máis representativos a nivel da Comunidade Autónoma.
 - C) Creación e mantemento de gabinetes técnicos de asesoramento en materia de economía social.
14. Servir de base orzamentaria para imputación de gastos derivados do normal funcionamento dos servizos administrativos da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Subdirección Xeral de Traballo.

Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social.

PROGRAMA 214B. SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO

1. Descrición.

O contido do programa de gasto 214B é fundamentalmente o seguinte:

1. Fomenta-la elaboración e implantación de plans de prevención de riscos laborais especialmente nas pequenas e medianas empresas e en sectores de alto risco, mediante axudas para a prevención de riscos laborais.

2. Dar resposta á necesaria formación básica de empresarios que asumen persoalmente a xestión da prevención, de traballadores designados a tal fin, e de delegados de prevención e membros dos comités de seguridade e saúde, para así lograr unha capacitación mínima de tódolos postos de traballo que redunde na necesaria redución da sinistrabilidade laboral.
3. Desenvolve-las actuacións en materia de seguridade e saúde laboral que como autoridade laboral en Galicia ten atribuídas ó abeiro do artigo 7 da Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais relativas ó desenvolvemento das accións necesarias para mellora-las condicións de traballo en materia de prevención de riscos laborais.
4. Realización das inversións máis urxentes cara á modernización e actualización dos recursos e dispositivos preventivos en seguridade e saúde laboral a nivel periférico e central (adquisición e renovación de maquinaria, material de transporte, equipos para procesos de información e mobiliario).
5. Financia-los programas de actuación e os gastos correntes dos catro centros provinciais de seguridade e saúde laboral.

2. Actividades.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais ten previsto executa-lo programa de gasto desenvolvendo as seguintes actividades:

1. Fomenta-la elaboración e implantación de plans de prevención en sectores de alto risco, mediante axudas para a prevención de riscos laborais, dirixidas especialmente ás pequenas e medianas empresas e ós sectores de alto risco, na procura do cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, orientada a garantir-la seguridade e a saúde dos traballadores no seu traballo.
2. Apoia-la formación, asesoramento e orientación en materia de saúde laboral, mediante o desenvolvemento dun programa de formación que permita ós empresarios e traballadores galegos contar coa formación de nivel básico que capacite para o desenvolvemento das funcións establecidas no artigo 34 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se regulan os servizos de prevención.

3. Fomenta-la realización de accións de promoción, asistencia e cooperación técnica, información, divulgación, formación e investigación en materia preventiva no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia cara ó cumprimento por tódolos actores implicados da normativa de prevención de riscos laborais e, deste xeito, lograr unha diminución substancial das taxas de sinistrabilidade laboral tanto no seu número como na súa gravidade e consecuencias.

Para o ano 2003, levaranse a cabo as seguintes accións:

1. Accións de sensibilización e divulgación da prevención:
 - A) Impulsa-la realización de campañas publicitarias.
 - B) Estudio e posta en marcha de premios á prevención, con especial incidencia os relacionados con actuacións de investigación e aplicación de novas tecnoloxías.
 - C) Creación dun portal preventivo na rede.
 - D) Fomento da implantación de normas e criterios en convenios colectivos, que potencien a aplicación de condicións favorables á seguridade e saúde laboral e á non discriminación en xeral, e especificamente en función do xénero.
 - E) Publicación e distribución de monografías sobre prevención de riscos laborais.
2. Accións de formación e información en materia de prevención de riscos laborais:
 - A) Fomenta-la realización de convenios de colaboración para accións formativas en materia de prevención de riscos laborais, así como a organización de xornadas técnicas.
 - B) Posta en marcha dun programa de actividades de formación.
 - C) Programa de formación preventiva específica para directores e xerentes de empresas con menos de 50 traballadores.
3. Accións de promoción e asistencia técnica cara ó cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais:
 - A) Continuidade dos plans de choque contra a sinistrabilidade laboral como accións específicas sobre as empresas que acumulan elevados índices de sinistrabilidade respecto ó seu sector económico de actividade.
 - B) Continuidade do Plan galego de prevención de riscos laborais para o sector pesqueiro.

- C) Implantación dunha campaña de control integral do sistema preventivo actuando sobre os servicios de prevención propios, mancomunados e alleos ás empresas.
- D) Continuidade do programa de actuación nos sectores de canteiras e lousas para coñecer e palia-los efectos da silicose.
- E) Promove-la elaboración de estudos e investigacións en seguridade e saúde laboral.
- F) Consolidación do programa de presentación de partes de accidentes de traballo e enfermidades profesionais mediante transmisión electrónica.
- G) Promoción da prevención nos sectores considerados de alto risco, así como a xestión mancomunada dos recursos relativos á prevención de riscos laborais.
- H) Continuidade do programa de promoción do cumprimento das obrigas establecidas no Real decreto 1627/1997 sobre seguridade nas obras de construción.

3. Organos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Subdirección Xeral de Seguridade e Saúde Laboral.

Centros provinciais de Seguridade e Saúde Laboral.

PROGRAMA 231A. PROTECCIÓN CIVIL

1. Descrición.

1. Consolida-lo sistema organizativo e funcional das actuacións e intervencións de protección civil fronte ás emerxencias, levando a cabo medidas preventivas e de intervención nas situacións de riscos, e, se e o caso, coordinar e establecer medidas de rehabilitación.
2. Potencia-lo sistema galego de protección civil, con especial incidencia no nivel municipal.
3. Xestión do Servicio de Emerxencias 112-SOS-Galicia, e do servicio de helicópteros polivalentes 112- SOS-Galicia.

4. Elaboración de acordos de colaboración coas organizacións públicas e privadas en materia de protección civil, e estudos técnicos relacionados directamente coa planificación de protección civil.

2. Actividades.

1. Dotación de medios e recursos específicos para reduci-los riscos e facer fronte ás distintas situacións de emerxencia.
2. Fomenta-los plans de protección civil de ámbito municipal: plans de emerxencia municipal (Pemu's), e Plan de actuación municipal (Pam's).
3. Implantación dos plans de protección civil de ámbito autonómico xa elaborados, homologados e elaborados.
4. Dotación de equipamento, de material de intervención, e de material de transporte ós concellos de Galicia.
5. Dotación de medios de comunicación.
6. Formación específica do persoal dependente de protección civil con especial atención ó voluntariado de protección civil.
7. Elaboración dos mapas de riscos municipais.
8. Autoprotección cidadá. Fomenta-la elaboración de plans de autoprotección en Galicia, con especial atención os de autoprotección de centros escolares.
9. Xestión e atención diaria do Servicio de Emerxencias 112-SOS-Galicia. Mantemento dunha plataforma tecnolóxica adaptada para a recepción e atención de chamadas que se realicen a través do número telefónico gratuíto implantado na Unión Europea 112.
10. Dotación de medios aéreos extraordinarios de atención en urxencias: dous helicópteros polivalentes do servicio 112-Galicia, altamente medicalizados en orixe.
11. Dotación de recursos humanos: operadores da Central de Emerxencias 112-SOS-Galicia.
12. Adquisición de equipos e sistemas de información e comunicación para a Central 112-SOS-Galicia, e centros remotos asociadas a central para a xestión de emerxencias.
13. Mantemento, actualización dos medios e recursos actuais dos que dispón a central de Emerxencias 112- SOS- GALICIA.

14. Dotación de medios e recursos na nova Central de Emerxencias 112- SOS-GALICIA.
15. Elaboración e asinamento de acordos en materia de protección civil.
16. Realización de estudos específicos de risco do sector industrial con especial incidencia do químico, en instalacións industriais de Galicia, afectado pola normativa vixente nesta materia.
17. Realización de programa de sensibilización á poboación para coñecemento do Servicio de Emerxencias 112-Galicia.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Interior e Protección Civil.

Subdirección Xeral de Protección Civil.

PROGRAMA 232A. SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

1. Descrición.

1. Desenvolver e dar cumprimento ós acordos asinados co Ministerio de Interior para a ampliación de persoal da Unidade Adscrita, así como dos medios informáticos e sistemas de comunicación (Sirdee).
2. Despregada a Unidade de policía adscrita na Xefatura de Santiago, e nas sedes provinciais e Local de Vigo, e coa previsión de incrementa-los efectivos en materia de persoal ata acadalo número de 500, oriéntase a concepción deste orzamento en orde a dota-los aspectos orgánicos, operativos e infraestructurais necesarios para continuar coa apertura de novas sedes, para unha maior calidade e operatividade, respondendo con eficacia ós criterios xerais de xustiza e seguridade.
3. Proseguir cos cursos necesarios de formación continuada e de especialización nas funcións da Unidade de Policía Adscrita, así como dotala do material necesario para levar a efecto as súas funcións con maior eficacia, estandarizando os procedementos, sobre todo no campo administrativo.

4. Dar cumprimento ó disposto na Lei de coordinación de policía locais, sobre as convocatorias da Comisión de Coordinación co fin de realiza-los traballos necesarios e emiti-los informes sobre os proxectos de disposicións xerais que en materia de policía local sexan necesarios para actualiza-la coordinación destas.
5. Xestión administrativa nas materias de xogo, coa coordinación do servicios da inspección de xogo, así como xestión na materia de asociacións e espectáculos públicos.

2. Actividades.

1. A inspección das actividades sometidas á ordenación e disciplina da Comunidade Autónoma, denunciando toda actividade ilícita, en materia de policía xudicial e administrativa.
2. Vixilancia e control de edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servicios, así como servicio de protección dinámica ás autoridades do goberno da Xunta de Galicia.
3. Xestión e atención na sala de operacións en Santiago, durante as 24 horas, de consultas informáticas á base de datos da DGP, polos distintos servicios policiais, incidencias producidas, e atención ás demandas desde a Central de Emerxencias 112 en competencias propias.
4. Ampliación de sistemas informáticos conxuntos coa Dirección Xeral da Policía.
5. Substitución e adquisición de novos vehículos policiais en previsión do aumento de persoal e dotación de equipos informáticos.
6. A colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado no cumprimento das misións que lles corresponden.
7. Tramitación dos expedientes de autorización das empresas operadoras de xogo coa inscrición no rexistro correspondente.
8. Control do funcionamento dos operadores de xogo.
9. Tramitación de expedientes sancionadores por infraccións na materia.
10. Xestión dos expedientes para a inscrición das asociacións do rexistro central.
11. Recompilación de datos estatísticos e elaboración de estudos e informes nas anteriores materias.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Interior e Protección Civil.

Subdirección Xeral de Seguridade e Réxime Interior.

PROGRAMA 123A. XUSTIZA E ADMINISTRACIÓN LOCAL

1. Descrición.

Cooperación coas entidades locais na prestación de servizos da súa competencia que revistan unha especial relevancia.

2. Actividades.

1. Colaboración entre a Dirección Xeral e entidades públicas sen ánimo de lucro, instrumentadas a través de convenios de colaboración en materia de administración local.
2. Contratación de auxiliares de policía local, co fin de reforza-los cadros de persoal daqueles concellos que ven incrementada a súa poboación nos meses de verán, e que os seus medios propios son insuficientes para atende-las necesidades da poboación que acumula nesas temporadas.
3. Elaboración de estudos e adopción de medidas de fomento de cara á creación de novos entes asociativos supramunicipais e reforzamento dos xa existentes, propiciándose con estas axudas a creación e consolidación de varias mancomunidades e consorcios na nosa Comunidade Autónoma.
4. Aportacións que debe realiza-la Xunta de Galicia como parte integrante dos consorcios contraincendios e salvamento.
5. Aportacións que debe realiza-la Xunta de Galicia como parte integrante dos consorcios contraincendios e salvamento, e que deben ser postos en funcionamento este ano de forma ineludible.
6. Fomento das relacións de cooperación coa Administración local, singularmente na emisión de informes relativos a esta materia. A dita aportación da Xunta de Galicia servirá para financia-la estrutura de medios técnicos e materiais necesarios para o funcionamento desta asociación.

7. Nesta partida contéplase, tamén, a aportación da dirección xeral no financiamento dos grupos municipais estables dos concellos galegos, dos que dependen os Grumir, a tenor do recollido no convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp.
8. Axudas destinadas a apoia-las accións levadas a cabo por parte das confederacións, federacións, coordinadoras ou agrupacións de asociacións de veciños de Galicia, potenciando as actividades e funcionamento delas.
9. Convocatoria de premios de iniciativa de mellora da calidade no ámbito da Administración local en Galicia, para actividades de mellora na calidade do servizo ofrecido ó cidadán.
10. Medidas de apoio á policía local de Galicia. Cesión en propiedade de vehículos (turismos, todoterreos e motocicletas) adecuadamente preparados ós concellos que contén con corpo de policía local.
11. Adquisición de equipos informáticos e aplicacións informáticas para as entidades locais, coa finalidade de posibilita-la tramitación informática dos expedientes administrativos do portal informático “eido local”.
12. Xestión das aplicacións e bases de datos necesarias para o mantemento do portal informático “eido local”.
13. Obras de construción e mellora das sedes das entidades locais. Preténdese financiar tanto as obras de construción e rehabilitación das sedes das entidades locais, como outros edificios públicos con incidencia local.
14. Obras e equipamentos locais por parte das entidades locais. Axudas económicas destinadas a subvencionar pequenas obras e equipamentos ós municipios galegos para a prestación dos servizos públicos previstos na Lei de Administración local de Galicia.
15. Atención dos compromisos económicos necesarios para a comarcalización do parque contraincendios de Santiago de Compostela, que comprende a participación da Xunta de Galicia nos custos de construción e equipamento das novas instalacións, así como da súa dotación de vehículos.

16. Axudas económicas destinadas a subvencionar as obras de rehabilitación e mellora de casas cuartel situadas en concellos galegos que se atopan especialmente deterioradas, e que, por outra banda, prestan un importante servizo á sociedade, xa que reforzan a seguridade dos concellos onde se atopan.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Administración Local.

PROGRAMA 811B. TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS

1. Descrición.

Aportación ós consorcios constituídos con diversas administracións locais, para construción e equipamento dos parques contraincendios e salvamento.

2. Actividades.

Construción e equipamento dos parques comarcais contraincendios e salvamento, enmarcados dentro do Plan galego de dotación de parques comarcais contraincendios, co obxectivo de dispoñer dun servizo de salvamento e contraincendios urbanos de ámbito comarcal.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Administración Local.

**PROGRAMA 353E. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA, INTERIOR
E RELACIÓNS LABORAIS**

1. Descrición.

Cooperación coas entidades locais galegas no fomento da normalización lingüística referida tanto á tramitación administrativa como ó coñecemento da lingua galega polos funcionarios locais e realización de campañas de concienciación e difusión dirixidas ós veciños do municipio.

2. Actividades.

1. Difusión e sensibilización do uso do galego na Administración local mediante campañas e publicacións. Edición e difusión de publicacións necesarias para o fomento do galego nas devanditas administracións.
2. Cursos de promoción do galego na Administración local. Organiza-los cursos de linguaxe administrativa galega para os cadros de persoal da Administración local de Galicia, tendo en conta que en cada concello se formará polo menos un funcionario como traductor en linguaxe administrativa galega.
3. Proxectos municipais de normalización lingüística e campañas de normalización. Impulsar, mediante campañas de difusión e sensibilización do uso progresivo do galego na administración local.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Administración Local.

PROGRAMA 214A. ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS

1. Descrición.

Con este programa orzamentario preténdese dar cobertura ós custos que xera o cumprimento dos obxectivos e liñas xerais de actuación anteriormente reflectidos como son:

1. Servir de foro de encontro e debate dos axentes sociais.
2. Emisión de dictames.
3. Xestión e promoción da solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo.
4. Incentiva-lo debate na sociedade galega sobre os distintos aspectos de interese da realidade laboral.
5. Elaboración e publicación de informes e traballos técnicos sobre o mundo das relacións laborais.

2. Actividades.

1. Celebración de Plenos e de Comisións Permanentes en canto fórmulas de actuación colexiada dos axentes sociais representados neste consello, así como de comisións ou grupos de traballo que aqueles decidan crear.

O Pleno está integrado por tódolos membros do consello, e ten as competencias de desenvolver tódalas funcións que a Lei de creación atribúe en particular ó consello e, así mesmo, a de aproba-las normas de funcionamento interno, ás que se refiren a súa forma de actuación, ás relativas ó réxime económico, a de fixa-lo número e composición das comisións de traballo que cree, ademais de aproba-la memoria anual sobre a actuación do consello e o informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma.

2. Emisión de dictames sobre os proxectos normativos de carácter laboral da Xunta de Galicia en cumprimento do establecido na súa norma creadora.
3. Xestión do Acordo interprofesional galego sobre procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo (AGA), coa pretensión de desenvolver unha actividade, eficacia e inmediatez na tramitación de procedementos de conciliación, mediación e arbitraje, que se veñen resolvendo cunha alta porcentaxe de eficacia.

Ademais dos custos ordinarios de xestión, o AGA leva aparellados os pagamentos ós conciliadores, mediadores e árbitros que interveñen nos conflitos, así como os custos de desprazamento do persoal do consello dedicado a esta función.

4. Negociacións e celebración de xornadas ou encontros coa finalidade de debater e analiza-las posibilidades de aborda-la solución extraxudicial dos conflitos individuais de traballo. Esta actividade necesita contar coa cobertura económica suficiente.
5. Promove-lo debate social en Galicia implica achegar á sociedade aqueles temas de actualidade e de primeira orde nas relacións laborais, que se pretende conseguir coa celebración do XI Encontro de relacións laborais, a celebración de convenios de colaboración coas universidade galegas (para organiza-lo XIV Curso superior de relacións laborais e os seminarios pertinentes na Coruña, Ferrol e Vigo), así como seminarios de formación para cadros empresariais e sindicais e talleres de mediación para os mediadores do AGA.

6. Para analiza-la realidade sociolaboral galega oriéntase a actividade do Consello na elaboración do Informe da situación sociolaboral da Comunidade Autónoma do ano 2002; os informes de negociación colectiva en Galicia; os estudos sobre “O despedimento no dereito comparado e a normativa de desemprego”, “reordenación do tempo de traballo” e aqueloutros que o Pleno decide no seu momento; a Revista Galega de Dereito Social (con artigos doutriniais de interese, selección de doutrina da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; expedientes AGA e laudos arbitrais, resolucións da Dirección Xeral de Relacións Laborais, convenios colectivos, etc. Editaranse 3 números, alomenos, desta revista (Tomo I e II de 2001, e I do 2002).
7. Este ano, solicítase unha partida orzamentaria no cap. VI. de 12.000 €, pola necesidade de renovación de mobiliario para as distintas dependencias.
8. Relacións de carácter institucional, ven desenvolvidas polo/a presidente/a, a secretaria xeral ou os membros do Pleno do Consello.

3. Órganos encargados da súa execución.

Consello Galego de Relacións Laborais.

Secretaría Xeral do Consello.

3.1.2 Do Organismo Autónomo.

PROGRAMA 232A. SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

1. Descrición.

A xestión deste programa funcional diríxese principalmente ó financiamento dos gastos de persoal, dos gastos correntes da Academia Galega de Seguridade e dos gastos derivados dos cursos de formación.

2. Actividades.

1. Formación de carácter selectivo dos membros dos corpos de policía local para o ingreso e a promoción interna nos mesmos.

Esta formación é preceptiva para o ingreso e a promoción interna nos corpos de policía local, segundo se establece nos artigos 23 e 25 da Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais e, consecuentemente, existe a obriga, por parte da AGS, de establece-la súa oferta axeitada á demanda dos concellos e que vai depender dos seus procesos selectivos.

As previsións son:

- A) Dous cursos selectivos (9 meses-1.500 horas lectivas) para o ingreso nos corpos de policía local dos diferentes concellos, na categoría de gardas.
 - B) Un curso selectivo (3 meses-500 horas lectivas) para promoción interna nos corpos de policía local.
2. Formación permanente de actualización e especialización dos corpos de policía local e membros da Unidade do CNP adscrita á Xunta de Galicia.
 - A) Dous cursos de auxiliares de policía local (80 horas).
 - B) Un curso de dispensa de grao dos grupos C e B.
 - C) Un curso de reciclaxe ou actualización policía local (180 horas).
 - D) Trinta e tres cursos de especialización dunha semana de duración cada un.
 - E) Seis xornadas abertas a tódolos membros dos corpos e forzas de seguridade.
 3. Formación para protección civil e bombeiros.

Aquí hai que distinguir entre os cursos de capacitación para a actuación do voluntariado, (segundo establece a Orde do 22 de abril de 1994, pola que se establece a formación do persoal voluntario de protección civil) e a formación permanente de actualización e especialización. Os obxectivos para o ano 2003 son:

 - A) Vintecinco cursos básicos.
 - B) Cincuenta cursos de segundo nivel.
 - C) Catro cursos de especialización.
 - D) Un curso superior de protección civil.

- E) Catro seminarios.
 - F) Dúas xornadas dirixidas ó voluntariado de protección civil.
 - G) Un curso selectivo para o ingreso no corpo de bombeiros.
4. Investigación, estudo e divulgación de materias e documentación relativas á policía e seguridade cidadá, así como a promoción de colaboración e intercambio de experiencias docentes e investigadoras con organismos semellantes de ámbito autonómico, estatal e internacional.
- A) Revista Galega de Seguridade Pública: 2 números.
 - B) Boletín Informativo da Academia Galega de Seguridade: 2 números.
 - C) Memoria anual.
 - D) Temarios oposicións Policía Local – Tomo II (Cabos).
 - E) Tríptico programa de actividades da AGS.
 - F) Manual básico de protección Civil.

3. Órgano encargado da súa execución.

Academia Galega de Seguridade

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

		SERVICIOS							
		01	02	03	04	05	06	50	TOTAL
123C	DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	16.860,6							16.860,6
441A	ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	107,6							107,6
123A	XUSTIZA E ADMINISTRACIÓN LOCAL		22.347,0			10.100,1			32.447,1
123B	PERSOAL Ó SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA		37.284,1						37.284,1
214A	ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS			4.195,0			982,7		5.177,7
214B	SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO			1.618,5					1.618,5
232A	SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA				3.723,4			1.698,5	5.421,9
231A	PROTECCIÓN CIVIL				6.946,2				6.946,2
TOTAL		16.968,2	59.631,1	5.813,5	10.669,6	10.100,1	982,7	1.698,5	105.863,6

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS					
	I	II	IV	VI	VII	TOTAL
123C DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	7.900,7	7.573,5		1.386,4		16.860,5
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA				107,6		107,6
123A XUSTIZA E ADMINISTRACIÓN LOCAL	5.917,9	3.709,7	7.243,4	8.869,3	6.706,7	32.447,1
123B PERSOAL Ó SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	37.284,1					37.284,1
214A ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS	1.663,7	801,5	2.652,4	60,1		5.177,7
214B SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO		386,4	571,0	661,1		1.618,5
232A SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	2.676,4	1.871,7		873,8		5.421,9
231A PROTECCIÓN CIVIL	1.136,5	201,0	801,0	4.807,7		6.946,2
TOTAL	56.579,3	14.543,8	11.267,8	16.766,0	6.706,7	105.863,6

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	7.729,8	7.900,7	2,2
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	9.254,3	7.573,5	-18,2
Cap. VI	Investimentos reais	1.618,8	1.493,9	-7,7
TOTAL		18.602,9	16.968,1	-8,8

(Miles de euros)

02	D. X. DE XUSTIZA	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	41.655,4	42.591,7	2,2
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	3.322,3	3.502,6	5,4
Cap. IV	Transferencias correntes	4.751,2	4.895,9	3,0
Cap. VI	Investimentos reais	6.330,6	8.640,9	36,5
TOTAL		56.059,5	59.631,1	6,4

(Miles de euros)

03	D. X. DE RELACIÓNS LABORAIS	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	1.255,2	1.282,4	2,2
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	508,6	586,5	15,3
Cap. IV	Transferencias correntes	3.613,8	3.223,4	-10,8
Cap. VI	Investimentos reais	540,9	721,2	33,3
Cap. VII	Transferencias de capital	270,5	0,0	-100,0
TOTAL		6.188,9	5.813,5	-6,1

(Miles de euros)

04	D. X. DE INTERIOR E PROTECCIÓN CIVIL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	2.912,4	3.206,7	10,1
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	926,5	980,4	5,8
Cap. IV	Transferencias correntes	540,9	801,0	48,1
Cap. VI	Investimentos reais	5.409,1	5.681,5	5,0
TOTAL		9.789,0	10.669,6	9,0

(Miles de euros)

05	D.X. DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	472,5	610,3	29,2
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	207,1	207,1	0,0
Cap. IV	Transferencias correntes	1.646,4	2.347,5	42,6
Cap. VI	Investimentos reais	378,6	228,4	-39,7
Cap. VII	Transferencias de capital	7.330,3	6.706,7	-8,5
TOTAL		10.035,0	10.100,1	0,6

(Miles de euros)

06	CONS. GALEGO DE REL. LABORAIS	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	373,2	381,3	2,2
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	541,7	601,4	11,0
TOTAL		914,9	982,7	7,4

(Miles de euros)

50	ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	593,9	606,2	2,1
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	1.068,3	1.092,3	2,3
TOTAL		1.662,2	1.698,5	2,2

(Miles de euros)

SERVICIO		2002	2003	% Var.
01	SECRETARÍA XERAL	18.602,9	16.968,1	-8,8
02	D. X. DE XUSTIZA	56.059,5	59.631,1	6,4
03	D. X. DE RELACIÓNS LABORAIS	6.188,9	5.813,5	-6,1
04	D. X. DE INTERIOR E PROTECCIÓN CIVIL	9.789,0	10.669,6	9,0
05	D.X. DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	10.035,0	10.100,1	0,6
06	CONS. GALEGO DE REL. LABORAIS	914,9	982,7	7,4
50	ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE	1.662,2	1.698,5	2,2
TOTAL		103.252,3	105.863,6	2,5

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transfer. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Persoal	54.398,5	55.973,1	593,9	606,2			54.992,4	56.579,3
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	14.760,5	13.451,4	1.068,3	1.092,3			15.828,8	14.543,8
Cap. IV Transferencias correntes	12.214,5	12.966,4			1.662,2	1.698,5	10.552,3	11.267,8
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	81.373,5	82.390,9	1.662,2	1.698,5	1.662,2	1.698,5	81.373,5	82.390,9
Cap. VI Investimentos reais	14.278,0	16.766,0					14.278,0	16.766,0
Cap. VII Transferencias de capital	7.600,7	6.706,7					7.600,7	6.706,7
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	21.878,8	23.472,7					21.878,8	23.472,7
TOTAL BRUTO	103.252,3	105.863,6	1.662,2	1.698,5	1.662,2	1.698,5		
TRANSFERENCIAS INTERNAS	1.662,2	1.698,5						
TOTAL CONSOLIDADO	101.590,1	104.165,1	1.662,2	1.698,5	1.662,2	1.698,5	103.252,3	105.863,6

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	11	11
<i>Persoal funcionario</i>	475	478
Grupo A	156	158
Grupo B	68	68
Grupo C	98	99
Grupo D	124	124
Grupo E	29	29
<i>Persoal laboral</i>	275	275
Grupo I	14	14
Grupo II	16	16
Grupo III	32	32
Grupo IV	38	38
Grupo V	175	175
<i>Outro persoal</i>	2.270	2.290
TOTAL	3.031	3.054

Academia Galega de Seguridade

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	1	1
<i>Persoal funcionario</i>	18	18
Grupo A	8	8
Grupo C	1	1
Grupo D	7	7
Grupo E	2	2
<i>Persoal laboral</i>	1	1
Grupo III	1	1
TOTAL	20	20

SECCIÓN 14.

CONSELLERÍA DE FAMILIA E

PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER

E XUVENTUDE.

1. COMPETENCIAS

A actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia ven establecida polo Decreto 306/2001, do 15 de decembro. Polo Decreto 310/2001, do 17 de decembro, procédese a fixar a estrutura orgánica dos seus distintos departamentos, sinalándose no artigo 11 os órganos superiores da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

No artigo 1º do Decreto 488/1997, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, atribúese a este departamento o exercicio das competencias e funcións en materia de políticas activas de emprego, familia, infancia e menores, muller e xuventude, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e nos termos sinalados pola Constitución española.

Segundo se dispón no artigo 2º.1, a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude desempeñará as funcións da súa competencia a través dos seguintes órganos superiores:

1. Conselleira.
2. Secretaría Xeral.
3. Dirección Xeral de Familia.
4. Dirección Xeral de Formación e Colocación.
5. Dirección Xeral de Fomento do Emprego.
6. Dirección Xeral de Xuventude.
7. As delegacións provinciais.

Así mesmo, no apartado 2 do artigo 2º adscribese á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, o Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo que se rexerá en canto ós seus obxectivos, funcións, estruturación e funcionamento polo previsto na Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, da súa creación e polas normas que a desenvolven.

Os artigos 3º e seguintes do devandito decreto enumeran as competencias dos distintos centros directivos da consellería que se relacionan a continuación:

1. A Conselleira é a autoridade superior da consellería e, con tal carácter, está investida das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.
2. A Secretaría Xeral exercerá as funcións establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, e a inspección dos servicios, centros e organismos dependentes ou adscritos a ela, sen prexuízo das competencias que se lle atribúan á Inspección Xeral de Servicios da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, así como aqueles que lle sexan singular ou especialmente encomendadas por delegación do titular do departamento.
3. Á Dirección Xeral de Familia correspóndelle a xestión da política autonómica en materia de acción social nos sectores da familia, infancia e menores, minorías étnicas, inmigrantes e voluntariado, segundo o disposto na normativa vixente. En particular correspóndelle a este centro directivo a xestión da política autonómica familiar en desenvolvemento do previsto na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia e no Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, a elaboración e seguimento dos plans integrais de apoio á familia, a protección e tutela dos menores que se atopen en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas dictadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores. Tamén lle corresponde o estudo da realidade social, a planificación e coordinación das entidades prestadoras de servicios sociais nos anteditos sectores así como a cooperación con elas e, en particular, coas entidades de iniciativa social.

Así mesmo, correspóndelle a xestión das prestacións e programas dirixidos ós anteditos sectores de poboación.

En relación cos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, e sen prexuízo das competencias atribuídas á Secretaría Xeral, correspóndelle coordina-la súa xestión, supervisando o seu funcionamento, e prestarllela asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade.

As funcións e servicios levados a cabo por este centro directivo, foron traspasados a través dos seguintes reais decretos:

- A) Real decreto 2411/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servicios e asistencia social.
 - B) Real decreto 4123/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tempo libre.
 - C) Real decreto 2414/1983, do 20 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de garderías infantís laborais.
 - D) Real decreto 1108/1984, do 29 de febreiro, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de protección de menores.
 - E) Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servicios do Instituto Nacional de Servicios Sociais (Imsero) da Seguridade Social.
 - F) Real decreto 1054/1985, do 5 de xuño, sobre ampliación dos medios adscritos ós servicios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de menores.
4. Á Dirección Xeral de Formación e Colocación, correspóndelle o desenvolvemento das funcións atribuídas á consellería en materia de formación ocupacional e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral, a estatística, a análise e a perspectiva do mercado de traballo, así como velar polo establecemento e xestión en Galicia do sistema nacional de cualificacións profesionais. Elaborará os plans de formación ocupacional e desenvolverá as accións previstas neles. Participará na consolidación dun sistema integrado de formación profesional, para o que se creou un instrumento técnico específico tal e como se establece no II Programa nacional de formación profesional, como é o Instituto Galego das Cualificacións.

Así mesmo exercerá as funcións de execución relativas ó cumprimento das obrigas de empresarios e traballadores e, se é o caso, a potestade sancionadora nas materias relativas ó emprego e desemprego.

As súas funcións foron traspasadas polos seguintes reais decretos:

- A) Real decreto 146/1993, do 29 de xaneiro, de traspaso de funcións e servicios da xestión de formación profesional ocupacional á Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito do traballo, o emprego e a formación.

5. Á Dirección Xeral de Fomento do Emprego correspóndelle o desenvolvemento das funcións atribuídas á consellería en materia de promoción do emprego e da economía social, sen prexuízo das competencias das consellerías de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural en materia de cooperativas, e de Xustiza, Interior e Relacións Laborais respecto do rexistro e réxime xurídico das cooperativas. Así mesmo levará a cabo a programación, seguimento e control das escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, e deseñará e desenvolverá as accións correspondentes ó seu ámbito competencial recollidas nos plans de emprego.

As súas funcións foron traspasadas polos seguintes reais decretos:

- A) Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo.
- B) Real decreto 1928/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servicios do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia da Unidade Administrativa do Fondo Nacional de Protección ó Traballo.
- C) Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación.

6. Á Dirección Xeral de Xuventude correspóndelle a xestión e coordinación das actuacións da consellería en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e, especificamente, o apoio ó desenvolvemento da actividade xuvenil; tamén lle corresponde o fomento da información ós xoves en tódalas materias e a participación da xuventude na vida social.

Así mesmo, correspóndelle coordina-la xestión dos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, sen prexuízo das competencias atribuídas á Secretaría Xeral, supervisando o seu funcionamento e prestarlle a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade. Tamén lle corresponde o fomento das relacións e da cooperación con outras comunidades autónomas e intercambios co estranxeiro en materia de xuventude, o fomento de programas de turismo xove (Tive-Galicia) e a promoción e organización de actividades formativas, educativas e as actuacións en materia de información e documentación para a xuventude.

As súas funcións foron traspasadas polos seguintes reais decretos:

- A) Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (cultura, xuventude e deportes).
- B) Real decreto 1459/1989, do 1 de decembro, de ampliación de medios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de xuventude (Tive).

7. As delegacións provinciais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude existirán en cada unha das provincias da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, polo que se organiza a Administración periférica da Xunta de Galicia e se regulan as competencias dos seus órganos territoriais.

Ó fronte de cada delegación provincial existirá un delegado que, reunindo os requisitos esixidos no Decreto 244/1990, do 18 de abril, asumirá as funcións e competencias que lle atribúe o Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, e demais normativa vixente.

Dependerá orgánica e funcionalmente da conselleira, sen prexuízo das directrices funcionais que se dicten polos distintos centros directivos da consellería ou os organismos autónomos adscritos a ela.

8. O Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo dependente da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, ten delimitadas as súas competencias na Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, pola que se crea o dito organismo.

Así, o artigo 2º da Lei 3/1991 establece como obxectivo principal do Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller o impulso e coordinación das medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre as mulleres e os homes, removendo os obstáculos que impidan a participación e a integración da muller na vida social, cultural, educativa, económica e política de Galicia.

O traspaso de funcións e servicios nesta área fíxose a través do Real decreto 2834/1983, do 5 de outubro, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de protección á muller.

Polo Real decreto 91/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de medios adscritos ós servicios da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma polo Real decreto 2834/1983, en materia de protección á muller, apróbase o acordo da Comisión Mixta de Transferencias sobre o Centro de Información dos Dereitos da Muller, situado na Coruña.

No Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller, recóllese a estrutura orgánica e funcional do organismo, os distintos órganos del e as súas funcións, así como os órganos colexiados existentes en materia de muller (Comisión Autonómica da Muller e Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista).

O Decreto 249/2002, do 18 de xullo, polo que se modifica o Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller, baseándose na necesidade de reforza-la estrutura orgánica do organismo autónomo distribuindo as funcións dun xeito máis racional, crea unha nova unidade co nivel de servicio e estrutura os servicios periféricos a través das delegacións provinciais que dependen directamente da dirección do organismo.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

2.1 DA CONSELLERÍA

1. Ámbito da familia, infancia e menores.

Sen ningunha dúbida, a sociedade galega, experimentou avances considerables no senso do recoñecemento da familia como prioridade transversal que atinxe á política social en especial, e á política rexional en xeral. As profundas transformacións de carácter económico, social, cultural, laboral e tecnolóxico que se produciron na sociedade tiveron, e seguirán tendo no futuro, unha forte repercusión, non só sobre as posibilidades reais da familia para afrontar con éxito tales retos, senón tamén sobre as formas de creación e configuración da propia familia como espacio natural de convivencia.

Deste xeito, e mantendo vixente a consideración da familia como elemento natural e fundamental da sociedade, que consagra a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a obriga dos poderes públicos de outorgar ás familias a protección xurídica, económica e social necesaria, como establece o artigo 39 da Constitución española e a Lei 3/1997, do 9 de xuño, da familia, da infancia e da adolescencia, o obxectivo deste ámbito de actuación debe se-lo de impulsar unha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas así como as transformacións que nesta institución se están a producir, e que permita alcanza-la plenitude do desenvolvemento das familias e os seus membros, con aplicación, en toda a súa extensión, dos principios de equidade e redistribución social.

Tendo en conta o antedito, establécense como obxectivos básicos os seguintes:

- A) Promover unha política familiar que favoreza a igualdade de oportunidades de tódalas familias, apoiando especialmente a aquelas que se atopan en circunstancias socioeconómicas máis desfavorables e pertencentes a grupos sociais con características propias (inmigrantes, minorías étnicas....), loitando contra a súa exclusión e traballando a prol da súa integración social.

- B) Establecer servicios de apoio ás familias dirixidos á busca de solucións axeitadas ás distintas problemáticas que poidan xurdir no seu seo, proporcionándolles estratexias para enfronta-las súas responsabilidades familiares, en especial a aquelas que se atopen en situación de risco social.
- C) Promover medidas normativas no ámbito laboral, fiscal e de seguridade social que contemplan as diversas circunstancias familiares.
- D) Fomentar unha maior concienciación sobre o papel da familia na sociedade mediante o recoñecemento das súas funcións e, de xeito especial, a función social de maternidade e o coidado dos maiores.
- E) Coordina-las distintas actuacións na atención á infancia de tódalas áreas administrativas implicadas, requirindo a colaboración de tódolos sectores e, en particular, das corporacións locais, cara a unha cobertura axeitada da atención a esta.
- F) Promover medidas que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral implicando ós sectores sociais e coordinando a iniciativa pública e privada na creación dos recursos axeitados a este fin.
- G) Sensibilizar á sociedade no seu conxunto sobre o precario equilibrio dos dereitos dos nenos. Neste ámbito, impulsaranse de xeito xenérico todas aquelas actuacións que se poidan requirir tanto das administracións públicas como das entidades sociais para asegura-lo efectivo acceso ós seus dereitos, así como para garanti-lo paulatino incremento da calidade de vida de tódolos nenos e nenas galegos.
- H) Potenciar actuacións ante situacións de desprotección social de modo tal que se prevea a intervención ante aquelas circunstancias nas que os menores se poidan ver comprometidos, sufrindo de tal xeito un prexuízo por menoscabo das súas posibilidades de desenvolvemento. Destácase a intervención pública, non xa ante situacións de prexuízo constatado, senón, prioritariamente, ante aquelas que evidencien unha situación de risco. Ante as situacións específicas de desamparo, tal e como se prevé na lexislación vixente, a prioridade sitúase naquelas que, mediante o apoio á familia de orixe, incrementen as probabilidades de permanencia axeitada dos fillos no seu fogar se é o caso, e garantan a substitución da súa familia mediante un acollemento familiar ou residencial que sexa o máis excepcional e transitorio posible.

- I) As actuacións no eido dos menores en conflito social van encamiñadas á búsqueda da responsabilización destes a través da aplicación de medidas educativas e socializantes que se poidan desenvolver tanto no entorno natural do menor (na súa familia, no seu lugar de residencia) como nun centro de menores con réximes de internamento de intensidade variable.

2. Ámbito da formación ocupacional e colocación.

No ámbito da formación profesional ocupacional e colocación establécense os seguintes obxectivos:

- A) Xestiona-lo conxunto de medidas de atención ós desempregados e mellora-la súa empregabilidade previstas nas directrices europeas de emprego, no Plan nacional de acción para o emprego.
- B) Potencia-la formación profesional ocupacional dirixida á poboación activa desempregada, mellorando a súa formación e, polo tanto, as súas perspectivas laborais a través dunha oferta formativa axeitada ás potencialidades do tecido productivo en cada territorio.
- C) Potencia-la programación propia de cursos de formación ocupacional en colaboración con outros departamentos da Administración co obxecto de aproveitar ó máximo os centros e recursos existentes.
- D) Promove-los cursos de formación ocupacional daquelas entidades ou empresas que se comprometan a contratar a un mínimo dos alumnos formados no curso, achegando deste modo as necesidades de formación ás necesidades das empresas.
- E) Impulsa-las novas accións formativas de carácter complementario, experimental e innovador, no ámbito da formación ocupacional, como ós novos filóns de emprego e a formación a distancia, a formación medioambiental e de alfabetización en internet.
- F) Desenvolver accións de formación continua cun carácter sectorial e de xeito complementario das programacións do Forcem.
- G) Realizar cursos de formador de formadores de cursos do Plan FIP, ademais de cursos monográficos de especialidade didáctica para formadores ocupacionais.

- H) Potencia-los estudos técnicos e publicacións centrados esencialmente no campo das necesidades de formación profesional, busca de emprego e orientación laboral e promoción do autoemprego, analizando as demandas dos sectores productivos da economía galega e as súas cualificacións específicas.
- I) Mellora-la xestión da formación ocupacional coa posta en marcha dun novo sistema informático que permita a conexión de tódolos centros impartidores e coa extensión do plano de calidade baseado no EFQM.
- J) Mellorar e consolida-la función de intermediación entre oferta e demanda de emprego, adaptando o seu funcionamento ó novo sistema de información dos servicios públicos de emprego, que permite a transparencia do mercado de traballo a nivel nacional, facilitando a mobilidade xeográfica entre os demandantes.
- K) Integra-las accións de colocación e orientación nas distintas áreas funcionais de emprego, establecendo a cooperación entre as oficinas de emprego do Servicio Galego de Colocación e os seus centros asociados, de xeito que tódolos demandantes de emprego poidan ser atendidos de maneira personalizada e en igualdade de condicións.
- L) Potencia-las accións de orientación laboral e asesoramento ó autoemprego, coa posta en marcha de novas actuacións específicas para determinados colectivos con dificultades no acceso ó emprego, como é o compromiso de actividade e a renda activa de inserción.
- M) Potencia-la mobilidade de demandantes de emprego a través da rede Eures (European Employment Services) mediante dous aspectos básicos:
 - a) Achegamento das ofertas de traballo existentes noutros países da Unión Europea ós demandantes da Comunidade Autónoma.
 - b) Atención ó mercado laboral transfronteirizo para facilita-la mobilidade dos traballadores entre Galicia e Portugal a través da oficina Eures transfronteiriza Galicia-norte de Portugal.
- N) Desenvolve-la actuación do Instituto Galego das Cualificacións:
 - a) Facilitando a interrelación funcional das actividades formativas dos subsistemas de formación coas titulacións e coas certificacións profesionais.
 - b) Identificando as competencias profesionais específicas do tecido productivo de Galicia mediante a elaboración de cualificacións profesionais nos sectores económico-productivos estratéxicos para Galicia.

- c) Fomentando o incremento da participación dos axentes sociais no sistema da FP que asegure a identificación das necesidades de cualificación da poboación activa de Galicia mediante a creación e posta en funcionamento de órganos de corresponsabilización específicos.
- d) Desenvolvendo o observatorio ocupacional que promova a cooperación do resto dos observatorios territoriais e dos sectores productivos e que proporcione información sobre a evolución da demanda e da oferta das profesións, ocupacións e perfís no mercado de traballo, co obxectivo de mellora-la eficacia das políticas activas de emprego e, en particular, a da oferta de formación ocupacional.

3. Ámbito do fomento do emprego.

No ámbito do fomento do emprego e da economía social, así como da xestión das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e outros programas de cooperación, establécense os seguintes obxectivos:

- A) Desenvolve-las medidas coas políticas activas de emprego programadas no marco da estratexia europea para o emprego e no eido da colaboración institucional e cos axentes sociais, conducentes a conseguirla estabilidade no emprego e que se reduza a taxa de precariedade e eventualidade do mercado de traballo galego.
- B) Fomenta-la estabilidade no emprego e a inserción laboral de colectivos desfavorecidos, con carácter xeral, a través de medidas de apoio á contratación indefinida e á transformación de contratos temporais en indefinidos, potenciando especialmente a contratación estable de mulleres en ocupacións con menor índice de emprego feminino e/ou que se reincorporen ó mercado laboral, a contratación de persoas xoves desempregadas, especialmente dos que buscan o seu primeiro emprego, a contratación estable de parados de longa duración, establecéndose, así mesmo medidas de apoio para a creación do primeiro emprego por parte dos empresarios sen asalariados e para a contratación de persoas en risco de exclusión social.
- C) Fomenta-la cultura emprendedora e potencia-la xeración de emprego a través de fórmulas de economía social mediante os programas de promoción do traballo autónomo, das cooperativas e das sociedades laborais.

- D) Potenciar e favorecer as iniciativas empresariais que respondan a sectores e actividades emerxentes ou a necesidades non cubertas no territorio de implantación co fin de impulsar a creación e consolidación de actividades económicas e de emprego no ámbito local e nas zonas rurais, así como no entorno da investigación e da innovación tecnolóxica. Con este obxectivo orientaranse os programas de cooperación coas corporacións locais, escolas obradoiro, etc., para que respondan tamén a estas novas actividades, procurándose o carácter integral destas actuacións tendo en conta as características xeográficas e poboacionais da Comunidade Autónoma galega e a Lei de comarcalización, nunha estratexia de cooperación institucional das administracións territoriais e de colaboración coa iniciativa privada, para dinamizar o emprego e o desenvolvemento local.
- E) Impulsar o desenvolvemento de proxectos de interese social mediante a execución de programas de cooperación, promovidos e xestionados por entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, como instrumento adecuado para a dinamización e a creación de novas actividades que repercutan na xeración de emprego e de alternativas de ocupación laboral, con especial incidencia no ámbito rural. Os programas serán complementados, para mellorar a súa eficacia en termos de emprego, con instrumentos ou accións de acompañamento e asesoramento.
- F) Favorecer a conciliación da vida laboral e familiar, establecer medidas que contribúan a eliminar os atrancos que impidan ás mulleres incorporarse ó mercado laboral e equilibrar cuantitativa e cualitativamente a súa participación neste, potenciando a súa maior representatividade no mundo empresarial.
- G) Ofrecer ós xoves galegos, a través de actuacións específicas, a oportunidade de adquirir unha experiencia laboral que mellore a súa situación no mercado de traballo e establece-la prioridade a favor dos xoves no conxunto das medidas de fomento do emprego mediante a aplicación preferente a este colectivo de todas as accións horizontais postas en marcha, así como a través das escolas obradoiro e casas de oficios e das unidades de promoción e desenvolvemento.
- H) Establecer medidas de discriminación positiva, a través de actuacións específicas e prioritarias nas medidas horizontais, con especial atención ás mulleres que

sofren violencia de xénero, dándolles a oportunidade de acceder ou reincorporarse ó mercado de traballo mediante programas experienciais para mellora-la súa empregabilidade.

- I) Apoia-la inserción ou reinserción no mercado de traballo dos desempregados maiores de 30 anos, especialmente os de longa duración, e daqueles outros con especiais dificultades de inserción a través do establecemento de obradoiros de emprego.
- J) Facilita-la integración laboral das persoas con discapacidade, xa sexa a través de centros especiais de emprego, a través da súa constitución como traballadores autónomos, ou ben incentivando a súa contratación indefinida por parte das empresas.
- K) Consolida-la rede de técnicos de emprego, potenciando o seu papel como actores decisivos na implantación das políticas activas de emprego na súa zona de actuación, principalmente das políticas relacionadas coa creación de actividade empresarial, contribuíndo co seu traballo á localización de recursos ociosos e infrautilizados cara á promoción económica dos concellos galegos, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores.
- L) Xestiona-las políticas activas de emprego, a través do servizo público de emprego de ámbito autonómico, capaz, dun lado, de garanti-la integridade destas políticas e, doutro, de encadrarse dentro do servizo público de emprego do Estado.
- M) Xestiona-los programas e iniciativas comunitarias de emprego e recursos humanos que sexan específicos desta dirección xeral ou en colaboración con outras entidades.

4. Ámbito da xuventude.

En materia de xuventude establécense os seguintes obxectivos:

- A) Consolidar unha política integrada de xuventude a través da Comisión Interdepartamental de Xuventude seguindo na mesma liña de actuación de fomenta-la implicación das administracións locais.
- B) Favorece-lo achegamento dos xoves galegos á Unión Europea poñendo ó seu alcance toda a información sobre programas comunitarios para fomenta-la cooperación no eido da xuventude por medio da difusión, o asesoramento e a formación.

- C) Potencia-la Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, garantindo unha eficaz distribución e difusión da información á xuventude.
- D) Potencia-la información axeitada ós intereses dos estudantes de universidades.
- E) Potencia-los servicios de asesoramento xuvenil.
- F) Proporcionar unha canle de comunicación para que os xoves de forma gratuíta poidan anuncia-las súas actividades.
- G) Promover xornadas de temas de interese e que preocupan á xuventude en colaboración coas administracións locais.
- H) Fomenta-los intercambios de experiencias e coñecementos mediante a creación de foros de debate e congresos.
- I) Fomenta-la utilización polos xoves das novas tecnoloxías.
- J) Proporciona-la difusión da información a través de dossieres e guías informativas.
- K) Facilitar unha interacción dos xoves coa RIX.
- L) Fomenta-la solidariedade a través da Oficina de Intermediación do Voluntariado Xuvenil, promovendo a participación xuvenil en actividades solidarias para xerar actitudes positivas na xuventude.
- M) Fomentar no ámbito da educación para a saúde programas que impliquen unha participación activa dos xoves.
- N) Fomentar e proporciona-la formación dos responsables dos servicios de información xuvenil.
- O) Promocionar actividades comúns para tódalas casas de xuventude e centros socio-culturais dependentes dos concellos.
- P) Potencia-los servicios de información xuvenil nas casas de xuventude.
- Q) Fomenta-la actividade xuvenil posibilitando a participación da xuventude galega nos diversos ámbitos da vida política, económica, social e cultural.
- R) Promover programas de educación medioambiental, complementando a formación extraescolar e extrauniversitaria e favorecendo o coñecemento e a sensibilización da xuventude en relación co medio ambiente galego.
- S) Potenciar e fomentar intercambios xuvenís, co ánimo de posibilitar, por unha banda, a convivencia entre a nosa xuventude e a das outras comunidades autónomas e países

do noso entorno e promocionar, por outra banda, o coñecemento de Galicia e da súa cultura entre a xuventude do resto de España e do estranxeiro.

- T) Fomenta-lo asociacionismo xuvenil, potenciando a realidade asociativa a tódolos niveis: formativos e informativos, promovendo e apoiando as actividades e iniciativas das asociacións xuvenís, e facilitando o uso de infraestructuras.
- U) Desenvolvemento de programas de actividades orientadas a unha ocupación productiva do tempo libre, buscando alternativas atractivas para a xuventude que satisfagan as súas demandas así como unha óptima utilización das instalacións e demais recursos existentes, en colaboración con entidades locais.
- V) Incentiva-la creación artística e artesanal da xuventude galega, promovendo a súa participación a través de certames e mostras, así como o coñecemento de novas tecnoloxías a través de encontros.
- W) Promover programas de turismo xove e produtos turísticos orientados a favorecer a mobilidade da xuventude, e a facilita-lo coñecemento de diferentes lugares de interese paisaxístico, cultural ou recreativo, tanto en Galicia como no resto de España e países do estranxeiro, nunhas condicións adaptadas ás súas posibilidades.
- X) Potencia-los programas formativos, incentivando a participación da xuventude, e adecuando a súa planificación a aquelas temáticas nas que haxa maior demanda e incidencia social.
- Y) Potencia-la formación de técnicas no ámbito do tempo libre, promovendo a mellora cualitativa das actividades dirixidas á xuventude a organizar nese ámbito, tanto de iniciativa pública como privada.
- Z) Favorece-lo acceso da xuventude á universidade e á formación noutros países, mediante programas de apoio ó estudante.

Partindo destes obxectivos, as grandes liñas de acción da consellería para o exercicio orzamentario 2003 van se-las seguintes:

1. Desenvolvemento do III Plan integral de apoio á familia para o período 2002-2005, que se concreta nun conxunto de medidas dirixidas ó apoio ás familias tanto normalizadas como en situación de risco social, á protección da infancia e dos

menores en situación de desprotección ou conflito social e doutros colectivos, con especial incidencia na rede de escolas infantís e a rede de centros de reeducación. Este plan afonda nas medidas aprobadas polo Parlamento de Galicia no chamado Plan de revitalización demográfica.

2. Desenvolvemento e potenciación das medidas establecidas na Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.
3. Expansión da rede de centros e recursos de atención á primeira infancia, tendo en conta especialmente o factor de dispersión poblacional, favorecendo o acceso á tódalas familias mediante a continuación do programa de cheque infantil e promoción da coordinación da iniciativa pública e privada na creación de novos recursos.
4. Fortalecemento das novas medidas de apoio ás familias a través de exencións fiscais por nacemento de fillos, ó longo dos tres primeiros anos da súa vida e compensación equivalente ás familias exentas de face-la declaración da renda. Así mesmo, recibirán axudas directas as familias nas que se produza un parto múltiple, sendo esta medida acumulable ás anteriores.
5. Potencia-lo programa de inserción sociolaboral nos centros de protección de menores e a súa ampliación ós menores con medidas xudiciais internados nos centros da rede de reeducación e con medidas alternativas ó internamento segundo a Lei orgánica 5/2000.
6. Ampliación e consolidación da rede de centros de reeducación de menores así como a creación de programas e novos recursos co obxecto de dar resposta ás necesidades que se derivan da aplicación da Lei orgánica 5/2000, de responsabilidade penal dos menores, que establece a maioría de idade penal ós 18 anos.
7. Continuación da III Campaña de prevención dos malos tratos á infancia iniciada no ano 2002, que ten como finalidade ser un instrumento de información, difusión e sensibilización da sociedade en xeral, e de determinados colectivos profesionais en especial, que pola súa actividade son especiais observadores dos nenos, as súas familias e os seus problemas. Esta III campaña conta coa colaboración das asociacións de pais de alumnos e asociacións de veciños.

8. Xestión das políticas activas de emprego no marco da estratexia europea para o emprego e no eido da colaboración institucional e cos axentes sociais.
9. Desenvolvemento pleno do Servicio Galego de Colocación como instrumento de intermediación entre as ofertas e demandas laborais na Comunidade Autónoma.
10. Consolidación da rede de información, orientación e busca de emprego, integrada nos programas de formación e colocación, como instrumento de achegamento entre os demandantes e as necesidades reais do mercado de traballo.
11. Potencia-la formación profesional ocupacional como instrumento dos demandantes de emprego para acadar un posto de traballo, adaptándoo ás necesidades sectoriais existentes e priorizando aqueles cursos que impartan as empresas cun compromiso de contratación dos alumnos formados.
12. Intensifica-las accións de difusión da cultura emprendedora e de fomento da estabilidade laboral, así como optimiza-las medidas activas para o emprego e o desenvolvemento local, contando coa rede de técnicos de emprego como instrumento dinamizador e de achegamento destas políticas a toda a xeografía galega e potenciais beneficiarios.
13. Desenvolvemento dunha política integral de formación e emprego que englobe a orientación, o asesoramento, a formación, o fomento de iniciativas empresariais, os incentivos á contratación, a economía social, os programas de cooperación e outras medidas innovadoras que contribúan á consecución da creación de emprego e de riqueza, dentro do servicio público galego de emprego.
14. Desenvolvemento do Instituto Galego das Cualificacións como instrumento técnico de integración na Comunidade Autónoma de Galicia dos subsistemas de formación profesional mediante:
 - A) A implantación no ámbito autonómico do sistema de acreditación e recoñecemento profesional previsto no II Programa nacional de formación profesional.
 - B) A identificación das competencias profesionais específicas do tecido productivo de Galicia mediante a elaboración de cualificacións profesionais.
 - C) O estudo e implantación de novas profesións e dos novos xacementos de emprego.

- D) A detección das necesidades de formación e o coñecemento da evolución da demanda e da oferta de profesións no mercado de traballo galego a través do Observatorio Galego das Ocupacións.
15. Potencia-la política iniciada pola Comisión Interdepartamental de Xuventude como “foro harmonizador” dos programas de xuventude realizados de forma coordinada polos distintos departamentos da Xunta.
 16. Potencia-la participación efectiva da xuventude galega na sociedade actual, garantíndolle o acceso a unha información ampla, obxectiva e actualizada a través da Rede galega de información xuvenil.
 17. Favorece-la autonomía persoal do xove, a través de programas que faciliten o seu acceso a diferentes bens e servicios.
 18. Promociona-los programas de participación xuvenil apoiando as estruturas asociativas e mediante a planificación de actuacións que faciliten a formación da xuventude no eido social, cultural e medioambiental.
 19. Favorecer unha ocupación productiva de tempo libre a través de alternativas que sexan converxentes, dunha banda, coas demandas da xuventude e, doutra, coa rendabilización dos recursos existentes.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

SERVICIO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

O Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo adscrito á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, pretende acadar no presente exercicio os seguintes obxectivos:

1. Potencia-la participación da muller en tódalas esferas da vida social e a súa plena incorporación ós procesos de toma de decisións.

2. Establecer liñas de colaboración e pautas de actuación dos distintos departamentos da Xunta de Galicia para acadar unha mellor coordinación nas actuacións a realizar dentro da política transversal que preside o eido da igualdade, e impulsar políticas de discriminación positiva levadas a cabo polo conxunto das administracións públicas e polas institucións privadas.
3. Continuar, dentro da devandita política transversal, a través dos programas de formación ocupacional e de fomento de emprego dirixidos exclusivamente a mulleres, por medio da orientación laboral, o apoio financeiro e a asistencia técnica ás iniciativas de mulleres emprendedoras, no labor de apoio á diminución da taxa de desemprego feminino e á promoción profesional das traballadoras.
4. Apoio ós concellos no seu labor de creación de plans de igualdade locais e formación de técnicos en materia de “mainstreaming” para o seu apoio na atención que prestan ás mulleres do seu termo municipal.
5. Delimitación territorial das áreas de actuación e influencia dos centros de información e divulgación das actividades e servicios que estes ofrecen, co fin de posibilita-lo acceso de toda muller galega á información que precisa para que coñeza e faga valer os seus dereitos de cara a acadar-la plena integración social nun plano de igualdade con respecto ó home. A través da achega de fondos europeos, pretendemos reforzar, especializar e profesionalizar, a través da formación continua, a rede de centros de información á muller, especialmente no eido laboral, así como os integrados na Rede RIAM (Rede de Información e Asesoramento ás Mulleres).
6. Impulsar, dentro das competencias propias do organismo, as redes de protección a mulleres en situación de especial dificultade ou inmersas en procesos de exclusión social en colaboración con deputacións, concellos, asociacións e outras institucións de ámbito nacional e internacional.
7. Promover, a través dos programas e iniciativas comunitarias, a cooperación e o intercambio de experiencias, para tratar de dar a coñece-lo traballo que desenvolven as entidades de mulleres en Galicia e implantar na nosa Comunidade as prácticas positivas doutras entidades comunitarias.

8. Formación técnica específica, intercambio de metodoloxía e impulso da coordinación entre as distintas asociacións que traballan a favor das mulleres para a realización de actuacións conxuntas e a xeración dun contexto favorable á promoción do federacionismo, facilitando o acceso de federacións e confederacións ós recursos deste organismo e fomentando a realización de estudos sobre a situación da muller galega, tanto de carácter xeral como específico, no eido legal, educativo, sanitario, económico, laboral social e cultural.
9. Realizar campañas de prevención e sensibilización que posibiliten a asunción por parte da sociedade dunha plena concienciación en materia de xénero, incidindo especialmente nos distintos sectores implicados no eido da educación en colaboración co Seminario permanente de educación para a igualdade e tendo en conta as específicas problemáticas nas que se atopan as mulleres de sectores máis desprotexidos como poden ser as inmigrantes e as discapacitadas.
10. Posta en marcha do IV Plan para a igualdade de oportunidades das mulleres galegas incidindo, nun primeiro momento, naqueles aspectos que, segundo as conclusións da avaliación do III Plan para a igualdade de oportunidades das mulleres galegas, se consideran de máis urxente intervención.
11. Impulso, a través do Servicio Galego de Igualdade e de acordo coas súas competencias transversais, da execución da Lei de igualdade de oportunidades das mulleres galegas.

Á vista do anteriormente exposto pódese concluír que os obxectivos descritos están informados polo principio fundamental que inspira a creación deste organismo de igualdade, que é eliminar os atrancos que dificulten a participación activa das mulleres en tódalas esferas da vida pública e privada, compartindo de maneira plena e en igualdade de condicións cos homes tódalas decisións económicas, sociais, culturais e políticas, de acordo coas conclusións da IV Conferencia mundial sobre a muller, Pekín 1995 (segundo a revisión efectuada na Conferencia de Nova Iorque, A muller no ano 2000: igualdade entre os xéneros, desenvolvemento e paz para o século XXI), o IV Programa de acción comunitaria para a igualdade entre homes e mulleres e o VI Plan para a igualdade de oportunidades das mulleres galegas 2002-2005.

Partindo destes obxectivos, as grandes liñas de acción do organismo autónomo para o exercicio orzamentario 2003 van se-las seguintes:

1. Desenvolver medidas específicas dirixidas a combater a discriminación por razón de sexo e aumentar a presenza das mulleres en tódolos ámbitos da vida política, cultural, económica e social, fomentando unha imaxe da muller galega adaptada á realidade que se está a acadar no presente século XXI.
2. Desenvolver e consolidar o principio de transversalidade, de xeito que se asegure que a calquera acción dos poderes públicos se sumará a defensa e garantía do principio de igualdade de trato.
3. Realizar novas campañas de sensibilización e concienciación que posibiliten a asunción por parte da poboación en xeral dos principios de igualdade que deben rexer na nosa sociedade.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 211A. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PROTECCIÓN SOCIAL

1. Descrición.

A finalidade do programa é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos (delegacións provinciais) tanto no que respecta a medios humanos coma ós materiais e de organización, e actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

2. Actividades.

1. Xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais e periféricos: reparacións, material de oficina, comunicacións telefónicas, comisións de servizos, etc.
2. Xestión das distintas subministracións incluídas no programa, tanto a nivel central como periférico, coa realización das diferentes tarefas de xestión económico-administrativa.
3. Tramitación de investimentos novos e de reposición para os servizos centrais e periféricos da consellería, así como a realización de obras de reparación, mellora e acondicionamento dos distintos centros.
4. Realización de estudos, traballos técnicos e campañas informativas en temas xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
5. Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería, así como do SXPA.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 211B. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PRESTACIÓNS SOCIAIS

1. Descrición.

A finalidade deste programa é o funcionamento dos servizos centrais e periféricos actuando como soporte básico dos distintos centros e unidades administrativas.

2. Actividades.

1. Gastos de funcionamento dos servizos centrais e provinciais relacionados fundamentalmente co ámbito das prestacións e servizos socio-familiares e xuvenís.
2. Realización de estudos, traballos técnicos e campañas informativas en temas relacionados coas competencias da consellería.

3. Elaboración de publicacións (revista periódica, colección Sociedade e Familia: serie legislativa, axudas e subvencións, recompilación normativa, etc.).
4. Xestión de asistencia técnicas, seminarios, xornadas, conferencias e outros servicios para apoios a diversas actividades da consellería.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 212A. PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS

1. Descrición.

1. Promover un sistema de apoio á familia, tanto técnico como económico, que lle permita mellora-la súa calidade de vida e incrementa-lo seu peso específico na sociedade.
2. Consolida-la rede integrada de recursos e servicios que dean apoio ó pleno exercicio das funcións das familias na sociedade.
3. Facilita-las condicións de autonomía e integración normalizada das persoas e unidades familiares en desvantaxe ou dificultade social.

2. Actividades.

1. Programa de apoio ás familias mediante exencións fiscais por nacementos de fillos e durante os tres primeiros anos de vida, así como a compensación equivalente para as exentas de declaración e apoio ás familias nas que se produza un parto múltiple.
2. Programas de atención á primeira infancia en colaboración coas corporacións locais, asociacións ou entidades de iniciativa social e entidades privadas, para favorece-la conciliación da vida familiar e laboral.
3. Programas de axuda ás familias para a escolarización dos seus fillos en colaboración coas corporacións locais.
4. Programas de prevención e apoio ás familias a desenvolver en colaboración coas corporacións locais e entidades de iniciativa social, co obxectivo de paliar e prever situacións carenciais das familias.

5. Programas dirixidos ós menores e xoves, mediante axudas individuais tendentes a garanti-lo dereito de todo neno a permanecer no seo da súa familia.
6. Programas orientados á integración e atención de colectivos marxinais ou en exclusión social, inmigrantes, poboación xitana, etc.
7. Programas destinados á integración socio-laboral de menores internados en centros e próximos a cumprir-la maioría de idade.
8. Programas de escolas de familia destinados a formar ós pais en coñecementos e aptitudes para afrontar-la tarefa de educa-los seus fillos, cara a conqueri-lo desenvolvemento integral dos nenos.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Familia.

PROGRAMA 212B. CENTROS PARA SERVICIOS SOCIAIS

1. Descrición.

1. A potenciación da rede de equipamentos residenciais e outros recursos de apoio ás familias que favorezan o mellor nivel de atención ós beneficiarios.
2. Desenvolver programas de prevención e integración dirixidos ós menores en desprotección ou conflito social e outros colectivos.

2. Actividades.

1. Xestión do mantemento dos centros de atención á 1ª infancia dependentes da Dirección Xeral de Familia.
2. Xestión do mantemento das residencias de tempo libre de titularidade autonómica.
3. Mantemento dos centros de menores dos que é titular a Administración da Xunta de Galicia, incluíndo o mantemento da rede de centros de reeducación e de réxime pechado.
4. Mantemento e mellora da rede autonómica de centros de atención a menores dependentes de entidades de iniciativa social e das deputacións provinciais da Coruña e Pontevedra.

5. Realización de programas que supoñan unha alternativa ó internamento dos nenos en centros mediante a súa integración en familia propia ou allea, a súa reinserción socio-laboral ou outras medidas que teñan esta mesma finalidade.
6. Execución das medidas de carácter asistencial, educativo ou terapéutico que resulten aconsellables atendendo ás circunstancias do menor.
7. Realización de programas dirixidos á atención e prevención de situacións de risco ou maltrato infantil.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Familia.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 212D. PENSIONES E PRESTACIONES EN SERVICIOS SOCIAIS

1. Descrición.

1. Colaborar coa Administración local e coas entidades de iniciativa social co obxecto de acadalo máximo desenvolvemento naqueles ámbitos primordiais no apoio ás familias.
2. Promover e facilita-la participación social no ámbito familiar, potenciando o asociacionismo como mecanismo de participación comunitaria e coordinando as actuacións das distintas administracións e entidades públicas.

2. Actividades.

1. Xestión de programas de atención ás familias, mediante o mantemento de centros e a promoción de actividades en colaboración coas corporacións locais e asociacións de iniciativa social.
2. Tramitación de programas para o investimento en centros dedicados á atención de menores e poboación infantil, xuvenil e familias en xeral, a desenvolver en colaboración coas corporacións locais e asociacións de iniciativa social.
3. Tramitación de programas de integración social e familiar.

4. Xestión de subvencións e convenios para a promoción de actividades en asociacións e centros de menores, marxinados e outros colectivos, e promoción do voluntariado social.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Familia.

PROGRAMA 241A. FOMENTO DO EMPREGO

1. Descrición.

Coa finalidade de contribuír á redución da taxa de desemprego na nosa Comunidade Autónoma, o programa 241A, "Fomento do Emprego", está constituído polos programas de emprego, pola xestión da formación profesional ocupacional, pola xestión do servizo de intermediación laboral, polo programa de orientación laboral, polas axudas ó autoemprego, á economía social e á integración laboral das persoas con discapacidade; polos programas de contratación de técnicos locais de emprego e de cooperación con entidades locais e con outras administracións ou entidades sen ánimo de lucro, polo programa de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, as iniciativas de emprego, así como por aquelas outras accións innovadoras e complementarias que se programen no marco das políticas activas de emprego para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral de xoves, mulleres e outros colectivos.

Os obxectivos fundamentais deste programa son:

1. Impulsa-la inserción laboral dos colectivos con maiores dificultades de acceso ó mercado de traballo: xoves, mulleres, persoas con discapacidade, parados de longa duración, emigrantes retornados e outros colectivos con dificultades de inclusión socio-laboral, con especial atención ás mulleres que sofren calquera tipo de violencia.
2. Favorece-la incorporación e permanencia dos xoves no mercado de traballo, mediante actuacións específicas dirixidas a proporcionarlles experiencia laboral e a facilita-la súa contratación por conta allea.
3. Achega-los demandantes de emprego e os oferentes de emprego, ofrecendo un servizo de intermediación rápido e eficaz, consolidando o servizo público de emprego da Comunidade Autónoma.

4. Promover unha política activa de promoción do emprego segundo as directrices de Luxemburgo, o Plan nacional de acción para o emprego e no eido da colaboración e diálogo social.
5. Facilita-lo acceso ó mundo laboral dos traballadores, impulsando a creación de novos postos de traballo e mellora-la calidade do existente, fomentando a súa estabilidade a través de incentivos ás empresas que xeren emprego indefinido ou transformen en indefinido o que é temporal, vinculando o acceso ós incentivos á estabilidade dos cadros de persoal.
6. Potencia-la incorporación de xoves titulados ás empresas galegas a través da contratación en prácticas e da contratación indefinida inicial vinculada a proxectos I+D, como instrumentos para a súa inserción laboral e para dinamiza-la innovación tecnolóxica do tecido empresarial galego, así como favorece-la creación de emprego en empresas innovadoras de base científica e tecnolóxica.
7. Desenvolvemento dun programa de orientación profesional coa finalidade de prestar un servizo de avaliación e orientación profesional ós xoves desempregados para conseguir unha adaptación da súa formación á realidade do mercado laboral, dun xeito persoal e individualizado. É dicir, como obxectivo xeral, optimiza-las políticas de formación e inserción laboral, mellorando as posibilidades de emprego e desenvolvemento profesional de tódalas persoas, e como obxectivos específicos, optimiza-la oferta formativa existente, compatibiliza-la demanda expresada polo individuo coa oferta existente, ofrecer un sistema áxil de información que permita coñecer ós usuarios o seu nivel de cualificación e potencialidades, contribuír ó desenvolvemento local mediante asesoramento ás empresas/detección de necesidades..., contribuír á posta en marcha de proxectos empresariais viables, impulsar e coordina-lo fomento do autoemprego coas distintas administracións e axentes económicos, xerar unha oferta de servizos ó autoemprego e xerar unha cultura emprendedora.
8. Facilita-la máxima información sobre o mercado de traballo na Comunidade Autónoma e no exterior.
9. Facilita-la integración laboral ás persoas con discapacidades fomentando o seu emprego autónomo, impulsando a creación de centros especiais de emprego e incentivando a súa contratación indefinida polas empresas.

10. Potencia-la posta en marcha de novos proxectos empresariais que, sendo innovadores, promovan a creación de novos postos de traballo, preferentemente entre mozos desempregados no medio rural, local e no entorno universitario.
11. Incentiva-la creación de emprego a través das fórmulas da economía social.
12. Impulsa-lo desenvolvemento de programas de cooperación mediante a subvención de proxectos de utilidade social xeradores de emprego promovidos e xestionados por entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, como instrumento idóneo para fomenta-la creación de novas actividades e, polo tanto, de novos empregos nas zonas rurais, favorecendo así unha mellora das rendas e, consecuentemente, das condicións de vida no medio rural.
13. Potenciación dos programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego a través da súa adecuación ás peculiaridades socio-laborais de Galicia e o artellamento de medidas complementarias que favorezan a inserción laboral dos alumnos traballadores.
14. Apoiar ós xoves emprendedores a través da aplicación conxunta de accións e programas que permitan prestarlles unha colaboración integral durante todo o proceso da posta en marcha da nova actividade empresarial, e que comprenderá formación, orientación, asesoramento e axudas.

2. Actividades.

1. Impulso da formación profesional estreitamente ligada ás necesidades do mercado laboral, de xeito que os asistentes reciban unha formación axeitada para o desenvolvemento dunha actividade profesional.
2. Análise das necesidades de formación ocupacional en Galicia.
3. Mellora da calidade dos cursos mediante a potenciación da inspección, a súa avaliación e consolidación dun sistema de control de calidade segundo o modelo europeo de calidade total.
4. Racionalización das homologacións de especialidades de acordo cos requisitos técnicos e en función das demandas reais de formación profesional e elaboración do mapa de recursos de formación profesional.

5. Estructuración dos criterios para a selección e/ou renovación de entidades colaboradoras e cursos de formación.
6. Potenciación dos cursos en centros propios e unidades móbiles.
7. Continua-la mellora na rede de oficinas de emprego da Xunta, tanto na súa estrutura física como no seu equipamento, facilitando o acceso de demandantes e ofertantes ó servizo público de emprego mediante a utilización das novas tecnoloxías.
8. Creación da figura do titor personalizado a través da rede de orientación das oficinas de emprego, de xeito que se poida levar a cabo un programa de inserción laboral individualizado a través do compromiso de actividade.
9. Consolidación da rede de orientación laboral dotando a tódalas áreas xeográficas de Galicia da figura do orientador laboral, coa finalidade de levar a cabo labores de información, orientación e asesoramento ós demandantes de emprego galegos, co obxecto de facilitarlle-lo seu proceso de busca de emprego e contribuír á súa inserción laboral, así como o deseño e confección dos instrumentos necesarios que garantan a calidade e a eficacia do traballo dos profesionais que integran a rede de orientación, e a actualización e revisión dos materiais xa existentes.
10. Potencia-lo Servizo Galego de Colocación como instrumento de intermediación no mercado laboral, tratando con eficacia e rapidez a oferta e a demanda laboral, consolidando a rede de centros asociados.
11. Instrumentar actuacións específicas que permitan ós xoves galegos a adquisición de experiencia laboral.
12. Apoio ó establecemento de traballadores autónomos e fomento do cooperativismo.
13. Arbitrar fórmulas que faciliten a instalación de desempregados como traballadores autónomos e promover iniciativas empresariais dos propios traballadores como cooperativas ou sociedades laborais.
14. Desenvolvemento dun novo sistema de intermediación do servizo público de emprego, a través dun proxecto conxunto entre o Instituto Nacional de Emprego e as comunidades autónomas con competencias transferidas que facilite a mobilidade xeográfica dos traballadores, o intercambio de ofertas entre os distintos territorios, así como poder ofertar mellores e máis completos servizos ós demandantes de emprego.

15. Integración laboral das persoas discapacitadas, apoiando tanto o emprego protexido, a través dos centros especiais de emprego, como o emprego ordinario, a través dos incentivos á contratación e ó autoemprego.
16. Impulsa-lo desenvolvemento de programas de cooperación mediante a subvención de proxectos de utilidade social xeradores de emprego promovidos e xestionados por entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, como instrumento idóneo para fomentar a creación de novas actividades e, polo tanto, de novos empregos nas zonas rurais.
17. Potenciación dos programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego a través da súa adecuación ás peculiaridades socio-laborais de Galicia e o artellamento de medidas complementarias que favorezan a inserción laboral dos alumnos traballadores.
18. Incentiva-las iniciativas emprendedoras que, sendo innovadoras, supoñan a posta en marcha de proxectos empresariais que, en colaboración coas entidades locais, leven consigo a creación de novos postos de traballo, dando especial prioridade ás iniciativas de base tecnolóxica.
19. Impulsa-la integración laboral das persoas con discapacidade, incentivando a incorporación dos traballadores discapacitados a postos de traballo na empresa ordinaria cunha liña de axudas á contratación indefinida.
20. Arbitrar incentivos dirixidos a impulsa-la creación de máis e mellores empregos, a inserción laboral de colectivos con dificultades e a favorece-la conciliación da vida laboral e familiar.
21. A regulación específica, xestión e control do aboamento de cotas á Seguridade Social ós traballadores que percibiron a prestación de desemprego na súa modalidade de pagamento único.
22. Actualiza-la información de axudas da Xunta de Galicia para a creación de empresas, potenciando a figura do técnico de emprego no asesoramento a emprendedores, nun marco de colaboración e coordinación das políticas activas de emprego e da promoción económica, proporcionando un apoio especializado e integral de calidade nos servicios de acompañamento e asesoramento na implantación de iniciativas empresariais e de emprego.

23. Mante-la colaboración coas universidades galegas para a formación de persoal directivo cualificado das cooperativas e sociedades laborais galegas a través dos cursos de postgrao de dirección e xestión de cooperativas e pemes, empresas familiares e para a formación de técnicos especialistas en emprego.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Dirección Xeral de Fomento do Emprego.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 241B. FOMENTO DO EMPREGO. FSE

1. Descrición.

Coa finalidade de contribuír á redución da taxa de desemprego na nosa Comunidade Autónoma, o programa 241B, "Fomento do Emprego. FSE", está constituído polas axudas á creación do emprego estable, pola xestión da formación profesional ocupacional, así como por aquelas outras accións innovadoras e complementarias que resulten do diálogo e colaboración no marco social e institucional; todas estas medidas cofinanciados polo Fondo Social Europeo, mediante o programa operativo rexional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os obxectivos fundamentais deste programa son:

1. Favorece-la incorporación ó mercado de traballo dos colectivos de difícil inserción: xoves, mulleres, discapacitados e parados de longa duración.
2. Desenvolver accións formativas de carácter experimental que non poidan financiarse a través do Plan FIP.
3. Formación de traballadores ocupados con carácter complementario respecto do Forcem.
4. Facilita-lo acceso ó mundo laboral dos traballadores, impulsando a creación de novos postos de traballo e mellora-la calidade do existente, fomentando a súa estabilidade a través de incentivos ás empresas que xeren emprego indefinido ou transformen en indefinido o que é temporal.
5. O establecemento e xestión en Galicia do Sistema nacional de cualificacións.

6. Identifica-las novas profesións ou novos filóns do emprego de Galicia.
7. Implantar un sistema de identificación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais.
8. Potencia-la obtención de información do observatorio acerca das ocupacións e do mercado laboral.
9. Facilita-la máxima información sobre o mercado de traballo na Comunidade Autónoma e no exterior.
10. Potencia-la posta en marcha de novos proxectos empresariais viables que, sendo innovadores, promovan a creación de postos de traballo preferentemente entre mozos desempregados, xerando, en definitiva, unha cultura emprendedora entre a poboación xuvenil de Galicia.
11. Incentiva-la creación de emprego a través das fórmulas da economía social.
12. Impulsar, mediante o desenvolvemento de medidas específicas, a creación de alternativas de ocupación laboral novas ou complementarias das xa existentes que favorezan unha mellora das rendas e, consecuentemente, das condicións de vida no medio rural.
13. Apoiar ós xoves emprendedores a través da aplicación conxunta de accións e programas que permitan prestarlles unha colaboración integral durante todo o proceso da posta en marcha da nova actividade empresarial, e que comprenderá formación, orientación, asesoramento, acompañamento e axudas.

2. Actividades.

1. Incentivos á contratación por conta allea, preferentemente indefinida, de traballadores que, con carácter xeral, implique creación de emprego e supoña unha mellora na estabilidade laboral.
2. Realización de proxectos innovadores de desenvolvemento económico e social. Nestas actividades enmárcanse accións como iniciativas de emprego.
3. Estudos que identifiquen o establecemento e a evolución dos novos filóns de emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Arbitrar fórmulas que faciliten a instalación de desempregados como traballadores autónomos e promover iniciativas empresariais dos propios traballadores como cooperativas ou sociedades laborais.

5. Formación de traballadores, desempregados naquelas materias que non se contemplan no catálogo nacional de formación profesional ocupacional e outras novedosas e experimentais, así como proxectos formativos con compromiso de contratación que non poidan ser atendidos polo Plan FIP.
6. Cursos de posgrao e cursos organizados por escolas de especialización profesional das universidades galegas ou outras entidades vinculadas á relación universidade-empresa.
7. Accións formativas adaptadas ás necesidades formativas dos colectivos de discapacitados, así como, outros que teñan unha difícil incorporación no Plan FIP co fin de conseguir a súa inserción laboral.
8. Formación dos traballadores ocupados que necesiten unha reciclaxe e adaptación ós novos postos de traballo.
9. Continuación da elaboración das cualificacións profesionais nos sectores estratéxicos para Galicia.
10. Elaboración de estudos de detección de necesidades de formación.
11. Analizar e propoñe-la modificación dos certificados de profesionalidade dos sectores clave da economía galega.
12. Potenciación e ampliación das bases de datos e os estudos do observatorio do mercado de traballo e das ocupacións que proporcionen información sobre profesións, ocupacións e perfís profesionais do tecido productivo de Galicia.
13. Impulso da formación profesional estreitamente ligada ás necesidades do mercado laboral mediante a creación e posta en marcha de órganos tripartitos de corresponsabilización e participación sectorial no sistema da FP.
14. Actualización do mapa integrado de recursos formativos da FP de Galicia.
15. Desenvolvemento dos convenios coa Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais para impartición de módulos formativos de seguridade e hixiene no traballo e coa de Industria e Comercio para a obtención de carnés profesionais.
16. Consolidación do novo sistema informático da xestión da formación ocupacional e das medidas de fomento do emprego en coordinación coas delegacións provinciais.
17. Manter actualizada a guía de busca de emprego e o manual de constitución de empresas no ámbito da economía social.

18. Potenciación da orientación profesional como complemento básico e necesario para a formación, a colocación e o autoemprego.
19. Impulsa-lo desenvolvemento de programas de cooperación mediante a subvención de proxectos de utilidade social xeradores de emprego promovidos e xestionados por entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, como instrumento idóneo para fomentar a creación de novas actividades e, polo tanto, de novos empregos nas zonas rurais.
20. Incentiva-las iniciativas emprendedoras que, sendo innovadoras, supoñan a posta en marcha de proxectos empresariais que, en colaboración coas administracións públicas, universidades e outras entidades, leven consigo a creación de novos postos de traballo, dando especial prioridade ás iniciativas de base tecnolóxica.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Dirección Xeral de Fomento do Emprego.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 355B. FOMENTO DA ACTIVIDADE XUVENIL

1. Descrición.

A política xuvenil dentro da nosa Comunidade Autónoma concíbese máis como unha acción global de goberno que como unha política sectorial, perseguindo como obxectivos os seguintes:

1. Potenciación e impulso dunha política integral de xuventude a través da Comisión Interdepartamental de Xuventude, promovendo entre tódolos departamentos da Xunta de Galicia con competencias nesta materia o desenvolvemento do Plan de acción xove 2000-2003.
2. Potenciación e acercamento de Galicia a Europa, poñendo ó alcance dos mozos galegos toda a información e formación sobre programas comunitarios para o aproveitamento dos recursos que a Unión Europea ten previstos para os xoves, promovendo especialmente a súa participación nos distintos programas.

3. Desenvolvemento e potenciación da Rede de instalacións xuvenís, en cooperación con outras entidades, a través de programacións anuais que posibiliten o seu uso durante todo o ano.
4. Continuación da tarefa de posta en marcha dos servizos de información xuvenil (SIX) a través da Rede galega de información e documentación xuvenil (RGIDX), como garantía dunha distribución e difusión, tanto da información elaborada polo centro coordinador como da elaborada polos propios servizos de información xuvenil, posibilitando que esta información sexa o máis ampla, obxectiva e actualizada posible, para garanti-la participación efectiva da xuventude na sociedade actual.
5. Potenciación dos programas formativos, tanto na educación medio ambiental como noutras temáticas máis especificamente dirixidas a diversos colectivos (informadores xuvenís, animadores socioculturais, asociacións xuvenís, etc.).
6. Promoción do asociacionismo xuvenil, apoiando as actividades e iniciativas das asociacións xuvenís e favorecendo a súa formación, información e o uso de infraestructuras.
7. Potenciación e fomento dos intercambios xuvenís con outras comunidades autónomas e dos programas de turismo xove.
8. Potenciación dos programas destinados á ocupación do ocio, lecer e tempo libre, procurando unha óptima ocupación das instalacións e infraestrutura con que conta a consellería para este fin.
9. Potenciación e impulso dos programas dedicados ás novas tecnoloxías, procurando a adaptación ós tempos actuais que esixen a utilización sistemática delas.

2. Actividades.

1. Desenvolvemento da 4ª edición do programa “Conducción segura”, que fomenta o comportamento responsable dos xoves conductores na estrada mediante a formación en educación vial que permita ós xoves acadar as habilidades necesarias para unha conducción segura e o programa “Agora Moto” que ten por obxectivo que a xuventude de 14 anos se inicie na conducción de ciclomotores de forma responsable.

2. Desenvolvemento de actividades de participación cos concellos , casas de xuventude e centros socio-culturais para fomenta-la ocupación do tempo libre dos xoves, dándolles alternativas ó seu tempo, poñendo especial énfase nas novas tecnoloxías.
3. Fomento da cooperación xuvenil dentro da Unión Europea e con terceiros países, particularmente con actividades de intercambio, de posta en común de traballos en materia de xuventude, iniciativas xuvenís e cooperación social a través do programa europeo xuventude.
4. Promoción e fomento da solidariedade e cooperación social a través da Oficina de Intermediación do Voluntariado Xuvenil.
5. Achega-la xuventude ó Parlamento Europeo mediante a participación dos centros educativos en Euroescola, estimulando o traballo sobre o proceso de construción da Unión Europea.
6. Promover encontros de traballo entre responsables de asociacións ou reunións de expertos en xuventude sobre temas de interese para a mocidade.
7. Concesión de subvencións ós concellos para a promoción da información xuvenil, desenvolvemento de programas educativos no tempo libre e para a construción e equipamento de centros destinados á xuventude co fin de facelos partícipes dunha política integral de xuventude.
8. Concesión de subvencións ás asociacións xuvenís para a realización dos seus programas e actividades.
9. Utilización das instalacións propias da consellería para que as asociacións xuvenís poidan desenvolve-los seus propios programas de actividades.
10. Desenvolvemento de programas formativos e outras actuacións especificamente dirixidas ás necesidades do movemento asociativo xuvenil, de xeito que os asistentes reciban unha formación básica naqueles aspectos que posibiliten unha dinamización e un desenvolvemento cualitativo destas entidades.
11. Organización e promoción de programas de actividades de tempo libre, tanto de carácter recreativo como formativo, con especial incidencia na campaña de verán e no programa de campos de traballo.

12. Fomento dos intercambios xuvenís, tanto con outras comunidades autónomas como con outros países do noso entorno xeográfico, propiciando o coñecemento doutras culturas por parte dos xoves galegos, así como o coñecemento da cultura.
13. Fomenta-la formación de técnicos en actividades de tempo libre mediante a dinamización da escola galega de tempo libre, subvencionando a realización de cursos por parte das escolas de tempo libre e organizando xornadas e actividades formativas dirixidas a este colectivo.
14. Desenvolvemento de programas educativos de carácter medioambiental coa finalidade de favorecer-lo coñecemento e a sensibilidade da xuventude sobre os diferentes ecosistemas que integran a Comunidade Autónoma galega, así como dos recursos naturais existentes. Neste marco poñerase en marcha a 3ª edición de “ATLÁNTIDA” e a 6ª de Espacios Naturais.
15. Desenvolvemento de programas de turismo xove e de programas e iniciativas que favorezan a autonomía do xove, así como a potenciación a través das novas tecnoloxías, da utilidade tanto do “carné xove” como o “carné máis”.
16. Desenvolvemento de programas de apoio ó estudante, poñendo a disposición destes as residencias xuvenís da consellería, e favorecendo a súa formación no estranxeiro, a través dun programa de bolsas.
17. Organización de cursos de formación específicos sobre diferentes temáticas dirixidos ós técnicos ou colectivos que traballan no ámbito da xuventude.
18. Promove-la posta en funcionamento de novas instalacións, basicamente orientadas á realización de actividades de carácter medioambiental no medio rural, en cooperación cos concellos.
19. Desenvolvemento de concursos, mostras e certames que posibiliten a participación dos xoves no ámbito artístico e artesanal.
20. Desenvolvemento de iniciativas ó longo do ano que faciliten a convivencia e intercambio de experiencias dos xoves en diferentes ámbitos da súa actividade, con especial incidencia no ámbito da informática, no que está previsto desenvolver un 3º encontro en Santiago de Compostela no que participarán centos de xoves interesados na materia durante os días 11, 12 e 13 de abril do ano 2003.

21. Desenvolvemento de campañas e estudos sobre as diferentes problemáticas que afectan á xuventude.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Xuventude.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 441A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

1. Descrición.

Destinado ó pagamento dos gastos ocasionados polas actividades de elaboración, publicación e difusión de estatísticas da consellería contempladas no programa estatístico da Comunidade Autónoma (Decreto 10/2001, do 17 de setembro, do Plan galego de estatística 2002-2006), así como doutras de interese xeral.

2. Actividades.

1. Estatística de adopcións e acollementos.
2. Estatística de familias numerosas.
3. Directorio de centros de infancia, de menores, da xuventude e da muller
4. Carné xove.
5. Directorio de fundacións e asociacións.
6. Directorio de oficinas de información xuvenil e para o emprego.
7. Rexistro de ofertas e demandas de traballo.
8. Situación económica e social da xuventude.
9. Tendencias de emprego.
10. Informe do paro rexistrado.
11. Directorio de escolas obradoiro e casas de oficios.
12. Directorio de técnicas locais de emprego.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

3.1.2 Do Organismo Autónomo

PROGRAMA 211A. DIRECCIÓN E SERVICIOS SOCIAIS DE PROTECCIÓN SOCIAL

1. Descrición.

Destinado ó pagamento das remuneracións do persoal do Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e a seguridade social destes.

2. Actividades.

Gastos de persoal do organismo.

3. Órgano encargado da súa execución.

Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

PROGRAMA 212A. PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS

1. Descrición.

O Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller impulsará a través da concesión de bolsas a titulados universitarios, a realización de estudos sobre a muller e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nas áreas de actuación da IV Conferencia mundial sobre a muller celebrada en Pekín en setembro de 1995.

Propiciará un contexto favorable á promoción e difusión dos principios de igualdade que xustifiquen a existencia do organismo tendentes, principalmente, á conciliación da vida familiar e laboral e á erradicación da violencia de xénero coa divulgación de campañas publicitarias sobre prevención, sensibilización e información dirixidas ós colectivos afectados e á sociedade en xeral.

Promoverá, coordinará e avaliará plans e programas de acción e actividades que, para a consecución dos obxectivos previstos na lei de creación do servizo, realicen os

distintos departamentos da Xunta de Galicia en temas que afecten á situación da muller, así como deputacións e concellos na formación de técnicos en “mainstreaming”, establecendo relacións e canles de participación axeitados.

Prestará un especial apoio ás actividades de estímulo das asociacións, federacións e outros organismos que traballan pola igualdade así como a formación e a promoción do emprego das mulleres e a súa información en tódolos eidos.

Finalmente, a través dos programas de atención especializada, fomentará accións dirixidas a determinados colectivos con necesidades específicas.

2. Actividades.

1. Organización de congresos, conferencias, exposicións, mesas redondas, foros, encontros e campañas divulgativas sobre temas específicos en materia de igualdade de oportunidades e potenciación da imaxe da muller galega, así como a súa participación naqueles foros onde se debata a súa situación no presente século e no Mercado Único Europeo.
2. Profesionalización do teléfono de asistencia gratuíta, dotándoo de persoal especializado e mantendo o seu servizo de atención directa durante as 24 horas do día.
3. Participación en xornadas nas que se aborde a problemática derivada da drogadicción, ludopatía, depresión, trastornos da conducta alimentaria, etc., facéndose eco da súa particular incidencia na discriminación e marxinação feminina.
4. Reforzamento dos servizos de información, asesoramento e orientación dirixidos a mulleres, especialmente no ámbito laboral, delimitando territorialmente as áreas de actuación e influencia dos centros de información á muller e realizando campañas divulgativas sobre as actividades e servizos que estes ofrecen.
5. Promoción e execución dos seguintes programas:
 - A) Programa de educación en igualdade dirixido a pais e nais, profesores e APAS, co fin de acadar unha educación integral do menor carente de calquera tipo de sesgo sexista.
 - B) Programas de información sobre aspectos sanitarios en colaboración coa Consellería de Emigración.

- C) Programa de tecnificación do asociacionismo feminino, procurando o intercambio de metodoloxía e o fomento do federacionismo entre institucións xa existentes e a realización de estudos sobre a situación da muller galega.
- D) Programa de formación de persoal cualificado para a atención ás mulleres nas súas problemáticas, cun período de prácticas en casas de acollida, centros de información á muller, centros de día para mulleres prostituídas, centros de atención ás mulleres reclusas, etc.
- E) Programa de formación ocupacional destinado a mulleres desempregadas co fin de mellora-la súa capacitación profesional cara á inserción laboral.
- F) Programa de formación profesional para mulleres ocupadas co fin de facilitarllela súa reciclaxe profesional e a promoción no mundo laboral.
- G) Programa de axudas á creación de empresas orientado a apoiar economicamente as iniciativas empresariais promovidas por mulleres.
- H) Programa de mulleres emprendedoras de Galicia, consistente en impartir formación en xestión empresarial tanto a mulleres ocupadas para procurarllela súa promoción profesional como a mulleres que previamente presentaron un proxecto empresarial viable, acompañada dunha fase de asesoramento técnico e tutoría personalizada para a posta en marcha do proxecto e o seu seguimento.
- I) Programa de avaliación de necesidades de políticas de igualdade nas empresas respecto ás súas traballadoras e elaboración dun plan de igualdade para incidir na participación da muller no mundo laboral con plena igualdade de oportunidades.
- J) Programa de atención a mulleres soas con cargas familiares non compartidas, orientado a facilita-lo seu acceso ó mercado laboral, consistente na creación dun servizo gratuíto de coidado ós menores.
- K) Programa dirixido a adolescentes embarazadas con problemas familiares que se vexan obrigadas a abandona-lo seu fogar.
- L) Programa de atención a mulleres anciás soas e con escasos recursos económicos.
- M) Programa de atención a mulleres que exerzan a prostitución. Para dállela formación e a información necesaria para a súa integración na sociedade, dende o punto de vista persoal e profesional.

- N) Programa de asistencia xurídica gratuíta ás mulleres vítimas de malos tratos, a través de avogados formados previamente polo organismo nesta atención especializada, que inclúa a asistencia xurídica gratuíta e a atención en xuízos de faltas.
- O) Programa de atención 24 horas ás mulleres, coa instauración dun centro 24 horas de atención permanente á muller, atendido por profesionais xurídicos que poidan dar contestación inmediata ás problemáticas de violencia que xurdan na nosa Comunidade Autónoma
- P) Programa de orientación e mediación para a atención de conflitos familiares, con servicios de atención, información, asesoramento e asistencia psicolóxica para homes con problemas de control e violencia no ámbito familiar.
- Q) Programa de axudas ás casas de acollida para mulleres vítimas de malos tratos ou violencia doméstica.
- R) Programa de formación e inserción sociolaboral para mulleres reclusas a través da asistencia nos centros penitenciarios, dende o punto de vista de formación e acollida fóra dos devanditos centros.
- S) Dentro da iniciativa comunitaria Equal, participación no proxecto Promociona, dirixido á promoción de novos métodos de loita contra as discriminacións e desigualdades de toda clase en relación co mercado de traballo.

3. Órgano encargado da súa execución.

Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

	SERVICIOS						TOTAL
	01	02	03	04	05	50	
211A DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PROTECCIÓN SOCIAL	20.179,8					713,3	20.893,1
211B DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PRESTACIÓNS SOCIAIS	16.746,3						16.746,3
212A PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS		16.232,2				7.861,5	24.093,7
212B CENTROS PARA SERVICIOS SOCIAIS		19.672,7					19.672,7
212D PENSIÓNS E PRESTACIÓNS EN SERVICIOS SOCIAIS		5.570,8					5.570,8
241A FOMENTO DO EMPREGO	13.944,1		53.569,3	87.580,5			155.093,9
241B FOMENTO DO EMPREGO. FSE			9.281,2	26.716,6			35.997,8
355B FOMENTO DA ACTIVIDADE XUVENIL	3.997,0				11.846,6		15.843,6
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	404,8						404,8
TOTAL	55.271,9	41.475,6	62.850,5	114.297,2	11.846,6	8.574,8	294.316,6

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS					TOTAL
	I	II	IV	VI	VII	
211A DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PROTECCIÓN SOCIAL	11.762,6	2.445,2		6.685,3		20.893,1
211B DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PRESTACIÓNS SOCIAIS	15.079,8	584,7		1.081,8		16.746,3
212A PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS		732,3	23.361,5			24.093,7
212B CENTROS PARA SERVICIOS SOCIAIS	1.002,5	18.670,2				19.672,7
212D PENSIÓNS E PRESTACIÓNS EN SERVICIOS SOCIAIS			287,9		5.282,9	5.570,8
241A FOMENTO DO EMPREGO	19.764,5	5.368,6	129.371,8	198,3	390,7	155.093,9
241B FOMENTO DO EMPREGO. FSE	418,9	3.550,9	32.027,9			35.997,8
355B FOMENTO DA ACTIVIDADE XUVENIL	6.278,3	3.997,0	2.918,5	1.562,0	1.087,8	15.843,6
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA				404,8		404,8
TOTAL	54.306,6	35.348,9	187.967,5	9.932,2	6.761,4	294.316,6

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	37.158,6	38.626,1	3,9
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	7.744,2	8.335,8	7,6
Cap. VI	Investimentos reais	7.915,3	8.310,1	5,0
TOTAL		52.818,1	55.271,9	4,6

(Miles de euros)

02	D. X. DA FAMILIA	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	923,9	1.002,5	8,5
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	16.650,8	18.670,2	12,1
Cap. IV	Transferencias corentes	18.289,2	16.520,1	-9,7
Cap. VII	Transferencias de capital	5.246,8	5.282,9	0,7
TOTAL		41.110,7	41.475,6	0,9

(Miles de euros)

03	D. X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	5.321,6	5.442,7	2,3
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	6.350,4	6.377,9	0,4
Cap. IV	Transferencias corentes	50.424,8	50.579,2	0,3
Cap. VI	Investimentos reais	62,0	60,1	-3,1
Cap. VII	Transferencias de capital	210,4	390,7	85,7
TOTAL		62.369,3	62.850,5	0,8

(Miles de euros)

04	D. X. DE FOMENTO DO EMPREGO	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	2.199,6	2.243,8	2,0
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	1.232,8	1.232,8	0,0
Cap. IV	Transferencias corentes	107.977,8	110.820,6	2,6
TOTAL		111.410,2	114.297,2	2,6

(Miles de euros)

05	D. X. DE XUVENTUDE	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	5.780,3	6.278,3	8,6
Cap. IV	Transferencias corentes	2.318,5	2.918,5	25,9
Cap. VI	Investimentos reais	1.430,4	1.562,0	9,2
Cap. VII	Transferencias de capital	1.033,7	1.087,8	5,2
TOTAL		10.562,9	11.846,6	12,2

(Miles de euros)

50	SGPIHM	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	594,1	713,3	20,1
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	696,2	732,3	5,2
Cap. IV	Transferencias corentes	7.031,3	7.129,2	1,4
TOTAL		8.321,7	8.574,8	3,0

(Miles de euros)

SERVICIO	2002	2003	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL	52.818,1	55.271,9	4,6
02 D. X. DA FAMILIA	41.110,7	41.475,6	0,9
03 D. X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN	62.369,3	62.850,5	0,8
04 D. X. DE FOMENTO DO EMPREGO	111.410,2	114.297,2	2,6
05 D. X. DE XUVENTUDE	10.562,9	11.846,6	12,2
50 SGPIHM	8.321,7	8.574,8	3,0
TOTAL	286.592,9	294.316,6	2,7

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transf. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Persoal	51.384,1	53.593,4	594,1	713,3			51.978,2	54.306,6
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	31.978,2	34.616,6	696,2	732,3			32.674,4	35.348,9
Cap. IV Transferencias correntes	187.331,9	189.413,1	7.031,3	7.129,2	8.321,7	8.574,8	186.041,6	187.967,5
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>270.694,2</i>	<i>277.623,0</i>	<i>8.321,7</i>	<i>8.574,8</i>	<i>8.321,7</i>	<i>8.574,8</i>	<i>270.694,2</i>	<i>277.623,0</i>
Cap. VI Invetimentos reais	9.407,8	9.932,2					9.407,8	9.932,2
Cap. VII Transferencias de capital	6.490,9	6.761,4					6.490,9	6.761,4
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>15.898,7</i>	<i>16.693,6</i>					<i>15.898,7</i>	<i>16.693,6</i>
TOTAL BRUTO	286.592,9	294.316,6	8.321,7	8.574,8	8.321,7	8.574,8		
TRANSFERENCIAS INTERNAS	8.321,7	8.574,8						
TOTAL CONSOLIDADO	278.271,2	285.741,8	8.321,7	8.574,8	8.321,7	8.574,8	286.592,9	294.316,6

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	10	10
<i>Persoal funcionario</i>	898	908
Grupo A	196	207
Grupo B	173	169
Grupo C	196	194
Grupo D	299	304
Grupo E	34	34
<i>Persoal laboral</i>	1.056	1.037
Grupo I	150	159
Grupo II	251	243
Grupo III	209	209
Grupo IV	68	65
Grupo V	378	361
TOTAL	1.964	1.955

Servicio Galego de Igualdade

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	1	1
<i>Persoal funcionario</i>	16	19
Grupo A	6	8
Grupo B	3	3
Grupo C	2	2
Grupo D	4	5
Grupo E	1	1
<i>Persoal laboral</i>	3	3
Grupo I	1	1
Grupo II	1	1
Grupo IV	1	1
TOTAL	20	23

SECCIÓN 15.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.

1. COMPETENCIAS

Esta consellería, clasificada como Sección 15 para os efectos orzamentarios, está configurada, en virtude das normas reguladoras que seguidamente se expresan, do seguinte xeito:

O Decreto 310/2001, do 17 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, dispón no seu artigo 12 que a Consellería de Medio Ambiente se estrutura nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.
2. Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.
3. Dirección Xeral de Conservación da Natureza.
4. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
5. Centro de Desenvolvemento Sostible.

En consecuencia coas anteriores normas e para os efectos da súa clasificación orzamentaria, os servicios integrados nesta consellería levan os seguintes ordinais:

- 01. Secretaría Xeral.
- 02. Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.
- 03. Dirección Xeral de Conservación da Natureza.
- 04. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- 05. Centro de Desenvolvemento Sostible.

En virtude do Decreto 111/1992, do 11 de abril, constitúese a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., para planificar e xestiona-lo tratamento e eliminación dos residuos sólidos urbanos e asimilables da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do Decreto 310/2001, do 17 de decembro, no seu artigo 12, queda adscrito á Consellería de Medio Ambiente o organismo autónomo Augas de Galicia.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

2.1 DA CONSELLERÍA

Rematado o primeiro ano da segunda lexislatura de existencia da Consellería de Medio Ambiente, que coincidiu co comezo dunha nova etapa na que se asumiron novas competencias e se reestruturaron en certa medida as que lle eran xa propias, os orzamentos para o exercicio 2003 propóñense co obxectivo de continua-lo avance que Galicia está a experimentar en canto á protección do medio ambiente e dos seus recursos naturais no camiño do desenvolvemento sostible.

A reestruturación efectuada neste departamento pretendía adapta-lo seu funcionamento e a súa actuación á realidade actual que, tanto a nivel do Estado coma do europeo e mundial, están a marca-las políticas e acordos en materia de medio ambiente.

Galicia está a consolida-la súa modernización, o que implica unha absoluta incardinación no contexto exterior, e, en materia ambiental, ese contexto está actualmente a evolucionar de forma evidente.

O desenvolvemento sostible e as súas implicacións ambientais constitúen cada vez máis o centro do debate internacional. Dez anos despois do *Cumio de Río de Janeiro*, no que se sentaron as bases dese camiño, o recente *Cumio de Johannesburgo* confirmou que esas bases seguen vixentes, ratificando os principios de Río, reafirmando os compromisos coas metas acordadas entón e fixando como obxectivos horizontais e requisitos indispensables para o desenvolvemento sostible a erradicación da pobreza, o cambio nas pautas insostibles de consumo e produción e a protección e xestión da base natural de recursos sobre a que se asenta o desenvolvemento económico e social.

Cara eses obxectivos se diríxese o labor da Consellería de Medio Ambiente, con base tamén no exposto no programa de goberno da Xunta de Galicia 2002-2005 e no VI Programa de acción da Comunidade Europea en materia de Medio Ambiente.

A creación dunha dirección xeral específica para o desenvolvemento sostible –Centro de Desenvolvemento Sostible- proba que a política ambiental da Xunta de Galicia se integra perfectamente nesa realidade actual.

Acadar un desenvolvemento para Galicia que se basee no aproveitamento dos recursos de forma compatible coa súa preservación, de cara a mellora-la calidade de vida de tódolos galegos e a lograr un progreso con garantías de futuro é o obxectivo xeral desa política e das actuacións previstas na proposta de orzamentos para o ano 2003.

No dito exercicio continuaranse os plans iniciados para as distintas materias competencia da consellería, tendo en conta que a maior parte deles son, pola propia natureza das accións e obxectivos que comprenden, plans a medio ou longo prazo.

Os ditos plans encádranse, fundamentalmente, no marco das grandes estratexias que marcan as pautas de acción do departamento nos eidos da xestión de residuos, de desenvolvemento sostible, de conservación da biodiversidade, de xestión forestal sostible e de educación ambiental.

Doutra banda, dentro das estratexias ou paralelamente a elas, desenvolveranse novas actuacións, derivadas ben da propia progresión dos plans iniciados anteriormente, ben da aparición de novas necesidades.

Así, no eido da conservación da natureza, e ademais da coxestión co Estado do Parque nacional das illas atlánticas e da consolidación do recentemente declarado Parque natural da serra da Enciña da Lastra, pódese destaca-la consolidación da proposta galega á rede europea Natura 2000, continuando a elaboración dos plans de xestión necesarios para a conservación dos seus valores naturais e dos seus usos tradicionais.

Doutra banda, no marco das iniciativas europeas, a consellería ten previsto presentar un ambicioso programa á iniciativa comunitaria Interreg, conxuntamente co Norte de Portugal, para acadar unha mellora substancial nos espazos protexidos existentes a ámbolos dous lados da fronteira, ademais de participar en dous proxectos Life centrados nos Ancares e nos humidais da Terra Chá.

Neste exercicio, a consellería ten previsto tamén, doutra banda, o inicio da construción dun gran centro de recuperación para os mamíferos mariños.

Neste ámbito do medio natural, avanza igualmente nos plans de recuperación dos ecosistemas fluviais e da riqueza cinxética.

A xestión forestal sostible seguirá a impulsarse mediante a continuación das accións de ordenación, reestructuración e desenvolvemento do sector forestal e de mellora forestal e primeira transformación da madeira. Accións que se concretan na produción e mellora de semente e da planta forestal; tratamentos selvícolas; repoboacións forestais; defensa contra pragas; ordenacións e plans técnicos; formación e apoio técnico; e apoio ás empresas de aproveitamento forestal e ás industrias de primeira transformación de produtos forestais.

Estes plans complementáanse coas accións de prevención e extinción de incendios forestais.

No ámbito da calidade ambiental, seguirá o desenvolvemento do Plan de xestión de Residuos Sólidos Urbanos e, dentro del, a clausura e selado de vertedoiros, a construción de depósitos controlados para residuos da construción, a eliminación de puntos de vertido incontrolado e a construción de puntos limpos, en colaboración coas corporacións locais.

Iniciárase, ademais, a construción dunha planta de residuos voluminosos, iniciativa pioneira que ven completa-lo conxunto de infraestruturas necesarias para unha óptima xestión dos residuos producidos no fogar. Igualmente, preténdese a implantación progresiva de unidades de transferencia para residuos industriais de pequenos produtores, “centros verdes de apoio a actividades productivas de pequenas empresas”.

En canto á inspección ambiental, proseguirase na liña de aplicación e desenvolvemento do Plan xeral de inspección anual, tentando fortalecer os mecanismos de colaboración co Seprona, Policía Autonómica e Policía Local.

Ó mesmo tempo, no eido da avaliación, seguirá na liña de resposta eficaz na emisión de declaracións e dictames ambientais e reforzaranse as actividades dirixidas ó cumprimento da normativa.

No marco da estratexia galega de desenvolvemento sostible iniciárase en 2003 a segunda fase de acción, unha vez rematada en 2002 a primeira coa redacción do documento “Cara a unha estratexia galega de desenvolvemento sostible: integración do medio ambiente”, que tratou de integra-la variable ambiental nas políticas sectoriais que executa o Goberno galego.

Esta segunda fase céntrase na redacción definitiva da estratexia galega, que definirá o camiño a seguir pola nosa sociedade para o logro dun desenvolvemento respectuoso co medio co obxecto de dotalo de continuidade.

Doutra banda, proseguirán as accións de implantación da Axenda 21 a nivel local, tanto nas principais vilas galegas, nas que se desenvolverán ademais auditorías urbanas, coma nos municipios rurais.

Igualmente, desenvolveráanse actuacións destinadas a avaliar tanto a contribución de Galicia sobre o fenómeno do cambio climático coma as súas repercusións na nosa Comunidade.

Ademais actuarase en proxectos de cooperación exterior en temas ambientais, dirixidos a Latinoamérica e a países candidatos á adhesión á Unión Europea, seguindo a reafirmación feita no *Cumio de Johannesburgo* sobre a necesidade de proporcionar axuda ós países en vías de desenvolvemento como unha das principais tarefas para frea-lo deterioro do planeta.

Así mesmo, intensificarase o labor de extensión dunha cultura ambiental en Galicia, a través das actividades de educación, información e difusión. Cómpre destacar, neste eido, a posta en funcionamento do Observatorio de Educación Ambiental, a realización de cursos de temática ambiental en colaboración coa Consellería de Educación ou a continuación do proceso de integración na rede EIONET –Rede de Información da Axencia Europea de Medio Ambiente–.

A asunción por parte da sociedade, e especialmente das empresas, das súas responsabilidades respecto do medio ambiente require o avance en materia de tecnoloxía. Nese sentido, avanza-se na promoción da produción limpa, profundizando no coñecemento das tecnoloxías que se están a empregar e das que se poderían aplicar como mellora ambiental, así como no deseño e desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos que permitan un seguemento do estado ambiental de Galicia.

Por último, no que respecta ás competencias en materia de augas, e ademais das actuacións enmarcadas no Plan hidrolóxico Galicia-Costa e no Plan de saneamento, así como as de abastecemento, neste exercicio orzamentario darase especial importancia á sensibilización dos cidadáns sobre o uso racional da auga como recurso público imprescindible pero escaso, seguindo as directrices establecidas na Unión Europea e singularmente a Directiva Marco da Auga. Con ese fin, desenvolveráanse políticas efectivas de comunicación, continuando a xa iniciada en 2002.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

AUGAS DE GALICIA

O organismo autónomo Augas de Galicia configúrase, de acordo co previsto na Lei 8/1993, de Administración hidráulica de Galicia e no Decreto 108/1996 polo que se aproba o seu regulamento, como o elemento central na execución da política de augas en Galicia, en particular a través da xestión e administración dos recursos hidráulicos e da realización das actuacións necesarias para garanti-lo seu óptimo uso e adecuado estado.

O exercicio orzamentario 2003 centrarase no desenvolvemento das seguintes liñas de actuación, xa marcadas en 2002:

1. Execución do plan hidrolóxico Galicia-costa.

Un dos eixos fundamentais de actuación na política de Augas de Galicia ven determinado polo desenvolvemento e execución do Plan hidrolóxico Galicia-Costa, ó tempo que se continua a súa progresiva adaptación ós requirimentos da Directiva 2000/60/CE, pola que se establece un marco comunitario de actuación no eido da política de augas.

Cómpre destacar como actuacións máis salientables no marco deste Plan as seguintes, xa comezadas en exercicios anteriores:

- A) As destinadas á mellora da avaliación dos recursos hídricos existentes así como a profundizar no grao de coñecemento da súa calidade, co fin de optimiza-la súa xestión.

- B) As vencelladas á ordenación e recuperación de marxes e ribeiras, co fin de evitar impactos ambientais negativos e eventuais obstrucións en períodos de enchenta.
- C) As dirixidas á mellora dos regadíos existentes e á adecuación das dotacións.
- D) As orientadas á conservación e recuperación do medio hídrico.
- E) As enfocadas á protección fronte asolagamentos, a través principalmente da delimitación das zonas asolagables e da elaboración dun programa de seguridade das presas.
- F) As necesarias para levar a cabo o progresivo deslinde do dominio público-hidráulico e das zonas de policía.

Este plan abrangue, así mesmo, as actuacións consistentes na construción de infraestructuras de saneamento e abastecemento no ámbito territorial Galicia-Costa.

2. Execución do plan de saneamento:

As actuacións incluídas no Plan de Saneamento abranguen o totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que a súa execución vai máis aló do desenvolvemento do Plan hidrolóxico Galicia-Costa.

A finalidade deste plan consiste basicamente en evita-los efectos ambientais negativos derivados do vertido de augas residuais, cumprindo cos requirimentos da Directiva 91/271/CEE relativa ó tratamento das augas residuais urbanas.

Neste exercicio orzamentario continuarase coa realización das obras hidráulicas previstas no plan, consistentes principalmente na construción de estacións depuradoras de augas residuais e de redes de colectores, e procederase á contratación e execución de novas obras programadas. Continuarase así mesmo co impulso á execución do protocolo de colaboración co Ministerio de Medio Ambiente para a execución das obras hidráulicas de interese xeral, estando prevista a sinatura de novos convenios de colaboración no cadro do citado protocolo.

3. Actuacións de abastecemento:

O ámbito territorial destas actuacións, ó igual que no caso do Plan de saneamento, esténdese a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais de continuar coa construción das infraestructuras necesarias para garanti-lo abastecemento de auga potable ós núcleos de poboación, no exercicio 2003 está previsto o inicio dos traballos de elaboración dun plan de abastecemento que incluírá a programación e priorización das actuacións a realizar nos vindeiros anos. Este plan basearase no inventario do estado das infraestructuras existentes, que se atopa actualmente en execución.

4. Actuacións de sensibilización cidadá sobre o uso racional da auga.

Seguindo as directrices establecidas na Unión Europea, cómpre concienciar á poboación da singular importancia da auga como recurso público imprescindible pero escaso, establecendo políticas de comunicación efectivas para o logro deste obxectivo.

Así mesmo, a Directiva 2000/60/CE obriga ós estados a que o custo real do uso deste recurso sexa repercutido no seu destinatario final, o que implica sen dúbidas un notable cambio de mentalidade na poboación.

Con esta dobre finalidade continuarase coa execución da campaña de comunicación sobre o uso racional da auga, iniciada en 2002, e que está previsto que se estenda alomenos ata 2005. No cadro desta campaña levaranse a cabo accións de información sobre o ciclo do auga, a importancia de mante-la súa calidade e a responsabilidade de cada un nese obxectivo, incidindo moi especialmente na necesidade de colaborar no aforro do seu uso.

2.3 DA SOCIEDADE PÚBLICA

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. (SOGAMA)

1. Descrición.

O orzamento de Sogama para 2003, elaborouse á luz do mellor coñecemento actual da marcha da sociedade. Para iso partiuse das seguintes premisas:

1. Cantidades de residuos.

Suponse unha recepción de residuos acorde coa produción dos últimos meses con tódalas plantas de transferencia en funcionamento, o cal supón 660.000 Tm/ano de RU.

En canto á recollida selectiva, suponse un crecemento acorde coa previsión de incorporación de novos concellos.

A) Réxime de funcionamento do Complexo Medioambiental de Cerceda.

Estimase un funcionamento medio do complexo equivalente ó 80% do réxime nominal das instalacións, habida conta das paradas programadas.

A explotación comercial das instalacións levarase a cabo durante todo o ano.

B) Consideracións financeiras.

Prevese realizar en 2003 a formalización do *Project Finance*, diminuíndo así a débeda a curto prazo.

Prevéese, así mesmo, o cobro das subvencións pendentes de Bruxelas e da planta de tratamento de residuos animais.

2. Orzamento de explotación. Gastos.

Recolle os gastos de persoal, as amortizacións correspondentes ó inmovilizado actual da sociedade e a súa evolución durante 2003, de servizos exteriores e gastos financeiros.

3. Orzamento de explotación. Ingresos.

Incluense os ingresos por vendas netas –de materiais reciclables, valorización de envases e tratamento de residuos animais, así como de enerxía– e polo cobro do canon de residuos urbanos ós concellos, xunto con ingresos financeiros e asimilados.

4. Orzamento de capital

O orzamento de capital recolle as variacións correspondentes á formalización do *Project Finance*, ó traspaso de débeda a longo prazo e ó cobro das subvencións pendentes.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1. DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1. Da Consellería

PROGRAMA 342A. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE

DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA.

1. Descrición.

O obxectivo deste programa é a conservación dos espazos naturais protexidos e dos hábitats naturais, así como das especies de flora e fauna, con especial atención ás especies autóctonas e ás ameazadas. A estes obxectivos hai que engadi-la xestión sostible da riqueza cinexética e dos recursos piscícolas das augas continentais de Galicia. Deste xeito, asegúrase a permanencia das poboacións de animais salvaxes, á vez que se contribúe ó desenvolvemento rural perante a creación de emprego, contribuíndo a fixa-la poboación en zonas desfavorecidas, constituíndose como un dos recursos con máis futuro no desenvolvemento sostible destas áreas.

2. Actividades.

1. CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE.

A conservación da biodiversidade enmarcase, na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia, que ten por obxecto “a conservación do medio natural, os seus recursos, así como a xestión sostible dos espazos naturais e a flora e fauna silvestres, ademais da xea da Comunidade Autónoma de Galicia” e por finalidade, “o establecemento de medidas de xestión encamiñadas á protección, conservación, restauración, mellora e

xestión dos recursos naturais, así como a difusión dos seus valores, garantindo a necesidade que ten a sociedade de aproveitar-los seus sistemas naturais e os seus recursos, para que a súa utilización se produza de xeito compatible coa súa conservación racional e non mingüe a súa capacidade de uso e desfrute polas xeracións futuras”.

A conservación da biodiversidade é o obxectivo fundamental da declaración, nas súas distintas categorías, dos espazos naturais protexidos. Dentro da rede de espazos naturais da Comunidade Autónoma, destacan os parques naturais pola súa importancia e antigüidade, coa súa liña de investimentos encamiñada ó mantemento das funcións e valores definidos dende a súa creación, así como a execución das obras e traballos necesarios de dotación de infraestructuras e persoal, aspecto que se traducirá en novas prazas de fixos discontinuos.

No presente exercicio prevese a consolidación do parque natural da Serra da Enciña da Lastra, no concello de Rubiá (Ourense), principal expoñente dos ecosistemas mediterráneos de Galicia, e que foi declarado Parque Natural no ano 2002. Tamén está prevista para este ano a aprobación da ampliación do Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, ata conseguir dar unha continuidade física ó Parque Nacional portugués da Peneda - Gerês.

Así mesmo, no eido da conservación destaca a consolidación da proposta galega á rede europea Natura 2000, que ven de ser declarada toda ela dentro da figura de “zonas de especial protección de valores naturais”, e para a que se continuarán elaborando os plans de xestión necesarios para a conservación dos seus valores naturais e dos seus usos tradicionais. Nos restantes espazos naturais protexidos continuaranse coa liña de xestión actual, facéndose especial fincapé nos humedais protexidos.

A Consellería de Medio Ambiente vai presentar un ambicioso programa á iniciativa comunitaria Interreg, para conseguir, xunto co Norte de Portugal, unha mellora substancial nos espazos protexidos existentes a ámbolos dous lados da fronteira, con especial incidencia nas especies emblemáticas comúns, como poden se-los peixes migradores, como o salmón atlántico. Dentro desa proposta, realizaranse accións comúns de conservación nos parques naturais de Aloia, Baixa Limia e Invernadeiro, e nos LICs das Gándaras de Budiño, Macizo Central, Pena Maseira e o río Miño.

Polo que respecta á iniciativa LIFE, a Comunidade Autónoma participa en dous proxectos, (Ancares de Galicia: xestión coordinada de dous LICs contíguos), e “conservación e xestión sostible dos humedais da Terra Cha”.

En canto ó resto das accións a desenvolver dentro de marco de conservación da biodiversidade, continuarase coas liñas de axudas existentes, dentro das que cómpre salienta-la orde de axudas que vai servir para implementar medidas compensatorias para os habitantes dos contornos dos espazos naturais protexidos.

Tamén é salientable a creación dunha nova partida, destinada a financiar actuacións para desenvolve -lo uso sociorecreativo do medio natural.

A Consellería de Medio Ambiente encetará a construción dun gran centro de recuperación para os mamíferos mariños, que servirá ademais para fomenta-lo noso coñecemento destas especies, e divulga-lo seu valor cara os cidadáns.

Tamén se porán en marcha no 2003 os principais rexistros e catálogos de especies ameazadas e de árbores e rodais senlleiras, previstos na lei galega de conservación da natureza, para o que se encetaron xa os estudos necesarios en 2002.

2. XESTIÓN SOSTIBLE DA RIQUEZA CINEXÉTICA E PISCÍCOLA.

As accións relacionadas coa xestión sostible da riqueza cinexética e piscícola desenvólvense en dous plans, orientados fundamentalmente ás especies obxecto de aproveitamento, contemplando asemade accións para a conservación da biodiversidade:

- A) Plan de recuperación dos ecosistemas fluviais.
- B) Plan de recuperación da riqueza cinexética.

A continuidade das liñas establecidas é imprescindible para acada-los obxectivos marcados, destacando o fomento da accesibilidade de especies migratorias mediante a redacción e execución dos correspondentes proxectos de escalas; a mellora dos coutos e da sinalización; os estudos para o establecemento de caudais ecolóxicos, piscifactorías industriais e o inventario das poboacións e obstáculos.

Por outra banda, continuarase co desenvolvemento das accións definidas no Plan de ordenación dos ecosistemas fluviais galegos, fundamentalmente nas liñas de adecuacións de refuxios de pescadores, de pasarelas e de modernización das

piscifactorías de exemplares salvaxes como reforzo ás poboacións, con xestión a cargo desta consellería. Tamén é salientable a creación dunha nova liña de axuda encamiñada ás asociacións de pescadores, para desenvolver actuacións a prol da mellora das posturas, vixilancia dos coutos e colaboración coa consellería en melloras de hábitat e fomento das poboacións.

O Plan de recuperación da riqueza cinexética persigue a xestión sostible do recurso a través do aproveitamento ordenado, fomentando a conservación dos hábitats, a participación social e a economía rural.

Para acadar estes obxectivos continuaranse as accións de fomento e recuperación das especies cinexéticas en base ós estudos que se están a realizar, complementándose coas accións de modernización das instalacións productoras, fundamentalmente en semiliberdade.

Igualmente, iniciarase a creación das aulas de formación medioambiental de cazadores e pescadores.

Como membros da Fundación Rof Codina, e a través dela, continuarase co fomento e xestión da Rede galega de centros de recuperación da fauna salvaxe, así como da liña de colaboración en materia de análises, principalmente sanitarias.

Tamén se continuará na liña, encetada en 2002, de rexistro de animais de compañía, e con especial fincapé nos cans potencialmente perigosos.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL.

1. Descrición.

Dentro das competencias que ten atribuídas a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, as súas actuacións diríxense a controlar e avalía-la incidencia da actividade humana sobre o medio e a promover sistemas de corrección da dita incidencia, mediante o desenvolvemento de normativa, a prevención e redución na produción de residuos, a recuperación de solos contaminados, a emisión de declaracións e dictames ambientais e o desenvolvemento da inspección ambiental.

2. Actividades.

1. CALIDADE AMBIENTAL.

Dentro das competencias que ten atribuídas a Subdirección Xeral de Calidade, co obxectivo de favorecer a prevención e redución na produción de residuos as actuacións que se pretenden levar a cabo no vindeiro ano xiran en torno ós seguintes grandes ámbitos:

A) Adecuación, clausura e selado de vertedoiros e outras infraestructuras:

a) Clausura de vertedoiros de RSU.

Esta prevista a execución de 32 novas obras de selado de vertedoiros, en colaboración cos concellos. Así mesmo, está prevista a eliminación doutros 87 puntos de vertido incontrolados detectados nas catro provincias.

b) Construcción de depósitos controlados de residuos da construción e demolición.

Para o ano 2003 esta prevista a construción doutros 10 depósitos de residuos de construción nas catro provincias galegas.

c) Creación de puntos limpos.

Para 2003 está prevista a construción de 18 novos puntos limpos.

d) Construcción dunha planta de residuos voluminosos.

A construción desta planta, que se atopa neste momento na fase de trámite ambiental, vincúlase moi directamente cos puntos limpos, pois será o punto de destino de moitos dos residuos recollidos naqueles, aportando así unha solución ó problema dos chamados residuos de liña branca como lavadoras, neveiras e outros electrodomésticos en xeral así como mobles.

e) Centros verdes para residuos industriais de pequenos produtores en polígonos industriais.

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pretende a implantación progresiva de unidades de transferencia para residuos industriais de pequenos produtores denominados centros verdes de apoio a actividades productivas de pequenas empresas.

Deste xeito, está prevista a construción de tres centros verdes en Narón, Rábade e San Cibrao das Viñas.

B) Recuperación de solos contaminados.

No ano 2003 está prevista a publicación dun novo concurso que permitirá continuar coas actividades de caracterización noutros emprazamentos contaminados, cunha previsión de gasto de 732.355'4 € (dos cales 680.851'4 irán con cargo os orzamentos de 2003).

C) Xestión de residuos.

A progresiva clausura de vertedoiros que se está a levar a cabo non sería posible se antes non se trata de dar unha solución alternativa a todos aqueles residuos que tradicionalmente se eliminaban a través de vertedoiro sobre todo no que atinxe á prevención e redución dos residuos xerados e ó fomento da recollida selectiva como peza clave do funcionamento de todo o sistema.

Neste senso, varias son as actuacións previstas para o exercicio 2003 que permitirán seguir na liña de resultados acadados en anos anteriores:

a) Sistemas integrados de xestión e a recollida selectiva de envases e residuos.

A liña de actuación a seguir irá destinada á ampliación destes sistemas de recollida selectiva ó maior número posible de concellos e de cidadáns.

Neste momento temos 279 concellos adheridos ó Sistema integrado de xestión Ecoembes (251 concellos implantados) e 196 adheridos a Ecovidrio o que nos permite falar de 2.599.327 galegos que dispoñen de sistemas de recollida selectiva.

b) Recollida selectiva de pilas.

Neste próximo ano preténdese mellorar-lo sistema de contenerización e recollida de pilas mediante a reposición dos contenedores deteriorados ou perdidos así como mediante o establecemento dun sistema de recollida de pilas en barcos pesqueiros.

Así mesmo, neste ano 2003 procederase a convocar unha edición máis dos concursos celebrados xa en ocasións anteriores coa finalidade de fomentar a recollida de pilas usadas entre os alumnos e alumnas de centros docentes da nosa Comunidade Autónoma.

c) Campañas de información e sensibilización: proxecto Cecotrans

En materia de residuos industriais, a Consellería de Medio Ambiente participará nun proxecto cofinanciado con cargo a Feder no que tamén colaboran conxuntamente con outros axentes económicos, sociais e políticos da nosa Comunidade co obxectivo de senta-las bases para a posta en marcha dun Observatorio Medioambiental para o estudo e análise da xestión de residuos industriais que abordará a viabilidade da posta en marcha dun polígono trasfronteirizo medioambiental. Así mesmo, outro dos aspectos que aborda este proxecto ten que ver co establecemento dun sistema informático sobre o traslado de residuos trasfronteirizos.

d) Residuos agrarios.

En materia de residuos agrarios destaca-la implantación dun Sistema integrado de xestión de envases fitosanitarios, Sigfito, que permitirá mellora-la recollida deste tipo de residuos.

2. AVALIACIÓN AMBIENTAL.

Nesta área a consellería conta cos medios idóneos que garanten a calidade nas declaracións e dictames ambientais. O incremento dos expedientes tramitados non impediou que a Dirección Xeral dera unha resposta áxil ás demandas dos administrados. No ano 2003 seguirase nesta liña de resposta eficaz na emisión de declaracións e dictames ambientais e reforzaranse as actividades encamiñadas ó cumprimento da normativa específica ambiental e as adaptacións da normativa xeral. Así mesmo, xestionarase o seguimento dos pactos ambientais.

3. INSPECCIÓN AMBIENTAL.

No ano 2003 proseguirase na liña de aplicación e desenvolvemento do Plan xeral de inspección anual tentándose fortalecer-los mecanismos de cooperación e colaboración cos distintos organismos: Seprona, Policía Autonómica e Policía Local.

4. LABORATORIO DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA.

No ámbito do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia as accións a desenvolver en liñas xerais son:

a) Acreditación ENAC UNE-EN ISO/IEC 17025.

- b) Garanti-los resultados dos ensaios de intercomparación con outros laboratorios.
- c) Continuación dos proxectos a escala (Plan nacional de medición de partículas, auga de choiva, Rede galega de calidade do aire).
- d) Mellora das Redes de Control Ambiental.

CENTRO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.

1. Descrición.

As actuacións previstas neste marco competencial para o ano 2003 encádranse dentro do programa de goberno 2002-2005 en materia de medio ambiente así como nos principios recollidos no VI Programa de acción comunitaria en materia medioambiental.

A efectos dunha máis fácil comprensión, a presente memoria configúrase en función dos criterios recollidos na estrutura orgánica.

2. Actividades.

1. PLANIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.

Para a promoción e incorporación efectiva do concepto de desenvolvemento sostible na sociedade galega deséñanse catro eixos de actuación:

A) Estratexia galega de desenvolvemento sostible.

As actuacións deste eixo estanse a desenvolver en dúas fases: unha primeira fase que rematou no ano 2002 coa redacción do documento “Cara a unha estratexia galega de desenvolvemento sostible: integración do medio ambiente”, que tratou de integra-la variable ambiental nas políticas sectoriais que executa o goberno galego e da que se obterán neste exercicio os primeiros resultados. O obxectivo consiste en lograr que a actuación interna do goberno sirva de exemplo e amose a vontade decidida de incorporar ás súas políticas un modelo de desenvolvemento acorde co respecto ó medio ambiente.

A segunda fase que se está a desenvolver é a redacción do documento “Estratexia galega de desenvolvemento sostible”, na que se tratará de defini-lo camiño polo que terá que seguir a nosa sociedade se quere crecer, mellora-la súa cohesión social e ser respectuosa cos seus recursos naturais, non estragando a herdanza recibida e mellorándoa no posible para as vindeiras xeracións.

Esta fase realizarase procurando acadalo maior consenso posible cos diversos axentes económicos e sociais galegos, pois o seu apoio será fundamental para acadalos fins e metas que se definan.

B) O desenvolvemento sostible no ámbito local.

Trátase de impulsar que o concepto de desenvolvemento sostible sexa tamén asumido polas administracións locais, pois son o primeiro escalón onde comezan as actividades máis próximas o cidadán.

Para promover e apoiar as actuacións destas unidades territoriais considérase que a Axenda 21 é o instrumento máis adecuado. En consecuencia, proseguirase co fomento activo da implantación deste instrumento nos concellos e mancomunidades de Galicia.

Con este fin diferenciaranse actividades en dous eidos:

- a) Por unha banda impulsarase a implantación da Axenda 21 conxuntamente coa auditoría urbana nas principais vilas galegas, no cadro da colaboración existente entre a Consellería de Medio Ambiente e o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.
- b) Por outra banda promocionarase a implantación da Axenda 21 polos municipios rurais, dando prioridade ás mancomunidades como unidade máis adecuada e eficiente para a súa realización.

C) Actuacións en cambio climático.

Respecto a este fenómeno global as actuacións irán encamiñadas a:

- a) Avaliación da contribución de Galicia, tanto analizando as emisións de gases de efecto invernadoiro como o efecto sumidoiro dos solos e os bosques.
- b) Seguimento do fenómeno a través da rede de estacións climatolóxicas e meteorolóxicas do Centro de Desenvolvemento Sostible.
- c) Investigación sobre o posible impacto que a súa evolución pode ter sobre o

territorio galego, empregando os escenarios e modelos analíticos que realiza o *International Panel Climate Change (IPCC)*.

- d) Información e divulgación á poboación galega sobre este fenómeno global, as súas repercusións e as medidas que no ámbito internacional se están a tomar para facer fronte ós seus efectos.
- D) Cooperación exterior.

Unha das actividades que ten sido reafirmada no recente *Cumio de Johannesburgo* ven referida á necesidade de proporcionar axuda ós países en vías de desenvolvemento, como unha das principais tarefas para frea-lo deterioro do planeta. Preténdese actuar en proxectos de cooperación no eido ambiental en dous lugares prioritarios:

- a) Latinoamérica, mediante a implantación dun proxecto de xestión de residuos sólidos na República de El Salvador.
- b) Países candidatos á adhesión á Unión Europea, asesorando sobre os aspectos ambientais dos seus programas de desenvolvemento rexional.

2. INFORMACIÓN, FORMACIÓN E TECNOLOXÍA AMBIENTAL.

As actuacións a levar a cabo nestes eidos no ano 2003 estrutúranse en dous programas. A saber:

- Programa de fomento e promoción da cultura ambiental.
- Programa de tecnoloxía ambiental.

A) Programa de fomento e promoción da cultura ambiental:

O obxectivo fundamental neste eido é a extensión dunha cultura ambiental en Galicia. Trátase de fomentar na sociedade unha conciencia real sobre a necesidade de protexe-lo contorno, como garante do noso benestar e do noso progreso.

As actuacións dirixidas a acadar este obxectivo poden dividirse en tres ámbitos: educación, información e difusión:

- a) Educación ambiental. Tódalas actuacións neste ámbito están dirixidas a logra-la progresiva aplicación do principal instrumento neste eido: a Estratexia galega de educación ambiental. Dentro delas cabe destaca-la posta en funcionamento do Observatorio de Educación Ambiental, a organización e realización de

cursos de temática ambiental en colaboración coa Consellería de Educación dentro do Programa de formación do profesorado, e de xornadas de sensibilización ambiental en colaboración co Instituto Galego de Consumo.

- b) Información ambiental: As actuacións neste eido veñen marcadas pola crecente necesidade de proporcionar unha mellor e máis completa información á sociedade sobre o estado do medio ambiente. Esta necesidade ven determinada non soamente por unha cada vez máis rigorosa normativa de ámbito comunitario (en particular, a derivada da Convención de Aarhus), senón pola imprescindible participación e plena implicación dos cidadáns nas cuestións de índole medioambiental. Para o cumprimento destas esixencias empregaranse fundamentalmente dous instrumentos: a páxina web e o Sistema de información ambiental (Siam), instrumentos que se mellorarán, introducindo cambios na súa configuración e incorporando información actualizada de calidade. Como punto focal autonómico, esta información continuará en proceso de integración na rede Eionet (Rede de información da axencia europea de medio ambiente), mediante a elaboración de fichas metodolóxicas e cálculo de indicadores ambientais que se converterán na base para a toma de decisión e a difusión de información ó público.
- c) Difusión ambiental: Para acadar os obxectivos de promoción e fomento da cultura ambiental e coma peche do sistema, é preciso definir e aplicar unha completa programación centrada na divulgación de coñecementos, novidades ou políticas ambientais. Para isto levaranse a cabo convenios de colaboración cos medios galegos, celebraranse actos institucionais en datas sinaladas (tales coma o Día Mundial do Medio Ambiente), editaranse publicacións e participarase activamente en feiras e congresos de interese ambiental entre os que cabe destacar o II Congreso nacional sobre medio ambiente para nenos.

B) Programa de tecnoloxía ambiental:

Para o cumprimento das esixencias derivadas da normativa comunitaria e internacional máis recente é imprescindible o recurso da tecnoloxía ambiental,

erixido na actualidade coma un dos piares fundamentais de toda estratexia de actuación no eido do medio ambiente. Efectivamente, o deseño e adopción de medidas tecnolóxicas innovadoras permite á Administración, ás empresas e á sociedade civil asumir máis fácil e eficazmente as súas responsabilidades respecto do medio ambiente.

O traballo a realizar nesta área desenvolverase en dúas liñas de actuación:

- Promoción da produción limpa.
 - Determinación e seguimento medioambiental de Galicia.
- a) Promoción da produción limpa: O conxunto de medidas a adoptar neste área derívanse da entrada en vigor da directiva sobre prevención e control integrados da contaminación (IPPC) e a súa transposición ó ordenamento xurídico interno mediante a Lei 16/2002, así como a normativa autonómica. Para acadalo cumprimento das obrigas dela derivadas, profundizarase no coñecemento da tecnoloxía que se está a empregar nos diferentes ámbitos e a que se podería aplicar como mellora ambiental, para proceder posteriormente a promover e incentivar a súa incorporación nos diferentes sectores industriais de Galicia. Así mesmo preténdese levar a cabo a incorporación da información a unha base de datos completa co fin da súa incorporación a un Sistema de información xeográfica.
- b) Determinación e seguimento ambiental de Galicia: A finalidade perseguida nesta área de actuación descansa no deseño e desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos que permitan determinar, avaliar e realiza-lo seguimento do estado medioambiental de Galicia. Para isto, traballarase na xestión e mantemento de diversas redes de medición de variables ambientais bióticas e abióticas, continuando cos proxectos iniciados en anos anteriores, tales coma o Banco de espécimes ambientais de Galicia, Mapa de solos de Galicia ou a Unidade de Observación e Predicción Meteorolóxica. Neste último preténdese incluí-las actividades de predicción marítima costeira e fenómenos adversos en colaboración coa C. de Pesca e Asuntos Marítimos e a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, así como a mellora das infraestructuras da unidade e a profundización na colaboración co Instituto Nacional de Meteoroloxía.

PROGRAMA 422C. PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

1. Descrición.

O programa 422C, ten como finalidade cumprir co obxectivo xeral da defensa contra os incendios forestais, que é reducir ó mínimo posible as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos incendios forestais.

No plan Infoga 2003 desenvolveranse as actuacións que contribúan a levar a cabo estes obxectivos. Como plan integrado para a loita contra os incendios forestais, articulase en cinco plans principais: prevención, extinción, investigación, formación e estudos e traballos técnicos.

2. Actividades.

1. Plan de prevención.

É o conxunto de accións no eido forestal encamiñadas a elimina-los riscos que poden ser causa da orixe dos incendios e da súa propagación, e de colaboración con outros organismos e administracións con competencias nesta materia.

O obxectivo xeral do Plan de prevención é levar a cabo accións tendentes a evitar que os incendios se produzan e, no caso de producirse, minimiza-los danos causados.

Para cumpri-los obxectivos, o Plan preventivo comprende tres accións concretas:

A) Accións dirixidas á poboación:

a) Regulación do uso de queimas autorizadas.

Continuaráse coa vixilancia das queimas que polas súas características aconsellan unha maior atención.

Distribuiranse folletos informativos nos que figuren as precaucións a cumprir e nos que se solicite a colaboración cidadá.

O obxectivo da regulación do uso nas queimas é reduci-lo número de negligencias.

b) Accións socioecolóxicas e educación ambiental.

O obxectivo é levar á poboación a mensaxe de sensibilización cara o problema que ten o uso indiscriminado do lume e os danos que produce.

B) Accións dirixidas ó territorio:

a) Plan de control selectivo de combustible.

Trátase de romper-la continuidade vertical e horizontal do combustible no monte, creando áreas cortalumes; e por en servizo vías de acceso que quedaron cubertas pola vexetación que as fai intransitables.

b) Plan de creación e mellora de pastizais e hábitat de especies cinexéticas e outra fauna silvestre.

Consiste en limita-lo desenvolvemento do mato mediante rozas e sementeira de especies pascícolas ou naturais que incrementan as posibilidades de supervivencia de especies silvestres e a produción de pasto para o gando.

c) Plan de creación e mellora de infraestruturas.

O obxectivo é conseguir uns accesos rápidos e seguros ó monte e do establecemento dunha rede de puntos de auga que permita maior rapidez na extinción dos incendios forestais.

C) Establecemento de zonas de especial vixilancia.

O obxectivo principal é o de detectar rapidamente os focos de lume e o outro obxectivo é exercer unha maior presión nas zonas de especial vixilancia mediante os corpos de seguridade do Estado, coa finalidade de reducir ó mínimo os incendios e facilita-la investigación de causas, mediante a colaboración cos corpos e forzas de seguridade do Estado.

2. Plan de extinción.

Os obxectivos deste plan son:

A) Reduci-las superficies queimadas por incendio e mantelas por debaixo das 3 has/incendio.

B) Reduci-la superficie arborada queimada por incendio e mantela por debaixo de 1 ha/incendio.

C) Reduci-lo número de incendios manténdoo por debaixo da media dos últimos cinco anos.

D) Reduci-lo tamaño dos incendios, mantendo as porcentaxes de:

- a) incendios de 0 - 1 ha > 70%
- b) incendios > 25 has < 2%

3. Plan de investigación.

O obxectivo é establecer, dentro das competencias da consellería, a colaboración coa Policía Nacional, Garda Civil, Policía autonómica e co Poder Xudicial para facilita-la investigación das causas dos incendios forestais.

4. Plan de formación.

O obxectivo é o de mellora-la preparación de todo o persoal que participa na loita contra os incendios forestais, impartindo cursos de formación cun programa especial dedicado a seguridade persoal.

Os cursos serán de:

- A) Formación básica e específica.
- B) Formación de seguridade.
- C) Formación de especialidades elementais.
- D) Adestramento específico.

5. Plan de estudos e traballos técnicos.

O obxectivo é conseguí-la maior eficacia técnica, mediante a formación e estudo de novas tecnoloxías, a través de convenios de colaboración con Centros de investigación e a Universidade, así como a asistencia técnica de distintas empresas especializadas.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

Centro de Desenvolvemento Sostible.

PROGRAMA 614C. ORDENACIÓN, REESTRUCTURACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO SECTOR FORESTAL

1. Descrición.

O obxectivo deste programa céntrase na sostibilidade da xestión forestal, contemplando as múltiples funcións dos montes e a través de accións de conservación e mellora dos ecosistemas forestais e de protección da súa biodiversidade.

2. Actividades.

1. Produción e mellora de semente e planta forestal (604.1).

Dentro do obxectivo concreto de mellora da calidade das masas forestais será prioritaria a obtención de materiais forestais de reprodución (sementes e plantas) de calidade e traballos relacionados coa mellora xenética e aplicación da normativa europea, servindo de ponte entre a investigación e as empresas privadas que producen planta e semente, para abastecer as necesidades da administración e do mercado privado. Tamén se preve producir, nos viveiros xestionados polos servicios forestais, aquelas plantas que tendo uns valores ecoloxicos especiais, non resulte rentable a súa produción polos viveiros de particulares.

2. Tratamentos selvícolas en montes veciñais en man común e outros con contrato de xestión.(604.2).

Os desbroces, as podas, e os clareos, son os únicos medios eficaces de consolidar moitas masas de arbolado, mellorando a súa capacidade productiva e diminuíndo os riscos do lume. Os ditos traballos selvícolas son imprescindibles para unha adecuada evolución das masas forestais conquerindo niveis adecuados de calidade da madeira.

Se priorizará comenzando por aqueles montes xestionados que dispoñan de proxecto de ordenación ó ser de obrigado cumprimento as accións neles contempladas.

Estas obras fundamentalmente sacaranse en concurso programado para o 2003-2004.

3. Infraestruturas básicas para a produción e divulgación forestal en MVMC e outros con contrato de xestión (604.3).

Preténdese ó longo deste ano completa-la dotación de infraestructuras do sequeiro de Carballo e amplia-la rede de aulas forestais coa aula forestal de Mondoñedo e do Invernadeiro, lugares de encontro e centros de dinamización e información para o sector forestal galego, e de divulgación da cultura forestal, así como a creación das sedes dos distritos forestais de Carballiño e Ourense.

4. Repoboacións forestais en montes veciñais en man común e outros con contrato de xestión (604.4)

A posta en valor de moitos montes pasa pola súa reforestación coas especies axeitadas, sempre trá-lo estudio previo de viabilidade, onde se consiga concilia-los intereses da propiedade, coa paixase e os valores ecolóxicos locais. Priorizarase comenzando igual que nos tratamentos coas obrigas adquiridas nos proxectos de ordenación redactados. Fundamentalmente execútanse os traballos no concurso das obras 2003-2004.

5. Defensa contra pragas forestais (604.6).

Dentro das accións a realizar para protección fitosanitaria das masas forestais prevese o seguimento de pragas controladas, como por exemplo a procesionaria do piñeiro e manterase a prospección de danos, con carácter preventivo, na totalidade das masas forestais de Galicia, facendo especial fincapé nos soutos de castiñeiros, na determinación de cepas hipovirulentas, determinando a súa compatibilidade e a súa posible utilización no control biolóxico do chancro en Galicia.

Incrementarase a implantación de técnicas de manexo integrado de pragas (IPM) contra a praga do eucalipto (*Gonipterus scutellatus*), mediante a colocación de “caixas” con ootecas parasitadas con “bolsas” do inimigo natural da praga, o himenoptero *Anaphes nitens* e controlarase o efecto da parasitización ó longo de todo o ano, reforzando a loita nas áreas máis afectadas, en colaboración cos propietarios dos montes.

6. Ordenacións e plans técnicos forestais en montes veciñais en man común e outros con contrato de xestión (604.8).

Os plans de ordenación e os plans técnicos dos montes constitúen instrumentos básicos para unha axeitada xestión sostible deles. Non só se consegue con estes

instrumentos unha racional utilización do espazo forestal, senón tamén a eficiencia productiva das masas e a súa persistencia, ademais de facilita-lo acceso ó mercado dos produtos do monte. Neste senso disporase de plans de xestión forestal sostible na maior parte dos montes conveniados ou consorciados ademais dos propios da Administración.

7. Adquisición de maquinaria e utensilios (623.1).

A consolidación da nova organización periférica da Dirección Xeral de Montes e I.F., en distritos forestais fai precisa a adquisición de maquinaria e utensilios para o desenvolvemento do seu traballo sobre o terreo.

8. Adquisicións para procesos de información (626.1).

Proseguir co proceso de informatización dos servizos provinciais, servizos centrais e distritos forestais da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, mediante a adquisición de novo equipamento informático, adquisición de licencias de software, desenvolvemento e mellora de aplicacións informáticas (Sistema integrado de xestión de axudas, Sistema de xestión de fondos comunitarios e xestión de obras, ...), ampliación da intranet e completa-la rede de datos.

9. Equipamento de cuadrillas (628.1).

Dotarase ás cuadrillas dos distritos forestais de equipos idoneos para traballos forestais para completa-lo seu equipamento.

10. Estudos e programas de formación para desenvolvemento forestal (640.1).

Basicamente esta acción centrarase na formación e divulgación da cultura forestal entre os comuneiros dos MVMC para un axeitado control das axudas comunitarias europeas.

Redacción do plan piloto de xestión forestal sostible do distrito I de Ferrol e tamén se acometerán estudos e proxectos integrais de restauración hidrolóxico-forestal da comarca do Barco de Valdeorras, Muros-Carnota, Navia-Fonsagrada, Pobra de Brollón-Fonsagrada, etc. Os estudos precisos para o seguimento das liñas de axudas contempladas no regulamento de desenvolvemento rural da UE e polo da cultura forestal, así como todo tipo de temas innovadores e análise dos distintos ámbitos do sector forestal (circuito da madeira, producións, novas técnicas de corta e transformación, calidade das madeiras galegas, etc).

Convenios de colaboración con outros organismos, universidades, institucións e empresas para a promoción dos novos usos da madeira como materia prima.

11. Axudas de fomento da forestación de terras agrícolas (770.0).

Fomento da forestación de terras agrícolas marxinais, ten por obxecto a repoboación forestal de terras agrícolas marxinais, a creación dunha renda alternativa para os agricultores, e a xeración de emprego no eido rural consolidando a fixación da poboación no medio rural.

12. Fomento da silvicultura e da ordenación de montes arborizados (770.0).

Instrumentaranse axudas para a realización das actuacións que a continuación se relacionan:

- A) Consolidación dos bosques de frondosas autóctonas emerxentes.
- B) Recuperación dos soutos de castiñeiro en explotacións afectadas polo cancro ou por incendios.
- C) Clareos de rexenerados en masas naturais que resultaron afectadas por incendios no pasado.
- D) Clareos, claras, podas e desbroces baixo arborado.
- E) Convenios de colaboración con asociacións forestais e outras entidades para o fomento da sensibilización e divulgación forestal.
- F) Proxectos de ordenación e plans técnicos de montes arborizados.
- G) Reorganización da propiedade forestal.

13. Apoio ás empresas de aproveitamento forestal e ás industrias de primeira transformación (770.0).

Seguindo a política do Plan forestal de Galicia, é prioritario o desenvolvemento e a implantación das novas tecnoloxías na cadea monte-industria, que melloren o rendemento e a eficacia dos procesos de produción, consolidando os pequenos aserradeiros rurais e fixando emprego no medio rural.

14. Accións enmarcadas en convenios co Miman e Mapa.

Destinadas a accións de restauración hidrolóxico-forestal e creación dun sistema de información xeográfica de control das axudas da PAC (700.0).

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

**PROGRAMA 731A. MELLORA FORESTAL E PRIMEIRA TRANSFORMACIÓN
DOS PRODUCTOS FORESTAIS**

1. Descrición.

O obxectivo deste programa é o de integra-la silvicultura, a explotación forestal e os procesos de transformación na cadea monte-industria, dos que a súa interrelación deriva nunha positiva incidencia, entre outros aspectos, no desenvolvemento rural e na xeración de emprego.

2. Actividades.

1. Axudas de fomento da forestación de terras agrícolas (770.0).

Esta acción, complementaria da citada no programa 614C, como o fomento da forestación de terras agrícolas marxinais, ten por obxecto a repoboación forestal de terras agrícolas marxinais, a creación dunha renda alternativa para os agricultores e a xeración de emprego no eido rural consolidando a fixación da poboación no medio rural.

2. Estudos e programas de formación para desenvolvemento forestal (640.1).

Basicamente esta acción centrarase na formación e divulgación da cultura forestal entre os comuneiros dos MVMC, para un axeitado control da axudas comunitarias europeas.

3. Apoio ás empresas de aproveitamento forestal e ás industrias de primeira transformación (770.0).

Seguindo a política do Plan forestal de Galicia, é prioritario o desenvolvemento e a implantación das novas tecnoloxías na cadea monte-industria, que melloren o rendemento e a eficacia dos procesos de produción, consolidando os pequenos aserradeiros rurais e fixando emprego no medio rural.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

	SERVICIOS						TOTAL
	01	02	03	04	05	50	
342A PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	2.487,6		19.955,8	36.237,1	5.819,5	65.205,7	129.705,7
341A DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	7.874,3						7.874,3
422C PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (PLAN FORESTAL DE GALICIA)	615,0	59.981,3					60.596,4
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO	240,5				1.477,3		1.717,9
614C ORDENACIÓN, REESTRUCTURACIÓN E DESENVOLVEMENTO SECTOR FORESTAL (PLAN FORESTAL GALICIA)		46.627,5					46.627,5
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA					78,1		78,1
731A MELLORA DA ESTRUCTURA EMPRESARIAL E PRIMEIRA TRANSFORMACIÓN		11.981,0					11.981,0
412A XESTIÓN E INFRAESTRUCTURA DE RECURSOS HIDRÁULICOS						28.744,7	28.744,7
TOTAL	11.217,4	118.589,8	19.955,8	36.237,1	7.375,0	93.950,4	287.325,6

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS						TOTAL
	I	II	III	IV	VI	VII	
342A PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	12.749,3	2.857,5	36,0	78,0	64.421,4	49.563,5	129.705,7
341A DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	7.874,3						7.874,3
422C PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (PLAN FORESTAL DE GALICIA)	24.673,6	615,0			24.140,2	11.167,6	60.596,4
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO	1.472,9	240,5		4,4			1.717,9
614C ORDENACIÓN, REESTRUCTURACIÓN E DESENVOLVEMENTO SECTOR FORESTAL (PLAN FORESTAL GALICIA)	16.898,2				10.234,9	19.494,4	46.627,5
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA					78,1		78,1
731A MELLORA DA ESTRUCTURA EMPRESARIAL E PRIMEIRA TRANSFORMACIÓN					123,2	11.857,8	11.981,0
412A XESTIÓN E INFRAESTRUCTURA DE RECURSOS HIDRÁULICOS	4.025,8				5.066,5	19.652,4	28.744,7
TOTAL	67.694,1	3.713,1	36,0	82,4	104.064,2	111.735,7	287.325,6

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	7.435,7	7.874,3	5,9
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	2.502,2	2.585,3	3,3
Cap. III	Gastos financeiros	318,5	36,0	-88,7
Cap. VI	Investimentos reais	643,1	721,8	12,2
TOTAL		10.899,5	11.217,4	2,9

(Miles de euros)

02	D. X. DE MONTES E IND. FORESTAIS	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	39.108,6	41.571,8	6,3
Cap. VI	Investimentos reais	30.838,6	34.498,3	11,9
Cap. VII	Transferencias de capital	41.367,7	42.519,8	2,8
TOTAL		111.314,9	118.589,8	6,5

(Miles de euros)

03	D. X. DE CONSERV. DA NATUREZA	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	9.370,7	9.390,6	0,2
Cap. IV	Transferencias correntes	18,0	18,0	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	7.136,7	9.018,3	26,4
Cap. VII	Transferencias de capital	2.841,1	1.528,9	-46,2
TOTAL		19.366,6	19.955,8	3,0

(Miles de euros)

04	D. X. DE CALIDADE E AV. AMB.	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	2.796,7	2.843,3	1,7
Cap. VI	Investimentos reais	30.323,6	32.420,1	6,9
Cap. VII	Transferencias de capital	543,1	973,7	79,3
Cap. VIII	Activos financeiros	6.130,3	0,0	-100,0
TOTAL		39.793,8	36.237,1	-8,9

(Miles de euros)

05	CENTRO DE DESENVOLV. SOSTIBLE	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	1.842,8	1.988,4	7,9
Cap. IV	Transferencias corentes	64,4	64,4	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	4.592,8	5.115,9	11,4
Cap. VII	Transferencias de capital	260,0	206,3	-20,7
TOTAL		6.760,0	7.375,0	9,1

(Miles de euros)

50 AUGAS DE GALICIA		2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	3.880,8	4.025,8	3,7
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	1.042,3	1.127,8	8,2
Cap. VI	Investimentos reais	8.238,4	22.289,9	170,6
Cap. VII	Transferencias de capital	66.463,0	66.507,0	0,1
TOTAL		79.624,5	93.950,4	18,0

(Miles de euros)

SERVICIO		2002	2003	% Var.
01	SECRETARÍA XERAL	10.899,5	11.217,4	2,9
02	D. X. DE MONTES E IND. FORESTAIS	111.314,9	118.589,8	6,5
03	D. X. DE CONSERV. DA NATUREZA	19.366,6	19.955,8	3,0
04	D. X. DE CALIDADE E AV. AMB.	39.793,8	36.237,1	-8,9
05	CENTRO DE DESENVOLV. SOSTIBLE	6.760,0	7.375,0	9,1
50	AUGAS DE GALICIA	79.624,5	93.950,4	18,0
TOTAL		267.759,3	287.325,6	7,3

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transfer. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Persoal	60.554,6	63.668,3	3.880,8	4.025,8			64.435,5	67.694,1
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	2.502,2	2.585,3	1.042,3	1.127,8			3.544,4	3.713,1
Cap. III Gastos financeiros	318,5	36,0						36,0
Cap. IV Transferencias correntes	2.721,7	2.866,6			2.639,2	2.784,2	82,4	82,4
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>66.097,0</i>	<i>69.156,3</i>	<i>4.923,1</i>	<i>5.153,6</i>	<i>2.639,2</i>	<i>2.784,2</i>	68.380,8	71.525,6
Cap. VI Investimentos reais	73.534,8	81.774,4	8.238,4	22.289,9			81.773,2	104.064,2
Cap. VII Transferencias de capital	112.140,6	120.803,0	66.463,0	66.507,0	67.128,6	75.574,2	111.474,9	111.735,7
Cap. VIII Activos financeiros	6.130,2						6.130,2	0,0
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>191.805,6</i>	<i>202.577,3</i>	<i>74.701,4</i>	<i>88.796,8</i>	<i>67.128,6</i>	<i>75.574,2</i>	199.378,3	215.799,9
TOTAL BRUTO	257.902,6	271.733,6	79.624,5	93.950,4	69.767,9	78.358,4		
TRANSFERENCIAS INTERNAS	69.767,9	78.358,4						
TOTAL CONSOLIDADO	188.134,7	193.375,1	79.624,5	93.950,4	69.767,9	78.358,4	267.759,2	287.325,6

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2002			2003			% Var.		
	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL	Explo.	Capit.	TOTAL
SOGAMA, S.A.	52.520,0	134.586,0	187.106,0	61.306,0	112.284,0	173.590,0	16,7	-16,6	-7,2

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	10	10
<i>Persoal funcionario</i>	1.161	1.151
Grupo A	254	246
Grupo B	100	101
Grupo C	112	112
Grupo D	677	675
Grupo E	18	17
<i>Persoal laboral</i>	1.884	1.873
Grupo I	21	21
Grupo II	2	2
Grupo III	262	255
Grupo IV	274	270
Grupo V	1.325	1.325
TOTAL	3.055	3.034

Augas de Galicia

	2002	2003
<i>Persoal funcionario</i>	109	112
Grupo A	41	41
Grupo B	31	31
Grupo C	4	4
Grupo D	28	29
Grupo E	5	7
<i>Persoal laboral</i>	44	44
Grupo III	11	11
Grupo IV	32	32
Grupo V	1	1
TOTAL	153	156

SECCIÓN 16.

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS.

1. COMPETENCIAS

A Consellería de Asuntos Sociais é o órgano da Administración autonómica ó que lle corresponde, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e nos termos sinalados pola Constitución española, o exercicio das competencias e funcións en materia de política de servizos sociais, sen prexuízo das competencias expresamente atribuídas á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Exercerá, así mesmo, as competencias establecidas na Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia, sen prexuízo das actuacións que lle correspondan a cada consellería por razóns da materia. (Decreto 402/2001, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais).

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

2.1 DA CONSELLERÍA

Elaboración e desenvolvemento das políticas sociais cara a mellora-los sistemas de protección social. Para iso vanse implantar programas e servizos destinados a atender as necesidades das persoas maiores, amplía-los servizos de atención ás persoas discapacitadas, a loita activa contra a exclusión, incorporando dispositivos de integración complementarios ás políticas de rendas mínimas e á consolidación da rede básica de atención primaria social.

Estas actuacións, xunto co fomento do voluntariado social, inscríbense no obxectivo de conseguir unha sociedade máis xusta, sensible ó desenvolvemento de políticas sociais que desempeñan un papel fundamental na cohesión social, na estabilidade política e no progreso económico.

Esta política tradúcese en:

1. Incremento do número de prazas residenciais de titularidade pública mediante a creación de centros propios ou a través de concertos con entidades prestadoras de servicios sociais.
2. Apoio ó programa de centros de día e atención a domicilio.
3. Impulso do voluntariado.
4. Dinamización do Consello Galego de Persoas Maiores.
5. Plan galego de persoas maiores.
6. Plan de atención diúrna para as persoas maiores dependentes.
7. Programa para os maiores do rural.
8. Programa de apoio ás persoas maiores que viven soas.
9. Fomento da creación de centros multiasistenciais en aplicación do convenio co Igape.
10. Desenvolvemento e adaptación do programa cheque asistencial.
11. Promoción da accesibilidade e eliminación de barreiras.
12. Desenvolvemento do plan de acción para persoas con discapacidade.
13. Plan de intervención social para persoas orfas e desatendidas.
14. Atención das necesidades da rede básica de atención primaria de servicios sociais das corporacións locais.
15. Mellora-los sistemas de información dos programas e servicios destinados ós usuarios de servicios sociais (SIUSS, MATIASS, CMD)
16. Impulso á creación de equipamentos e programas de atención primaria de competencia municipal.
17. Tramitación expedientes da Risga vinculados a políticas activas de inserción.
18. Programa de acollida de acompañamento a persoas sen fogar.
19. Desenvolvemento da iniciativa comunitaria EQUAL.
20. Implantación dun sistema homologado de aseguramento da calidade nos centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade de titularidade pública.
21. Realizar unha avaliación da calidade prestacional dos centros que atenden a persoas con discapacidade e que será a base para establecer un plan de mellora, estrutura-la rede básica de prestacións de servicios sociais ás persoas con discapacidade e elabora-lo mapa de necesidades, servicios e equipamentos.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

**PROGRAMA 211B. DIRECCIÓN E SERVICIOS XERAIS DE PRESTACIÓNS
SOCIAIS**

1. Descrición.

Proporciona-los medios técnicos e de infraestrutura para ofrecer a tódalas persoas en situación de necesidade unha adecuada atención social, incidindo de maneira especial nos colectivos que presentan un maior déficit de atención, facilitando a súa integración e fomentando a cohesión social, a solidariedade e a tolerancia.

En consecuencia, trátase de acadar:

1. Unha cobertura asistencial que acolla ós diferentes colectivos que teñen unha problemática determinada, mediante operativos específicos que tendan a prestar unha atención personalizada e de tramitación simple.
2. Prover servicios de atención social de calidade, mediante a posta en marcha dun programa de xestión de calidade para crear un conxunto de elementos estruturais e actividades que teñen como obxectivo a mellora continua dos servicios.
3. Facilita-la integración social das persoas maiores e das persoas con discapacidade mediante a posta en marcha de programas que sirvan para dar unha resposta global e integrada ás necesidades destes colectivos.
4. Potenciar accións normalizadoras para que os recursos que se utilicen non xeren situacións de maior dependencia, reforzando os valores básicos do modelo social existente.

2. Actividades.

1. Funcionamento dos servicios centrais da consellería e das delegacións provinciais.
2. Realización de programas para os maiores: turismo social, termalismo, artes plásticas, actividades terapéuticas e de prevención da dependencia e outros.
3. Apoio loxístico a programas de intervención social.
4. Celebración de cursos de formación, xornadas e seminarios sobre servicios sociais para o persoal que traballa neste eido ou colectivos que desenvolven a súa actividade no mundo social.
5. Edicións e publicacións de traballos monográficos, publicacións anuais e periódicas de información normativa e divulgación dos servicios sociais.
6. Apoio técnico a programas de inserción socio-laboral para incidir sobre a problemática da exclusión.
7. Gastos de funcionamento dos órganos colexiados en materia de servicios sociais.
8. Programas de información e comunicación en materia de servicios sociais, na liña de establecer un sistema de información dos servicios e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

PROGRAMA 212A. PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS

1. Descrición.

A finalidade deste programa é a de proporcionar a tódolos cidadáns unha adecuada atención, favorecendo a integración social, e incidindo particularmente nos colectivos marxinais da sociedade, fomentando a calidade de vida de toda a poboación. En definitiva, para acadar estes obxectivos, vanse complementa-las políticas de rendas mínimas con estratexias activas de inclusión.

En consecuencia, trátase de proporcionar:

1. Un nivel de servizo asistencial que chegue ós colectivos de persoas que sofren algún tipo de carencia, marxinação ou desatención selectiva.

2. Facilita-la integración social das persoas maiores e das persoas con discapacidade.
3. Incidir sobre a eliminación das causas que conducen a problemáticas de exclusión.
4. Garanti-los recursos de subsistencia a quen careza deles.
5. Reinsertar social e laboralmente ás persoas afectadas polas diferentes formas de marxinación social.

2. Actividades.

1. Elaboración de disposicións normativas e tramitación e xestión das distintas liñas de axuda dentro do marco sinalado pola Lei de servicios sociais.
2. Pensións asistenciais para anciáns maiores de 65 anos e enfermos incapacitados para o traballo.
3. Execución da Risga e medidas de emerxencia social.
4. Promove-la inclusión social, desenvolvendo unha planificación preventiva da exclusión social, promoción de participación da sociedade e da familia.
5. Impulsa-la creación de programas comunitarios estratéxicos (atención no fogar, convivencia alternativa para persoas sen teito).
6. Execución do Plan concertado para a consolidación da rede básica municipal de servicios sociais de atención primaria. Implantación de equipos interdisciplinares na atención primaria municipal.
7. I Plan galego de inclusión social.
8. Axudas destinadas a problemáticas sociais derivadas da drogodependencia.
9. Axudas destinadas a problemáticas sociais derivadas da enfermidade da SIDA.
10. Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas.
11. Plan do voluntariado.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral do Maior e de Persoas con Discapacidade.

Dirección Xeral de Servicios Comunitarios e Inclusión Social.

PROGRAMA 212B. CENTROS PARA SERVICIOS SOCIAIS

1. Descrición.

A finalidade deste programa é a de prover servicios e programas de atención social a persoas maiores, persoas discapacitadas e outros colectivos. Os servicios danse, basicamente, a través da rede propia de centros e acción concertada. En consecuencia, trátase de acadar:

1. Unha cobertura asistencial que acolla ós diferentes colectivos que teñen unha problemática específica, consolidando e aumentando os recursos sociais adicados ós maiores e ós discapacitados.
2. Facilita-la integración mediante a implantación de programas propios destinados a atende-la dependencia nas persoas maiores e discapacitadas.
3. Facilita-la inserción profesional do discapacitado mediante a creación de novas prazas en centros ocupacionais, centros asistenciais e vivendas comunitarias.

2. Actividades.

1. Posta en marcha de programas e servicios de nova creación en materia educativa, formativa e comunitaria.
2. Mantemento dos centros dependentes da Consellería de Asuntos Sociais.
3. Posta en marcha de novos centros residenciais de titularidade pública nas cidades de A Coruña e Vigo.
4. Inicio das obras de construción dun centro residencial en Larouco (Ourense).
5. Plan de intervención social para maiores no rural.
6. Transferencia de equipamentos sociais ás corporacións locais.
7. Plan de intervención social para persoas orfas discapacitadas, que ten por obxecto potencia-lo seu desenvolvemento persoal e social. Contémplase a creación de servicios sociais de atención especializada naquelas zonas que polas súas características xeográficas así o demandan, posibilitando o acceso ós servicios ás persoas minusválidas que viven nelas.
8. Aumenta-la oferta de servicios coa apertura de novos centros.
9. Aumenta-la oferta pública de servicios sociais a través de concertos/convenios de prazas con institucións de iniciativa social.
10. Equipamento de centros.

11. Posta en funcionamento do novo pavillón de internado e servicios xerais do centro para persoas discapacitadas Santiago Apóstol.
12. Realizar investimentos de reposición en centros dependentes da Consellería de Asuntos Sociais.
13. Programa de apoio ás persoas maiores que viven soas.
14. Plan galego de persoas maiores.
15. Plan de acción para persoas con discapacidade.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral do Maior e de Persoas con Discapacidade.

PROGRAMA 212D. PENSIÓNS E PRESTACIÓNS EN SERVICIOS SOCIAIS

1. Descrición.

A finalidade deste programa é a de proporcionar a tódolos cidadáns unha adecuada asistencia social, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ó benestar e desenvolvemento dos individuos e dos grupos na comunidade. En consecuencia, trátase de acadar:

1. Facilita-la integración ou inserción social das persoas maiores e das persoas con discapacidade.
2. Aborda-la problemática da dependencia mediante a implantación de programas con visión politécnica que persegue mellora-la calidade de vida destas persoas.
3. Facilita-la inserción profesional do minusválido.
4. Garanti-las prestacións básicas das corporación locais.

2. Actividades.

1. Elaboración de convocatorias de axudas. Tramitación e xestión de axudas institucionais dentro do marco sinalado pola Lei de servicios sociais.
2. Programa para maiores “Cheque asistencial” nas súas modalidades de: cheque residencia, cheque centro de atención diúrna, cheque de atención axuda no fogar e cheque estancia temporal/programas de respiro.

3. Transferencias ás corporacións locais para a realización de programas en centros e servicios sociais dependentes delas.
4. Transferencias para mantemento de centros de servicios sociais especializados no ámbito dos discapacitados, maiores, marxinados e outros colectivos.
5. Transferencias para investimento en centros de servicios sociais.
6. Convenio coa Federación de Xordos do País Galego para financia-lo servicio de intérpretes e outros programas.
7. Subvencións e convenios para a promoción de actividades en asociacións e centros de discapacitados, maiores e outros.
8. Subvencións para programas de axuda a domicilio a institucións e asociacións de iniciativa social sen fins de lucro.
9. Convenio coa Cruz Vermella para a prestación dos servicios sociais tanto de atención primaria como especializada.
10. Convenio coa Asociación Galega de Formación Permanente de Adultos para o mantemento das “Aulas de maiores”.
11. Programa de acollemento familiar de maiores e minusválidos.
12. Programa EQUAL.
13. Plan galego de persoas maiores.
14. Programa de acollida e acompañamento de persoas sen fogar co fin de mellora-la calidade de vida das persoas transeúntes sen fogar, previndo a aparición de conductas de risco. Trátase de chegar á poboación con maior grao de desestructuración.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Servicios Comunitarios e Inclusión Social.

Dirección Xeral do Maior e de Persoas con Discapacitadas.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

	SERVICIOS			
	01	02	03	TOTAL
211B DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PRESTACIÓNS SOCIAIS	60.863,7			60.863,7
212A PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS	451,0	2.584,3	36.414,5	39.449,8
212B CENTROS PARA SERVIZOS SOCIAIS	27.115,0	23.685,8		50.800,8
212D PENSIÓNS E PRESTACIÓNS EN SERVIZOS SOCIAIS		16.589,4	4.130,0	20.719,5
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	42,1			42,1
TOTAL	88.471,8	42.859,5	40.544,6	171.875,9

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS					
	I	II	IV	VI	VII	TOTAL
211B DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PRESTACIÓNS SOCIAIS	56.900,3	1.469,6		2.493,9		60.863,7
212A PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS		71,5	35.528,8	138,2	3.711,3	39.449,8
212B CENTROS PARA SERVIZOS SOCIAIS		45.014,0	1.275,8	4.511,1		50.800,8
212D PENSIÓNS E PRESTACIÓNS EN SERVIZOS SOCIAIS			19.152,6	216,4	1.350,5	20.719,5
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA				42,1		42,1
TOTAL	56.900,3	46.555,0	55.957,3	7.401,6	5.061,8	171.875,9

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	53.897,1	56.900,3	5,6
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	20.202,4	22.869,2	13,2
Cap. IV	Transferencias correntes	1.514,5	1.655,3	9,3
Cap. VI	Investimentos reais	5.805,3	7.047,0	21,4
TOTAL		81.419,3	88.471,8	8,7

(Miles de euros)

02	D. X. DO MAIOR E DE PER. CON DISCAP.	2002	2003	% Var.
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	20.478,7	23.685,8	15,7
Cap. IV	Transferencias correntes	12.212,6	16.322,7	33,7
Cap. VI	Investimentos reais	96,2	216,4	125,0
Cap. VII	Transferencias de capital	2.240,5	2.634,6	17,6
TOTAL		35.028,0	42.859,5	22,4

(Miles de euros)

03	D. X. DE SERV. COMUNITA. E INCLU. SO.	2002	2003	% Var.
Cap. IV	Transferencias correntes	37.515,1	37.979,2	1,2
Cap. VI	Investimentos reais	221,0	138,2	-37,4
Cap. VII	Transferencias de capital	2.417,7	2.427,1	0,4
TOTAL		40.153,7	40.544,6	1,0

(Miles de euros)

SERVICIO		2002	2003	% Var.
01	SECRETARÍA XERAL	81.419,3	88.471,8	8,7
02	D. X. DO MAIOR E DE PER. CON DISCAP.	35.028,0	42.859,5	22,4
03	D. X. DE SERV. COMUNITA. E INCLU. SO.	40.153,7	40.544,6	1,0
TOTAL		156.600,9	171.875,9	9,8

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transfer. internas		TOTAL CONSOLIDADO	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Cap. I Persoal	53.897,1	56.900,3						56.900,3
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	40.681,2	46.555,0						46.555,0
Cap. IV Transferencias correntes	51.242,2	55.957,3						55.957,3
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>145.820,4</i>	<i>159.412,6</i>						<i>159.412,6</i>
Cap. VI Invetimentos reais	6.122,4	7.401,6						7.401,6
Cap. VII Transferencias de capital	4.658,1	5.061,8						5.061,8
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>10.780,5</i>	<i>12.463,3</i>						<i>12.463,3</i>
TOTAL BRUTO	156.600,9	171.875,9						
TRANSFERENCIAS INTERNAS								
TOTAL CONSOLIDADO	156.600,9	171.875,9	0,0	0,0	0,0	0,0	156.600,9	171.875,9

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	8	8
<i>Persoal funcionario</i>	383	391
Grupo A	136	134
Grupo B	23	26
Grupo C	73	73
Grupo D	137	144
Grupo E	14	14
<i>Persoal laboral</i>	1.953	1.959
Grupo I	68	70
Grupo II	289	324
Grupo III	158	127
Grupo IV	699	699
Grupo V	739	739
TOTAL	2.344	2.358

SECCIÓN 17.

***CONSELLERÍA DE EMIGRACIÓN E
COOPERACIÓN EXTERIOR.***

1. COMPETENCIAS

A Consellería de Emigración e Cooperación Exterior foi creada mediante Decreto 306/2001, do 15 de decembro, desenvolvéndose a súa estrutura orgánica polo Decreto 403/2001, do 28 de decembro.

Correspóndenlle a esta consellería as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade, relacións coas comunidades galegas no exterior, cooperación ó desenvolvemento, cooperación institucional corporativa, asociativa e fundacional de cara á configuración duna imaxe integral de Galicia no exterior, así como a orientación e integración do retornado.

As citadas competencias desempeñaas a través dos seguintes órganos:

1. O conselleiro.
2. A Secretaría Xeral.
3. A Dirección Xeral de Emigración.
4. A Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

O conselleiro, é a autoridade superior da consellería, e con tal carácter está investido das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

A Secretaría Xeral exercerá as funcións sinaladas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, ademais das que lle sexan singular ou especialmente encomendadas por delegación do titular do departamento.

A Dirección Xeral de Emigración executará a política da Xunta de Galicia sobre comunidades galegas asentadas fóra de Galicia. Para tal fin exercerá as seguintes competencias:

1. As actuacións na materia derivadas da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade.
2. As relacións da Xunta de Galicia coas comunidades galegas asentadas fóra do territorio da Comunidade Autónoma.

3. A preparación e, se é o caso, sinatura e seguimento da execución dos convenios de colaboración coas distintas administracións públicas, os seus organismos e demais institucións que, en relación cos galegos residentes no exterior, teñan por obxecto a consecución de actividades de tipo social, educativo, formativo e cultural que procedan.
4. O fomento da creación, a coordinación e a participación nas principais cidades do exterior nas que así o aconselle o apreciable volume de residentes galegos, de unidades de asesoramento nos centros galegos existentes ou que se creen.

Á Dirección Xeral de Cooperación Exterior correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de cooperación ó desenvolvemento e interrexional, así como a orientación e integración do retornado, exercendo, entre outras, as seguintes funcións:

1. Subvencións e axudas para a realización de proxectos de cooperación ó desenvolvemento a executar por ONGDs galegas ou entidades e institucións non estatais nin subestatais de tipo asociativo, académico ou fundacional de carácter científico, social, económico ou cultural.
2. Participación nos programas de cooperación da *Agencia Española de Cooperación Internacional*.
3. Fomento da implicación dos axentes sociais nunha cultura cooperativa que incentive o protagonismo de Galicia e do galego no exterior.
4. Promover actuacións dirixidas a informar ó retornado de tódolos dereitos e prestacións que lles poidera afectar por seren potenciais beneficiarios

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2003

2.1 DA CONSELLERÍA

1. Procura-lo benestar social e a calidade de vida de tódolos emigrantes galegos, alá onde se atopen, especialmente dos residentes en países en situación de crise.
2. Promover accións dirixidas á mocidade no exterior, particularmente a través de programas formativos –tanto de carácter ocupacional como empresarial- así como de accións culturais, artísticas, deportivas e asociativas que favorezan a integración da

xuventude na vida das comunidades galegas e posibiliten a renovación e a continuidade das entidades galegas no exterior.

3. Promover, cunha vontade decidida de diálogo, a participación e o protagonismo das entidades galegas no exterior para que formulen propostas, coordinen e executen accións, para o cal se lles dotará dos medios materiais necesarios afirmando así o protagonismo da sociedade civil.
4. Potenciación da imaxe e do impacto de Galicia no exterior fortalecendo a nosa presenza para acadar un maior prestixio e proxección de Galicia e facilitar así un mellor coñecemento da nosa realidade cultural, empresarial e económica, e das nosas capacidades.
5. Reforzamento da posición de Galicia nas relacións bilaterais, especialmente na súa intervención nas Comisións Mixtas da AECEI, e o fornecemento de accións de Cooperación Interrexional.
6. Políticas de solidariedade cos países en vías de desenvolvemento directas ou a través das ONGDs, comunidades galegas no exterior, universidades, empresas e outros entes de cooperación.
7. Unha vez aprobada a Lei galega de cooperación ó desenvolvemento, elaboración dos seus regulamentos executivos, así como o deseño e elaboración dun plan estratéxico de cooperación exterior.
8. Dispoñer dun Plan integral de apoio ó retornado, no que se estudie o fenómeno do retorno dos emigrantes galegos desde unha perspectiva global, na procura de facilitar a súa integración sociolaboral, que se executará coa colaboración de tódalas administracións implicadas.
9. Creación de redes locais de irmanamento entre os concellos galegos e as municipalidades dos países hispanoamericanos en vías de desenvolvemento a fin de que se acade un fornecemento das súas estruturas democráticas e administrativas ó seu desenvolvemento autosostido.
10. Promover unha maior participación social e cidadán nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como a potenciación do voluntariado internacional.
11. Facilita-la formación e capacitación de técnicos galegos no eido da cooperación exterior.

12. Promove-la participación de tódolos axentes económicos en proxectos de cooperación ó desenvolvemento a través da marca Galicia –Solidaria.
13. Apoio a Fundación Galicia Emigración, como instrumento canalizador da cooperación de tódolos axentes sociais para o apoio integral ós emigrantes.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2003

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 213A. ACCIÓNS A FAVOR DAS COMUNIDADES GALEGAS

1. Descrición.

Inclúense neste programa o desenvolvemento de programas e medidas de apoio ós galegos e ás comunidades de galegos no exterior, en execución da Lei de galegidade. Trátase de mellora-la súa calidade de vida e facilita-la súa participación no novo dinamismo, social e cultural que está a xogar Galicia no exterior con especial incidencia na atención ós galegos residentes en países que están a sufrir convulsións socioeconómicas.

Integra, ademáis este programa os servicios de carácter horizontal que presta a Secretaría Xeral, relativos a xestión e soporte dos gastos correntes das direccións xerais, de persoal, equipamentos, contratación administrativa, etc., así como os derivados do apoio ó funcionamento da Fundación Galicia Emigración.

2. Actividades.

1. Plan de asistencia social coa convocatoria de axudas individuais de carácter social para situacións de carencia de recursos dos galegos emigrados especialmente en Sudamérica, non previstas no decreto de pensións non contributivas.

2. Asistencia estrutural, funcional e de equipamento ás comunidades galegas no exterior para a adecuada prestación dos seus servizos sociais, asistenciais, educativos e culturais. Procura-la participación efectiva das comunidades galegas na vida educativa, social e cultural de Galicia, e o achegamento dos servizos sociais e asistenciais ós emigrantes galegos.
3. Plan de accións formativas, realizándose cursos de especialización axudas a estudos universitarios, cursos de formación técnico-empresarial, de lingua, historia, cultura e literatura galegas e para monitores doutras especialidades de interese para as comunidades galegas.
4. Programa de reencontros coa familia e coa terra de emigrantes de longa duración asentados en Europa e América, correspondentes á terceira idade con limitados recursos económicos.
5. Programa de cursos de terapia ocupacional para maiores residentes no exterior.
6. Axudas ás comunidades galegas para o mantemento do seu nivel de prestación asistencial a galegos sen outra cobertura, destinadas a institucións que prestan determinados servizos asistenciais e residenciais a asociados galegos que carecen de medios económicos.
7. Programa de subvencións para a realización de actividades culturais asociativas programadas directamente polas comunidades galegas.
8. Programa de formación en música galega, danza e confección do traxe tradicional galego, cursos de informadores turísticos e do Camiño de Santiago e programas de promoción de especialidades propias da artesanía típica galega.
9. Programa de conferencias, difusión de artes plásticas e actuacións para o mantemento e promoción da nosa cultura popular.
10. Programa de dotación de bibliotecas e acceso a publicacións.
11. Convocatoria de concursos públicos culturais sobre a emigración galega nas súas distintas modalidades.
12. Programa de información ás comunidades galegas, facéndolles partícipes da vida social e cultural do pobo galego.

13. Plan de accións xuvenís coa convocatoria de prazas en campamentos e albergues xuvenís de Galicia para a xuventude emigrante de orixe galega, dotación de equipamentos deportivos a equipos federados e cursos para monitores de aire libre, teatro, animación xuvenil e de equipamentos para actividades campamentais no exterior.
14. Programa de axudas dirixidas a potencia-la difusión da realidade de Galicia no exterior a través de prensa, revistas, programas de radio e televisión, etc.
15. Programa de apoio a infraestructuras mediante a rehabilitación de locais e mellora de instalacións.
16. Programa de axudas para a dotación de equipos e mobiliario necesarios para a prestación de servicios polos centros e para a dotación de quipamentos de comunicación moderna e novas tecnoloxías ás comunidades galegas.
17. Apoio ó funcionamento da Fundación Galicia Emigración destinada á captación de recursos, para proceder á súa canalización como elemento de solidariedade cos nosos concidadáns, para os efectos de palia-las súas necesidades.
18. Plans de formación de descendentes de galegos na vertente social, levando a cabo proxectos piloto de formación de profesionais en traballo social.
19. Programa de Prospección de bolsas de emprego en Iberoamérica, Europa e no resto de España, tratando de coñece-las realidades das capacidades profesionais dos emigrantes galegos e dos seus descendentes e interrelacionala coas empresas españolas radicadas en Iberoamérica, dándolles a coñece-la realidade laboral no só galega senon do conxunto do territorio español.
20. Programa de formación de descendentes de galegos no eido da formación profesional, facilitándolle-lo acceso ós distintos módulos de formación profesional.
21. Transformacións das comunidades galegas en unidades xeradoras de recursos mediante o aproveitamento do seu enorme potencial, transformando o que hoxe representan por unha unidade viva e xeradora de recursos para a colectividade, onde teñan cabida as novas xeneracións para evita-lo progresivo languidecemento e o risco da súa desaparición.
22. Elaboración dun Plan integral do retornado que analice a realidade do retorno e programe accións conducentes á súa integración sociolaboral.

23. Posta en marcha de programas de emerxencia para colectivos máis necesitados (infancia, terceira idade, ...) en países en situación de especial crise.
24. Programas de formación empresarial e de apoio á creación de empresas a executar en países de clara presenza do galego.
25. Accións de información e orientación ós emigrantes retornados mediante a organización de xornadas informativas respecto ós seus dereitos e obrigas.
26. Accións de formación a emigrantes retornados que xa voltaron a Galicia e queiran constituí-la súa propia empresa ou acceder ó autoemprego.
27. Promover accións formativas nas que se teña en conta o colectivo de emigrantes retornados como un grupo de inclusión social en colaboración con outras entidades públicas ou privadas.
28. Apoio á organización da Mesa da Emigración, e organización e celebración do VII Consello de Comunidades Galegas.
29. Realización de campañas de sensibilización sobre a situación dos emigrantes.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Emigración.

Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

PROGRAMA 213B.DESENVOLVEMENTO DA COOPERACIÓN INTERREXIONAL

1. Descrición.

Lanzamento duha imaxe integral de Galicia a fin de que a cooperación poda ter un efecto de retorno para a nosa Comunidade Autónoma. Un dos principais desafíos dos pobos céntrase na súa capacidade para construír alianzas institucionais, de empresas, de persoas e entre grupos que permitan conxugar prosperidade e presenza internacional. Desde esta perspectiva, a internacionalización precisa dun tratamento prioritario a nivel interno que permita reflexionar respecto das relacións con outros gobernos nos campos da solidariedade internacional, a ciencia e a tecnoloxía, a educación ou na mesma actividade empresarial.

2. Actividades.

1. Realizar programas de cooperación con entidades ou institucións non estatais nin subestatais estranxeiras de tipo asociativo, académico ou funcional de carácter científico, productivo, social ou cultural.
2. Posta en marcha de programas de formación e capacitación de técnicos galegos no eido da cooperación exterior a través de bolsas ou outros programas formativos.
3. Investigacións e estudos sobre a imaxe integral de Galicia e o galego no exterior a través de bolsas e subvencións.
4. Accións que leven á implicación dos axentes sociais nunha cultura cooperativa que incentive o protagonismo de Galicia e do galego no exterior.
5. Executar programas que teñan por obxectivo a creación de redes interrexionais conformadas por entidades locais.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

PROGRAMA 213C.-COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO

1.Descripción.

Cooperación ó desenvolvemento eficaz e innovador, dentro dun marco normativo básico, que impulse a acción solidaria cos pobos menos desenvolvidos, mediante a coordinación das accións emprendidas neste eido polas corporacións locais, as ONGs, as empresas e as unidades xestoras da Xunta de Galicia, promovendo a marca Galicia-Solidaria para acadar este fin e procurar unha maior implicación de tódolos axentes de cooperación.

2. Actividades.

1. Seguimento e avaliación dos programas e actuacións que en materia de cooperación ó desenvolvemento realice directamente a Xunta de Galicia ou en colaboración con outros axentes de cooperación.

2. Definición dos diferentes instrumentos técnicos que se poden utilizar nos diferentes programas de cooperación para o desenvolvemento segundo o disposto na normativa vixente e na Lei 23/98, do 7 de xullo, de *Cooperación Internacional para el Desarrollo*.
3. Programas de axudas e subvencións ós proxectos de cooperación ó desenvolvemento presentados polas ONGDs galegas.
4. Xestión administrativa dos programas de axudas e subvencións ós proxectos de cooperación ó desenvolvemento con comunidades galegas no exterior, universidades, empresas, sindicatos, entidades locais e outros axentes de cooperación galegos.
5. Execución ou financiamento de campañas de concienciación e sensibilización en favor dos pobos máis desfavorecidos a fin de promover a participación social e cidadán nas accións de cooperación.
6. Convenios de cooperación coas ONGD galegas e as súas asociacións representativas.
7. Fomenta-la cooperación en favor dos países en vías de desenvolvemento entre os diferentes axentes de cooperación galegos, promovendo especialmente a participación do sector empresarial, a universidade e as entidades locais, así como as comunidades galegas no exterior.
8. Desenvolver mediante convenios de colaboración ou os instrumentos máis axeitados os acordos adoptados nas Comisións Mixtas de Cooperación Internacional nas que participe a Xunta de Galicia no seo da *Agencia Española de Cooperación Internacional*.
9. Desenvolver accións que faciliten a participación dos axentes de cooperación nos organismos multilaterais.
10. Execución directa ou financiamento de campañas de concienciación e sensibilización a favor dos pobos menos desenvolvidos.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servicios

		SERVICIOS			
		01	02	03	TOTAL
213A	ACCIÓN A FAVOR DAS COMUNIDADES GALEGAS	5.144,3	4.977,0	260,1	10.381,4
213B	DESENVOLVEMENTO DA COOPERACIÓN INTERREXIONAL			1.302,1	1.302,1
213C	COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO			3.732,2	3.732,2
TOTAL		5.144,3	4.977,0	5.294,4	15.415,7

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

		CAPÍTULOS					TOTAL
		I	II	IV	VI	VII	TOTAL
213A	ACCIÓN A FAVOR DAS COMUNIDADES GALEGAS	2.084,7	2.578,2	3.157,7	403,3	2.157,5	10.381,4
213B	DESENVOLVEMENTO DA COOPERACIÓN INTERREXIONAL			100,0		1.202,1	1.302,1
213C	COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO			2.942,4	180,5	609,3	3.732,2
TOTAL		2.084,7	2.578,2	6.200,1	583,8	3.968,9	15.415,7

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2002	2003	% Var.
Cap. I	Persoal	1.815,3	2.084,7	14,8
Cap. II	Gastos en bens correntes e servicios	2.284,2	2.578,2	12,9
Cap. IV	Transferencias correntes	288,3	288,3	0,0
Cap. VI	Investimentos reais	210,2	193,0	-8,2
Cap. VIII	Activos financeiros	60,1	0,0	-100,0
TOTAL		4.658,2	5.144,3	10,4

(Miles de euros)

02	D. XERAL DE EMIGRACIÓN	2002	2003	% Var.
Cap. IV	Transferencias correntes	2.509,2	2.809,2	12,0
Cap. VI	Investimentos reais	210,3	210,3	0,0
Cap. VII	Transferencias de capital	1.797,4	1.957,5	8,9
TOTAL		4.516,9	4.977,0	10,2

(Miles de euros)

03	D. XERAL DE COOPERACIÓN EXTERIOR	2002	2003	% Var.
Cap. IV	Transferencias correntes	2.713,5	3.102,5	14,3
Cap. VI	Investimentos reais	180,5	180,5	0,0
Cap. VII	Transferencias de capital	1.594,2	2.011,4	26,2
TOTAL		4.488,2	5.294,4	18,0

(Miles de euros)

SERVICIO		2002	2003	% Var.
01	SECRETARÍA XERAL	4.658,2	5.144,3	10,4
02	D. XERAL DE EMIGRACIÓN	4.516,9	4.977,0	10,2
03	D. XERAL DE COOPERACIÓN EXTERIOR	4.488,2	5.294,4	18,0
TOTAL		13.663,3	15.415,7	12,8

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería		Organis. Autónomos		Transfer. internas		TOTAL CONSOLIDADO		
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	
Cap. I	Persoal	1.815,3	2.084,7					2.084,7	
Cap. II	Gastos en bens Corr. e Serv.	2.284,2	2.578,2					2.578,2	
Cap. IV	Transferencias correntes	5.511,1	6.200,1					6.200,1	
	OPERACIÓNS CORRENTES	9.610,6	10.863,0					10.863,0	
Cap. VI	Investimentos reais	601,0	583,8					583,8	
Cap. VII	Transferencias de capital	3.391,6	3.968,9					3.968,9	
Cap. VIII	Activos financeiros	60,1						0,0	
	OPERACIÓNS DE CAPITAL	4.052,7	4.552,7					4.552,7	
	TOTAL BRUTO	13.663,3	15.415,7						
	TRANSFERENCIAS INTERNAS								
TOTAL CONSOLIDADO		13.663,3	15.415,7	0,0	0,0	0,0	0,0	13.663,3	15.415,7

(Miles de euros)

Medios persoais

Consellería

	2002	2003
<i>Altos cargos</i>	4	4
<i>Persoal funcionario</i>	43	56
Grupo A	16	24
Grupo B	4	6
Grupo C	10	10
Grupo D	9	12
Grupo E	4	4
TOTAL	47	60